**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18**

**SESION ORDINARIA DO 27 DE SETEMBRO DE 2004**

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Calviño Rodríguez, Julio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Davila, María Olaia
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María José
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Ceniceros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Molares Pérez, Lucía Emilia
Pérez Castrillo, Lois

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vintesete de setembro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, Dª Mª Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Molares Pérez e o Sr. Pérez Castrillo. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A PRESIDENCIA: Comezamos o Pleno, sesión pública, ábranse as portas. Imos poñérmonos en pé e gardar un minuto de silenzo polas mulleres que foron víctimas da violencia doméstica durante o mes.

*Neste intre todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silenzo.*

1.- (230).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DO SANATORIO DE FÁTIMA. MODIFICACIÓN DO ACORDO PROVISIONAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Ruiz Ceniceros, formula a seguinte moción:

"Na sesión do Pleno ordinario de data 26 de xullo de 2004, a Alcaldesa retirou da orde do día o punto núm. 6, no que se tiña que debater e votar a "Modificación puntual do PXOU no ámbito do Sanatorio de Fátima. Modificación do acordo de aprobación provisional. Expte. 7617/411".

Dita subsanación do acordo de aprobación provisional tiña por obxecto cumprir as obxeccións manifestadas no informe vinculante do Director xeral de Urbanismo de data 23 de xuño de 2004, segundo o que a clasificación do "*terreo B*" baixo a regulación da "*Ordenanza 4.5 de zonas para outras institucións*" do PXOU de 1993 supera a edificabilidade máxima permitida de 1,2 m2/m2.

Por isto a proposta do Goberno é substituir a ordenanza 4.5 pola ordenanza 1.1.B de edificación pechada, que permite usos residenciais compatibles cunha altura por ancho da rúa máis longa das que conflúen na esquina, de seis plantas (baixo máis cinco).

O devandito "*terreo B*" é unha parcela de forma triangular, de 64,56 m2 de superficie, que pecha o cuarteirón e linda cunha medianeira cara á vista. Dende o punto de vista estético considérase beneficiosa a súa construcción porque supón o remate do cuarteirón e tapado dunha parede antiestética.

Pero mentres que a ordenanza 4.5 só permite o uso público non recreativo ó servicio da cidade e arredores, destinado a uso hospitalario, a ordenanza 1.1.B de edificación pechada permite outras varias utilizacións, como a

vivenda colectiva en categoría única, neste caso improcedente pola forma e superficie da parcela.

Por iso, o Grupo Municipal Socialista estima conveniente concretar a calificación do *“terreo B”* ó uso inicialmente previsto, dentro dos permitidos pola ordenanza 1.1.B, concretando que as condicións de uso desta parcela só poderán ser as seguintes: oficinas e sanitario, nas respectivas categorías previstas no Plan Xeral.”

Polo anteriormente exposto o Sr. Ruiz Ceniceros emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 23 de setembro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. RUIZ CENICEROS: Como xa estivo suficientemente debatido no Consello da Xerencia do xoves pasado, non nos imos estender máis, soamente lembrar que a moción pretende garantir o uso sanitario e administrativo en todo o ámbito e que conta co informe favorable do secretario do Pleno emitido o pasado venres.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Subsanar a observación formulada polo director xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia que tivo entrada con rexistro de data 23 de xuño de 2004 e número de documento 40065588 e, en consecuencia, reparar e modificar o acordo plenario de aprobación provisional de modificación puntual do PXOU-93 de Vigo (expte. nº 7617/411) de data 30 de marzo de 2004, relativo á ordenación detallada dos terreos do Sanatorio de Fátima, no sentido e segundo a documentación presentada pola arquitecta Dª María Asunción Leboreiro Amaro, con data de visado do COAG do 6 de xullo de 2004, redactada á vista do devandito informe, precisando que o terreo B que resulta da modificación de aliñacións na rúa Párroco Xosé Otero, se cualifica coa Ordenanza 1.1.B de edificación pechada, restrinxindo os seus

usos ós de oficinas e sanitario, nas respectivas categorías permitidas no Plan Xeral.

Segundo- Sométase o expediente completo debidamente dilixenciado ó Sr. Concelleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para a súa aprobación definitiva.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo, en legal forma, ós interesados no expediente, indicándolles que contra el non cabe recurso ningún por se tratar dun acto de trámite.

2.- (231).-APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL SOBRE REEMPRAZAMENTO DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DO CASTRO. EXP. 8661/411.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Cominges Cáceres e Alonso Fernández, informan do que segue:

“FEITOS/ANTECEDENTES:

1.1. En data 22.10.2003 o entón Concelleiro-Delegado de Urbanismo remitiu un oficio requirindo deste departamento municipal o inicio dos trámites pertinentes para modificar puntualmente o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93) con motivo do traslado e reemprazamento da subestación eléctrica do Castro.

1.2. A entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" ven manifestando dende hai anos a necesidade de introducir melloras na infraestructura existente eléctrica para garantir a subministración á cidade de Vigo en axeitadas condicións de seguridade e calidade.

1.3. Con ese obxectivo iniciouse a construcción da subestación denominada do Castro entre as rúas Ronda de Don Bosco, Enrique Blein Budiño e Venezuela segundo a licenza concedida o 09/07/1995, conforme ó estudo de detalle aprobado definitivamente no 03/03/1995 (expte. 3865/411), posteriormente modificado por outro aprobado no 02/03/1998 (expte. 4528/411).

1.4. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas súas sentenzas firmes 124/1999 e 1322/2002 anulou o estudo de detalle e a licenza.

1.5. En data 20/10/2003, a entidade mercantil UNIÓN FENOSA presentou nesta Administración municipal diversa documentación para a modificación puntual do Plan Xeral de Vigo, a fin de resituar a subestación do Castro, propoñendo a súa localización no subsolo da rúa Camelias, sobre a rasante da rúa Cachamuíña, aproveitando o desnivel existente coa Praza do Rei. Informada

esta documentación por distintos servizos técnicos municipais, e polo equipo redactor do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Vello desaconsellouse a relocalización proposta e remitiuse no 12/12/2003 a FENOSA un informe propoñendo o estudo dalgún lugar alternativo.

1.6. No 03/03/2004 a entidade mercantil "UNIÓN FENOSA" presentou a documentación corrixida da proposta de modificación puntual do Plan Xeral, suxerindo unha nova localización da subestación, situándoa debaixo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida dende a rúa Camelias.

1.7. No 05/03/2004 remitíuselle un oficio a UNIÓN FENOSA requirindo a aportación de documentación complementaria, incluíndo medidas correctoras referentes ó xacemento arqueolóxico do Castro, ó arborizado existente e á garantía de non afección das escaleiras existentes.

1.8. No 17/03/2004 a devandita concesionaria presentou a documentación corrixida, nun Texto Refundido, con data de marzo de 2004, visado polo COAG no 15/03/2004, redactado pola entidade "TAU", asinado pola arquitecta Dª Mª Asunción Leboreiro Amaro, que constitúe o obxecto deste informe-proposta. A nova localización que se propón para a subestación do Castro refírese, xa que logo, ó subsolo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida desde a rúa Camelias.

1.9. No 22/03/2004 o arquitecto e o letrado municipais emitiron informe sobre a pretendida Modificación Puntual. A continuación solicitáronse os pertinentes informes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOVP) -art. 85.1 Lei 9/2002 (LOUGA)-, e da Comisión Provincial do Patrimonio da Consellería de Cultura -Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia-.

1.10. No 30/03/2004 a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra da Consellería de Cultura emitíu informe (notificado no 22/04/2004), no que se indica que: "(...) *dende o punto de vista do impacto visual a futura obra non incidiría sobre o ben cultural, xa que é soterrada e non sobresairía da rasante actual do terreo*". Sen embargo, engade a conveniencia de efectuar un estudo arqueolóxico do lugar de referencia.

1.11. No 06/05/2004 o director xeral de Urbanismo da CPTOPV emitíu informe favorable sobre esta modificación puntual (notificado vía fax no 14 de maio). No 21/05/2004 o arquitecto xefe e o letrado da oficina municipal de Planeamento emitiron informe favorable á aprobación inicial da modificación. Dito informe ratificouse polo secretario do Pleno municipal no 28/06/2004.

1.12. En data 07/06/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto de modificación puntual. No 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar inicialmente dita modificación. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 150, do 04/08/2004, e nos diarios "Faro de Vigo" e "Atlántico" dos días 9 e 10 de xullo de 2004 (4). Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

1.13. No 08/06/2004 a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra da Xunta de Galicia emitíu un informe (notificado no 25/06/2004) no que fixo constar que: "(...) antes da redacción do proxecto de obra e

para avaliar a posible aparición de restos arqueolóxicos, deberán realizarse unhas sondaxes arqueolóxicas na área que ocuparía a subestación eléctrica (...)". Este informe foi ratificouse pola Oficina de Patrimonio Histórico do Concello noutro posterior do 29/06/2004.

1.14. No día 08/08/2004 o representante da entidade "Unión Fenosa" presentou no Concello de Vigo 4 exemplares do correspondente proxecto arqueolóxico de sondaxes (expte. 1834/307). Dito proxecto remitíuse no 18/08/2004 á Consellería de Cultura para a súa aprobación.

2. OBXECTO.

2.1 A modificación puntual que se propón consiste, básicamente, na previsión, por parte do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (PXOU), dunha subestación de enerxía eléctrica baixo a plataforma do vial interior do Monte do Castro, por razóns xustificadas de necesidade de potencia, en función da demanda e o crecemento de consumo, así como de localización no centro de gravidade de cargas.

2.2. Dita modificación afecta á normativa do PXOU, en concreto ó apartado 3.2.3 de normativa sobre infraestructuras básicas, urbanización e proxectos, apartado e. Enerxía eléctrica, no referente ó subapartado de subestacións, prevendo expresamente a nova subestación do Castro, de 2 x 50 MVA. Tamén se modifica o plano 16-24 do PXOU localizando no mesmo a subestación que se proxecta.

2.3. O ámbito da modificación abrangue unha superficie total de 636,91 m2, dos que 438,44 m2 corresponden a viario e 198,47 m2 están cualificados no vixente PXOU de zona verde 3.1.A., espacio libre ocupado por plataforma, vial e escaleiras. A modificación, que únicamente se refire á previsión de localización no subsolo dun elemento de sistema xeral de infraestructura eléctrica, non afecta ó uso e cualificación de solo sobre rasante, como pode comprobarse no expediente.

2.4. Non obstante por afectar a 198,47 m2 de terreo cualificado como zona verde, resulta conveniente solicitar informe da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia (art. 94.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro -LOUGA-). Dito informe solicitarase unha vez concluído o expediente, no momento inmeditamente anterior ó de aprobación definitiva da modificación puntual.

2.5. A documentación inclúe un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, documento esixido no artigo 61.4 LOUGA, no que se analizan os efectos da modificación sobre o medio físico, e se propón a adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos, consistentes básicamente no mantemento da topografía existente, a reconstrucción das escaleiras e a reposición do arborizado e vexetación.

2.6. Así mesmo, e dado que a modificación se atopa no ámbito do xacemento arqueolóxico catalogado GA 3657007 do Monte do Castro, e consonte co sinalado pola Comisión Provincial de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia, <u>antes da redacción do proxecto técnico da obra deberá realizarse unha sondaxe arqueolóxica do terreo afectado. Asemade, dito proxecto de obras deberá ser informado favorablemente por dita Administración sectorial autonómica</u>. O proxecto das sondaxes arqueolóxicas xa se presentou nesta Administración municipal.

3.- DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN DEFINITIVA:

A documentación que se presenta para aprobación definitiva, está visada polo COAG no 15/03/2004, ven redactada pola empresa TAU e asinada pola arquitecta Dª Mª Asunción Leboreiro Amaro.

Os documentos que a compoñen son os seguintes:

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA, que comprende:
   1. ANTECEDENTES.
   2. MARCO LEGAL.
   3. MODIFICACION PROPOSTA.
   3.1. ÁMBITO.
   3.2. PLANEAMENTO VIXENTE.
   3.3. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.
   3.4 PROPOSTA.
   3.5. CONTIDO DA MODIFICACIÓN.

2. PLANOS:
I. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/PLANEAMENTO VIXENTE (folla 16-24)
   1.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/PLANEAMENTO MODIF. (folla 16-24)
   2.- IMPLANTACIÓN DA SUBESTACIÓN DO CASTRO
   3.- SECCIÓNS ESTUDOS PREVIOS DE SUBESTACIÓN DO CASTRO.

3. ANEXO FOTOGRÁFICO
4. ANEXO DOCUMENTAL
5. ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

4.1. A modificación puntual do planeamento xeral é unha potestade inserta na xenérica competencia municipal de planeamento, recoñecida e recollida no artigo 94 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), entre outros. A iniciativa desta modificación puntual do planeamento xeral é municipal, sen prexuízo do apoio e pulo prestado pola entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" (art. 78 LOUGA).

4.2. O interese público da modificación que se propón, aparece suficientemente xustificado, xa que se encamiña á mellora dun servizo público esencial como é o subministro de enerxía eléctrica da cidade.

4.3. Esta modificación puntual tramitarase segundo o disposto nos arts. 94 e 85 LOUGA.

4.4. Consonte co preceptuado no art. 61 LOUGA incorporouse un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoptadas

4.5. Por afectar a modificación ó subsolo nunha superficie de 198,47 m2 de terreo cualificado como zona verde, de acordo co artigo 94.4 LOUGA requirirase, previamente á súa aprobación definitiva, do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia.

Así mesmo, antes da redacción do proxecto técnico da subestación eléctrica deberanse efectuar as pertinentes sondaxes arqueolóxicas. O proxecto técnico da obra deberá informarse favorablemente pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

4.6. É competente para acordar a aprobación provisional desta modificación puntual o Pleno do Concello, consonte co disposto no artigo 123. 1. i), da LBRL, co voto favorable da maioria absoluta do número legal de membros (artigo 123.2 LRBRL). Do mesmo xeito o secretario Municipal deberá emitir o correspondente informe xurídico.”

Polo anteriormente exposto os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de setembro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo sobre relocalización da Subestación Eléctrica do Castro, asumindo como propia a inciativa da entidade mercantil "Unión Fenosa S.A.", segundo a documentación presentada con data de marzo de 2004, asinada pola arquitecta Dª María Asunción Leboreiro Amaro. (Expte. 8661/411).

Segundo.- Antes da redacción do proxecto técnico da nova subestación eléctrica deberán efectuarse as correspondentes sondaxes arqueolóxicas do terreo, en coordinación cos departamentos de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia e do Concello. Dito proxecto de obras requirirá do previo informe favorable da Consellería de Cultura.

Terceiro.- Remítase unha copia compulsada do expediente completo á Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, para informe. Unha vez recibido en senso favorable, remítase á CPTOPV da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

3.- (232).-APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI DA UA 03 CHANTADA. EXPTE. 8425/411.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de setembro de 2004 o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, emite o seguinte informe:

“1.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993 (PXOU-93) delimitouse a "UA 3 Chantada" cunha clasificación de solo urbano, remitida a planeamento secundario e posterior execución polo sistema de compensación.

No 12/08/1997 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle dese polígono (expte. 3765/411). En data 15/11/2001 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) dictou a súa sentenza núm. 1590/2001 no recurso cont.-ad. 2/6748/1997, interposto por D. Ramón Rodríguez Oitavén e outros. Na mesma estimouse parcialmente a demanda e anulouse o estudo de detalle. Contra dita sentenza o Concello e a Xunta de Compensación interpuxeron recurso de casación perante o Tribunal Supremo. Mediante providencia deste último do 04/07/2003 admitiuse a trámite o recurso, que agora está pendente de sentenza.

2.- No 05/06/2003 o representante da Xunta de Compensación da UA 03 Chantada interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación dun Plan Especial de Reforma Interior (PERI) sobre ese mesmo ámbito. Achegou ó efecto a pertinente documentación, composta de memoria e planos, que complementouse con outra posterior presentada nos días 01/07/2003 e 10/07/2003.

No 12/08/2003 os enxeñeiros dos departamentos municipais de Medio Ambiente e Parques e Xardíns dictaron un informe favorable sobre o proxectado PERI, sen prexuízo dos que posteriormente deberán emitir durante a tramitación do subseguinte proxecto de urbanización.

No 01/10/2003 o arquitecto técnico municipal emitíu un informe favorable á aprobación inicial do PERI. En data 03/10/2003 o técnico de administración xeral emitíu un informe xurídico tamén favorable.

3.- No 09/10/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o Plan Especial. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no Diario Oficial de Galicia núm. 225, do 19/11/2003, no diario "Faro de Vigo" do 31/10/2003 e "La Voz de Galicia" do 01/11/2003, así como notificación individualizada ós interesados.

Posteriormente interpuxéronse 3 escritos de alegacións, subscritos, respectivamente por D. Ramón Rodríguez Oitavén (14/11/2003, rex. 30099932), Dª Laura Rodríguez Oitavén (14/11/2003, rex. 30099934) e Dª Amparo Oitavén Abalde (12/01/2004, rex. 40002248). Déuselle traslado dunha copia deses escritos á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalos mediante un informe presentado nesta Administración municipal en data 02/01/2004.

4º.- No día 19/01/2004 o xefe do Departamento Municipal de Patrimonio Histórico emitíu un informe que concluíu coa seguinte recomendación: "*Reordenar os sólidos previstos intercambiando a ubicación da edificación nº 8, coa da parcela que no proxecto figura como zona verde pública (a carón dos edificios nº 3 e 4). Consideramos que deste xeito quedará máis*

*integrado o tránsito entre o Parque e a nova urbanización, protexerase de vistas ó interior do xardín e evitarase a colisión entre os usos dos labores de mantemento e os propios da zona residencial*".

No día 26/01/2004 a delegada provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura, da Xunta de Galicia, emitíu un informe sobre o devandito PERI, en senso desfavorable, propoñendo -igual que no antedito informe municipal- o desprazamento do sólido núm. 8 das inmediacións do parque de Castrelo.

5.- Notificóuselle unha copia de ambos informes á Xunta de Compensación do polígono. En data 18/02/2004 dita entidade urbanística presentou un escrito nesta Administración municipal, co que achegou un texto refundido do PERI (visado polo COAG no 17/02/2004), adaptado ó sinalado nos informes do departamento municipal de Patrimonio Histórico e da Consellería de Cultura antes citados.

No 04/03/2004 a oficina municipal de Patrimonio Histórico emitiu informe favorable sobre a última versión do PERI.

En data 12/03/2004 o arquitecto técnico municipal emitíu informe no que entroutros extremos manifestou o seguinte:

"(...) *o PERI presenta a recolocación da zona verde a proposta tanto da oficina de Patrimonio Histórico do Concello como da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, tendo en conta o informe da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra. Esta recolocación da zona verde no ámbito do PERI, non diminúe a superficie das zonas libres, nin altera nin incrementa a intensidade de uso da zona.*".

No 18/03/2004 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitíu un informe xurídico sobre o texto refundido do PERI.

No 22/03/2004 remitíuse unha copia completa do expediente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, para informe.

En data 23/04/2004 o director xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia emitíu informe favorable sobre a última versión do PERI. Finalmente, no 22/07/2004 a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia da CPTOPV da Xunta de Galicia emitíu o seu informe favorable (notificado no 17/09/2004).

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

I. O polígono denominado "UA 03 Chantada" delimitouse directamente no vixente PXOU-93, como ámbito de solo urbano remitido a planeamento secundario.

As determinacións do PERI de referencia axústanse ó disposto no referido Plan Xeral, en concordancia co preceptuado nos arts. 70, 62.2 e Disp. Trans. Primeira Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

De acordo coas indicacións da oficina municipal de Patrimonio Histórico e da Consellería de Cultura, na última versión do Plan Especial (visado en febreiro de 2004) trasládase ás inmediacións do parque do Pazo de Castrelos unha pequena zona verde que o Plan Xeral situaba na parte inferior do

ámbito. Dita relocalización non altera as determinacións básicas do planeamento xeral (edificabilidade, reservas dotacionais, etc.). Ampárase polo tanto no disposto no art. 62.1 LOUGA. Foi informada favorablemente pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia no 22/07/2004, consonte co disposto no art. 94.4 LOUGA.

Trátase de solo urbano non consolidado (Art. 12.b LOUGA), e será executado polo sistema de compensación (Arts. 154 e ss. LOUGA).

Asemade, de conformidade co disposto no aptdo. 3.2.3.5.b. 'in fine') PXOU-93, en consoancia cos arts. 68 e 25.3 RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de xestión urbanística (RXU), unha vez rematadas as obras de urbanización do polígono deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación, que se encargará do mantemento das zonas verdes públicas de nova creación.

II. Sobre as alegacións interpostas trala aprobación inicial do PERI, cabe manifesta-lo seguinte:

II.1. Alegacións de D. Ramón Rodríguez Oitavén e Dª Laura Rodríguez Oitavén (14/11/2003, docs. 30099932 e 30099934).

Solicitan a inclusión no ámbito do PERI dun garaxe da súa propiedade. Tamén que se corrixa a superficie da súa finca primixenia axustándoa á reflectida no título de propiedade. Mostran a súa disconformidade coa definición de semisoto contida na memoria do Plan Especial. Engaden a súa oposición á obriga de mancomunar os garaxes dos sólidos e finalmente sinalan que se lle debe indemnizar polos vos existentes antes da apertura do vial de acceso á universidade.

Estas alegacións poden ser desestimadas, sen prexuízo do que resulte na subseguinte fase de execución urbanística, polos motivos sinalados pola Xunta de Compensación no seu informe do 02/03/2004 que se transcribe a continuación:

"(...) *En relación a lo solicitado respecto a la inclusión dentro del ámbito de un galpón, según el alegante destinado a garaje, decir que la legislación vigente no establece ningún derecho de los propietarios a modificar el ámbito delimitado en su momento por el Plan General, sino que es una mera posibilidad otorgada por la ley y hay que recordar que el alegante ha dado por buena en su día la delimitación establecida por el vigente PGOU.*
*Por otra parte, el alegante afirma su titularidad sobre dicho galpón, aportando para ello, fotocopia de una escritura en la que se contiene la descripción de la parcela, pero dicha escritura no ampara la titularidad sobre el mismo. En dicha descripción se puede observar que la parcela linda por el Sur con "camino de servizo". De la comprobación efectuada por los técnicos de la Junta de Compensación se pudo observar que el citado garaje se encuentra situado al otro lado del "camino de servizo" existente, por lo que, a juicio de esta parte, no se encontraría incluido dentro de la parcela descrita en dicha escritura. Por ello, se propone el mantenimiento de la delimitación contenida en el vigente PGOU respecto a las parcelas del alegante.*
*Respecto a la diferencia de superficie existente entre el título y la realidad, decir que el art. 103.3 del RD 3.288/1978, de 25 de agosto, por el que se aprueba el Reglamento de Gestión Urbanística, establece que "En*

*caso de discordancia entre los títulos y la realidad física de las fincas, prevalecerá ésta sobre aquéllos en el expediente de reparcelación", por lo que es indiferente que el título contenga más superficie, ya que prevalece la realmente existente, que es la reflejada en el plano número 2 del PERI, donde no se incluye el galpón citado por el alegante. Además, decir que la propiedad no alegó nada ni en el momento en que se realizó el levantamiento parcelario, ni en ninguna de las Asambleas Generales de la Junta de Compensación que se han celebrado hasta la fecha.*
*En relación a la tipología de las edificaciones existentes, manifestar que la descripción realizada en el PERI es genérica y correcta, ya que se entiende por semisótano toda construcción semienterrada. Ahora bien, el alegante confunde la tipología con la forma de cuantificar el aprovechamiento edificable en las construcciones en semisótano, en las que existe una normativa específica de medición (Que, por cierto, es más compleja que lo expuesto, ya que interviene más parámetros que la superficie), pero que deberá tenerse en cuenta en la elaboración del Proyecto de Compensación, junto con todos los parámetros que incidan en ésta para estimar la cuantía de la indemnización, no siendo objeto del presente expediente. Con relación a la supuesta dedicación de la planta baja de sus edificaciones a almacén auxiliar de negocio de hostelería, tampoco es objeto del presente expediente, ya que ello corresponde a la fase de gestión y no a la de planeamiento.*
*Respecto a la mancomunidad de los sótanos destinados a garajes, manifestar que la razón de mancomunar los mismos por manzanas es racionalizar el aprovechamiento de los mismos, tanto en planta baja, como en planta sótano, pues dado el pequeño tamaño de las fincas originales del polígono, la práctica totalidad de las fincas resultantes (Incluida la del alegante), no reunirían las condiciones mínimas que exige la normativa para el garaje-aparcamiento, lo que obligaría a crear múltiples proindivisos en las parcelas resultantes de dicho Proyecto de Compensación, dificultando su ejecución real. Por ello, se rechaza dicha pretensión.*
*Con relación a la obligatoriedad de la Junta de Compensación de indemnizar los vuelos en su día existentes en la superficie ocupada por el vial a la Universidad, decir que tampoco es objeto del presente expediente, ya que eso pertenece a la fase de gestión y no a la de planeamiento, pero, recordar también al alegante que dichos vuelos ya han sido abonados al mismo por el Ayuntamiento de Vigo, en virtud de lo acordado en el Consejo de Gerencia de 18-6-1999, en el que se aceptan las propuestas de determinación del justiprecio por las parcelas expropiadas, "recibiendo como contrapartida equivalente a dicho justiprecio el aprovechamiento urbanístico que les corresponda por la superficie expropiada en la U.A. 03 Chantada que se materializará en el correspondiente proyecto de compensación y las cantidades aprobadas en el proyecto expropiatorio y percibidas ya por los interesados que corresponden a la indemnización de los vuelos existentes, con los efectos previstos en el artículo 24 de la LEF y 27.2 de su Reglamento" (...)".*

Proponse polo tanto a <u>desestimación</u> desta alegación.

II.2. <u>Alegación de Dª Amparo Oitavén Abalde</u> (12/01/2003, doc. 40002248).

Solicita a exclusión da súa parcela (núm. 56) do ámbito do PERI.

Tal e como sinala a Xunta de Compensación, no seu informe antes citado: "(...) *no puede ser aceptada porque no es técnicamente posible, puesto que la misma no se encuentra situada en el borde del ámbito, sino que se trata*

*de una parcela enclavada, ya que entre ésta y los terrenos situados fuera del ámbito, se encuentran ubicadas tres parcelas (Números 57, 58 y 59). Por otra parte, hay que recordar que la posibilidad recogida en la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia es solamente una posibilidad, rigiendo en su defecto la delimitación establecida por el PGOU, aceptada tácitamente por la alegante al no haber recurrido en su momento dicha delimitación. Por último, decir que el pasado 10-2-2004 la alegante suscribió el correspondiente Acta de ocupación y pago por la expropiación de la parcela número 56, por lo que la Junta de Compensación ha pasado a ser la titular de su parcela, careciendo en estos momentos la alegante de legitimación para continuar con la alegación presentada*."

En consecuencia, proponse a desestimación desta alegación.

III. É competente para emitir o acordo que agora se propón o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 123.1.i LBRL, modificado por Lei 57/2003, do 16 de decembro. Como se trata dun ámbito do Plan Xeral remitido a planeamento secundario, pódese considerar como un "PERI previsto". De tódolos xeitos solicitouse informe da CPTOPV da Xunta de Galicia, que resultou emitido en senso favorable.”

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 23 de setembro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintetres votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Fereriro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o PERI da "UA 03-Chantada", asinado polos arquitectos A. Davila, E. Filgueira, C. Jiménez, L. Meijide e J. Cordeiro, na súa última versión con memoria e planos visados polo COAG no 17.02.2004, coa simultánea delimitación dun único polígono a executar polo sistema de compensación (expte. 8425/411).

Segundo.- Desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

Terceiro.- No momento de recepción das obras de urbanización do polígono deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación.

Cuarto.- Publíquese este acordo no DOG e a normativa e ordenanzas do PERI no BOP, con remisión de sendas copias do Plan Especial á CPTOPV da Xunta de Galicia nos termos regulados no art. 92 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia. Notifíqueselle o contido íntegro deste acordo ós propietarios do ámbito e alegantes, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

4.- (233).-NOMEAMENTO DE MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1184/110.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de agosto de 2004, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

"O Regulamento polo que se establece a organización, competencias, composición e funcionamento do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, aprobado definitivamente en sesión plenaria de data 14 de xuño de 2004, no seu art. 3.3. sinala que a proposta de nomeamento dos seus membros ó Pleno do Concello, que deberá aprobala co voto da maioría absoluta, efectuaraa a Alcaldía trala consulta cos representantes dos distintos grupos municipais previa convocatoria pública.

No BOP de data 15 de xuño do presente ano publícase a convocatoria mencionada presentándose no proceso selectivo incoado as solicitudes que constan na certificación que a tales efectos figura no expediente resolvendo esta Alcaldía sobre a súa admisión mediante resolución de data 19 de xullo.

Reunida a Xunta de Voceiros en data de 9 de agosto para evacua-lo regulamentario trámite de consulta previa, esta Alcaldía, tralo exame e consideración das solicitudes presentadas, efectua ó Concello-Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Nomear as persoas que se citan como membros do Tribunal Económico-Administrativo Municipal.

- D. Miguel Miranda Pan (Secretario).
- D. Miguel A. Pola Tombo (Vocal)
- D. Alfonso Ramos Covelo (Presidente)

Segundo.- As persoas designadas percibirán as retribucións acordadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 24 de maio de 2004.

Terceiro.- O desempeño dos citados cargos realizarase en réxime de dedicación exclusiva, quedando suxeitos ó réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/89, do 26 de decembro e demais normas estatais ou autonómicas que resultan de aplicación, segundo o disposto no artigo 130.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Cuarto.- De conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, a situación administrativa das persoas nomeadas, dada a súa condición de funcionarios, será a de servicios especiais.

Quinto.- Publicar o nomeamento acordado no BOP.

Sexto.- Notificar a presente resolución ós nomeados facéndolles constar que o prazo para a toma de posesión será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia, ou dun mes en caso contrario. O prazo de toma de posesión comezará a computarse a partir do día seguinte ó de cese, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación do nomeamento no BOP.

Sétimo.- Notificar o presente acordo ás dependencias municipais de Intervención Xeral, Tesourería e Persoal.

Oitavo.- Notificar o presente acordo os demais interesados con indicación dos recursos procedentes."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de setembro de 2004, dictamina favorablemente a anterior proposta manifestando que, con carácter previo á resolución do expediente polo Pleno, deberá incorporarse un informe da Intervención a fin de fiscalizar o gasto que vai supoñer as retribucións dos membros dese órgano.
Con data 24 de setembro o técnico de Intervención, Sr. Muradás, coa conformidade do interventor accidental emite o informe solicitado en sentido favorable.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia de data 23 de agosto de 2004 sobre nomeamento de membros do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Pregúntolles ós distintos Grupos se queren que se debata punto a punto ou pasamos a un debate xeral do punto 5 ó 25.

SR. SOTO FERREIRO: Se me permite, Sra. Alcaldesa, coma unha cuestión de orde. Nós propoñemos non só que se debata conxuntamente, senón que se inclúa nese debate conxunto a nosa moción que está no punto número 29 para que á taxa do lixo se lle dea o mesmo tratamento que ás demais. É unha

cuestión de pura lóxica porque se imos discutir sobre todas as ordenanzas que vaian todas xuntas, Sra. Alcaldesa.

SRA. ALCALDESA: Pola nosa parte non hai problema. Pasamos ó debate conxunto.

**NESTE INTRE SE PROCEDE Ó DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 5 Ó 25, MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS, ASÍ COMO DO PUNTO 29, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG REFERENTE Á TAXA DO LIXO.**

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Antes de nada non me gustaría comezar a miña intervención sen mencionar a responsabilidade e o orgullo que significa para min a presentación desta proposta de novas taxas e dos impostos municipais.

Coido que dende un punto de vista moi economista se podería considerar que hoxe imos debater dun xeito practicamente unidireccional, só dende o punto de vista dos políticos, os ingresos municipais para o próximo ano. Pero eu sinceiramente coido que esta discusión ten que ter outro tratamento moito máis microeconómico porque o que hoxe imos decidir, o que hoxe imos propoñer ós cidadáns é o seu esforzo, o esforzo fiscal que eles están dispostos a realizar para pagar todos os servizos municipais. Dunha forma moi concreta o que lle imos solicitar a cada vigués son 338 euros da súa economía persoal para financiar a maquinaria e a actividade municipal. Coido que é dende este punto de vista tan concreto de atención á persoa como temos que discutir este tema das taxas.

Neste sentido o grupo Popular presentouse ás últimas eleccións municipais cun compromiso moi firme e cunha vocación moi expresa de manter a presión fiscal e non a subir na medida en que as necesidades orzamentarias o permitiran. Comprometímonos de moitas maneiras e isto é o que subxace a esta modificación de taxas, prezos e impostos públicos que hoxe lles presento e que resumo o máis posible.

En primeiro lugar o que se propon é unha subida xeral do 2,7% para as taxas, prezos e impostos municipais en relación coas aplicadas no ano 2004. A aplicación deste 2,7% resulta da serie temporal do crecemento do IPC entre abril do 2003 e abril do 2004 sendo isto o máis beneficioso para o cidadán posto que se aplicaramos a de maio sería un crecemento do 3,4%.

O segundo elemento chave desta presentación é que por razóns de carácter técnico e tamén pola escasa relevancia da recadación, proponse a

conxelación dalgunhas taxas e impostos coma o imposto de construccións, o de plusvalía, contribucións especiais e algunhas outras taxas de menor contía.

En terceiro lugar coido que é moi importante salientar que por unha cuestión social de beneficiar a uns grupos de idade especialmente prexudicados ou non tan beneficiados na sociedade, propoñemos a conxelación das taxas de servizos prestados ás persoas da terceira idade e ós menores, ós nenos. Neste sentido propoñemos a conxelación da taxa dos centros de día, dos centros educativos e de axuda no fogar.

Cuarto: como é público e notorio e como fixemos o ano anterior, propoñemos o mantemento da taxa de recollida de lixo. É evidente que esta é unha acción cun compoñente social moi importante de apoio ás familias e na nosa opinión foi moi ben recibida por todos os cidadáns de Vigo e polo tanto propoñemos manter ese recibo do lixo en aproximadamente 67 euros. Estas son as catro liñas básicas da proposta de cambio de taxas e impostos municipais.

Dende un punto de vista cuantitativo estamos falando duns ingresos de cento dous millóns de euros aproximadamente, isto significa o 55% do total dos ingresos municipais e coido que é especialmente relevante a importancia do IBI que acada o 45% de todos estes ingresos, sendo o lixo e o imposto de circulación o 12 e o 13% respectivamente. Con estes dous impostos e esta taxa cubrimos o 65% dos ingresos municipais por este motivo.

Tendo en conta estas bases propoño a aprobación da proposta da subida de taxas que presenta o Goberno municipal.

SR. SOTO FERREIRO: A min pareceme que o Goberno municipal, como non pode ser doutro xeito, fai un instrumento político, electoral das taxas ou iso pretende facer.

Iso pretenderon facer na campaña electoral cando dixeron que non ían aumentar a taxa do lixo, que a ían conxelar ou mesmo rebaixar, non lembro os termos cos que se expresaron. Paréceme que fixeron unha operación que realmente estaba destinada, como dixen nunha moción que teño presentada, a rapañar votos. Polo tanto témoslles que dicir claro e alto, señores do PP, que non me parece que estean á altura das circunstancias que debe ter un Goberno de Vigo asumindo as responsabilidades que cómpre asumir diante dos cidadans.

Qué fácil sería para calquera de nós, e máis ó grupo máis pequeno da Corporación, poñérmonos aquí a sacudir estopa a todo o mundo e dicir que

estamos en contra de calquera subida e empezar a darlles leña de todas as cores. Estamos no plano absolutamente oposto a este, estamos no plano de lles dicir responsablemente ós cidadáns que para dar servizos municipais axeitados temos necesariamente que manter o poder adquisitivo das taxas porque senón a Facenda municipal podería entrar nunha grave crise. ¿Qué pasaría se temos unha crise na Facenda municipal? Pois evidentemente que resultariamos prexudicados todos os vigueses pero singularmente moito máis os que menos teñen, cousa que a algúns preocúpanos sobranceiramente e coido que non necesita maior explicación.

Os servizos públicos móntanse para dar servizo xeralista e por aí hai unha tradicional defensa de esquerdas dos servizos públicos ás veces esaxerada, ó mellor mesmo equivocada nalgún sentido, pero en xeral aí hai a defensa duns valores en educación, en sanidade e noutras moitas cousas que permitan unha razoable xustiza e igualdade na sociedade en que estamos a vivir. As taxas e os impostos son para nós instrumentos para iso e polo tanto non vou negar que son instrumentos políticos como empecei a dicir, claro que o son pero política ó servizo ¿de qué ideas?

A min non só me importa dicirlle que hai que manter o poder adquisitivo do conxunto das taxas, senón que tamén lle propoñemos que a taxa do lixo teña exactamente o mesmo tratamento que os demais impostos. Cabería mesmo preguntar unha cousa ¿por qué elixiron a taxa do lixo para rebaixar e non outra? A resposta é ben sinxela, señor Guerra, que é vostede quen presenta este debate: porque unha semelloulles que tiña máis poder electoralista que outras. ¿Por qué non rebaixan a taxa de vehículos ou calquera outra? ¿Quere que lle empece a facer demagoxía sobre taxas e impostos que temos no Concello? A min doeríame a boca de facer ese tipo de políticas que fan vostedes.

Segundo vostedes a Facenda municipal é rica, sóbrannos cartos, temos para investir o que non se pode maxinar, xa me dirán vostedes qué partida de investimentos se pode consignar nos orzamentos, é menos que a da grande maioría dos Concellos de España. ¿Ónde van vostedes? Ó mellor a esa política da que falo claramente na nosa moción da taxa do lixo de que a "Xunta amiga" substitua o que teriamos que facer os vigueses e se algún día esa axuda desaparece quen estea no Goberno veriase en gravísimas dificultades. ¿É unha maneira caciquil de querer manterse no poder señores do PP? Nós non lle estamos nin por un nin por outro labor, entre outras cousas porque coido que un dos mellores xeitos de defender a Vigo é

permitir unha razoable alternancia e razoable para nós non é estar cambiando de Alcalde cada sete días.
Por todas esas razóns eu propóñolles ou que rebaixen todas as taxas porque din que lles sobran cartos e eu estaría disposto a analizar esa proposta con rigor, ou que se suban exactamente igual todas as taxas, iso si, coas exencións que temos xa acordadas e coas que vostedes propoñen e ó mellor cabería propoñer algunhas máis, cousa que non vou facer para non meter en máis dificultades ó Goberno municipal minoritario no Pleno da Corporación.
En todo caso teñan claro tamén que nós reservamos a nosa opinión sobre como gastar eses cartos que aí é onde teremos que facer o debate no sentido de qué tipo de destino van levar as taxas que hoxe se aproben.
Anticipamos xa que nós coidamos, e por iso queremos responsablemente manter o poder adquisitivo, que Vigo ten moitos buratos, por exemplo en prestacións sociais e que polo tanto cando chegue o momento de falar dos orzamentos falaremos de cómo destinar estas taxas. Hoxendía mantémoslle a proposición de que as taxas suban conxuntamente e pídolles ós demais grupos da Corporación que acepten que así se vote. Non tería sentido que se separe unha taxa das outras máis que, insisto, para manter o compromiso electoralista cara á galería do PP.

SR. TOBA GIRÓN: Este debate de taxas e impostos que o señor Guerra nos trae ó Pleno dende o noso punto de vista ten dous significados, o da posta ó día da capacidade fiscal, da actuación fiscal do Concello que vou apreciar na miña primeira intervención con carácter secundario pero para nós ten un significado político moito maior.
Este debate é para vostede, señora presidenta, o inicio da posta en marcha do seu reloxo, é a finalización realmente do primeiro ano da súa presencia na Alcaldía. Por dicilo dalgunha maneira, o debate que hoxe trae o señor Guerra a este Pleno é o son do reloxo espertador logo dun ano en que vostede ostenta a Presidencia desta Corporación e a Alcaldía de Vigo aproximadamente en tempos políticos, non en tempos cronolóxicos, esta é a realidade. Para nós a data é moi significativa e valorámola en sentido moito máis amplo que o propio debate de taxas e impostos, asunto no que entrarei nunha segunda intervención.
Logo dun ano do seu gobernar, señora presidenta, non temos nada de aquilo que vostede expuxo no debate das taxas do ano pasado, debate que dunha maneira accidental aupouna a vostede á Alcaldía cun protocolo de intencións

moi definido. Non se preocupen vostedes polos ingresos deste Concello que outros virán cumprilos.
Independentemente de que non é esa a filosofía e actuación do noso grupo e demostramos a nosa filosofía durante catro anos, si é absolutamente necesario retomar ese compromiso de seu de hai un ano e inevitablemente avalialo porque logo dun ano non temos nada, temos múltiples protocolos e ningún convenio, múltiples compromisos que se expresan nos medios de comunicación pero a realidade é que non temos nada. Non temos tanto nada como que cousas que quedaron en marcha non sabemos ónde foron parar.
Neste ano tiña que se producir por parte da Xunta de Galiza un forte investimento na nosa cidade derivado dun convenio de infraestructuras coa Consellería de Ordenación do Territorio que nós deixamos absolutamente pechado. Pero transcorrido un ano nin vimos o novo convenio prometido aquí naquel mesmo debate e posteriormente a raíz dunha moción presentada polo noso grupo e seguimos tendo Pedro Alvarado sen abrir cun proxecto de expropiación aprobado, con dotación orzamentaria ata onde nós chegamos coñecer comprometida na Conselleria. A realidade é que non temos nada. A realidade é que despois do seu primeiro ano de presidencia nin siquera se executaron os paseos da Guía e de Alcabre que quedaron para executar ata con dotación orzamentaria e non sabemos nada. Dende aquela todo o que nós vimos por aquí foi o convenio Vigo 2005 que nós non aprobamos porque non significa achegas de recursos á entidade municipal senón que pola contra significa que as obras de Vigo 2005 vainas pagar o Concello de Vigo como xa puxemos de manifesto naquel debate. Señora presidenta, esa non é a fórmula que vostede quixo representar hai un ano no debate de ordenanzas de taxas e de impostos, non é a fórmula acadar convenios que ó final pagamos contra o noso orzamento, valente fórmula. Esa fórmula ó que conduce é ó empobrecemento municipal e a dar relevancia a outras institucións que non poñen ningún compromiso orzamentario na realización desas obras.
O outro que vimos foi un convenio coa Deputación que está actuando e aplaudímolo porque foi proposto polo BNG no debate dos orzamentos da Deputación provincial, foi proposto polo grupo provincial do BNG naquel debate e, por certo, naquel debate vostedes votaron en contra desa emenda. Semellaba que naquel momento non interesaba aquel convenio da Deputación Provincial con Vigo que viñamos demandando dende moitos anos. Pero naquel debate dos orzamentos da Deputación Provincial vostede aínda non era presidenta desta Corporación e miren vostedes por onde que posteriormente desenterraron a nosa emenda que era de sensatez, de búsqueda de equilibrio

no que son eses innumerables repartos de fondos da Deputación provincial e resucitaron a nosa idea para a converter nun convenio efectivo. Nós aplaudimos que vostedes recolleran aquela idea do debate orzamentario da Deputación Provincial para a poñer en marcha en Vigo, coidamos que é magnifico porque efectivamente ese convenio era necesario. Pero non se apunte o tanto, señora presidenta, porque ese convenio foi unha emenda do BNG.

En canto ó resto aquí realmente non se move nada. Temos coñecemento de protocolos, mesmo dalgún deles que non pasou por este Pleno e algún deses convenios que eu coñezco é realmente custoso para o Concello de Vigo, pero xa o discutiremos no seu momento porque o traeremos nós a este Pleno para que se discuta. Non vimos absolutamente nada máis.

Con respecto á proposta de ordenanzas voume reservar para unha segunda intervención.

SR. PÉREZ MARIÑO: A mín non me queda máis remedio que falar de ordenanzas porque é o problema da orde do día.

Cando escoitei hai un ratiño na presentación por parte do concelleiro de Facenda a proposta de aprobación dun aumento de cinco impostos e vinte taxas e oinlle facelo con tanta solemnidade, coa satisfacción lóxica do concelleiro de Facenda, pensei que efectivamente detrás destas vinte aprobacións que se nos presentan esta mañá había algún estudo ou algunha novidade, algo que supuxera que efectivamente déramos un paso para adiante.

O concelleiro de Facenda propón unha subida liñal de abril a abril e xa non de maio a maio como fixo o ano pasado. El saberá as razóns polas que fixo cuestión de honra naquel tempo e este ano seguiron as directrices que lle marcaron os técnicos do Concello; semella que o ano pasado non lle servían.

Pero deixando iso á marxe o certo é que se propoñen dous tipos de subidas, unha impositiva e outra de taxas. A subida impositiva é por custos sen contraprestación e ata aí podemos estar de acordo en que se eleve o IPC. Pero as taxas teñen unha finalidade fundamental en todo o que é a doctrina orzamentaria que é o pagamento pola realización dun servizo. Así pasa que das vinte taxas das que quince se incrementan non hai detrás un só estudo que permita neste momento xustificar esa subida; foise ó máis fácil.

Poderá dicir o concelleiro de Facenda que efectivamente isto é unha costume inveterada neste Concello e terá razón se o di, o que pasa é que leva un ano para exercer esa práctica de modernización que se nos formulaba e que

se nos formula a cada momento e sería este un bo intre para poder plasmar ese grao de eficacia e modernización que se di pero que non se ve.
Como dicia o señor Soto na súa intervención, nós estamos un pouco conmovidos porque non se sube o lixo, porque o señor concelleiro de Facenda xustificou a conxelación dicindo que foi ben recibida polos cidadáns. Foi moi ben recibida por algúns cidadáns se iso se pode traducir como consecuencia dos votos electorais que se produciron e nesa medida ten un apoio pero non sei eu que se lles preguntara nunca explicitamente ós cidadáns pola taxa de recollida do lixo.
Pero máis alá de que sexa mellor ou peor acollida o que é certo é que é deficitaria, que iso supón ó longo un prexuizo para os cidadáns de Vigo, que é demagóxica e que vai en contra de toda a doctrina, por exemplo a do Consello de Europa que sinala que as taxas que cubren determinados servizos deben cubrir o gasto; o que é certo é que vostedes están a traer ó Concello un problema electoral que vai ter un custo determinado. Coa subida que vostedes propoñen o Concello ten un empobrecemento e os empobrecementos do Concello van ineludiblemente ó peor servizo dos cidadáns.
Dicía o señor Soto, e eu estou de acordo, que o máis sinxelo aquí para quedar ben e para ser ben recibido polo conxunto dos cidadáns é dicir que non se suben os impostos ou que se baixan. Quedaríamos todos encantados e de primeira medida probablemente todos diriamos que Concello tan bo e o que eu coido que hai que dicir é ¡que Concello tan irresponsable! A responsabilidade é dar servizos, controlar que se dean co menor custo posible pero en ningún caso eludilos.
Coa conxelación da taxa do lixo cumprirán vostedes un compromiso electoral de seu pero faran vostedes un prexuízo a este Concello e ó conxunto dos cidadáns. Pode haber, como xa existen, as exencións que vostedes queiran para persoas que non teñen capacidade económica, pódense cambiar e mellorar pero non se pode ir en contra do que é sentido común.
¿Por qué non baixamos o resto das taxas? Sería unha decisión moi ben recibida, báixeas pero nós tamén estaremos en contra de que as baixe. Estariamos a favor de que as axuste ó seu verdadeiro prezo, ó seu verdadeiro custo.
Nós de antemán lle imos dicir que imos votar a favor das taxas por responsabilidade e a favor da subida da taxa de lixo, por responsabilidade e por coherencia, porque é o mesmo que fixemos hai un ano, que facemos este ano e o mesmo que faremos o ano que ven. Nós queremos que vostedes gobernen con ingresos, non llos queremos acernar porque sería unha operación

política pero non cidadá e nós estamos aquí para dar servizos ós cidadáns e por responsabilidade lles imos aprobar a subida. Pero tamen lles imos aprobar a do lixo e lles imos pedir que se vostedes seguen no Goberno un ano máis, o próximo ano nos traiga vostede unhas taxas axeitadas ó seu custo.
En impostos pode vostede seguir a subida liñal porque é sen contraprestación pero nas taxas, se quere vostede ser responsable, e nós así o desexamos, tráianolas polo seu custo, teralle vostede feito un servizo a este Concello que probablemente non fomos quen do facer os que estivemos con anterioridade no Goberno municipal.
Nós estivemos pouco tempo e efectivamente cando propuxemos o aumento fixémolo sen estudos de taxas, dígollo eu de antemán para que non mo diga vostede, pero levan vostedes bastantes meses e en calquera caso os erros do pasado, as boas ou malas prácticas non son a medida do que debe ser o futuro e o presente. Repítolle que saiba vostede que nós con distinta posición ideolóxica que vostedes estamos a favor dos problemas do Concello e dos cidadáns e por iso por responsabilidade imos votar a todo o conxunto que sí.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar querería agradecer as opinións dos voceiros dos demáis grupos que se preocuparon da saúde das contas municipais, a verdade é que me demostran un certo grao de comprensión pola difícil tarefa que algunhas veces teño que desenvolver neste municipio. Sen embargo a min gustaríame lembrarlles que tiveron unha oportunidade de ouro co proxecto de orzamento do 2004 no que eu presentaba unhas débedas asumidas por anteriores Gobernos de oito millóns de euros e ninguén de vostedes me formulou en ningún momento, excepto don Manuel Soto, ningún tipo de alternativa para equilibrar os ingresos municipais naquel momento.
Vostedes saben moito mellor ca min, porque teñen máis anos de experiencia nesta Casa, que os gastos municipais se poden considerar practicamente infinitos. Eu neste momento sen ir máis lonxe, que teño que lles presentar un proxecto de orzamentos en moi breves datas, teño enriba da miña mesa aproximadamente cinco veces máis proxectos de investimentos que a capacidade máxima de investimento que ten este muncipio, e isto só para os distritos, os presidentes e as persoas que se encargan dos distritos presentáronme cinco veces máis e seguramente hai moitas máis necesidades. Dende ese punto de vista a voracidade fiscal municipal tamén podería ser

infinita. Vostedes saben que iso ademáis de non ser posible dende todo punto de vista, nin técnico nin siquera político, é absolutamente inxusto.

É evidente que os ingresos crecen de xeito máis ou menos aritmético, podemos cambiar unha taxa enriba ou abaixo pero é dunha maneira aritmética, e as responsabilidades municipais crecen dunha maneira xeométrica, polo tanto os gastos crecen dunha maneira xeométrica, prodúcense certos gastos financeiros que nalgún momento nos teremos que poñer todos a resolver, iso é un feito certo. Pero vostedes saben perfectamente que probablemente non é aquí, nin siquera neste momento o lugar para discutir isto, porque saben perfectamente que a capacidade impositiva municipal é moi pequena en función das competencias que temos asumidas. Dende ese punto de vista coido que non se pode magnificar a importancia de 3,60 euros que nós propoñemos que se queden no peto dos cidadáns. Non me parece razoable e me parece tamén unha actitude bastante demagóxica nese sentido.

Por outra banda a min me parece de sentido común pero de bo criterio de xestión que cando se quere pedir un incremento ou se quere estudar, como vostedes propoñen, un incremento na carga fiscal que lles imos propoñer ós cidadáns, antes fagamos unha análise, unha radiografía interna moi detallada de cómo estamos gastando eses cartos dos que dispoñemos neste momento. Nese sentido garántolles, e vostedes sábeno moi ben, que queda moito por facer e sinto ter que volver falar do orzamento que lles propuxen porque no seu momento vostedes non o aprobaron por eslamiado e por aburrido, pero non porque non houbera unha reducción moi apreciable dos gastos non productivos deste Concello para poder así manexar mellor os cartos e cubrir os servizos da mellor forma posible.

Pódese ser moi creativo, subir a taxa do lixo un 17%, como se subiu aquí no ano 2001, pero subir os gastos de autopromoción municipal ou publicitarios durante toda a lexislatura, o efecto ante os cidadáns no só non era positivo senón negativo. Polo tanto hai que ter clara esta circunstancia.

Insisto en que calquera organización, asociación, cooperativa, antes de reclamar máis fondos ós cidadáns o primeiro que temos que facer é ter claro se estamos usando ben eses fondos. Nese sentido é evidente, nós non somos tan paspáns como para pensar que a proposta de mantemento do lixo vai resolver o problema dos nosos cidadáns, é evidente que non. Nós coidamos que son moito máis intelixentes do que parece que vostedes os consideran. Sinxelamente queremos enviar dende o Goberno municipal unha mensaxe, se queren un chisco ós cidadáns dicíndolles que non lles imos pedir nin un euro máis (ímoslles deixar algún no seu peto) sen antes estar seguros de

que o que vostedes nos deixan neste momento estámolo usando coa mellor das productividades, da maneira máis axeitada posible; esa é a mensaxe que queremos lanzar ós cidadáns. Non imos resolver o seu problema económico e seguramente non está a solución dos problemas económicos do Concello no recibo do lixo, nos 3,6 euros que queremos deixar nos petos dos cidadáns. Vostedes saben moi ben que isto é así.
Por certo, quero deixarlles algún dato sobre a taxa de cobertura dos servizos municipais coas taxas. Por casualidade o servizo de lixo é un dos que a súa taxa de cobertura é unha das máis altas, o 74%. Practicamente en todos os demáis servizos municipais as taxas cubren menos dun 30, 10, 18, 7, 9, 14, 51% do seu custo. Como é evidente isto non quere dicir que de súpeto teñamos que subir a carga fiscal ós cidadáns dunha forma desproporcionada. O que temos que facer primeiro é xestionar ben estes recursos dos que dispoñemos neste momento para logo, con toda a honestidade posible, achegarmonos ós cidadáns e dicirlles que as taxas non cubren na medida que sexa necesario.
Despois de estar aquí algún tempo eu xa tiven que xestionar un orzamento prorrogado sen ningún tipo de alternativa pola súa parte. Dende logo, sinceiramente coido que no tema do lixo vostedes cometen un erro. É posible que eses cartos se queden en mans dos cidadáns, é factible e nós queremos seguer mantendo esa política. É evidente que sería unha responsabilidade pola nosa parte que se vostedes se empeñan en vincular as dúas cousas e por este motivo vostedes non van aprobar a subida das taxas, nós terémolo que o reconsiderar pero coido que é posible e que é unha boa mensaxe que lles enviamos ós cidadáns.

SR. SOTO FERREIRO: Vou empezar polo final, señor Guerra, non me faga demagoxia barata, non xogue coa nosa responsabilidade. Fun eu quen propuxo inicialmente que se trataran todas as taxas e os impostos conxuntamente e tamén quen dixo que iso era o racional posto que de todo tiñamos que falar, pero non pretenda vostede agachar a súa responsabilidade lanzando unha labazada de volta porque non lla acepto, porque se quere votamos a miña moción por separado e que vote quen lle pete. Non lle acepto ese tipo de xogo demagóxico de floreos barateiras. Se vostede o que propón é iso acéptolle agora mesmo que se vote por separado, deixémonos de bromas, imos facer os debates con rigor na medida do posible, o mellor que saibamos pero dende logo sen demagoxias barateiras porque entón si que así non xogo. Xa bastante fixeron vostedes na campaña electoral con esta historia, paren xa

por favor, que non estamos dicindo tonterías, vostedes saben na súa conciencia que é verdade o que lles estou a dicir, que o fixeron cunha operación meramente electoralista, nós non somos os que nos estamos inventando a operación, foron vostedes.
Vostedes din cousas nas que teñen moita razón como a de acusarnos ó conxunto, ainda que non tivera nada que ver con iso, de que non teñan vostedes os orzamentos ó día. Ogallá iso se remate xa nos próximos orzamentos, nós non estivemos nin estamos por ese labor. Vostede ten moita razón cando di tamén que realmente iso non permitiu unha reducción dos gastos non productivos, moita razón, e que vostede tiña unha vontade nos orzamentos que presentaron do facer así, toda a razón, señor Guerra, ten vostede razóns que dicir que lle podemos aplaudir; compartir ou non compartir esa é outra cousa, pero facernos floreos tomándonos a pé cambiado iso si que con todos os respectos non llo vou admitir na medida en que poidamos e saibamos.
Vostede fai unha pregunta que aí e por onde aí que ir. Os gastos poden ser infinitos. Si, os gastos poden ser infinitos precisamente pois seguramente a sabenza política está entre os posibles gastos infinitos e o cero saber cal é a modulación de investimentos e de mantemento de servizos que se debe producir e non se ten de pé. Collendo o seu mesmo exemplo, señor Guerra, vostede di que lle vai deixar 3,60 euros a cada vigués; supoño que se van facer multimillonarios con iso e que lles vai a arranxar a súa economía con iso, pero ó Concello non lle quita vostede só 3,60 (é que chegamos a un nivel de debates case de parvulos, señor Guerra), son 3,60 por todos os cidadáns e o Concello, o conxunto dos vigueses si que vai recibir servizos multiplicados polos 3,60 que cada un de nós vai pagar, señor Guerra. Diso trátase e por iso lle facemos a proposición que lle estamos a facer.
Por outra banda eu quero mostrar o meu asenso coa intervención global do señor Mariño e con practicamente a totalidade do que dixo agás nunha pequena matización. Houbo un tempo, e hai compañeiros que llo poden dicir, en que os prezos das taxas estaban axeitados ós servizos que se daban. Eu estou de acordo en que se vaia nesa dirección pero tamén convirá vostede en que despois dos enormes desaxustes que houbo necesitaranse tempos de modulación. Eu só lle poría esa sinxela matización á súa intervención que me parece impecable e é que no futuro fagamos un plan de modulación de taxas que ó mellor non é nun ano, é en dous, en tres ou en catro pero que teña uns obxectivos coma os que vostede formulaba porque se de súpeto vostede pasa unha taxa dun 10 a un 100 pode haber saltos arrepíantes e

seguramente por iso habería que modular para tentar recompoñer o que non se fixo tan ben nos últimos tempos.
Dito iso, a min me parece que aquí, señores do Goberno municipal, vostedes fan unha exposición que nese sentido non é de recibo e eu no llo vou a admitir, votemos conxunta ou separadamente. Se votamos separadamente eu cámbiolle a responsabilidade, señor Guerra, voulle votar a favor de todas as taxas, non llas vou "condicionar" como vostede insinua chantaxeando, xa lle digo que se o queren poñer a votación separadamente eu tamén lle vou votar a favor das que non sexan taxa do lixo. Non vou, contra a súa irresponsabilidade, facer unha irresponsabilidade infinitamente maior, de ningún dos xeitos. Polo tanto póñanse vostedes a modular realmente o que queren facer.
Xa que fixeron a operación electoral que fixeron da que xa non quero falar, modulen tamén a súa actuación. Digan vostedes que sería admisible, que como son minoría aceptan o criterio que parece maioritario, calquera deses comentarios e eu calaríame inmediatamente. Agora, non nos devolva esa empanada porque de ningún modo a acepto. A min me parece que estamos facendo un exercicio de pura responsabilidade para lle dicir ós vigueses que hai servizos municipais que cómpre atender debidamente e dentro do infinitos que poden ser os gastos algúns son ben finitos e proporémoslles cando traían os orzamentos se non o fan vostedes, que haxa maior gasto social porque hai buracos terribles nesta cidade na que algúns viven moi ben e alegrome moito, pero hai algúns que viven moi mal e a isos temos que dirixir singularmente o esforzo municipal para que teñan servizos máis axeitados en todos os sentidos. Como propoñiamos nós ó señor Mariño, con exencións, con fórmulas que poden ser variadas pero que en todo caso precisan da solidariedade do conxunto dos vigueses para redistribuir despois vía os orzamentos onde se empregan que na nosa opinión, insisto, sen prexuizo de manter o benestar xeral dos vigueses, debe de ir destinada con algún acento importante a un maior gasto social para axudar a aqueles que menos teñen.

SR. TOBA GIRÓN: Baixo o noso punto de vista, e agora xa máis concretamente incluso baixo o meu, hai síntomas para estar preocupado.
Señor Guerra, evidentemente o gasto pode crecer todo o que un queira, pero se un concelleiro de Facenda, cunha capacidade de endebedamento como ten este Concello e de investimento polo tanto dos capítulos seis e sete que ronda ó redor dos tres mil millóns de pesetas, nunca máis e dígollo por

experiencia, se vostede ten enriba da mesa proxectos só dun grupo de concelleiros por valor de quince mil millóns de pesetas, botémonos a tremar porque entón ese Goberno padece para empezar do peor dos pecados que é a capacidade para priorizar, a capacidade para definir liñas de Goberno e de actuación conxuntas como Goberno e iso indica que non estamos ante un Goberno, estamos ante un sumatorio, que son cousas ben distintas. Construir un orzamento municipal e planificar unha facenda municipal non é un sumatorio de táboas reivindicativas, é a conceptuación dun proxecto de Goberno que nós xa sabiamos que non teñen. Pero se ademáis vostede mo expresa con esa claridade, pois é evidentemente un motivo máis para estar preocupado.

As ordenanzas que vostedes nos traen a Pleno seguen unha liña que dalgunha maneira se implantou ó longo do mandato pasado que é unha liña de actualización, de sensatez, que formulouse naquel momento, pero non como unha actuación liñal, nunca pode haber unha actuación liñal na política de Facenda, senón que o Concelleiro de Facenda debe saber qué está acontecendo con gastos e ingresos e coa participación de cada gasto e de cada ingreso para coñecer as variables e cómo están variando.

Vostede dí que representa o 55% do orzamento de ingresos. Pois no ano 2003 representaban o 63%. Non digo máis, é o que temos.

Vou ter que entrar inevitablemente no debate da ordenanza do lixo, un debate que sinceiramente ó noso grupo parécenos absolutamente incidental e falto de sentido porque a responsabilidade dun Goberno municipal non soamente é propoñer os incrementos das taxas nas ordenanzas que dalgunha maneira equilibren o custo dos servizos, é tamén actuar para non provocar incremento de custos non xustificados nos servizos que non actúan no beneficio do cidadán. É da conxunción desas dúas liñas de pensamento da que resulta o custo adecuado dos servizos. Cubre o 74% nos dí vostede. Non é así e imos ó fondo da cuestión.

O problema neste momento do servizo do lixo e que aquí se aprobou un novo protocolo con Sogama que incrementou os custos de tratamento. Ese é o gran problema que temos agora mesmo porque o servizo quedou actualizado no 2001 efectivamente con esa subida do 17%. Unha subida responsable, derivada de que o Pleno da Corporación aprobara un prego de condicións para o novo concurso do lixo que custaba máis e na miña responsabilidade de concelleiro de Facenda, que o señor Figueroa e o señor Soto se acordaran diso, naquel mesmo debate eu xa expresei que era necesario ante ese cambio decidido pola Corporación atender tamén o equilibrio do custo do servizo. Pero vostedes

non o fixeron e cando digo vostedes digo o PP, o grupo do señor Soto que tamen votou aquel protocolo inxustificado e sen sinatura con Sogama (protocolo escandaloso) e tamen o PSOE. Non discutan vostedes agora polo 2,7, déixense de historias, se queren aplicar responsabilidade, aplíquena, pero fágano responsablemente.

Señores do PP, señores do Goberno, basta de maqueados. Pasáronse vostedes a campaña electoral xurando ante notario, con acta notarial que ían eliminar a taxa do lixo. Foi case unha proposta estrela da actualmente presidenta da Corporación ante notario. Agora saben que non era posible. Deberían telo sabido daquela porque eran vostedes o grupo maioritario da oposición e cando un está na oposición ten tamén a responsabilidade de coñecer a situación da Facenda local por máis que non se adique expresamente a iso.

Pero vostedes se pasaron a campaña electoral dicindo que ían suprimir a taxa do lixo. Pois non a suprimen e entón pensan nunha operación de puro maqueado: como non a podemos suprimir ímola conxelar. Ó mesmo tempo aproban vostedes un protocolo que incrementa unha porcentaxe altísima o custo de Sogama, ¿e qué servizo reciben os cidadáns? Ningún. Vostedes optaron por non discutir en serio con Sogama e por non defender os intereses dos vigueses e viguesas e, como se di comunmente, achantaron coa consigna que viña de Santiago e aceptaron unha suba desconsiderada e non xustificada e agora conxélana.

Tamén debo dicir que hai dez meses tamén o PSOE e DPG aprobaron ese protocolo, protocolo que eu naquel Pleno demostreilles que non tiña nin xeito nin maneira e dinlle mil argumentacións distintas; non serviron para nada. Cos votos do PP, do PSOE e DPG aprobaron aquel protocolo. ¿E agora discuten polo 2,7? ¿Saben ó que teñen que facer se realmente queren adoptar unha posición responsable na que nós non nos compremetemos porque non votamos aquel protocolo que aumentou os gastos sen aumentar os servizos que recibe o cidadán de Vigo? O que teñen que facer e reunirse os tres grupos e tratar de reequilibrar a situación do custo do servizo en función das decisións que vostedes mesmos tomaron. Entón non estamos falando do 2,7, faganme caso que algo sei de números, seguro que se está falando de máis.

Reunanse os tres grupos e fagan unha proposta conxunta que vostedes mesmos votarán porque nós non imos votar nunca unha suba de taxas que non redunde en mellores servizos para os cidadáns. Seguro que os números xa están feitos porque seguro que a responsable de ingresos os ten perfectamente claros; ou tráteno no próximo Pleno e veñan con toda a claridade dos

números e defendan ante os cidadáns de Vigo que lles van subir o recibo do lixo porque se negaron a enfrontarse á Xunta de Galicia e a Sogama.
Falando dese 17% señor Guerra, eu si lle expliquei ós cidadáns de Vigo no ano 2001 porqué ía subir ese recibo do lixo. Expliqueino no Pleno e expliqueillo ós cidadáns. Ia subir porque iamos facer un mellor servizo e mire se era así que o señor Figueroa quitouse unha foto ó lado dunha vasoira de noble metal; había moitos anos que ese instrumento de nobre metal non viña por esta cidade. Eso é producto dunha decisión política de Pleno pero que tivo o seu correlato de responsabilidade.
Agora reúnanse e explíquenlle ós cidadáns de Vigo que van subir o recibo do lixo para equilibrar o servizo, como di o señor Pérez Mariño. Reúnanse e explíquenlle á cidadanía de Vigo que lle van equilibrar o servizo aumentando, non eses tres euros señor Guerra, senón bastante máis ó recibo do lixo porque vostedes cederon ante a Xunta de Galicia, saian e explíquenllo.
O debate do 2,7 non é significativo señores e señoras, dígoo con pleno coñecemento de causa. Asuman a responsabilidade das súas decisións e explíquenllo á cidadanía porque nós si lle imos explicar que esa suba de se producir non vai redundar nun mellor servizo, vai redundar exclusivamente na aceptación dunha posición de humillación da Corporación municipal fronte a Sogama e ós intereses da Xunta de Galiza. Esta é a realidade deste debate político, señores e señoras, non perdan máis tempo.
Polo demáis o noso grupo está disposto a discutir e a votar a moción do señor Soto agora ou despois, como prefira, pero en todo caso o debate xa está dado.
Cando un goberna ten que ter claros os obxectivos que persigue. Un destes obxectivos debe ser conseguir una Facenda local polo menos eficiente, que equilibre gastos. Esa liña non é continua, pode haber saltos en función das decisións políticas, a simple actualización en moitos casos non chega para atender ós custos. Por exemplo no caso do lixo a simple actualización inevitablemente non lles chegará en función da decisión política que adoptaron no seu día. Adopten vostedes a decisión congruente con esa decisión que tomaron aquí o PP, PSOE e DPG e non veñan os dous bandos con operacións de maqueado. O PP maquea a súa falla de resolución co seu propio compromiso electoral e maquéaa cunha pura conxelación. Señores do DPG e PSOE, vostedes maquean a súa operación de aceptación ante Sogama de baixar a fronte, de non discutir e maquéana discutindo o 2,7. Nin é responsable

nin é aceptable. Asuman a súa responsabilidade e a súa decisión ata o final e preséntena no seu momento.
En terceiro lugar e xa para rematar, seguindo coa liña de actualización que nós mesmos propuxemos neste Pleno no mandato pasado, o noso grupo evidentemente non vai actuar irresponsablemente na cuestión da Facenda local, que dúbida cabe. Pero o noso grupo hoxe sobre todo fai incidencia en que cos ingresos locais non poden nin uns nin outros facer demagoxía. Nin uns nin outros teñen que preocuparse exclusivamente das pinturas de guerra e de achantar os votos ou de xustificar posicións. Facemos especial incidencia en que no debate de hai practicamente un ano, señora presidenta, se fixo unha proposta por vostede mesma que non vemos realizado en absoluto. Hoxe na cidade os proxectos que se moven son os mesmos proxectos que o anterior goberno deixou en marcha e que vostedes inaugurarán para ben da cidade pero non vemos nada máis.

SR. PÉREZ MARIÑO: Este debate que en principio estaba destinado a ser sobre a aprobación de modificacións de taxas impositivas e de aumento das taxas estase convertindo nun certo axuste de contas, de facturas pendentes que hai entre os grupos municipais, entre as opcións ideolóxicas ou partidos políticos que estamos aquí representados. Nesa cerimonia da confusión non me gustaría entrar pero algunha cousa vou dicir.
Primeiro Sogama; nós non queremos maquear nada, estivemos a favor da subida porque nola explicaron en Sogama, tentámola de transmitir ós cidadáns con mellor ou peor fortuna e responsablemente aceptamos a subida de Sogama como a aceptaron todas as corporacións municipais de Galiza que están en Sogama con independencia do seu signo ideolóxico, pero ise é outro debate. Se mañá se nos voltara propoñer o de Sogama e voltaramos para atrás, temos de dicir que voltariamos aprobalo. Non queremos maquear nada, queremos asumir as nosas responsabilidades gusten máis ou menos.
Mandamos as persoas a Sogama, voltaron, fixemos estudos, vimos os estudos e vimos que era necesario, que era a forma máis barata de reciclar o lixo, non atopamos outra fórmula, a fórmula de montar unha empresa propia para este Concello para reciclar tiña uns custes tremendos e non chegamos a outra conclusión. Eu entendo que haxa outros grupos que poidan estar en desacordo e que crean que non debe ser asi pero iso son dúas opcións ideolóxicas diferentes.
A segunda factura que temos pendente é a dos orzamentos. Dísenos por parte do señor Guerra que non aprobamos os orzamentos. O orzamento é onde se

concretan as opcións ideolóxicas dos partidos políticos porque é no gasto, na priorización ou na xerarquización do gasto onde está a opción ideolóxica, uns gastan nunha cousa e outros gastan noutra. Non poden vostedes pretender, agás que queiran facer demagoxia e eu estou seguro de que non é así, que se pode gobernar con dez concelleiros e que se lle aprobe a un todo.

O orzamento que é o documento fundamental onde se marcan as diferencias e as opcións ideolóxicas, non poden vostedes pretender que o aprobemos tal cal. Cando se presenten os orzamentos do estado español dentro duns días teña vostede a seguridade de que o PP se vai opoñer rotundamente e que vai facer unha emenda á totalidade e aprobaranse porque haberá unhas maiorias parlamentarias. Vostedes aprobaron aquí o orzamento polo sistema de aprobación de orzamentos aínda con minorías e polos apoios que poidan ter. Negocien vostedes os orzamentos porque cando se está na oposición inevitablemente hai que negociar porque se un puidera, estando na oposición e tendo menos votos, aprobar os seus proxectos isto sería estupendo. Nós como temos oito concelleiros e vostedes teñen dez pensamos que non poderíamos gobernar en minoría moito tempo e dixémoslles ós demáis grupos e polo tanto ós cidadáns que se lles parecía non nos derán a cuestión de confianza. E non nola deron.

O seu tenente de alcalde nunha intervención que fixo en decembro de 2003 dixo que se podía gobernar co orzamento prorrogado sen ningún problema. O que non se pode dicir señor Guerra é que os gastos non productivos, que tamén estabamos de acordo con eles e que estaban no anterior orzamento prorrogado, é necesario gastalos e os gastos de publicidade non é necesario gastalos. Non os gasten vostedes, se se quedan aí non hai ningún problema. Non nos digan vostedes que hai que gastar os gastos publicitarios porque dende logo sería un pouco unha broma.

A min pareceume a súa intervención señor Guerra, e perdoe que lle faga unha cuestión persoal pero se lla fago como concelleiro de Facenda, un poco un xogo entre Mr. Hyde e o doutor Jekyll. Di vostede unhas cousas e despois chega vostede a outra conclusión. Di vostede que hai que axustar os nosos ingresos ós nosos gastos e despois chega a conclusión e nos di que a taxa do lixo supón o 74% do seu custo, do que se paga, pero agora en vez do 74% pasaremos o 70%. Antes nos di que trataría de axustalas cada vez máis, agora o que fai é un desaxuste. Dinos vostede que cubre soamente aproximadamente o 13% do orzamento, pois agora cubrirá un pouco menos. Se

vostede as suprimira nos quedaríamos sen un 13% de ingresos. ¿Por qué non lle votan valor e a suprime? Nós votaremos en contra de que as supriman.
Dicía vostede que ten moitas necesidades de gastos. Iso é unha sorte, é unha sociedade viva que lle está pedindo a vostede que faga cousas e vostedes terán que optar por cales queren facer. O malo é cando nunha Corporación municipal ou nun Concello ou nunha familia se cega e se pon un diante dun muro e non sabe en qué gastar. Desgraciadamente hai moitas necesidades e por sorte hai moitos proxectos. Con eses dous elementos ten que estar vostede contento.
Por tanto e en definitiva non nos pasen vostedes facturas anteriores. Eu repítolle ó BNG que no de Sogama temos opcións diferentes, non creo que iso nos supoña que nos teñan que encadrar ou poñermos un anatema de que fixemos unha desgracia para a cidade. Fixémolo o mellor que puidemos, o mellor que soubemos, cremos que é unha decisión acertada e voltariamos tomala hoxe.
Do mesmo xeito coa decisión que estamos hoxe aquí que é a das subidas, vólvolle dicir que cando vostede da uns datos de que hai taxas que cubren o dez, o trece, o dezaoito, o trinta por cento e seguen manténdoas, non me contará vostede que están facendo unha boa política fiscal porque se vostede quere ser unha persoa sensata dirá que isto é o menos malo e como menos malo ímolo aprobar nós, non como bo.
Se vostede quere facer unha política responsable, fiscal, terá que ir axustando pouco a pouco e o que vostede quere facer é desaxustar. Ademáis vostede sabe perfectamente que a toma de datos de abril a abril supuxo, como vostede dixo, coller un mes máis favorable como din os técnicos. Con iso a diferencia do custo do servizo e os elementos de cubrilos con impostos se amplian. Estamos un pouco peor nese aspecto e unha boa política fiscal como vostede sabe ten que tender ó contrario. Non gañamos nada no día de hoxe, imos probalo pero a día de hoxe estamos dende o punto de vista fiscal un pouco peor que onte.
Di vostede que só son tres euros e medio o que se quita do lixo. Ademáis do ovo discutimos o foro. ¿Por qué non quita tres euros e medio no resto das taxas? Total é pouco. ¿E por qué non saca vostede no IBI ou no IAE, desgraciadamente no que queda de IAE? Saque un pouco de todos e asi sería mellor recibido polos cidadáns nunha primeira proposta porque ó día seguinte os cidadáns, como todos nós que tamén somos cidadáns, pedimos servizos e os servizos hai que os pagar con algo e non os poderiamos pagar.
Deume a impresión de que no seu razoamento había un lapsus. Di que se non queda máis remedio a aprobarán. Qué ben van quedar, van quedar vostedes

como os que non aproban a taxa de aumento de lixo. Todo o resto dos grupos a subiron e vostedes de portaestardarte do aforro para os cidadáns. Non o fagan. Póñanlle valor e voten o aumento da taxa do lixo con todos. Póñanlle o valor que tamén lle poñemos os demáis ó aceptar o aumento que vostedes propoñen porque na opinión pública nunca é ben recibida a subida de impostos, aínda que esto sexa unha subida meramente mecánica, pero diga vostede que aceptan a subida da taxa do lixo e que se poñen á cabeza da manifestación con todos os demáis.

SR. SOTO FERREIRO: Non sei se é procedente ou en qué sentido é procedente pero gustariame preguntarlle ó grupo do BNG e neste caso ó seu voceiro neste tema, señor Toba, se van votar a favor, en contra ou se van abster no tema do lixo, se o seu discurso ampara un voto ó tempo que o PP, etc, neste tema en concreto porque mire que vostede falou e non teño claro iso, non sei se o teñen claro os demáis. Na súa intervención eu non souben colixir se vostede ía votar a favor da taxa de mantemento do lixo como está, se se vai abster dicindo que fumos malos con Sogama ou prácticos criterios que din que teñen con respecto á taxa. Isto impídeme realmente facer un debate a fondo con vostede. ¿Sería procedente, señora alcaldesa, que o señor Toba nos respostase a este tema para poder razoar con el?
Di que non a vai votar, eu xa supoñía iso pero quería telo claro. Tamén lle vou dar a miña impresión dos porqués da súa actitude.
En primeiro lugar falando de Sogama. O BNG dende hai un tempo, algúns temos memoria, era toulamente anti-Sogama, había que facer desaparecer Sogama da faz da terra, era unha empresa perniciosa para o ben de Galiza e dos galegos. Pero cando vostedes chegaron ós poderes municipais non apareceu esa opción por ningunha parte. ¿Onde están as súas proposicións alternativas? Eu non as coñezo. Ó mellor as teñen, non digo que non pero eu non as coñezo e se non as coñezo é que non as trataron no seo da Corporación, pero nin nesta nin noutras que eu saiba, agás na Coruña onde nestes sentidos o inefable señor Alcalde da Coruña, e vou ser moi respetuoso porque estamos falando dunha cidade querida para min, montou unha operación que lle está custando un milleiro de cartos a todos os galegos. Outra vez política para a Coruña e anti-Galiza.
Sogama é a menos mala opción das coñecidas para solucionar o problema do tratamento do lixo. Hai que recoñecer que nos gustaria a moitos unha operación moito máis ecolóxica, máis respetuosa co medioambiente..., si pero, ¿a qué custos? A custos hiperbólicos; é imposible e hai que llo dicir

ós cidadáns. Cando o señor Barros trouxo unha proposta que a lembro perfectamente, estaba facendo un exercicio de pura responsabilidade.
Vostede está falando de axeitar custos aquí, nós tamén. Ese criterio para nós é universal, tamén con Sogama que nin con esa subida nin de lonxe é quen de cubrir o custo dos servizos. ¿Por qué pide vostede manter custos dos servizos e cubrilos aquí e non llo pide a Sogama? ¿É que vostede quere moito a Vigo e nada a Galiza? É unha pregunta absurda e xa o sei pero lle pido polo menos que sexan consecuentes co que din.
Coa mesma responsabilidade que estou pedindo a actualización do lixo, voltaria votar a actualización de taxas que puxo Sogama porque se non se chega facer iso, poriase en gravísima crise a esa empresa e a piques de desaparecer se non fora que ten apoio público, claro está. Pero vostede pode pedir outra cousa, por exemplo quere que os cartos dos impostos dos galegos sexan destinados a outra parte. Esa é unha opción política respectable que eu non comparto, pero absolutamente respectable. A continuación teríame que dicir vostede onde tira o gasto para abaixo.
Voulle dicir dúas cousas, evidentemente temos discrepancias en posicións políticas e nalgunhas cousas e non hai porqué agachalas senón que son discrepancias que debemos trasladar á cidadanía. Por exemplo, vostedes fixeron unha suba de golpe do 17%. ¿Por qué foi así? Porque non tiveron a responsabilidade nos anos anteriores de ir actualizando a taxa do lixo. Vostedes que estaban no Goberno, que participaban en Gobernos anteriores fixérono de golpe nun momento determinado e antes non. ¿Por qué non antes e si de golpe? Iso é o que me da medo, ó que nos pode conducir a política do PP. Non subamos un ano e outro, demagoxía barata cara á galería e de repente, ó carto ano o 17%.
Estou seguro de que todas as economías, pero as modestas máis, van agradecer ir subindo paulatinamente un 3% cada ano e que non lles caia un 17%. Por certo, o 17% que subiron vostedes fixérono indiscriminadamente co cal fixeron, para mín, una inxustiza grave que é igualar a quen non ten tan bo servizos cos que os teñen mellores. Vostedes igualaron ós veciños do rural poñéndolles unha taxa exactamente parella coa do centro cometendo na miña opinión unha gravísima inxustiza porque nin aínda hoxe temos o mesmo servizo os veciños que vivimos no rural.
Estamos falando da taxa do lixo. ¿Onde está a recollida selectiva no rural? Non está. Por exemplo queremos defender a ecoloxía e medioambiente. Non, porque levo a quen queira a ver contedores ó acabar este Pleno e imos coa prensa de paso. Non agás que se me diga que no rural cada parroquia ten que

levar a recollida selectiva a varios quilómetros; entón pode ser. Polo tanto fixeron vostedes un mal programa, outra vez inxusto e discriminatorio en contra do rural.
A subida de hoxe ven porque vostedes adxudicaron un contrato nefasto do servizo do lixo, vostedes, BNG e PSOE. Señor Toba, como anécdota ¿teño que lle lembrar que fixeron unha adxudicación na que cando había unhas condicións cambiaronas polo camiño cunha ilegalidade manifesta, na miña opinión, para llo dar a quen llo querían dar como servizo? Se vostedes dixeran que lle daban este porque era máis barato, pero non porque era moito máis caro, infinitamente máis caro que calquera proxecto real que houbera enriba da mesa. ¿Ou os demáis non falamos con empresas que tratan os lixos? Poderiase facer ese contrato por moitísimos menos cartos, díxeno naquela Corporación e volvo dicilo hoxe e se os tribunais botan abaixo aquel acordo, ogallá teñamos a libertade de o poder tratar con luz, con taquígrafos e con económistas, xa vería vostede como ían cambiar os números.
Vote vostede subidas e eu estou disposto a votar por riba das súas responsabilidades irresponsables porque non son quen de arranxar aquela irresponsable decisión súa cando estaban no Goberno e teño que lle decir ós vigueses que me como con patacas ese acordo porque en cambio o servizo hoxe custa X, unha barbaridade, é un dos servizos máis caros en comparanza con outros servizos de España. ¿Por qué? ¿Qué condicións ten Vigo de especial para que teñamos que pagar máis que noutros lugares?
Señor Toba, vostedes esperaron ata o final para agachar unha decisión política e ademáis agora voulle dicir a miña opinión política de porqué fai isto. Vostede permanentemente non para de lle sacar as castañas do lume ó PP, vestido de dialéctica agresiva si, vestido con roupaxes que poden confundir si, pero a algún non nos engana. Nós, que me parece que está demostrado que non temos ningún talante de amolar ó PP, non imos manter artificialmente as decisións do PP para prorrogar unha situación. Alá vostedes se o queren facer porque por min pode prorrogarse o que queira, non me confunda, pero non serei eu o que manteña a situación de Goberno do PP a costa de decisións anti-intereses dos vigueses, así non. Iso é o que o seu grupo está a facer cos temas realmente importantes de fondo nesta Corporación. Esa é a miña opinión, ó mellor podo estar trabucado pero lla digo honesta e sinxelamente.
Dígolla tamén para lle pedir que cambien a súa actitude señores do BNG, voten a favor do que teñan que votar porque lles parece honestamente ben

segundo os criterios do BNG ou en contra do que teñan que votar; naturalmente hai temas que modulamos todos, non hai ninguna contradicción, supoño que se me entende no que vou dicir. Nós que dixemos que non nos gustaban os orzamentos pasados do PP, abstivémonos para evitar que prosperasen porque nos parece moito máis axeitado, gústeme ou non o PP no Goberno, que os vigueses teñan uns orzamentos axeitados ós tempos que corren porque será máis eficaz para lle dar uns mellores servizos e non pode discutir ninguen que uns orzamentos actualizados son mellores que uns desactualizados.
Vostedes fíxerono como unha operación política cara a galería coa que lle van dando respiro ó PP coa man no gañote na medida na que lle convén ós seus intereses pero non na medida que lle conven a Vigo. Así que eu pedirialle tamén que modulen as súas intervencións e as súas actuacións en función dos intereses dos vigueses.

SR. TOBA GIRÓN: Eu non tiña pensado intervir de terceira volta pero teño que o facer case que por alusións.
Entrando nun par de cousas, non fagan brincadeiras, o que discutimos hai un ano aquí non era se colliamos o lixo e o levabamos a Sogama ou se o reconduciamos a non sei onde. O modelo de tratamento do lixo é o que é. O que discutimos aquí hai un ano, señor Pérez Mariño, señor Soto, Señor Guerra, non era se se ía tratar dunha maneira ou de outra, era que iamos pagar máis, deixémonos de historias. Iso foi o que discutimos, non veñan vostedes coa creación dunha empresa municipal, ou coa deriva a Nostian ou a Barbanza porque non era iso o que discutiamos hai dez meses.
O que discutiamos entón era un papel sen asinar, escandaloso e probeillo naquel Pleno que ademáis vostedes nin estudaron pero nós si. Non é necesario que lembre que con aquel acordo vostedes colocaron o prezo de custo por tonelada como factor de peche. Iso significa que en canto non chegue, máis. Isa foi a tremenda equivocación daquel acordo pero vaian vostedes ás actas e veran que a nosa posición naquel debate e agora mesmo non é debater o sistema de tratamento do lixo.
Nós xa o discutimos no ano 99 no que un proxecto elaborado polo departamento do señor Fernández foi á procura de fondos europeos en Madrid e a Corporación non quixo, optou por outras decisións e nós tiñamos oito votos. Pero ese proxecto, señor Fernández, segue estando en Madrid e tiña asignados fondos europeos. Pero ese foi un debate do ano 99, a min quédame moi atrás. Naquel momento a Corporación decidiu que non, vostede votou a

favor pero a maioria da Corporación votou en contra, non o quixo, estabamos en minoría e quedou aí, papel en Madrid con fondos europeos asignados, fondos que despois se reasignaron a outros proxectos e agora non ven a conto abrir ese asunto.

Pero o que discutimos hai dez meses non foi iso e o que discutín hai un momento, señores e señoras corporativos, non fagan brincadeiras, é un convenio de custo, é un convenio que aumenta o custo sen mellorar o servizo. Se adoptan esa decisión verán que é política que non é técnica porque tecnicamente aquilo non se aguantaba e adoptarona responsablemente; adopten a decisión do seu corolario, é todo o que lle estou dicindo, non que collan o lixo e o leven a Nostian nin a Barbanza, non estamos discutindo iso. Eu teño os pés na terra e o meu grupo tamén e sabe que esa decisión foi adoptada nese momento pola Corporación municipal; respectámola entre outras cosas porque non temos votos para a cambiar pero non faga brincadeiras.

Case que por alusións: a min me gusta falar das cousas con moita claridade e ademáis vostedes me coñecen. A decisión de adoptar aquí unha política de Facenda local sensata foi nosa no mandato pasado porque por primeira vez ostentabamos a concellería de Facenda e cando se ostenta esta concellería se procura unha xestión responsable da facenda local e por iso implantamos un sistema que eu creo que agora mesmo nin sequera é discutido a efectos de fondo, pero que cada un mire onde estaba e onde está antes de apuntar con algún dedo.

Señores da DPG, ¿qué votaron vostedes nas ordenanzas do ano 2000 que eran IPC? Votaron en contra co PP, vaian ás actas e era igual de responsable que agora aquela facenda local. ¿Qué votaron vostedes na aprobación das ordenanzas para o ano 2002? Votaron en contra co PP. Eu ben sei quen está, onde está e con quen está nos debates importantes e nos debates importantes, como é o debate das ordenanzas, quen tivo coincidencia có PP foi DPG, ás actas me remito, esas cousas nin se discuten, están nas actas.

Eu teño perfecta conciencia, señor Soto, de que o seu voto estivo aliñado có PP como vai a estar agora neste Pleno cunha subida de IPC que vostede votou en contra xunto co PP no ano 2000 e no ano 2002, déixese de brincadeiras, aquí está claro quen coincide e quen non porque nós daquela coincidimos co voto dun Goberno progresista e responsable que plantou unha política seria fiscal neste Concello.

Polo demáis, tiña necesidade do uso da palabra simplemente para clarificar este par de cousiñas e o resto da miña intervención xa quedou clara.

SR. SOTO FERREIRO: Simplemente para clarexar os conceptos ultimamente manexados polo señor Toba porque no resto da intervención non vou entrar e debater sete veces a mesma cousa. Efectivamente votamos en contra o ano 2001 e 2002 e se non se nos presenta como se presentou nos orzamentos pasados unha sensible reducción do gasto non productivo seguiriamos votando en contra porque llo dixemos entón e vostedes non aceptaron. Propuxémoslle emendas concretas e vostedes non aceptaron nigunha das que lle propuxemos entón. Vaia ás actas.

Independentemente de moitas cousas eu teño unhas discrepancias importantísimas con don Ventura Pérez Mariño, cada vez que pasa o tempo máis. Pero dende logo, á hora de estar de acordo ou non co PP eu non dubidei en ter un Alcalde progresista en Vigo e vostede votou ás dereitas e ó PP que por iso está na Alcaldía.

SR. TOBA GIRÓN: Cuestión de orde señora Alcaldes, se estabamos nunha ronda pechada de grupos, non lle tocaba intervir ó señor Soto. Por suposto, ó rematar a ronda dos grupos pediría a palabra por alusións pero non agora porque iso é ó que remite o regulamento orgánico que vostede ten que cumprir e facer cumprir, señora Presidenta.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: A ver se teño a sorte de falar das taxas e dos impostos municipais.

Empezando polo señor Soto, eu non teño nin idea de xogar ó mus ou ás cartas e ó único que sei xogar é un pouco ó fútbol e nada máis.

O único que pretendín explicar na miña anterior intervención era simplemente que é posible facer o que nós propoñemos e alégrome de que a súa intervención me dea pé a volver dicilo, é posible non subir a taxa do lixo e que as finanzas municipais sigan equilibradas. Vostede mesmo me di que teño moita razón en moitos aspectos técnicos, en aspectos do control do gasto, que o presentei no orzamento, que aquel orzamento estaba equilibrado e era a demostración de que aquilo era posible. Polo tanto eu non sei facer ningún tipo de xogo, non teño nin idea do que me está a falar e probablemente hoxe estou aprendendo algunha lección sobre isto do que é xogar ó mus pero non é do meu interese.

Sobre a explicación do señor Toba direille que nós non temos ningunha capacidade de investimento, nin tres millóns, nin catro, ningunha, simplemente porque vostedes non permitiron que este Goberno municipal

xestionara a facenda municipal con inversións porque iso vai no orzamento e vostedes saben que no o aprobaron.
Ademáis eu estou de acordo co señor Pérez Mariño, é moi bo e moi positivo que teñamos non cinco, senón vintecinco veces a capacidade de inversión municipal porque falamos dun proxecto de orzamento neste momento e claro que imos seleccionalo, pero nesta cidade hai vida e nós estamos buscando todas as necesidades dos cidadáns para plasmalas no orzamento.
Dame a impresión de que lle teño que contar o conto da raposa e as uvas; é aquel que ten unhas uvas aí enriba e a raposa, como non sabe como collelas e tanto lle gustan esas uvas, dí: Como eu non o podo facer vostede tampouco e desprezo as uvas.
Vostedes efectivamente subiron o 17% da taxa do lixo, iso é un feito certo, todalas demáis taxas subiron o IPC. Esa do 17% din que a subiron para que o meu compañeiro puidera varrer moi adecuadamente, pero vostedes non din ademáis que a xestión municipal naquel momento empeorouse porque todos os gastos inproductivos, vólvoo repetir e repetireino eternamente, naquel momento se duplicaron no seu mandato. Polo tanto o efecto sobre o orzamento municipal desa subida é nulo ou practicamente nulo. Vostedes podían subir o que quixeran para dar un mellor servizo os cidadáns pero iso non se concretaba porque a xestión ó fin e ó cabo do día a día non se concretou, simplemente vostedes se autopublicitaron e probablemente iso tamén levou a que o meu compañeiro puidera ensinar a famosa vasoira.
Si nos presentamos ante os cidadáns nunha acta notarial, é completamente certo, é evidente que asi é, porque creiamos e cremos que é posible reducir o recibo do lixo porque é un recibo que todalas familias pagan e por iso escollimos este. Somos conscientes de que é posible, evidentemente cun gran esforzo para a Facenda municipal pero é posible. De todas formas eu non me esquezo dos debates que tivemos en anos anteriores e como é evidente que vostedes poñen o grito no ceo polo mantemento da taxa, maxínense o que pasaría se foramos reducindoa ó 25% como propuxemos, entón optamos por un camiño intermedio que é mantér a taxa do lixo. Polo tanto esa é a razón pola que seguimos mantendo ese compromiso.
É curioso, chámame moito a atención que en todas as súas diatribas, ó final vostedes teñan medo de que isto sexa unha ferramenta política, algo que os cidadáns valoran positivamente, é como se falaramos de que o diñeiro que estamos xestionando é noso e non deles. Non señor, eu dicíalle ó principio cando presentamos as taxas que nós estabamos manexando o diñeiro dos cidadáns e a eles temos que miralos á cara e preguntarlles se o que eles

nos deixan nestes momentos estámolo xestionando ben. Vostedes saben igual ca min que non, que podemos facer moito máis nese camiño e por iso se presentou aquel orzamento e por iso se facía un esforzo especial na reducción dos gastos improductivos, aqueles dos que os cidadáns non se benefician para nada. Vostedes votaron que non, votaron simplemente porque o orzamento era aburrido e soso, non me olvidarei nunca desas palabras porque non entendo como un orzamento pode ser divertido.

Sobre o tema de Sogama eu non teño a mesma experiencia que vostedes, están falando dunha diatriba na que realmente eu non participei pero sei que vostedes estiveran no Goberno e non lles escoitei tampouco presentar ningún tipo de alternativa. Dame a impresión de que os grupos que aprobamos naquel momento esa alternativa dímonos de conta que era a única, a mellor posible, probablemente non a máis beneficiosa para a cidade pero era a única posible e eu creo que non é de recibo estar repetindo continuamente a mesma argumentación cando estamos tratando de falar doutras cousas totalmente diferentes.

Por parte do señor Pérez Mariño, efectivamente o noso grupo no Parlamento de Madrid e en calquera outra institución, por suposto que presentará emendas ós orzamentos, pero é que vostedes non presentaron ningunha emenda. Eu tendinlles a man en moitas oportunidades para que vostedes me presentaran todas as demandas que quixeran para as considerar, negociar e discutilas. Vostedes dixeronnos que tiñamos que presentar nós a iniciativa e así fixemos. Presentamos un orzamento e nin sequera no Pleno nos dixeron vostedes nada, simplemente se relaxaron vostedes dicindo que gobernaramos nós cun orzamento prorrogado porque non nos daban vostedes ningunha alternativa.

O que fixemos foi botarlle valor e xestionar esta cidade cun orzamento prorrogado. Creo que ningun cidadán dase de conta neste momento de que a cidade ten un orzamento prorrogado e se non fose polo tema das inversións estou seguro de que estarían mesmo valorando máis positivamente a nosa acción de Goberno. Claro que seguimos adiante e eu síntome moi orgulloso de ser o primeiro concelleiro que xestionou cos servizos técnicos desta Casa un orzamento prorrogado sen que os servizos se viran empeorados, moi pola contra.

Espero que para o próximo orzamento que lles teño que presentar vostedes teñan unha actitude moito máis responsable para que vaiamos ó concreto que é a xestión do día a día e a elaboración dun orzamento. Eu téndolles a man dende este momento para que me axuden a elaborar ese orzamento que é un

orzamento de consenso. Pero para iso fai falla querer e non simplemente ter unha actitude dialectica diferente porque estamos noutro grupo.
¿Sabe por qué non eliminamos outras taxas? Porque temos sentido común e entre outras cousas porque o que lles dixen ó principio é o que queremos facer
Tampouco se vai resolver a economía deste Concello polos seiscentos ou setecentos mil euros dos que estamos falando. Vostedes saben que non é así. Simplemente o que queremos e mandarlle acenos ós cidadáns e dicirlles que non lles imos tocar o seu peto alomenos ata que nós lle demostremos que podemos xestionar coa suficiente productividade os seus recursos porque lles custa moito esforzo e moito sufrimiento darnos estes recursos para que nós soamente pensemos en equilibrar as contas. Vostedes nunca propuxeron vixilar as contas, ver como están e se se gastan productivamente. Por iso eliximos a taxa do lixo para lle mandar esa mensaxe ós cidadáns.
Eu non sei se vostede fixo algunha enquisa pero estou seguro de que a calquera familia que ten un soldo normal, que queden os tres euros no seu peto é mellor que que non lle quede nada.
Nós imos disciplinarnos primeiro antes de lle pedir disciplina a vostedes. Non queremos sobrecargar a economía dos cidadáns, señor Pérez Mariño. Vostede tamén estivo na Alcaldía e outros compañeiros tiveron a oportunidade de xestionar estas taxas e non fixeron nada porque estas coberturas foran maiores. O que non poden dicirnos agora é que da noite a mañá cubramos todas as alternativas e digamos que os graos de cobertura sexan cen porque senón sobrecargariamos o peto dos cidadáns. Lembren que é seu diñeiro, non o noso. As veces á xente que está en temas burocráticos se lle esquece que está manexando recursos dos demáis, non recursos nosos.
Non teña medo á opinión dos cidadáns, vostede vote o que teña que votar, nós temos un compromiso e xa nos presentamos en dúas oportunidades con ese compromiso e seguiremos xestionando na medida que as maiorías nolo permitan evidentemente, é lóxico que sexa así. Eu non teño experiencia política pero tampouco estou cego e é evidente que vostedes están en contra da subida da taxa e iso é o que quería dicir, antes expliqueime mal. Simplemente eu teño que defender unha posición que creo que é real pero evidentemente non vou poñer á facenda municipal nunha situación de grave crise. Se vostedes non aprobasen o resto das taxas teriamos un gran problema, moito maior que o problema de non traer a taxa do lixo.
Por iso en realidade eu si que considero que é bo que votemos conxuntamente todas as taxas porque non nos queda outro remedio, simplemente por iso.

Pero lles garanto que se algún día temos a maioría e este concelleiro está aquí, tentaremos xestionar a facenda municipal con ese compromiso porque é posible e é bo para os cidadans.
A mín gustaríame que cando se fala deste tipo de cousas non se esquezan de que é un criterio de boa xestión pensar primeiro, facerse unha radiografía interna para despois tocar o peto dos demáis. Gustaríame que esa reflexión quedara no aire e que vostedes a tiveran en conta.

SR. TOBA GIRÓN: Señora presidenta, non quero interrompir a votación pero en todo caso o noso grupo político foi aludido fóra do regulamento orgánico que vostede permitíu violentar con total tranquilidade.

SRA. ALCALDESA: ¿A qué alusión se refire?

SR. TOBA GIRÓN: Entre outras cousas que eu votei por vostede.

SRA. ALCALDESA: Ten a palabra para ese tema puntual.

SR. TOBA GIRÓN: Non vou aludir a ninguén, só para expresar que a posición de voto do BNG, no momento da súa elección como Presidenta desta Corporación e Alcaldesa de Vigo, do BNG estaba clara. O BNG presentou o seu propio candidato e votou por el.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Señor Soto, permítame unha corrección técnica á súa proposta no punto 29. Vostede di na parte impositiva dese acordo que á taxa de recollida de lixo se lle aplica o mesmo incremento que ó resto das taxas municipais, é dicir, que se lle aplica o incremento do IPC. Se lle parece a vostede ben unha modificación técnica neste sentido: Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria do lixo no sentido de incrementar a tarifa vixente prevista no artigo 5 apartado 1.7, nun 2,7% correspondente ó IPC de abril 2003 a abril de 2004.
Segundo apartado: Someter a información publica o acordo aprobado por un prazo de 30 días hábiles con inserción de anuncios no BOP e no taboleiro municipal.
Tercer apartado: Entender aprobada definitivamente a modificación no suposto de que non se presenten reclamacións polos interesados.

SR SOTO FERREIRO: Gracias por esa corrección técnica tan ben feita, señor Secretarío.

5.- (234).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSINANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

“Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais que figura no expediente.

Increméntanse as tarifas vixentes nun 2,7% (variación do IPC entre abril de 2003 e abril de 2004).

A presente modificación axústase ó disposto nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) e, en particular, ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custo estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local.”

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.
A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.
A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira,

Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

a) Cursos e cursiños. Por cada sesenta horas lectivas ou fracción, cota mínima 2,45 €, que poderán ser incrementadas no acto administrativo regulador da convocatoria ata o máximo resultante de dividi-lo custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles.

c) Escola Municipal de Música:

Música e movemento:

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 35,45 € |
| - | 10 mensualidades de | 14,10 € |

Práctica instrumental. Nivel I:

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 49,60 € |
| - | 10 mensualidades de | 19,50 € |

Práctica instrumental. Nivel II:

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 54,05 € |
| - | 10 mensualidades de | 21,60 € |

Práctica instrumental. Nivel III:

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 58,50 € |
| - | 10 mensualidades de | 23,35 € |

Difusión musical (curso 20 horas)

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 26,25 € |

Monográfico (curso 20 horas)

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 39,40 € |

Especialización musical (curso 30 horas)

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 131,15 € |

d) Escola Municipal de Teatro.

Cursos de teatro para nenos/as:

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 21,25 € |
| - | 10 mensualidades de | 18,45 € |

Cursos monográficos 141,85 €

Ciclo de arte dramática:

1º) Curso

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 78,00 € |
| - | 10 mensualidades de | 70,85 € |

2º) Curso

| | | |
|---|---|---|
| - | Matrícula | 99,25 € |

- 10 mensualidades de 88,65 €

3º) Curso
- Matrícula 117,00 €
- 10 mensualidades de 106,35 €

No caso de que os seleccionados para a Escola Municipal de Teatro segundo o disposto na cláusula 6º prego de condicións aprobado en sesión plenaria do 15 de abril de 1999, pertencesen a unidades familiares con ingresos per capita mensuais inferiores a 245,90 €, quedarán eximidos de pagamento destes prezos públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particulariedades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

6.- (235).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PERTENCENTES Ó INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilizacio´n das isntalacións deportivas municipais pertencentes ó "Instituto Muninicpal dos Deportes" que figura no expediente.

Increméntanse as tarifas vixentes nun 2,7% (variación do IPC entre abril de 2003 e abril de 2004), así como a contía da renda que da dereito a exención.

A presente modificación axústase ó disposto nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais) e, en particular, ó establecido no artigo 44, considerando que a Corporación estima que existen razóns sociais e culturais que aconsellan a fixación das tarifas destes prezos públicos por debaixo do custo estimado no informe económico que se acompaña.

O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

<u>Primeiro</u>.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó "Instituto Municipal dos Deportes".

ARTIGO 18.- PREZOS PUBLICOS.

A) ESPECTÁCULOS

En tódalas instalacións.

- 1 día — 3.422,00 euros + ive
- ½ día — 1.916,00 euros + ive
- Aluguer escenario — 17,10 euros m2 + ive

B) ACTIVIDADES CULTURAIS.

- 1 día — 479,00 euros + ive
- ½ día — 274,00 euros + ive

C) ESPECIAL

Para montar e desmontar.

- Hora — 31,00 euros + ive

ARTIGO 19.

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS-COMPETICIONS, ADESTRAMENTOS.

a) ABONO TEMPADA CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS, para todalas entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

a.1. EQUIPOS FEDERADOS:

| | |
|---|---|
| Categoría especial | 171,10 € |
| 1ª Categoría (un só equipo) | 68,45 € |
| 1ª Categoría (máis dun equipo) | 102,65 € |
| 2ª Categoría | 51,35 € |

a.2. EQUIPOS NON FEDERADOS 51,35 €

b) Cando unha entidade teña outorgada unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pago dos prezos públicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha das seguintes maneiras:

PAGOS DE ADESTRAMENTOS:
b.1. Mensualmente.

b.2. Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3. Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

1.2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sen tempo límite)
Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Ritmica, Artes marciais.

| Instalacións | Sen taquilla €/hora | Con taquilla €/hora |
|---|---|---|
| Pavillón Central | 41,05 | 68,45 |
| Outras Instalacións | 23,95 | 41,05 |

1.3. PARTIDOS (baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol, etc.)
a) PAVILLÓN CENTRAL

| | Sen taquilla €/hora | Con taquilla €/hora |
|---|---|---|
| Categoría especial | 54,75 | 130,05 |

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

| | €/hora |
|---|---|
| Categoría especial | 51,35 |
| 1ª Categoría | 23,95 |
| 2ª Categoría | 11,60 |

1.4. ADESTRAMENTOS:

a) PAVILLÓN CENTRAL

| | €/hora |
|---|---|
| Categoría especial e 1ª categoría | 10,25 |

b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.

| | Pista enteira | Pista compartida |
|---|---|---|

| | €/hora | €/hora |
|---|---|---|
| Categoría especiale 1ª cat. | 6,45 | 4,80 |
| 2ª Categoría | 4,40 | 3,45 |

c) SALAS DEPORTIVAS MULTIUSOS

| | €/hora |
|---|---|
| 1ª Categoría (un equipo) | 3,75 |
| 2ª Categoría (un equipo) | 2,05 |

ARTIGO 20.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE RECREO, TEMPO LIBRE E OCIO.

1. ACCESO AS INSTALACIÓNS

| | | |
|---|---|---|
| 1.1 | Adulto | 2,55 € |
| 1.2 | Menores | 1,75 € |

2. ABONO DE 20 ENTRADAS (INSTALACIÓNS USO LIBRE).

| | | |
|---|---|---|
| 2.1. | Adulto | 23,25 € |
| 2.2. | Menores | 15,75 € |

3. TENIS E FRONTÓN E PADEL

3.1. Instalacións Cubertas

| | | 1 hora | Bono 10 usos |
|---|---|---|---|
| a) | 2 Xogadores | 3,75 € | 33,75 € |
| b) | 4 Xogadores | 4,40 € | 39,60 € |

3.2. Instalacións descubertas

| | | 1 hora | Bono 10 usos |
|---|---|---|---|
| a) | 2 Xogadores | 2,55 € | 22,95 € |
| b) | 4 Xogadores | 3,75 € | 33,75 € |

3.3. Suplemento de luz para tenis, frontón e padel:

| | | €/hora |
|---|---|---|
| - | Instalacións cubertas | 1,70 |
| - | Instalacións descubertas | 1,05 |

4.- XIMNASIOS.

| | | |
|---|---|---|
| 4.1. | Mensualidade por actividade/clases dous sesións á semana | 13,05 € |
| 4.2. | Mensualidade por actividade/clases tres sesións á semana | 16,45 € |

4.3. Cotas de abonados ós ximnasios.(uso libre).

| | | |
|---|---|---|
| 4.3.1 | Adultos (individual anual) | 123,25 € |
| 4.3.2 | Menores (individual anual) | 75,35 € |
| 4.3.3 | Familiar (anual) | 178,00 € |

Os abonados empadroados en Vigo, terán unha bonificación e o seu prezo é de:

| | | |
|---|---|---|
| 4.3.4 | Adultos (individual anual) | 102,70 € |
| 4.3.5 | Menores (individual anual) | 54,75 € |
| 4.3.6 | Familiar (anual) | 150,95 € |

5.- SQUASH:

| | 1 reserva reservas | Abono 10 usos/ |
|---|---|---|
| Reserva uso pista (45 minutos) | 3,45 €. | 31,05 € |

ARTIGO 21.- PROGRAMAS DE ENSINANZA E PROMOCION DEPORTIVA

| | | |
|---|---|---|
| 1. | PROGRAMAS CON PROFESOR (CURSOS NATACIÓN) | |
| 1.1. | Adultos/mes | 26,70 € |
| 1.2. | Menores/mes | 17,10 € |
| | | |
| 2. | PROGRAMAS DE CAMPAÑAS DE "NATACIÓN" | |
| | | €/alumno/mes |
| 2.1. | Grupo colexios | 6,00 € |
| 2.2. | Outros programas | 11,00 € |
| | | |
| 3. | ESCOLAS DEPORTIVAS: | |
| 3.1. | Escolas Deportivas Por alumno-a/curso | 34,25 € |

ARTIGO 22.- OUTROS USOS:

| | | |
|---|---|---|
| 1. | COLEXIOS: | |
| 1.1. | Instalacións deportivas | 6,90 €/hora |
| | | |
| 2. | ACADEMIAS PRIVADAS | |
| 2.1 | Instalacións deportivas | 13,65 €/hora |
| | | |
| 3. | RENOVACIÓN DO CARNÉ | |
| | Renovación de carné | 0,70 € |
| | | |
| 4. | SALA DE REUNIÓNS: | |
| | Sala de reunións: | 2,05 €/hora |

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particulariedades:

c) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
d) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

7.- (236).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de Ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal xeral que figura no expediente.

A presente modificación consiste en adaptar o texto ó disposto en normas legais de recente aprobación que son de alicacón a xestión, recadación e inspección de tributos do Concello, así como a procedementos administrativos de revisión.

O texto proposto modifica o anterior conforme ó que establecen as seguintes normas:

- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de réxime local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas de modernización do goberno local.

O presente expediente de modificación deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 ó 19 do citado RDL 2/2004, do 5 de marzo e precentos concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal xeral:

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.
CAPITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS.
Artigos 1 e 2.

CAPITULO II.- NORMAS TRIBUTARIAS
Artigos 3 e 4.

TITULO II. OS TRIBUTOS.
CAPITULO I. OBRIGAS TRIBUTARIAS.
Artigos 5 a 18.

CAPITULO II OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
Artigos 19 a 28.

CAPITULO III.- ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.
Artigos 29 a 32.

CAPITULO IV.- A DÉBEDA TRIBUTARIA.
Artigos 33 a 51.

TITULO III. APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.
CAPITULO I ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.
Artigos 52 a 55.

CAPITULO II NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA.
Artigos 56 a 59.

CAPITULO III.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.
Artigos 60 a 65.

CAPITULO IV PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA.
Artigos 66 a 70.

CAPITULO V. PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN.
Artigos 71 a 75.

TITULO IV. A POTESTADE SANCIONADORA.
CAPITULO I. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.
Artigo 76.

CAPITULO II DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.
Artigos 77 a 79.

TITULO V. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.
CAPITULO I. MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.
Artigo 80.

CAPITULO II. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.
Artigos 81 a 86.

CAPITULO III.RECURSOS ADMINISTRATIVOS.
Artigos 87 e 88.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

ANEXO I.
ANEXO II.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO.

CAPITULO I.- PRINCIPIOS XERAIS.

ARTIGO 1.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral díctase ó abeiro do artigo 106.2 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, artigos 11, 12.2 e 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como apartado 3 da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 2.- A presente Ordenanza Fiscal Xeral conten normas comúns tanto substantivas como procesuais que se consideran, a tódolos efectos, parte integrante das ordenanzas fiscais e Regulamentos que se dicten en relación á xestión, recadación e inspección de ingresos de dereito público municipais.

CAPITULO II.- NORMAS TRIBUTARIAS.

ARTIGO 3.- INTERPRETACIÓN.

1.- As normas contidas na presente ordenanza interprétanse conforme ó disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código Civil.

2.- En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ó seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.

3.- Non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estrictos o ámbito do feito impoñible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

ARTIGO 4.- ÁMBITO DE APLICACIÓN.

1.- As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Vigo e apicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade.

2.- A categoría fiscal das avenidas, rúas e prazas do termo municipal será, en todo caso, a determinada no Anexo II da presente ordenanza fiscal xeral. Se algunha rúa, camiño ou lugar non figurase no citado Anexo II aplicaráselle a categoría fiscal asignada a outros de similares características.

TITULO II. OS TRIBUTOS.
CAPÍTULO I. OBRIGAS TRIBUTARIAS.

ARTIGO 5.- OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL

A obriga tributaria principal ten por obxecto o pagamento da cota tributaria.

ARTIGO 6.- FEITO IMPOÑIBLE.

O feito impoñible é o orzamento fixado pola ordenanza correspondente para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal. As ordenanzas fiscais poderán completar a delimitación do feito impoñible mediante a mención de supostos de non suxeición.

ARTIGO 7.- SIMULACIÓN.

Nos actos ou negocios nos que exista simulación, o feito impoñible gravado será o efectivamente realizado polas partes.

ARTIGO 8.- DEVENGO.

O devengo é o momento en que se entende realizado o feito impoñible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.

A ordenanza de cada tributo poderá dispoñer a esixencia do pagamento da cota, ou de parte da mesma, en momento distinto do devengo.

ARTIGO 9.- EXENCIÓNS.

Son supostos de exención aqueles nos que, a pesar de se realizar o feito impoñible, a ordenanza exime do cumprimento da obriga tributaria principal.

ARTIGO 10.- INTERPRETACIÓN

1.- Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reduccións que as concretamente autorizadas pola lei, pactos ou tratados internacionais. A ordenanza fiscal de cada tributo deberá regular os supostos de concesión de beneficios fiscais.

2.- As exencións, bonificacións e reduccións interpretaranse en sentido restrictivo e non se aplicarán a máis persoas -e só polas súas obrigas tributarias propias e directas- que ás taxativamente previstas, nin se estenderán a máis supostos que os sinalados especificamente.

3.- Cando nas respectivas ordenanzas se declare exento de pagamento de tributos ó Estado, este beneficio non comprenderá ás entidades ou organismos que, calquera que fose a súa relación ou dependencia do Estado, posúan personalidade xurídica propia e independente e non teñan recoñecida por lei exención especial.

ARTIGO 11.- BONIFICACIÓNS EN MATERIA DE TAXAS

1.- Para a fixación das tarifas das taxas que, polas súas características, o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelas.

2.- O importe estimado das taxas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate.

3.- O Concello Pleno, nos actos de aprobación de plans de actuación sectorial ou instrumentos de planeamento poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso ós principios de capacidade económica e xustiza distributiva.

4.- Nos supostos establecidos no apartado 3 anterior así como no suposto de que unha ordenanza específica autorice a concesión de beneficios fiscais a persoas de escasa capacidade económica como xubilados, pensionistas e outras haberán de se cumprir os requisitos establecidos no artigo seguinte deste texto.

ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

1.- O Concello Pleno determinará para cada exercicio, os supostos obxectivos e requisitos subxectivos que deben reunir os beneficiarios de bonificacións ou exencións de taxas. Noutro caso entenderanse vixentes os do exercicio anterior.

2.- A aplicación de exencións, bonificacións e reduccións que procedan, efectuarase a petición de parte coa xustificación documental que proceda.

3.- As peticións das persoas interesadas tramitaranse polo departamento de Servicios Sociais ou polo que teña competencia no plan de actuación sectorial ó que se alude no artigo 11.3 anterior.

4.- As exencións e bonificacións que afecten a taxas de exacción periódica haberán de se solicitar para cada período impositivo, surtindo efectos para o período impositivo seguinte ó da súa solicitude.

ARTIGO 13.- OBRIGAS TRIBUTARIAS ACCESORIAS.

Teñen a natureza de obrigas tributarias accesorias as obrigas de satisfacer o interese de demora, os recargos por declaración extemporánea e os recargos do período executivo.
Por lei poderán impoñerse outras obrigas tributarias accesorias.

ARTIGO 14.- INTERESE DE DEMORA.

1.- O interese de demora é unha prestación accesoria que se esixirá os obrigados tributarios e os suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fora de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade a ingresar, unha vez finalizado o prazo establecido pola ordenanza. Esixirase interese de demora como consecuencia do cobro dunha devolución improcedente así como noutros casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do interese de demora tributario non require a previa advertencia da administración nin un retraso culpable no obrigado.

2.- O interese de demora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada improcedentemente e resultará esixible durante o tempo a que se extenda o retraso do obrigado.

3.- O interese de demora será o interese legal do diñeiro vixente ó longo do período en que aquel resulte esixible, incrementado nun 25% agás que a lei de Presupostos Xerais do Estado estableza outro diferente.

4.- Non se esixirán intereses de demora ou serán esixidos por prazo distinto do establecido no parágrafo 2 deste artigo, nos supostos regulados nos apartados 4 e 5 do artigo 26 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 15.- RECARGOS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO.

1.- Os recargos por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fora de prazo sen requirimento previo da administración.

2.- Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ó termo do prazo establecido para a presentación e ingreso, o recargo será do 5,10 ou 15% respectivamente. Dito recargo calcularase sobre o importe da liquidación derivado da declaración extemporánea e excluirá as sancións e os intereses de demora devengados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o termo do prazo establecido para a presentación, o recargo será do 20% e excluirá as posibles sancións. Neste caso, esixiranse os intereses de demora polo tempo transcorrido dende o día seguinte ó termino dos 12 meses posteriores a finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento da autoliquidación ou declaración.

ARTIGO 16.- RECARGOS DO PERÍODO EXECUTIVO.

Os recargos do período executivo devenganse co inicio de dito período. Son de tres tipos: recargo executivo, recargo de apremio reducido e recargo de apremio ordinario. A súa regulación consta no artigo 35 da presente ordenanza.

ARTIGO 17.- OBRIGAS TRIBUTARIAS FORMAIS.

1.- Son obrigas tributarias formais aquelas que, sen ter carácter pecuniario son impostas pola ordenanza ós obrigados tributarios. O seu cumprimento está relacionado co desenvolvemento de actuacións ou procedementos tributarios.

2. Entre outras que poidan ser establecidas legalmente, os obrigados tributarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Solicitar e utilizar o número de identificación fiscal nas relacións de natureza ou transcendencia tributaria.
b) A obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións.
c) A obriga de aportar a Administración tributaria libros, rexistros, documentos, informes, antecedentes con transcendencia tributaria.
d) A obriga de facilitar inspeccións e comprobacións administrativas.

ARTIGO 18.-OBRIGAS E DEBERES DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA.

A Administración tributaria está suxeita ás seguintes obrigas de contido económico: realizar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, devolución de ingresos indebidos, o reembolso do custo das garantías e satisfacer intereses de demora.

CAPITULO II. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO E CLASES.

1.- Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas tributarias.

2. Entre outros son obrigados tributarios:
a) Os contribuíntes.
b) Os substitutos dos contribuíntes.
c) Os obrigados a realizar pagos fraccionados.
d) Os sucesores.

3.- Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles a que as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas formais.

4.- Terán a consideración de obrigados tributarios, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituian unha unidade económica ou patrimonio susceptible de imposición.

ARTIGO 20.- SUXEITOS PASIVOS: CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE.

1.- É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a ordenanza, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela, sexa como contribuínte ou como substituto do mesmo.

2.- É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito impoñible.

3.- É substituto ó suxeito pasivo, que, por imposición da ordenanza e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas.

ARTIGO 21.- OBRIGADOS A REALIZAR PAGOS FRACCIONADOS.

É obrigado a realizar pagos fraccionados ó contribuínte a quen a ordenanza de cada tributo impón a obriga de ingresar cantidades a conta da obriga tributaria principal con anterioridade a que esta resulte esixible.

ARTIGO 22.- SUCESORES DE PERSOAS FÍSICAS.

1.- Á morte dos obrigados tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitiranse ós herdeiros, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto a adquisición da herdanza.

As referidas obrigas tributarias transmitiranse ós legatarios nas mesmas condicións que as establecidas para os herdeiros cando a herdanza se

distribúa a través de legados e nos supostos nos que se institúan legados de parte alícuota.

En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable agás que se tivera notificado o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

2.- Non impedirá a transmisión ós sucesores das obrigas tributarias devengadas o feito de que na data da morte do causante a débeda tributaria non estivera liquidada, en cuxo caso as actuacións entenderanse con calquera deles, debéndose notificar a liquidación que resulte das ditas actuacións a tódolos interesados que consten no expediente.

3.- Mentres a herdanza se atopa xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ó representante da herdanza xacente.

As actuacións administrativas que teñan por obxecto a cuantificación, determinación e liquidación das obrigas tributarias do causante deberán realizarse ou continuarse co representante da herdanza xacente. Se ó termo do procedemento non se coñeceran os herdeiros, as liquidacións realizaranse a nome da herdanza xacente.

As obrigas tributarias a que se refire o parágrafo anterior e as que foran transmisibles por causa de morte poderán satisfacerse con cargo os bens da herdanza xacente.

ARTIGO 23.- SUCESORES DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE.

1.- As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei limita la responsabilidade patrimonial de los socios, partícipes o cotitulares transmitiranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, partícipes ou cotitulares transmitiranse integramente a estes, que quedarán obrigados solidariamente a seu cumprimento.

2.- O feito de que a débeda tributaria non estivera liquidada no momento de producirse a extinción da persoalidade xurídica da sociedade ou entidade non impedirá a transmisión das obrigas tributarias devengadas ós sucesores, poidéndose entender as actuacións con calquera deles.

3.- Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, as obrigas tributarias pendentes das mesmas transmitiranse as persoas ou entidades que sucedan ou que sexan beneficiarias da correspondente operación. Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

4.- No caso de disolución de fundacións ou entidades as que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta Ordenanza, as obrigas tributarias pendentes das mesmas transmitiranse ós destinatarios dos bens e dereitos das fundacións ou a os partícipes ou cotitulares de ditas entidades.

5.- As sancións que puideran proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades as que se refire este artigo serán esixibles ós sucesores das mesmas, nos termos establecidos nos apartados anteriores, ata o límite do valor da cota da liquidación que lles corresponda.

ARTIGO 24.- RESPONSABLES.

1.- De acordo coa lei, as ordenanzas respectivas poden declarar responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria xunto cos debedores principais, a outras persoas ou entidades.

2.- Agás precepto expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3.- A responsabilidade alcanzará á totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario. Cando tivera transcorrido o prazo voluntario de pagamento que se conceda ó responsable sen realizar o ingreso, iniciarase o período executivo e esixiranse os recargos e intereses que procedan.

4.- A responsabilidade non alcanzará as sancións agás lei que estableza unha excepción.

5.- Agás norma con rango de lei que dispoña outra cousa, a derivación da acción administrativa para esixírlle-lo pagamento da débeda tributaria ós responsables requirirá un acto administrativo no que, previa audiencia do interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance. Este acto seralles notificado con expresión dos elementos esenciais da liquidación, e conferiráselles dende ese instante tódolos dereitos e obrigas do debedor principal.

6.- Cando sexan dous o máis os responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixírselle integramente a calquera deles.

7.- Serán responsables solidarios ou subsidiarios, amais dos que establecen outras normas con rango de lei, os declarados expresamente nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 25.- CAPACIDADE DE OBRAR E REPRESENTACIÓN LEGAL.

As persoas que carezan da capacidade de obrar no ámbito tributario nos termos regulados no artigo 44 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, terán a representación legal establecida no artigo 45 da mesma Lei.

ARTIGO 26.- REPRESENTACION VOLUNTARIA.

1.- Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, agás que se fagan manifestación expresa en contrario.

2.- Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos e outros supostos en que sexa necesario a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante

declaración en comparecencia persoal do interesado diante da Administración Tributaria do Concello.

ARTIGO 27.- DOMICILIO FISCAL.

1.- O domicio fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións coa administración tributaria.

2.- O domicilio fiscal será, para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual e deberá coincidir co enderezo de empadroamento.

3.- O domicilio fiscal será, para as persoas xurídicas, o seu domicilio social no municipio de Vigo, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso atenderase o lugar en que efectivamente se realice dicha xestión ou dirección. Estas mesmas regras son de aplicación para as entidades a que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza.

4.- Os obrigados tributarios deberán comunciar o seu domicilio fiscal e o cambio do mesmo a Administración Tributaria do Concello. A Administración Tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios.

5.- O incumpremento da obriga de comunicar o domicilio fiscal ou cambio do mesmo constituirá infracción tributaria.

6.- Os obrigados tributarios, para a súa comodidade, poderán comunicar ó Concello, amais do domicilio fiscal outros domicilios a efectos de notificación.

ARTIGO 28.- -RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO.

1.- Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español para os efectos das súas relacións coa Administración tributaria do Concello.

2.- As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Vigo, terán o seu domicilio fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.

CAPITULO III.- ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGOS A CONTA.

ARTIGO 29.- BASE IMPOÑIBLE: METODOS DE DETERMINACIÓN.

1.- A base impoñible é a magnitude en diñeiro ou doutra natureza que resulta da medición ou valoración do feito impoñible.

2.- A ordenanza de cada tributo establecerá o método para determina-la base impoñible dentro dos seguintes:
a) Estimación directa.
b) Estimación obxectiva.
c) Estimación indirecta.

3.- Con carácter xeral, as bases impoñibles determinaranse polo método de estimación directa. Por lei estableceranse os supostos en que, con carácter voluntario poida aplicarse unha estimación obxectiva. O método de estimación indirecta aplicarase cando a Administración tributaria non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación da base impoñible.

ARTIGO 30.- BASE LIQUIDABLE.

A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, na base impoñible, as reduccións establecidas na ordenanza fiscal.

ARTIGO 31.- TIPO DE GRAVAME.

O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica á base liquidable para obter a cota íntegra.

ARTIGO 32.- COTA TRIBUTARIA: COTA INTEGRA, LIQUIDA E DIFERENCIAL.

1.- A cota íntegra é a resultante de aplicar á base liquidable ó tipo de pravame ou ben unha cantidade fixa establecida na ordenanza fiscal.

2.- A cota líquida é o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deduccións, bonificacións e coeficientes correctores que se establezen na ordenanza fiscal.

3. A cota diferencial é o resultado de minorar a cota líquida no importe dos ingresos a conta realizados se estes fosen establecidos na ordenanza fiscal.

CAPITULO IV. A DEBEDA TRIBUTARIA.
ARTIGO 33.- DEBEDA TRIBUTARIA.

1.- A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagos a conta.

2.- Ademáis, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por
a) Intereses de demora.
b) Recargo por declaración extemporánea.
c) Recargos de período ejecutivo.
d) Outros recargos esixibles legalmente.

3.- A Administración tributaria do Concello non practicará liquidacións por importe inferior a 6 €.

ARTIGO 34.- EXTINCIÓN DA DEBEDA TRIBUTARIA.

1.- As débedas tributarias poderán extinguirse por:
a) Pagamento.
b) Prescrición.
c) Compensación
d) Condonación e
e) Insolvencia

ARTIGO 35.- PAGAMENTO.

1.- A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados segundo dispoña cada ordenanza fiscal.

2.- O pagamento deberá facerse dentro dos prazos que se sinalan no artigo 37 desta ordenanza.

3.- O vencemento do prazo establecido para o pagamento sen que este se efectuare determinará os seguintes recargos incompatibles entre sí e calculados sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario:

a) O recargo executivo que será do 5% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de apremio.
b) O recargo de constrinximento reducido que será do 10% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e o propio recargo antes de finalizar o prazo indicado na notificación da providencia de constrinximento.
c) O recargo de constrinximento ordinario que será do 20% aplicable cando non se dean os supostos a) e b) anteriores.

4.- O recargo de constrinximento ordinario é compatible cos intereses de demora. Cando proceda o recargo executivo ou de constrinximento reducido non se esixirán os intereses de demora devengados no período executivo.

5.- Os ingresos correspondentes a declaracións, liquidacións ou autoliquidación presentadas fora de prazo sen requirimento previo terán os recargos e intereses regulados nos artigos 14 e 15 desta ordenanza.

ARTIGO 36.- FORMAS DE PAGAMENTO

1.- A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante emprego de efectos timbrados, segundo dispoña a ordenanza fiscal.

2.- Enténdese pagada en efectivo unha débeda tributaria cando se fixese o ingreso do seu importe na Tesourería, oficinas de Recadación ou entidades colaboradoras autorizadas competentes para a súa admisión.

3.- Enténdese pagada unha débeda mediante efectos timbrados cando estes se utilicen na forma que determine a respectiva ordenanza fiscal e, no non previsto, estarase ó que dispoñen as normas do imposto sobre actos xurídicos documentados.

ARTIGO 37.- PRAZOS DE PAGAMENTO.

1.- As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que establece a ordenanza fiscal correspondente.

2.- No caso de liquidacións practicadas pola Administración o pagamento en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 do mes, ata o día 20 do mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación se realiza entre os días 16 e último do mes, ata o día 5 do segundo mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

3.- O pagamento en período voluntario de débedas relativas a padróns fiscais periódicos e polo tanto de notificación colectiva e periodica, no prazo establecido nos correspondentes anuncios de cobranza. O prazo non será inferior a dous meses.

O calendario do contribuínte, en tributos de cobro periódico, será o que se sinala a continuación sendo obxecto de resolución da Alcaldía a fixación das datas concretas de comenzo e final de cobranza, en periodo voluntario, para cada un dos padróns periódicos.

a) Durante o primeiro trimestre iniciarase ó cobro do Padrón do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
b) Durante o segundo trimestre iniciarase ó cobro do Padrón da Taxa de Exaccións Unificadas de Industriais (lixo industrial e vados) e do Padrón da Taxa de Lixo-Vivendas.
c) Durante o terceiro trimestre iniciarase ó cobro do Padrón do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), e do Padrón do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

4.- As débedas que deban satisfacerse mediante efectos timbrados, no momento da realización do feito impoñible.

5.- As débedas resultantes de concertos ingresaranse nos prazos determinados nos mesmos.

6.- As débedas non tributarias, nos prazos que determinen as suas normas ou acordos segundo os que son esixibles e no seu defecto, nos prazos establecidos nos apartados 1, 2 e 3 deste artigo segundo corresponda.

ARTIGO 38.- MEDIOS DE PAGAMENTO EN EFECTIVO.

1.- O pagamento das débedas tributarias que deban realizarse en efectivo farase por algún dos seguintes medios:

a) Diñeiro de curso legal.
b) Cheques expedidos por entidades de crédito contra as súas propias contas.
c) Cheques de contas correntes bancarias ou de caixas de aforros.
d) Transferencia bancaria ou de caixa de aforros
e) Xiro postal
f) Tarxetas de crédito, no momento en que o Concello teña asinado os correspondentes convenios con Entidades de Crédito e segundo o disposto neles.
g) Calquera outro que sexa autorizado polo Concello.

2.- Tódalas débedas que deban satisfacerse en efectivo poderán pagarse con diñeiro de curso legal, calquera que sexa o órgano ou entidade que haxa de percibir o pagamento, o período de recadación en que se efectúe e a contía da débeda.

3.- Os contribuíntes poderán utilizar cheques bancarios ou de caixas de aforros para efectua-los seus ingresos en efectivo na Caixa do Concello. O

importe do cheque poderá contraerse a un débito ou comprender varios ingresos que se efectúen de forma simultánea. A súa entrega só liberará á persoa debedora cando fosen efectivamente realizados.

4. Os cheques de conta corrente bancaria ou de caixa de aforros que con tal fin se expidan deberán reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, os seguintes:

a) Ser nominativos a favor do Concello de Vigo, por un importe igual á débeda ou débedas que se satisfagan con eles.
b) Estar librados contra banco ou caixa de aforros da praza.
c) Certificados ou conformados pola entidade librada.
d) Figurará o nome da persoa que asina debaixo da sinatura con toda claridade. Cando se estenda por apoderado, figurará na antesinatura o nome completo do titular da conta corrente.

Os ingresos efectuados por medio de cheque, atendidos pola entidade librada, entenderanse realizados no día en que aqueles tivesen entrada na caixa do Concello.

5.- Cando así se indique na notificación, os pagamentos en efectivo que deban realizarse na Caixa municipal, poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia terá un importe igual ó da débeda; haberá de expresa-lo o concepto tributario concreto ó que o ingreso corresponda, e conte-lo pertinente detalle cando o ingreso se refira a varios conceptos. Simultaneamente ó mandato de transferencia, os contribuíntes cursaranlle ó órgano recadador as declaracións a que o mesmo corresponda e as cédulas de notificación con indicación da data da transferencia, do seu importe e do banco ou caixa de aforros utilizado na operación. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse realizados na data en que teñan entrada nas contas municipais.

6.- Cando así se indique na notificación, os pagamentos en efectivo das débedas tributarias que deban realizarse nas contas municipais poderán efectuarse mediante xiro postal. Os suxeitos pasivos consignarán, sucintamente, no "talón para o destinatario" que integra o impreso de imposición, os datos referentes á ou remitente e domicilio, suxeito pasivo, tributo ou exacción de que se trate, período impositivo, número de recibo ou liquidación , obxecto tributario e, no seu caso, situación do mesmo. Sen prexuízo do anterior, ó tempo de impoñe-lo xiro, cursarán exemplar da declaración ou notificación, segundo os casos, ó Concello de Vigo, coa indicación no mesmo da oficina de correos ou estafeta na que se impuxera o xiro, data de imposición e número daquela.Os ingresos por este medio entenderanse para tódolos efectos realizados no día en que o xiro fose imposto.

7.- Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto os días non laborables. Os vencementos que coincidan cun sábado quedan trasladados ó primeiro día hábil seguinte.

ARTIGO 39.- DOMICILIACIÓNS

1.- O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, trala solicitude á Administración municipal

2.- As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, podendo os obrigados ó pagamento en calquera momento anulalas. Así mesmo poderán trasladalas a outros establecementos, o que porán en coñecemento da Administración municipal dentro do prazo a que se refire o apartado seguinte.

3.- O Concello establecerá, en cada momento, a data límite para a admisión de solicitudes de domiciliación e traslado e o período a partir no que producirán efecto.

4.- Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ó domicilio do obrigado ó pagamento o documento de pagamento, alternativamente, os datos da débeda incorporararanse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario; deberá a entidade financeira expedir e remiti-lo comprobante do cargo en conta.

ARTIGO 40.- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO

1.- Quen pague unha débeda terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pagamento realizado. Os xustificantes de pagamento en efectivo serán:

a) Os recibos.
b) As cartas de pagamento.
c) Os xustificantes debidamente dilixenciados polos bancos e caixas de aforro autorizados.
d) Os efectos timbrados.
e) Calquera outro documento ó que lle outorgue expresamente o Concello o carácter de xustificante de pagamento.
f) As certificacións de calquera dos anteriores.

2.- O pagamento das débedas tributarias acreditarase mediante a exhibición dalgún dos documentos enumerados anteriormente.

3.- Os xustificantes de pagamento en efectivo deberán indicar, polo menos, as seguintes circunstancias:

- Nome e apelidos, razón social ou denominación e NIF, se consta, da persoa debedora.
- Domicilio
- Concepto e período a que se refire.
- Importe da débeda.
- Data de cobro.
- Órgano, persoa ou entidade que o expide.

4.- Cando os xustificantes de pagamento se estenderán por medios mecánicos, as circunstancias anteriormente mencionadas poderán expresarse en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras no seu conxunto do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

ARTIGO 41.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS.

1.- O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.

2.- Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos discrecionalmente, a Administración municipal, trala petición dos obrigados ó pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.

3.- As débedas aprazadas ou fraccionadas deberan garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución coas salvedades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4.- As cantidades aprazadas que estiveran garantidas cos medios citados no apartado anterior, devengarán interese de demora na contía do interese legal.

5.- A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non o devengo do interese de demora

ARTIGO 42.- DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES
1.- Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, trala petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira, discrecionalmente apreciada pola Administración Municipal, impídalles, transitoriamente, efectua-lo pagamento dos seus débitos.

2.- O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

3.- Non se concederá fraccionamento ou aprazamento nas débedas inferiores a 300,51 €.

4.- O fraccionamento concederase, no seu caso, por un período máximo de 18 meses, en prazos trimestrais. No caso de aprazamentos, o prazo máximo non excedera de un ano. De seren tributos de cobro periódico o período máximo de fraccionamento ou aprazamento non excederá de dez meses.

5.- Na petición de aprazamento ou fraccionamento farase constar, amais dos datos identificativos do suxeito pasivo e da débeda, as causas que motivan a solicitude de aprazamento, os prazos e restantes condicións que se solicitan, e a garantía que se ofrece de entre as que constan no artigo seguinte desta ordenanza. Á solicitude achegaráselle a documentación que determine a norma regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 43.- GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO.

1.- Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegarase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formaliza-lo aval necesario no caso de que o aprazamento fose solicitado.

2.- Cando se xustifique que non é posible obte-lo aval, ou certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

a) Hipoteca inmobiliaria.
b) Hipoteca mobiliaria.
c) Prenda con ou sen desprazamento.
d) Fianza persoal e solidaria.
e) Calquera outro que estime pertinente.

3.- Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración Pública.

4.- A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de demora que xere o aprazamento, máis un 25 por cento da suma de ambas partidas.

5.- A garantía constituída mediante aval deberá ser por termo que exceda cando menos en seis meses ó vencemento do prazo ou prazos garantidos.

6.- O órgano competente poderá dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa debedora careza de medios suficientes para garanti-la débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ó mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva ou ben puidese producir graves quebrantos para os intereses da Facenda municipal

ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

1.- A Recadación do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme o disposto nas normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ó órgano competente para a súa aprobación.

2.- Será órgano competente para a resolución das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento a Alcaldía.

3.- A resolución notificarase conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo de intereses e procedemento en caso de falta de pagamento.

4.- A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses a contar dende o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello ou nos Rexistros Auxiliares da Administración de Tributos ou da Recadación. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

ARTIGO 45.- CÁLCULO DE INTERESES EN APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

1.- As cantidades que se apracen ou fraccionen devengarán o interese de demora regulado no artigo 33.2 a) desta Ordenanza e 36 da Lei Xeral Orzamentaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente.

2.- No caso de concesión de aprazamento, os intereses de demora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de intereses non incluirá o recargo do período executivo que corresponda. Os intereses devengados deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3.- No caso de fraccionamentos, calcularanse intereses de demora por cada fracción de débeda, computándose o tempo dende o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os intereses devengados por cada fracción deberán pagarse xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluirá o recargo do período executivo que corresponda.

4.- En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse intereses de demora polo período transcorrido dente o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.

b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse intereses unha vez efectuado o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 46.- EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

Nos aprazamentos e fraccionamentos, se chegado o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase a exacciona-la débeda pola vía de constrinximento ou ben a executa-la garantía de conformidade co disposto no artigo 168 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria e normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 47.- PRESCRIPCIÓN.

1.- Prescribirán ós catro anos os seguintes dereitos:

a) O dereito do Concello para determina-la débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
b) O dereito do Concello para esixi lo pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas
c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custe das garantías.
d) O dereito a obter as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custe das garAntías.

2.- O prazo de prescripción comenzará a contarse:

- No caso a), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.
- No caso b), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo de pagamento voluntario.
- No caso c), dende o día seguinte a aquel en que a devolución poido solicitarse, ou se realizou o ingreso indebido, ou fose firme o acto impugnado, segundo establece o artigo 67 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.
- No caso d), dende o día seguinte a aquel en que remate o prazo fixado na ordenanza para practicar a devolución ou fose recoñecido o dereito a devolución, ou o reembolso de garantías.

3.- Os prazos de prescrición ós que se refire o apartado 2. anterior interrómpense por actuacións da administración tributaria así como dos obrigados tributarios, nos termos regulados no artigo 68 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4.- A prescrición ganada extingue a débeda tributaria.

5.- A prescrición aplicarase de oficio, mesmo nos casos en que estivese pagada a débeda, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado ó pagamento.

ARTIGO 48.- COMPENSACIÓN.

1.- As débedas coa Facenda Municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación,tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos pola mesma a favor do debedor.

2.- As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un Ente Territorial, Organismo autónomo, Seguridade Social ou Entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

3.- Cando un debedor á Facenda Municipal, non comprendido no apartado anterior, sexa á vez acredor da mesma por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de oficio a débeda e os recargos do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada a persoa interesada.

ARTIGO 49.- COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1.- O debedor que solicite a compensación deberá dirixirlle ó Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:

a) Nome e apelidos ou razón social completa, Número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado tributario.
b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario e referencia contable.
c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e natureza.
d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2.- A Alcaldía acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

1.- As débedas que non puidesen facerse efectivas por insolvencia probada dos obrigados tributarios e demais responsables, declararanse provisionalmente extinguidas, en tanto non se rehabiliten dentro dos prazos de prescrición.

2.- Se, vencido o prazo de prescrición, non se rehabilitase a débeda, quedará definitivamente extinguida.

3.- O departamento de Recadación, sen prexuizo do que estableza a normativa presupostaria, atendendo a criterios de eficiencia poderá propoñer declaración de insolvencia segundo contía e natureza das débedas afectadas.

ARTIGO 51.- CONDONACIÓN

1.- As Entidades Locais non poderán allear ou hipoteca-los seus dereitos e propiedades nin conceder exencións, perdóns, rebaixas ou moratorias para o pagamento dos seus recursos ou dos créditos por calquera concepto que tivesen liquidados ó seu favor, agás nos casos previstos polas Leis.

2.- As débedas só poderán condonarse en virtude de Lei, na contía e cos requisitos que na mesma se determinen.

TITULO III. APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.
CAPITULO I. ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

ARTIGO 52.- AMBITO DA APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

1.- A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos de xestión, inspección e recadación. Igualmente, comprenderá, actuacións de información e asistencia ós obrigados tributarios, publicacións, contestación a consultas tributarias escritas, colaboración social na aplicación dos tributos, cumprimento de obrigas de información e outros.

ARTIGO 53.- DEBER DE INFORMACION E ASISTENCIA ÓS OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1.- A administración tributaria do Concello prestará ós obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas.

2.- A actividade a que se refiere o apartado anterior, desenvolverase polos seguintes medios:

a) Mediante a publicación anual dun texto actualizado das ordenanzas fiscais e de prezos públicos do Concello e dos seus organismos autónomos.
b) O Servicio de xestión tributaria informará ós contribuintes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello dita información será accesible a través da web do Concello.

ARTIGO 54.- COLABORACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN TRIBUTARIA

1.- A colaboración social na xestión dos tributos poderá instrumentarse a través de acordos da Administración Tributaria municipal con outras administracións públicas, con entidades privadas ou con institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

Dita colaboración poderá referirse entre outros, ós seguintes aspectos:

a) Campañas de información e difusión.
b) Simplificación do cumprimento das obrigas e deberes tributarios e asistencia na realización de declaracións.
c) Presentación e remisión á Administración tributaria do Concello de autoliquidacións, Declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, previa autorización dos obrigados tributarios.
d) Solicitude e obtención de certificados tributarios e información do estado de tramitación de devolucións, previa autorización dos obrigados tributarios.

2.- Toda persoa natural o xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionarlle á Administración Tributaria do Concello toda clase de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria, deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, nos termos establecidos no artigo 93 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria. Así mesmo, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou encargados de oficinas civís ou militares do Estado e dos demais entes públicos territoriais, os organismos autónomos e sociedades estatais, as Cámaras e Corporacións, Colexios e Asociacións Profesionais, Mutualidades de Previsión Social, as demais entidades publicas incluídas as Xestoras da Seguridade Social e quen, en xeral exerzan funcións públicas estarán obrigados a subministrarlle á Administración Tributaria do Concello cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta, nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

3.- Os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración Tributaria do Concello no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teñan encomendada a súa xestión, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión teña por obxecto os supostos regulados no artigo 95 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4.- A denuncia pública é independente do deber de colaboración coa Administración Tributaria municipal conforme co apartado 2 deste artigo, e consistirá en poñer en coñecemento da administración tributaria do Concello feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións ou ter trascendencia para a aplicación dos tributos.

Recibida unha denuncia, trasladarase ós departamentos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.

As denuncias infundadas poderán arquivarse sen máis trámite.

Non se considerará ó denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados da mesma.

ARTIGO 55.- CONSULTA TRIBUTARIA ESCRITA.

1.- Os obrigados tributarios poden formularlle á Administración Municipal consultas debidamente documentadas, en relación ó réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2.- Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos,

asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.

3.- A contestación as consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para o órgano encargado da aplicación dos tributos na súa relación co consultante no seguinte sentido:

- Mentres non se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ó caso, aplicaranse ó consultante os criterios expresados na contestación e sempre que non se tiveran alterado as circunstancias e datos recollidos no escrito da consulta.

- Aplicaranse os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e circustancias de dito obrigado e os que se incluan na constestación á consulta.

4.- A competencia para contesta-las consultas establecidas neste precepto corresponderalle a Xunta de Goberno, sen que caiba recurso ningún contra a contestación e sen prexuízo de que poida emprenderse aquel contra o acto ou actos administrativos dictados de acordo cos criterios manifestados nas mesmas.

5.-A Administración Municipal deberá contestar ás consultas efectuadas nun prazo máximo de seis meses.

CAPITULO II. NORMAS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA.

ARTIGO 56.- NORMAS REGULADORAS DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS.

As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

a) Pola presente Ordenanza.
b) Polas Ordenanzas fiscais de cada tributo.
c) Pola Lei 58/2003 Xeral Tributaria e disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela e poidan resultar de aplicación para a Administración tributaria do Concello.
d) Supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

ARTIGO 57.- FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIAS.

1.- Os procedementos tributarios realizaranse nas fases de iniciación, desenvolvemento e terminación.

2.- A iniciación poderá ser de oficio ou a instancia do obrigado tributario por medio de autoliquidación, declaración, comunicación ou solicitude.

3.- A Administración tributaria do Concello poñerá a disposición dos obrigados tributarios modelos normalizados de autoliquidacións,

declaracións, comunicacións e solicitudes segundo a normativa propia de cada tributo.

4.- No desenvolvemento do procedemento tributario, os obrigados tributarios teñen dereito a que se lles expida certificación de autoliquidacións, declaracións e comunicacións así como copia, á sua costa, dos documentos que consten no expediente agás que afecten a terceiras persoas.

5.- As actuacións da Administración tributaria documentaranse en comunicacións, dilixencias e informes.

a) Comunicacións son aqueles documentos polo que a Administración tributaria motifica ó obrigado tributario o inicio do procedemento, realiza requirimentos ou pon de manifesto feitos ou actuacións relativos a aquél.

b) As dilixencias son os documentos públicos que se extenden para facer constar feitos e manifestacións do obrigado tributario ou persoa co que se entenden as actuacións.

6.- O trámite de audiencia previo á proposta de resolución dun expediente poderá obviarse nos expedientes de actas con acordo ou naqueles en que estea previsto un trámite de alegacións posterior á proposta. O trámite de alegacións terá unha duración de 10 días hábiles.

7.- A terminación dos procedementos tributarios producirase por resolución, desestimento, renuncia o dereito en que se fundamentaba a solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo.

ARTIGO 58.- LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: CONCEPTO E CLASES.

1.- A liquidación tributaria é o acto resolutorio polo que ó Concello determina a débeda tributaria.

2.- As liquidacións tributarias serán provisionais e definitivas.

3.- Con carácter xeral, as liquidacións tributarias terán carácter de provisionais agás que fosen practicadas nun procedemento inspector previa comprobación e investigación de tódolos elementos da obriga tributaria.

ARTIGO 59.- NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS.

1. As liquidacións tributarias notificaránse ós obrigados tributarios coa expresión de:

a) Identificación do obrigado tributario.
b) Elementos determinantes da contía da débeda tributaria.
c) Motivación das mesmas coa expresión dos feitos e elementos esenciais que as orixinen así como dos fundamentos de dereito.
d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que deban presentarse e prazo para a súa interposición.
e) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.
f) O seu carácter de provisional ou definitiva.

2.- No caso de tributos de cobro periódico e tal e como establece a respectiva ordenanza fiscal, notificarase individualmente a liquidación correspondente á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións poderanse notificar colectivamente mediante edictos que o advirtan. O aumento da base tributaria sobre o resultante das declaracións deberá notificárselle ó suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas Leis ou de modificación das Ordenanzas Fiscais regulamentariamente tramitadas. Neste caso serán notificadas colectivamente segundo o disposto no artigo 63.2 desta ordenanza.

3.- As ordenanzas fiscais especificarán, se é o caso, outros supostos nos que non será preceptiva a notificación expresa e advertirase igualmente nos correspondentes impresos regulamentarios de declaracións, autoliquidacións ou partes de alta, ou mediante escrito ó declarante.

4. - No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou Rexistro.

5.- Os prazos para recursos en notificacións practicadas mediante exposición ó público dos padróns prodúcense desde o día seguinte ó de finalización de período voluntario de pagamento.

6.- As notificacións defectuosas surtirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.

7.- En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente ós suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración Municipal rectifique a deficiencia.

8.- A notificación poderá practicarse no domicilio fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado a tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.

9.- Cando no fose posible efectuar a notificación, citarase ós obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín oficial da Provincia. Estas publicacións realizaranse os días 5 e 20 de cada mes ou inmediato hábil posterior. Na publicación constarán a relación de notificacións pendientes indicando:

- Obrigado tributario.
- Procedemento que as motiva.
- Órgano que as tramita.
- Lugar en que o destinatario deberá comparecer e prazo, sendo este último de 15 días naturais dende o seguinte ó da publicación.

CAPITULO III. PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA.

1.- A Xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) Recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demáis documentos con transcendencia tributaria.
b) A comprobación e realización das devolucións previstas na Ordenanza fiscal procedente.
c) O recoñecemento e comprobación da procedencia dos beneficios fiscais dacordo coa Ordenanza fiscal.
d) Control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e outras obrigas formais.
e) As actuacións de verificación de datos.
f) As actuacións de comprobación de valores.
g) As actuacións de comprobación limitada.
h) A práctica de liquidacións tributarias derivadas de declaracións tributarias así como actuacións derivadas de verificación e comprobación.
i) Emisión de certificados tributarios, agás os relativos á recadación e inspección.
j) A elaboración e mantenemento de censos e padróns fiscais.
k) A información e asistencia tributaria.
l) As restantes actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

2.- A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme o disposto nas ordenanzas fiscais de cada tributo, artigo 61 a 65 da presente Ordenanza, e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 61.- PADRÓNS FISCAIS PERIÓDICOS

1.- Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, a parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos presupostos determinantes da esixibilidade do tributo.

2.- Os padróns, matrículas ou rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter ademais dos datos específicos que requira cada un deles, segundo as características da exacción, os extremos seguintes:

a) Nome, apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo, e se non residise en Vigo, o do seu representante neste municipio.
b) Finca, establecemento industrial ou comercial ou elemento obxecto da exacción.
c) Base impoñible e/ou liquiable.
d) Tipo de gravame.
e) Cota tributaria.

ARTIGO 62.- FORMACIÓN

A formación dos padróns, matrículas ou rexistros será realizada polas oficinas xestoras da respectiva exacción e tomará como base:

a) Os datos existentes na propia oficina ou noutras da Administración Municipal.
b) As declaracións ou declaracións-liquidacións dos suxeitos pasivos nos casos en que así se esixa.
c) O resultado da investigación practicada.

ARTIGO 63.- APROBACIÓN

1.- Os padróns serán elaborados polo Departamento de Informática, e corresponderalle á Administración de Tributos a súa verificación e á Intervención Xeral a súa fiscalización e toma de razón.

2.- Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación do órgano competente e expoñeranse ó público nas oficinas municipais durante o prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na prensa local, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.

3.- Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de finalización do período voluntario de pagamento.

4.- Non precisarán de notificación individualizada as variacións na cota tributaria orixinadas por modificación de tipos impositivos, índices, coeficientes ou tarifas aprobadas por Lei de carácter xeral, de obrigatoria aplicación, ou procedentes da correspondente modificación da Ordenanza Fiscal regulamentariamente tramitada.

Así mesmo non precisarán de notificación individualizada as cotas de recibos periódicos con aumentos nas bases impoñibles e liquidables cando tales aumentos procedan de revalorizacións de carácter xeral autorizados polas Leis.

ARTIGO 64.- ALTAS E BAIXAS: EFECTOS

1.- As altas por declaración dos interesados ou descubertas pola acción investigadora da Administración Municipal terán efecto dende a data en que, por disposición de cada ordenanza, naza a obriga de contribuír e serán incorporadas definitivamente ó padrón, matrícula ou rexistro do ano seguinte.

2. - As baixas ou alteracións deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e producirán a eliminación ou rectificación do padrón, matrícula ou rexistro, con efectos a partir do período seguinte a aquel no que fosen presentadas, sen prexuízo da correspondente verificación ou comprobación.

ARTIGO 65.- PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

1.- De conformidade cos artigos 123 e 136 a 140 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, a Administración Tributaria do Concello realizará as seguintes actuacións de comprobación limitada:

a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.

b) Exame dos datos e antecedentes obrantes na Administración do Concello que poñan de manifesto a realización do feito impoñible ou do presuposto dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes da mesma non declarados ou distintos ós declarados polo obrigado tributario.
c)Exame dos rexistros e demáis documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial agás a contabilidade mercantil, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.
d)Requirimentos a terceiros para que aporten a información que estean obrigados a suministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

2.- As actuacións de comprobación limitada realizaranse nas oficinas do Concello agás a comprobación de datos censais e elementos tributarios de carácter obxectivo que deban ser comprobados visualmente tales como superficies, potencia instalada, uso de locais e outros.

3.- As actuacións de comprobación limitada realizaranse de oficio notificando a súa natureza e alcance ós obrigados tributarios. Documentaranse en comunicacións e dilixencias.

4.- Con carácter previo á práctica de liquidación provisional, a Administración tributaria do Concello comunicará á proposta de liquidación a fin de que o obrigado tributario poida presentar as alegacións que estime oportunas.

5.- O procedemento de comprobación limitada rematará, agás supostos de caducidade ou inicio de procedemento inspector, con resolución administrativa que conteña:

- Elementos da obriga tributaria obxecto de comprobación e o seu ámbito temporal.
- Especificación das actuacións realizadas.
- Relación de feitos e fundamentos de dereito que motivan a resolución.
- Liquidación provisional ou manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

6.- Dictada a resolución anterior, a Administración tributaria non realizará nova regularización sobre o obxecto e ámbito temporal comprobado. Os obrigados tributarios non poderán impugnar os feitos e elementos determinantes da débeda tributaria ós que manifestaran conformidade expresa.

CAPITULO IV.PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN.
ARTIGO 66.- A INSPECCIÓN TRIBUTARIA.

1.- A Inspección tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración do Concello.
b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.

c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de conformidade co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.
d) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
e) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente, a iniciativa propia ou a requerimento dos órganos do Concello ou de outras Administracións, reguladas de forma específica ou, en defecto de regulación expresa, conforme os artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2.- ás o disposto expresamente no presente capítulo así como no título IV desta Ordenanza Fiscal Xeral, o procedemento e actuacións da Inspección Tributaria do Concello adecuaranse ó disposto nos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 67.- FACULTADES DA INSPECCIÓN.

1.- A Inspección de Tributos poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou ben se produzan feitos impoñibles ou exista algunha proba dos mesmos, sempre que o xulgue conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñece-los bens, despachos, instalacións ou explotacións do interesado, e practicaranse cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

2.- Cando no exercicio das súas actuacións, sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario deberá obterse o consentimento de aquél ou a oportuna autorización xudicial.

ARTIGO 68.- LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS.

1.- As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente:

a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina.
b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
c) Onde exista algunha proba do feito impoñible.
d) Nas oficinas do Concello, cando os elementos sobre os que deban realizarse as actuacións poidan ser examinados nelas.

2.- A Inspección de Tributos poderá personarse sen previa comunicación nas empresas, oficinas e instalacións do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con éste ou co encargado ou responsables dos locais.

3.- Cando a Inspección de Tributos actúe nas súas dependencias ou noutras oficinas públicas, farao dentro do horario oficial de apertura ó público das mesmas e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.

Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral da oficina ou da actividade que rexa nos mesmos, agás que as circunstancias das actuacións esixan actuar fora dos días e horas anteditos.

ARTIGO 69.- ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

1.- O procedemento de inspección iniciarase:

a) De oficio.
b) A petición do obrigado tributario nos térmos establecidos no artigo 149 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

2.- As actuacións da Inspección documentarantese en:

- Comunicacións.
- Dilixencias.
- Informes e actas.

3.- As actas son os documentos públicos que extende a Inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarando correcta a mesma.

4.- As actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de disconformidade.

ARTIGO 70.- RECURSOS CONTRA LIQUIDACIÓNS DERIVADAS DE ACTAS

1.- Os obrigados tributarios poderán interpoñer recurso económico-adminsitrativo ou potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó de notificación das liquidacións derivadas de actas de conformidade e disconformidade. Entenderase producida a notificación, no caso de acta de conformidade, de non existir notificación de liquidación, transcorrido un mes dende a data da acta.

Non poderá impugnarse a liquidación e sanción derivadas dun acta de acordo agás suposto de nulidade ou existencia de vicios de consentimento.

2.- Calquera reclamación formulada contra a liquidación practicada nas actas de acordo ás que se dera conformidade, e que, en consecuencia, a sanción fose obxecto das reduccións previstas no art. 188 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, dará lugar á esixencia do importe da reducción sen máis requisitos que a notificación ó interesado.

CAPITULO. V. PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN.

ARTIGO 71.- FASES DA RECADACIÓN TRIBUTARIA.

1.- A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ó cobro das débedas tributarias.

2.- A recadación das débedas tributarias poderá realizarse:

a) En período voluntario, mediante o pagamento nos prazos previstos no artigo 37 da presente ordenanza.
b) En período executivo, mediante o pagamento espontáneo do obrigado tributario cos recargos establecidos no artigo 35 ou, no seu defecto a través do procedemento administrativo de constrinximento.

3.- O relativo ás formas de pagamento, recargos, medios de pagamento, domiciliacións, xustificantes de pagamento, aprazamentos e fraccionamentos, garantías para aprazamentos, a súa tramitación, cálculo de intereses e efectos da falta de pagamento de débedas aprazadas figura regulado na presente ordenanza no Título II, Capítulo IV relativo á DEBEDA TRIBUTARIA.

4.- O período executivo iniciarase:

a) Para as débedas liquidadas pola Administración tributaria do Concello, o día seguinte ó vencemento do prazo regulamentario establecido para o seu pagamento voluntario no artigo 37 da presente Ordenanza.
b) No caso de débedas a ingresar mediante autoliquidación presentada, sen realizar o ingreso, o día seguinte da finalización do prazo que establece a Ordenanza fiscal correspondente, ou se este xa estiviese concluído, o día seguinte da presentación da autoliquidación.

5.- A presentación dunha solicitude de aprazamento , fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes pero non o devengo de intereses de demora.

6.- A interposición dun recurso ou reclamación non impedirá o inicio do período executivo agás que aquel sexa contra unha sanción. Neste último caso, o período executivo comenzará cando a sanción sexa firme en vía administrativa.

ARTIGO 72.- SUSPENSIÓN DE COBRANZA.

1.- O procedemento de constrinximento iniciarase de oficio mediante providencia notificada ó obrigado tributario e impulsarase de oficio. Unha vez iniciado só se suspenderá nos casos previstos nos parágrafos que siguen.

2.- A cobranza dunha débeda tributaria quedará suspendida automáticamente a instancia do interesado, estea en período voluntario ou executivo, se se garantiza o importe da débeda, os intereses de demora que xenere a suspensión e os recargos que poideran proceder no momento da solicitude de suspensión. En particular, se a débeda estivera en procedemento de apremio, a garantía consistirá en aval solidario de Banco ou Caixa de Aforros por tempo indefinido e por cantidade que cubra a débeda inicial certificada de constrinximento e un 25% máis.

3.- Se a impugnación afecta a unha sanción tributaria, a súa execución quedará suspendida automáticamente sen necesidade de aportar garantías.

4.- O procedemento de apremio suspenderase de forma automática sen necesidade de prestar garantía, cando o interesado demostre terse producido erro material, aritmético ou feito de feito na determinación da débeda, que a mesma tivera sido ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida ou que tivera prescrito o dereito a esixir o pagamento.

5.- Igualmente, poderá suspenderse o procedemento de recadación en supostos previstos expresamente en normas legais ou regulamentarias que fosen de aplicación.

ARTIGO 73.- PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO.

1.- A providencia de constrinximento identificará a débeda pendiente, liquidará os recargos de apremio reducido e ordinario previstos no artigo 35 desta Ordenanza e requerirá ó obrigado para que efectúe o pagamento.

2.- A providencia de constrinximento é titulo suficiente para iniciar o procedemento de apremio e terá a mesma forza executiva que a sentencia xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.

3.- Contra a providencia de constrinximento só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:

a) Extinción total da débeda mediante o seu pagamento ou prescripción do dereito a esixir aquél.
b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
c) Falta de notificación da liquidación.
d) Anulación da liquidación.
e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda apremiada.

4.- Os prazos para efectuar o pagamento da débeda constrinxida serán os seguintes:

- Se a providencia de constrinximento se notifica entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o 20 de dito més e se non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- Se a providencia de constrinximento se notifica entre o 15 e último de mes, ata o 5 do mes seguinte e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De non se efectuar o pagamento en ditos prazos, procederase ó embargo dos bens do obrigado tributario.

ARTIGO 74.- EMBARGO

1.- Conforme o último parágrafo do artigo 73, producirase o embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:

a) O importe da débeda non ingresada.
b) Os intereses devengados ou que se devenguen ata a data de ingreso na Recadación Municipal.
c) Os recargos do período executivo.
d) Os custos do precedemento de constrinximento.

2.- Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda dita actuación.

3.- O procedemento de constrinximento remata:

a) Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.
b) Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrable, unha vez declarados fallidos tódolos obrigados ó pagamento.
c) Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa

4.- Nos casos en que se tivese declarado o crédito incobrable, o procedemento de constrinximento reanudarase dentro do prazo de prescripción, cando se teña coñecemento da solvencia dalgún obrigado o pagamento.

ARTIGO 75.- PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO

O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no Regulamento Xeral de Recadación, coas seguintes particularidades:

- Intereses de demora: Non se practicará liquidación por intereses de demora, cando a cantidade resultante por este concepto non exceda de 6,01 €, sendo esixibles nos demais casos de conformidade co previsto na Lei Xeral Tributaria.

- Anulación de débedas: Conforme se autoriza no artigo 43.1 da Lei Xeral Orzamentaria, anularanse e serán baixa en contabilidade as débedas integradas nun expediente executivo no que o importe total, excluído o recargo de constrinximento, non exceda de 30,05 €, sempre que se acredite que non se pode compensa-la débeda, ben por non existiren créditos recoñecidos por acto administrativo firme da Facenda municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, ben por estar endosado o crédito a favor dun terceiro con coñecemento do Servicio de Contabilidade municipal. Será, así mesmo, preciso probar que o debedor resultou descoñecido no domicilio que figura no título executivo correspondente ou en calquera outro domicilio coñecido pola Recadación municipal.

- Custos: Ademais das numeradas no artigo 153 do Regulamento Xeral de Recadación, terán a consideración de custas do expediente por seren gastos que imprescindible e concretamente esixe e require a tramitación do procedemento:

a) As notificacións que deban publicarse, por esixilo un precepto regulamentario,no Boletín Oficial da Provincia.
b) Os anuncios de poxa ou concurso nos medios ós que fai referencia o artigo 146.5 do Regulamento Xeral de Recadación.

- Valoracións: En relación ó disposto no artigo 139 do Regulamento Xeral de Recadación, debe entenderse:

- Se a diferencia entre as sumas dos valores asignados ós bens pola Administración e o obrigado o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ó debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimi-la diferencia de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado o alcanzado en dito acordo.

- O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 139.4 do Regulamento Xeral de Recadación.

- Mesa de poxa: A mesa de poxa estará composta polo Tesoureiro municipal, que será o Presidente, polo Interventor, polo Recadador

municipal e por un funcionario que a tal efecto designe o Alcalde, que actuará como Secretario. Todos poderán ser substituídos.

TITULO IV. A POTESTADE SANCIONADORA.
CAPITULO I. PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA.

ARTIGO 76.- SUXEITOS INFRACTORES.

1.- Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grado de neglixencia que estean tipificadas e sancionadas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria ou noutra lei.

2.- Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no apartado 4 do artigo 19 da presente ordenanza que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis, e en particular os seguintes:

a) Os contribuíntes e os sustitutos dos contribuíntes.
b) Os obrigados a realizar ingresos a conta.
c) Os obrigados ó cumprimento de obrigas tributarias formais.
d) A sociedade dominante en réxime de consolidación fiscal.
e) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.

3.- O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal a efectos de declaración de responsabilidades.

4.- As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:

a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar no ámbito tributario.
b) Cando concorra forza maior.
c) Cando derivan dunha decisión colectiva para quen tiveran salvado o seu voto ou non asistira á reunión na que se tomou a mesma.
d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas e deberes tributarios. En particular, entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o contribuínte tivese presentado unha declaración veraz e completa e practicase, se é o caso, a correspondente autoliquidación, amparándose nunha interpretación razoable da norma.
e) Cando sexan imputables á deficiencias técnicas de programas informáticos de asistencia facultados pola Administración tributaria.

ARTIGO 77.- TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES.

1.- Os Inspectores-Actuarios iniciarán os expedientes sancionadores correspondentes as infraccións tributarias postas de manifesto como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación que lles sexan encomendadas, naqueles casos en que, ó tempo de extende-las actas, teñan no seu poder todolos elementos necesarios para califica-la infracción cometida e graduar e determina-la contía da sanción a impoñer; asemade, ó incoa-lo expediente, poderán formula-la proposta de imposición de sanción a que se refiren os artigos 31, 33 e 34 do Real Decreto 1930/1998, de 11 de setembro.

2.- O Xefe da Inspección de Tributos tramitará os expedientes sancionadores, unha vez formulada a proposta polos Inspectores-Actuarios e, particularmente, elevar á Alcaldía a proposta de resolución que proceda.

3.- Nos casos de ausencia, enfermedade, abstención ou recusación do Xefe da Inspección, tramitará ó expediente sancionador o Inspector de maior antigüedade no Servicio, sempre que non sexa o Actuario nas actuacións que dan lugar á sanción, en que asumirá-la competencia o Actuario segundo en antigüedade.

CAPITULO II. DISPOSICIONS XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS.
ARTIGO 78.- CLASES DE INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS.

1.- As infraccións tributarias clasificanse en leves, graves e moi graves segundo o que segue:

a) Deixar de ingresar a débeda tributaria que debera resultar dunha autoliquidación.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.
A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.
A sanción consistirá en multa proporcional do 50% ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e perxuizo económico para a Facenda do Concello.

- Será infracción moi grave cando se utilizaran medios fraudulentos.
A sanción consistirá en multa do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e perxuizo económico para a Facenda do Concello.

b) Inclumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta declaracións ou documentos necesarios para practicar liquidacións.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.
A sanción consistirá en multa porporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 euros e exista ocultación.
A sanción consistirá en multa proporcional do 50 ó 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e perxuizo económico para a Facenda Municipal.

- Será infracción moi grave cando se tiveran utilizado medios fraudulentos.
A sanción será multa proporcional do 100 ó 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme ós criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda Municipal.

c) Solicitar indebidamente, devolucións, beneficios ou incentivos fiscais.

c1) Constitue infracción tributaria solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada tributo mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos en autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes, ainda que as devolucións non se obtiveran.

- Esta infracción será sempre grave. A sanción consistirá en multa proporcional do 15% da cantidade indebidamente solicitada.

c2) Se a infracción consiste en solicitar indebidamente beneficios fiscais e non fose sancionable por outra infracción, sancionarase con multa fixa de 300 euros.

d) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza perxuizo económico.
Será infracción leve, sen prexuizo das especialidades reguladas no artigo 198 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.
A sanción será multa fixa de 200 euros. Se se tratare de declaracións censais, comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, a multa será de 400 euros.

e) Non comunicar o domicilio fiscal ou cambio do mesmo polas persoas que non realicen actividades económicas.
Será infracción leve.
A sanción consistirá en multa fixa 100 euros.

f) Presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza perxuizo económico.
Será infracción grave.
A sanción será de 150 euros no caso de autoliquidacións ou declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, 250 euros, no caso de declaracións censais incompletas, inexactas ou con datos falsos.

g) Contestar de forma inexacta os requerimentos individualizados de información previstos no artigo 54 da presente ordenanza.
Será infracción grave.
A sanción será a establecida no artigo 199 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

h) Incumprir as obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal.
Será infracción leve.
A sanción consistirá en multa fixa de 150 €.

i) Resistencia, obstrucción, excusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria. Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado ó efecto, teña realizado actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración tributaria en relación co cumprimento das súas obrigas.
Será infracción grave.
As sancións serán as previstas no artigo 203 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

j) Outras infraccións reguladas na Lei 58/2003 Xeral Tributaria ou en outra norma legal.
Serán clasificadas e sancionadas conforme as citadas normas legais.

ARTIGO 79.- CRITERIOS DE GRADACIÓN.

De resultaren aplicables os criterios de gradación aludidos no artigo precedente, aqueles aplicaranse conforme o disposto no artigo 187 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado conforme os artigos 187 e 188 da citada Lei. Este criterio implicará a reducción do 50% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reduccións poderán ser do 30% mais un 25% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

ARTIGO 80.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA.

1..- O procedimento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada ós de aplicación dos tributos, agás renuncia do obrigado tributario. Neste caso tramitarase conxuntamente.

2.- O procedimento sancionador en materia tributaria iniciarase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente.

3.- Na instrucción do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre desenvolvemento das actuacións e procedementos tributarios a que se refire o artigo 99 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4.- O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade. Previamente, a proposta de resolución será notificada ó interesado concretando a sanción proposta con indicación dos criterios de gradación e a súa motivación, indicándolle a posta de manifesto do expediente e concelléndolle un prazo de 15 días para alegacións.

5.- O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición coas especificidades reguladas no artigo 212 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

TITULO V. REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.
CAPITULO I. MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN.

ARTIGO 81.- MEDIOS DE REVISIÓN.

1.- Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderan revisarse mediante:

a) Procedementos especiais de revisión.
b) Recurso potestativo de reposición.
c) Reclamación económico administrativa.

2.- As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, non poderán ser revisadas en vía administrativa calquera que sexa a causa

alegada, agás nos supostos de nulidade de pleno dereito, e rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

3.- As resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello poderán ser declaradas lesivas conforme o disposto nos artigos 213 e 218 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

4.- Cando foran confirmados por sentencia xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos y de imposición de sancións nin as resolucións ds reclamacións económico-administrativas.

CAPITULO II. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.
ARTIGO 82.- CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN.

Son procedementos especiais de revisión os de:

a) Revisión de actos nulos de pleno derecho.
b) Declaración de lesividade de actos anulables.
c) Revocación.
d) Rectificación de erros.
e) Devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 83.- DECLARACIÓNS DE NULIDADE E LESIVIDADE.

Corresponderalle á Xunta de Goberno a declaración de nulidade de pleno dereito así como a declaración de lesividade para o interés público os actos dictados en materia tributaria e resolucións do Tribunal económico-administrativo do Concello, nos supostos e conforme ó procedemento establecido nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 84.- REVOCACIÓN DE ACTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS E DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓNS.

1.- O Concello poderá revocar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevenidas que afecten a unha situación xurídica particular poña de manifesto a improcedencia do acto dictado, ou cando na tramitación do procedimento se tivera producido indefensión ós interesados.

2.- A revocación non poderá constituir, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ó principio de igualdade, ó interés público ou ó ordenamento xurídico.

3.- A revocación só será posible mentras non tivera transcorrido o prazo de prescripción.

4.- O procedemento de revocación iniciarase sempre de oficio e será competente para declarala a Xunta de Goberno.

ARTIGO 85.- RECTIFICACIÓN DE ERROS.

O Concello rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos sempre que non tivera transcorrido o prazo de prescripción.

ARTIGO 86.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

1.- O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:

a) Cando se tivera producido duplicidade no pagamento.
b) Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescripción.
d) Noutros supostos establecidos en normas legais ou nas Ordenanzas fiscais do Concello.

2.- Cando o dereito á devolución fose recoñecido en virtude de acto administrativo de liquidación ou resolución económico-administrativa ou xudicial, así como por resolucións dos expedientes aludidos no apartado 1 deste artigo, procederase a execución da devolución.

3.- O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ó seguinte:

a) O solicitante deberá achegar á sua solicitude documento orixinal que acredite que a cantidade tivo ingreso na Caixa Municipal.
b) Deberá consignar na sua solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizar a eventual devolución a través de transferencia bancaria.

4.- Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación dera lugar a un ingreso indebido, deberá instar a rectificación da autoliquidación.

Neste caso a Administración tributaria do Concello aprobará a correspondente liquidación provisional, recoñecemento ou non do ingreso indebido e conseguinte devolución.

ARTIGO 87.- DEVOLUCIÓN DE OFICIO

Se na resolución dun recurso ou reclamación se declara un ingreso indebido ou se condona unha multa xa pagada, acordarase de oficio a devolución do seu importe previo aporte do correspondentes xustificante do seu ingreso en arcas municipais.

CAPITULO III. RECURSOS ADMINISTRATIVOS.
ARTIGO 88.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN.

1.- Os actos dictados pola Administración tributaria do Concello poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición diante do órgano que dictó o acto.

2.- O presente recurso de reposición deberá interpoñerse con carácter previo á reclamación economico-administrativa. Se o interesado interpuxera o recurso potestativo de reposición, non poderá promover a reclamación económico-administrativa ata que existira resolución expresa do recurso de reposición ou tivese transcorrido o prazo dun mes dende a súa interposición, en cuxo caso se considerará desestimado.

3.- O prazo para interpoñer o recurso postestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluidas en padróns períodicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

4.- A interposición do recurso, non suspende a execución do acto agás que se garantice o importe total, os intereses de demora e os recargos.

5.- Non se admitirán outras garantías que as seguintes, a elección do reclamante:

a) Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais ou, no seu caso, no Concello.
b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución prestado por banco ou banqueiro rexistrado oficialmente por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros ou Cooperativa de crédito cualificada.
c) Fianza provisional e solidaria prestada por dous contribuíntes do municipio de recoñecida solvencia, só para débedas inferiores a 601,01 €.

6.- En casos moi cualificados e excepcionais, o Concello poderá acordar, a instancia de parte, debidamente motivado o acordo, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade de tributos.

ARTIGO 89.- RECLAMACIÓN ECONÓMICA ADMINISTRATIVA.

1.- Os actos dictados pola Administración Tributaria do Concello poderán ser obxecto de reclamación económico-administrativa directamente ante o Tribunal e´conómico-administrativo do Concello de Vigo.

Igualmente poderán ser obxecto de reclamación económico administrativa os actos dictados en vía executiva relativos a outros ingresos de dereito público non tributarios.

2.- O prazo para interpoñer a reclamación económico-administrativa será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto recurrible ou do segunte a aquél en que se produzan os efectos o silencio administrativo. Tratándose de débedas incluídas en padróns períodicos e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

3.- De terse interposto previamente recurso potestativo de reposición, o prazo dun mes contarase dende a notificación da resolución do recurso de reposición ou, transcorrido un mes dende a interposición daquel sen que existira resolución.

4.- A interposición da reclamación non suspende a execución do acto agás que se garantice o importe total, os intereses de demora e os recargos.

5.- En casos moi cualificados e escepcionais o Tribunal económico administrativo do Concello poderá acordar, a instancia de parte, con acordo debidamente motivado, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustificase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos recorridos.

6.- De existir acordo de suspensión no procedemento de recurso potestativo de reposición, poderá manterse aquela en vía económico-administrativa.

7.- A resolución da reclamación esgota a vía administrativa e contra ela caberá recurso en vía contencioso-administrativa ante o órgano xurisdicional competente. O interesado poderá igualmente recurrir en vía contencioso-administrativa se, transcorrido un ano, dende a interposición da reclamación non se producira resolución expresa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O artigo 1º relativo ó feito impoñible así como o título da Ordenanza Fiscal nº 23 quedarán redactados como sigue:

“Artigo 1.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito impoñible destas taxas a prestación do servicio das escolas de 1ª etapa de Educación Infantil”

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DAS ESCOLAS DE 1ª ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL”

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Á entrada en vigor do presente texto de Ordenanza Fiscal Xeral resultará derrogado o ANEXO II relativo a ESCALA DE MULTAS FIXAS POR INFRACCIÓN SIMPLE, sendo de aplicación no seu lugar o disposto no artigo78 da citada Ordenanza Fiscal Xeral.

O ANEXO III de CATEGORÍAS FISCAIS DAS RÚAS, figurará como ANEXO II CATEGORÍAS FISCAIS DAS RÚAS.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.- No non previsto na presente ordenanza, fiscal xeral, será de aplicación directa o disposto na Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e restantes normas que resultaren de aplicación.

Segunda.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

8.- (237).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

“Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles que figura no expediente.

A presente modificación consiste en incrementar os tipos vixentes para inmmobles de natureza urbana e de características especiais que figuran no artigo 8 da ordenanza fiscal nun 0,7%, coa finalidade de compensar a diferencia entre a variación real do IPC entre 30 de abril de 2003 e 30 de abril de 2004 (2,7%) e a variación do valor catastral establecida polo artigo 60.1 da Lei 61/2003 do 30 de decembro de Orzamentos xerais do Estado para 2004 (2%).

Modifícanse igualmetne a remisión a normas legais recentemente aprobadas: Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria e RDL 1/2004 do 5 de marmzo (TR da Lei do catastro inmobiliario).

A modificación axústase ó disposto nos artigos no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais), así como ás restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 ó 19 do citado RDL 2/2004 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local.”

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

1.- O imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles sitos no termo municipal de Vigo, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

2.- De conformidade cos artigos 59.1, 15.2 e 16 do citado RDL 2/2004 do 5 de marzo, o Concello de Vigo acorda a ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 do 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario) e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

3.- Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 do 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario). Segundo a disposición transitoria primeira do citado RDL, a clasificación de bens inmobles rústicos e urbanos establecida nela terá efectividade dende 1 de xaneiro de 2006. Ata dita data os bens inmobles que figuren ou se dean de alta no Catastro Inmobiliario terán a natureza que lles corresponda conforme á normativa anterior.

6.- Segundo o disposto no artigo 8.1 do RDL 1/2004 do 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmoble.

Segundo a Disposición Transitoria primeira do RDL 1/2004 do 5 de marzo (TR da Lei do Catastro Inmobiliario), os bens inmobles de características especiais que a 1 de xaneiro de 2003 consten no Catastro Inmobiliario conforme á súa anterior natureza manterán o seu valor e réxime de

valoración ata 31 de decembro de 2005 sen prexuízo da súa actualización cando proceda. Igualmente manterán, a reducción na base impoñible, se a tiveran, e seralles de aplicación os tipos de gravame previstos na presente ordenanza.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas es as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto.

3.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titulariedade dos dereitos que constitúen o feito impoñible deste imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo imposto sobre bens inmobles asociadas ó inmoble que se transmite.

4.- Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 7.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

2.- A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base impoñible a reducción que legalmente se establece nos artigos 67 a 70 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais). A citada reducción será aplicable no caso de ponencias totais de valores aprobadas ou que se aproben con posterioridade a 1 de xaneiro de 1997. No concello de Vigo, en tanto non se aprobe unha nova ponencia total de valores, non procederá a aplicación de ningunha reducción na base impoñible, sendo, en consecuencia, a base liquidable do imposto idéntica á base impoñible.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,725%.

3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.

4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,725%.

ARTIGO 11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal

Xeral, Lei 58/2003 do 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

9.- (238).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

“Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica que figura no expediente.

A presente modificación consiste en incrementar os tarifas vixentes nun 2,7% (variación do IPC entre 30 de abril de 2003 e 30 de abril de 2004). Permanencen invariables as tarifas correspondentes a vehículos de 16 ata 19,99 cabalos fiscais, vehículos de máis de 20 cabalos fiscais, motocicletas de máis de 250 cc ata 500 cc e motocipletas de máis de 50 cc ata 1000 cc, xa que están no importe máximo fixado pola Lei. Realízanse correccións de procedemento de concesión de beneficios fiscais no artigo 4 da ordenanza.

A modificación axústase ó disposto no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais), así como ás restantes disposicións legais de aplicación e o expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 ó 19 do citado RDL 2/2004 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local.”

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto sobre vehículos de tracción mecánica é un tributo municipal, directo e obrigatorio regulado nos artigos 92 a 99 da RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria a nome de quen figure o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

3.- Gozarán dunha bonificación do 75% do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que instalen un catalizador homologado. Así mesmo poderán acollerse a esta bonificación, durante dous anos contados dende a matriculación do vehículo, todos aqueles contribuíntes que adquiran un vehículo novo con catalizador homologado para substituír un vehículo que non dispoña dese catalizador, sempre e cando acrediten que o devandito vehículo será destinado a desguace.

ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

(último parágrafo).

A concesión de beneficios fiscais, a instancia dos suxeitos pasivos, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquél en que se formule a súa solicitude.

ARTIGO 6.-- COTA

1.- O imposto esixirase con arranxo ó seguinte cadro de tarifas, de conformidade co disposto no artigo 95 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais).

| | | |
|---|---|---|
| A. | TURISMOS | COTA ANUAL |
| A.1. | de menos de 8 cabalos fiscais | 18,20 € |
| A.2. | de 8 ata 11,99 cabalos fiscais | 50,60 € |
| A.3. | de 12 ata 15,99 cabalos fiscais | 108,65 € |
| A.4. | de 16 ata 19,99 cabalos fiscais | 179,22 € |
| A.5. | de máis de 20 cabalos fiscais | 224,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| B. | AUTOBUSES | COTA ANUAL |
| B.1. | de menos de 21 prazas | 122,85 € |
| B.2. | de 21 a 50 prazas | 178,35 € |
| B.3. | de máis de 50 prazas | 223,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| C. | CAMIÓNS | COTA ANUAL |
| C.1. | de menos de 1000 kg. de carga útil | 62,60 € |
| C.2. | de 1000 a 2999 kg. de carga útil | 122,85 € |
| C.3. | de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil | 178,35 € |
| C.4. | de máis de 9999 kg. de carga útil | 223,00 € |

| | | |
|---|---|---|
| D. | TRACTORES | COTA ANUAL |
| D.1. | de menos de 16 cabalos fiscais | 23,75 € |
| D.2. | de 16 a 25 cabalos fiscais | 38,00 € |
| D.3. | de máis de 25 cabalos fiscais | 113,90 € |

E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

| | | |
|---|---|---|
| | | COTA ANUAL |
| E.1. | máis de 750 kg a 1000 kg. carga útil | 26,05 € |
| E.2. | de 1000 a 2999 kg. de carga útil | 40,95 € |
| E.3. | máis de 2999 kg. de carga útil | 125,15 € |

| | | |
|---|---|---|
| F. | OUTROS VEHÍCULOS | COTA ANUAL |
| F.1. | Ciclomotores | 5,50 € |
| F.2. | Motocicletas ata 125 cc. | 5,50 € |
| F.3. | Motocicletas de máis 125 ata 250 cc. | 10,90 € |
| F.4. | Motocicletas de máis 250 ata 500 cc. | 30,29 € |
| F.5. | Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc. | 60,58 € |
| F.6. | Motocicletas de máis de 1000 cc. | 121,35 € |

ARTIGO 8.- XESTIÓN

2.- Cando se trate de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación en exercicios anteriores, o imposto xestionarase mediante o sistema de padrón anual que se notificará de modo colectivo mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co artigo 102.3 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, excepto os ciclomotores e motocicletas de ata 125 cc. nos que as cotas anuais deberán

ser ingresadas polo procedemento de autoliquidación entre os meses de xaneiro e abril de cada ano.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª.- No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a ordenanza fiscal xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª.- A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de xaneiro do ano 2005 permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

10.- (239).-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 20 de agosto de 2004 a directora de ingresos, co intervido e conforme da interventora xeral, e máis a conformidade do concelleiro delegado, informa do que segue:

"Segundo instruccións do Sr. Concelleiro Delegado de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas que figura no expediente.

No exercicio das facultades potestativas do Concello, a única modificación relevante consiste no incremento dos coeficientes de situación regulados no artigo 8 da ordenanza na mesma porcentaxe de variación do IPC entre o 30 de abril de 2003 e 30 de abril de 2004, (2,7%). Modifícanse igualmente as remisións a normas legais recentemente aprobadas:

- Texto refundido da Lei reguladora das facencas locais (RDL 2/2004, do 5 de marzo) e Lei 58/2003), do 17 de decembro, Xeral tributaria.

O texto proposto axústase ó disposto no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei reguladora das facendas locais, artigos 78 a 91), RDLs núm. 1175/90, do 28 de setembro e 1259/91 do 2 de agosto, que conteñen as tarifas e instrucción

do imposto, así como o RD 243/1994, do 17 de febreiro que dicta normas para a xestión do IAE e restantes disposicións legais de aplicación. O expediente deberá ser tramitado conforme ó disposto nos artigos 15 ó 19 do citado RDL 2/2004 e concordantes da Lei 7/85, do 2 de abril de Bases de réxime local."

A seguir a directora de ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de agosto de 2004, presta a súa aprobación ó anterior informe proposta.

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 20 de setembro de 2003, dictamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre actividades económicas:

ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto sobre actividades económicas é un tributo directo de carácter real, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e regulado de conformidade co que dispoñen os artigos 78 e 91 da citada disposición legal.

ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito impoñible.

ARTIGO 5.- EXENCIÓNS.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:
- As persoas físicas.
- Os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, as sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros.

A efectos da aplicación da exención prevista neste parágrafo, teranse en conta as seguintes regras:

2ª.- O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e o dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non residentes, o do período impositivo no que o prazo de presentación de declaracións por ditos tributos tivese finalizado o ano anterior ó de devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Se dito período impositivo tivera unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1.- Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa en que radique:

| Categoría fiscal | Coeficiente situación |
|---|---|
| 1ª | 2,53 |
| 2ª | 2,37 |
| 3ª | 2,22 |
| 4ª | 2,05 |
| 5ª | 1,90 |
| 6ª | 1,74 |

ARTIGO 9.- COTA MUNICIPAL E RECARGO PROVINCIAL

b) Sobre as cotas calculadas segundo o apartado a) anterior, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de conformidade co disposto no artigo 86 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais):

ARTIGO 11.- XESTIÓN

Na percepción da taxa pola entidade concesionaria do servicio seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

A) Usos domésticos:

| | |
|---|---|
| De 0 a 30 m3 | 0,3287 €/m3 |
| Exceso de 30 ata 50 m3 | 0,4266 €/m3 |
| Idem de 50 ata 70 m3 | 0,4316 €/m3 |
| Idem de 70 ata 100 m3 | 0,6663 €/m3 |
| Idem de 100 ata 200 m3 | 0,6731 €/m3 |
| Exceso de 200 m3 | 0,7634 €/m3 |

B) Uso non doméstico:

| | |
|---|---|
| De 0 a 30 m3 | 0,5128 €/m3 |
| Exceso de 30 ata 50 m3 | 0,6470 €/m3 |
| Idem de 50 ata 70 m3 | 0,6575 €/m3 |
| Idem de 70 ata 200 m3 | 0,8092 €/m3 |
| Idem de 200 ata 500 m3 | 0,9088 €/m3 |
| Exceso de 500 m3 | 1,0468 €/m3 |

Para a confección da liquidación tributaria, en aplicación das tarifas establecidas nos epígrafes II e III precedentes, tenranse en conta as seguintes normas:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2005 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

**ANEXO I**

CADRO DE PREZOS DE EXECUCION MATERIAL PARA A REDACCIÓN DE ORZAMENTOS DE CONEXIÓNS E PROLONGACIÓNS DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO CON CARGO ÓS ABONADOS.

1.- CONEXIÓNS ABASTECEMENTO

1.1. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 20 ou 25 mm. de diámetro, totalmente instalada, incluíndo escavación e recheo así como levantamento e reposición de pavimentación.

1.2. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.3. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.4. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro, sen boca de incendios/rego e excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.5. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para boca de incendios/rego, excluído levantamento e reposición de pavimentación.

1.6. Conexión de abastecemento de lonxitude ata 6 mts., realizada con tubo de polietileno de 75 mm. de diámetro para hidrante de incendios, excluído levantamento e reposición de pavimentación.
925,4905 €

1.7. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 20 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.

1.8. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 25 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.

1.9. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 30 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.

1.10. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 40 mm. de diámetro para conexións de lonxitude maior de 6 mts. Totalmente instalado incluso escavación e recheo, sen incluír levantamento e reposición de pavimentación.

2.- CONEXIÓNS DE SANEAMENTO

2.1. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario. 751,7351 €

2.2. Conexión de saneamento de lonxitude entre 6 e 9 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario.

2.3. Conexión de saneamento de lonxitude entre 9 e 12 mts. realizada con tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, incluída a reposición de pavimentación e pozo se fora necesario. 1.315,5626 €

2.4. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 25 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.

2.5. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 31,5 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.

2.6. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo.

2.7. Conexión de saneamento de lonxitude igual ou inferior a 6 mts. realizada con tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, excluído levantamento e reposición de pavimentación e pozo. 1.136,6301 €

2.8. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 20 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 12 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.

2.9. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 25 cm. De diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.

2.10. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 31,5 cm. De diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.

2.11. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 40 cm. de diámetro, totalmente instalada incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.

2.12. Ml. De subministración e colocación de tubo de PVC de 50 cm. de diámetro, totalmente instalado incluso escavación e recheo, para conexións de lonxitude maior de 6 mts, excluíndo levantamento e reposición de pavimentación.

3.- ESCAVACIÓNS E RECHEOS.

3.l. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en terreo de tránsito, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas ó 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados ((20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de productos sobrantes ó vertedoiro.

3.2. M3. De escavación en gabia, con medios mecánicos en roca, incluso esteamento e esgotamento, recheo da gabia con terras compactadas al 95% do Próctor Normal, procedentes da escavación ou de préstamos e en ambos casos con áridos seleccionados (( 20 mm. ata 30 cm. Sobre a clave do tubo e o resto exenta de pedras maiores de 8 cm., por tongadas de 15 cm. de grosor medidos sobre perfil, unha vez instalada a canalización e transporte de productos sobrantes ó vertedoiro.

4.- LEVANTAMENTO E REPOSICION DE PAVIMENTACIÓNS.

4.1. M2. De levantamento e reposición de macadam con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2 con 0,300 m3. De áridos, completamente rematada.

4.2. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de vinte (20) cm. de grosro, completamente rematado.

4.3. M2. De levantamento e reposición de pavimentación, composto de capa de aglomerado asfáltico en quente tipo D-12 con capa de oito (8) cm. de grosor, estendida e compactada, incluso rego de adherencia e varrido de calzada, asentado sobre base de formigón Fck de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de trinta (30) cm. de grosor, completamente rematado.

4.4. M2. De levantamento e reposición de pavimentación de formigón de 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor, completamente rematado.

4.5. M2. De levantamento e reposición de baldosa de terrazo en cores, na beirarrúa, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado.

4.6. M2. De levantamento e reposición de baldosas de cemento, modelo oficial, asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 10 cm. de grosor, completamente rematado. 35,5081 €

4.7. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre area aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.

4.8. M2. De levantamento e reposición de taco de pedra de gran sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica de 20 cm. de grosor aproveitando o taco, levantado e repoñendo o necesario, completamente rematado.

4.9. M2. De levantamento e reposición de baldosa de perpiaño asentada sobre base de formigón de fck 150 Kp/cm2. De resistencia característica y 20 cm. de grosor, completamente rematado.
119,0095 €

4.10. M2. De levantamento e reposición de chapacuña con dous regos asfálticos de 7 Kg. De ligante ECR-2, con 0,300 m3. De áridos, completamente rematado.

5.- INSTALACIÓN DE TUBO DE ABASTECEMENTO.

5.1. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 60 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.2. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 80 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.3. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 100 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.4. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 125 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.5. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 150 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.6. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 175 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.7. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 200 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.8. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 250 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.9. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 300 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.10. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 350 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.11. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 400 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.12. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 450 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.13. Ml. De subministración e colocación tubo de fundición, de diámetro 500 mm., instalada sobre cama de area da propia escavación, incluso p.p. de pezas especiais, excepto conexións, medida a cinta corrida, probada a 1,4 Pt.

5.14. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ¼”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.15. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 1 ½”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

5.16. Ml. De subministración e colocación de tubo de polietileno de 2”, incluso p.p. de pezas, excepto conexións, medida a cinta corrida e probada.

6.- VÁLVULAS PARA REDE DE ABASTECEMENTO.

6.1. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 60 mm.

6.2. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 80 mm.

6.3. Ud. Sumbinistración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 100 mm.

6.4. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 125 mm.

6.5. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 150 mm.

6.6. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 175 mm.

6.7. Ud. Subministración e colocación válvula de comporta para tubo de abastecemento de 200 mm.

6.8. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 250 mm. 1.022,3402 €

6.9. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 300 mm. 1.235,2708 €

6.10. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 350 mm. 1.650,5358 €

6.11. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 400 mm. 2.101,8776 €

6.12. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 450 mm. 4.448,7816 €

6.13. Ud. Subministración e colocación válvula de mariposa para tubo de abastecemento de 500 mm. 4.780,2641 €

7.- INSTALACIÓN DE TUBO DE SANEAMENTO.

7.1. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 30 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
24,5523 €

7.2. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 40 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
33,9458 €

7.3. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 50 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
41,3847 €

7.4. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 60 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
48,0980 €

7.5. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 80 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
69,6433 €

7.6. Ml. De subministración e colocación de tubo de formigón vibroprensado con enchufe de campá para xunta de goma, de diámetro 100 cm., incluso parte proporcional da xunta de goma, apoiado sobre cama de area de 10 cm. de grosor, completamente instalado.
84,4362 €

8.- REXISTROS

8.1. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 1,50 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor, paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

8.2. Unidade de pozo de rexistro de 1,50 x 2,00 ata 2,50 m. De profundidade, formado por soleira de formigón en masa de 125 Kg/cm2. De resistencia característica, de 20 cm. de grosor,

paramentos de formigón en masa de 150 Kg/cm2. De resistencia característica, tapa e arillo de fundición dúctil reforzado, non ventilada da calzada, escavación, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/IFA, medida a unidade rematada, con calzos de formigón nas pezas correspondentes a dito rexistro.

8.3. Ud. De pozo de rexistro, sen areeiro, de 1,00 m. De diámetro, formado por soleira de formigón de 200 Kp/cm2. De R.C., y de 20 cm. de grosor, arillos de formigón, tapas e cerca de fundición dúctil de calzada, incluso escavación en todo terreo, recheo e transporte de terras sobrantes ó vertedoiro, construído segundo NTE/ISA-14, NTE/ISS-55, e Ordenanza, medida a unidade rematada. 474,8286 €

8.4. Ud. De adaptación ó pozo existente, incluindo cono, marco e tapa de fundición dúctil con dispositivo de acerroxado.

9.- TRABALLOS ESPECIAIS.

9.1. Ud. De colocación de contador de ata 40 mm. de diámetro, sen incluir o aparello, en reposicións de subministración interrompido por fraude. 60,2826 €

9.2. Ud. De reposición de conexión de abastecemento anulada por detección de fraude.

10.- PREZOS DE MAN DE OBRA E MAQUINARIA PARA TRABALLOS REALIZADOS POLA ADMINISTRACION.

10.1. MAQUINARIA

10.1.1. Hora de compresor
10.1.2. Hora de camión MAN
10.1.3. Hora de camión PEGASO
10.1.4. Hora de camión EBRO
10.1.5. Hora de retroescavadora TY-45.
10.1.6. Hora de retroescavadora TY-45 con martillo
10.1.7. Hora de retroescavadora LY-80.
10.1.8. Hora de carterpillar 955/950.
10.1.9. Hora de tractor grúa.
10.1.10. Hora rodete compactador.
10.1.11. Hora de bituminadora.
10.1.12. Hora de compactadora tipo ra, bandexa
10.1.13. Hora cortadora de pavimentos
10.1.14. Hora de vehículo lixeiro transporte.

10.2.-MAN DE OBRA

10.2.1. Hora de xornal de PEÓN
10.2.2. Hora de xornal OFICIAL

(*) Para a redacción do correspondente orzamento, tanto de conexións como de prolongacións de abastecemento e saneamento, os prezos das unidades de obra indicados neste Cadro, deberán ser incrementados no 19% en concepto de Gastos

Xerales e Beneficio Industrial. Serán igualmente de aplicación nestos orzamentos os Impostos vixentes en cada momento.

(**) Para a inclusión das unidades de obra non reflectidas neste Cadro de Prezos nos orzamentos de conexións ou prolongacións da rede, o concesionario reflictirá suficientemente xustificado no orzamento, o prezo das ditas unidades de obra.

Segundo.- Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
b) Facúltase a Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

*A seguir a Alcaldía-Presidencia somete a votación a moción presentada polo voceiro do grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, que figura co punto 29 da orde do día.*

29.- (259).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE O INCREMENTO DA TAXA DO LIXO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de setembro de 2004, o voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Unha proposta meramente electoralista do PP para que non se pague ou se conxele a taxa do lixo, pode prexudicar gravemente a medio prazo a eficacia da recollida dos resíduos urbanos, cousa capital en calquera sociedade civilizada.

As xentes responsábeis non debemos consentir unha acción con ben pouco sentido, ou... ¿por qué se pretende non cobrar axeitadamente a taxa polo servicio de recollida do lixo e non calquera outra, ou outras, ou todas as demais?

A resposta é que esa proposición só pretendía arrapañar votos a calquera prezo para chegar ó poder municipal, que a Xunta "amiga" dese goberno do PP lles sacase as castañas orzamentarias do lume e, ó tempo, poñer en gravísimas dificultades calquera goberno doutro signo político no futuro, cousa que ocorrería se a Xunta lle retirase de golpe as tais axudas...

As persoas que só pensamos no ben de Vigo, queremos un Vigo ben gobernado e por iso mesmo con equitativas posibilidades de alternancia no poder. Por iso non debemos consentir decisións desatinadas, mesmo cando algunha das nosas propostas, coma esta, puidesen non ser inicialmente ben comprendidas por algúns cidadáns. Mais tamén esperamos da intelixencia da gran maioría dos vigueses que aprecien o noso sentido da responsabilidade.

Consonte co antedito propoñemos:

Que á taxa pola recollida do lixo se lle aplique o mesmo incremento que ó resto das taxas municipais, é dicir, que se lle aplique o incremento do IPC.”

*Durante o curso do debate acórdase someter a votación o texto que figura na parte dispositiva deste acordo.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas de recollida do lixo no sentido de incrementar as tarifas vixentes previstas no apartado 2 do artigo 5, nun 2,7% correspondente ó IPC de abril 2003 a abril 2004.

Segundo.- Someter a exposición pública o acordo adoptado por un prazo de 30 días hábiles con inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro municipal.

Terceiro.- Enténdese definitivamente adoptado este acordo provisional no suposto de que os interesados non presenten reclamacións no período de información pública.

26.- (256).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PONTE NA RÍA DE VIGO E NOVA AUTOVÍA CON PONTEVEDRA.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data no Rexistro Xeral do 3 de agosto de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Parecería que deberíamos celebrar as declaracións do Sr. Conselleiro de Ordenación do Territorio por anunciarnos a construcción dunha nova autovía que di que servirá de alternativa á actual A-9, moi conxestionada xa na ponte de Rande, para unirnos con Pontevedra. ¡Se fose realmente unha alternativa á A-9...!

Que nos tempos de hoxe a unión entre Vigo e Pontevedra non pode pasar unicamente por unha autovía de peaxe, dío todo o mundo (a reviravolta polo fondo da Ría de ningunha maneira se pode considerar como unha alternativa). Porque antes ca unha comunicación de peaxe cumpriría ter unha que fose aceptábel e sen peaxe, por suposto. Ou ter unha sen peaxe e outra con peaxe...

Cómpre dicir de entrada que a mellor alternativa posíbel para unir a Vigo e Pontevedra sería a que pasase pola península do Morrazo, coa construcción dunha nova ponte que una a Vigo coa amentada península, e cómpre reivindicar aquí a memoria de D. Agustín Arca que foi o primeiro en albiscar esta magnífica idea, complementada por mín mesmo coa de programar un túnel a seguir que nos una coa autovía que hai entre Marín e Pontevedra.

Quede constancia de que nos sentimos orgullosos polo feito de que moitos estean a asumir as nosas ideas pola súa utilidade social (permítanme dicir outra vez que en representantes públicos aínda somos un partido pequeno, pero moi grande en ideas e mais en capacidade para as realizar).

E vaia por diante que nos sumamos á alegría dos pontevedreses por poderen ter un “by pass” pra ir a Madrid ou Portugal sen ter que pasar por Vigo, que é o que se trata de facer con esa obra (por certo que é unha proposta moito mellor que a anteriormente prevista polo PP entre Pontevedra e a Cañiza). E tamén nos sumamos ás celebracións dos pobos polos que pasará esa nova comunicación agora anunciada, porque lles servirá de grande axuda para súa mellor vertebración co resto dos territorios da zona.

Agora ben, manifestamos o noso estupor polo que as tais declaracións atinxen á posíbel comunicación de Vigo co Morrazo e Pontevedra no sentido de que unha nova ponte non sería viábel “nin técnica, nin urbanística, nin economicamente”.

¿Coida o Sr. Conselleiro, o seu Presidente e a Xunta de Galiza, que os vigueses e as xentes do Morrazo somos parvos? Porque esas declaracións parecen un insulto á intelixencia de todos nós, ó querernos facer comulgar con rodas de muíño. (¡Non paran...!)

¿Onde están e quen fixo os estudos que demostran a inviabilidade técnica de construír unha nova ponte sobre a Ría de Vigo? ¿Inviabilidade técnica nos tempos de hoxe? ¡Nin aínda que houbese terremotos!...

¿E a inviabilidade urbanística? ¿Será “pouco urbanístico” comunicar ós, máis ou menos, cen mil habitantes do Morrazo (que se multiplican por tres nos veráns), con Vigo e Pontevedra? ¿Non sería importantísimo para o turismo e mais para as industrias pesqueiras e afíns unha conexión máis rápida do Morrazo co aeroporto, como a que propoñemos? ¿Que número de industrias e traballadores vertebraría esta ou a outra alternativa? ¿Non sería importantísimo dende o punto de vista da ordenación do territorio e da economía, unir ós portos de Bueu, Marín e Vigo?

En troco, ¿a cantas persoas e industrias, tanto existentes como previstas para un futuro próximo ou mediato, vertebrará a alternativa da Xunta de Galiza?

¿Será o aspecto urbanístico-ambiental da nova ponte a construír, o que lle preocupa ó Sr. Conselleiro? ¿Pero non é o mesmo Conselleiro e a mesma Xunta de Galiza que están a avaliar a construcción dun novo porto na Coruña cunha aterraxe no mar de dous millóns e medio de metros cadrados? E, por certo, mesmo pegadiño ó novo porto de Ferrol, xa practicamente construído cunha aterraxe no mar de millón e pico de metros cadrados...

Para rematar estas "ocorrentes" declaracións témo-lo asunto económico. ¿Está certo o Sr. Conselleiro de que a alternativa que propón é máis barata cá que propoñemos nós? Temos unhas gañas enormes de ver eses estudos económicos que debe ter o Sr. Conselleiro pra afirmar iso. A nós non nos parece que sexa así, mais, aínda que así fose... ¿Como ousa o Sr. Conselleiro utilizar ese argumento cando il mesmo e a Xunta de Galiza están a avaliar a construcción do antes citado novo porto da Coruña, cun investimento infinitamente superior ó que custaría a alternativa que estamos a propoñer e xusto enfronte do porto de Ferrol? ¡Iso si que é un grandísimo dilapido económico! (E por se iso fose pouco, á hora de falar de viabilidades técnicas, é un proxecto daquela maneira, xa que din algúns técnicos que ese porto estará inoperativo cincuenta días cada ano...)

Sra. Alcaldesa de Vigo: ¿que está a facer avaliando unha alternativa de segunda división para Vigo? (E xa van...) ¿Por que está a defender a alternativa da Xunta do PP en troco de defender a Vigo e a súa área? ¿Vai de comparsa da Xunta? Ou...¿Cándo e cómo lle pediu a Sra. Alcaldesa informes ós técnicos municipais sobre este asunto? (E témolos moi bos pra estes temas). ¿U-los informes?

¿Cantas pontes, e para unir a cantos habitantes e industrias, hai entre unha e outra beira da Ría de Pontevedra, ou sobre o Miño en Ourense, ou a que se vai facer en Cádiz, ou...? ¿Como non se está a pensar nunha nova ponte sobre a Ría de Vigo, na Xunta de Galiza?

Está claro que o PP, que xa lle deu a Vigo e mais a súa área un tratamento de segunda división na implantación da Alta Velocidade (¡miúda loita nos queda aínda por isto!), tamén nos quere dar un tratamento de segunda división nas comunicacións por estrada (estamos sen unha comunicación axeitada ós tempos de hoxe con Porriño-Madrid e Portugal, e máis con Pontevedra e o resto de Galicia).
E xa pra rematar dicir que en Democracia Progresista Galega defendemos a construcción desa nova ponte entre a Guía e Meira por seren, segundo nós, os lugares máis axeitados por:

A) Aforraríamos en cada viaxe, ós habitantes do Morrazo, ós vigueses e mailos habitantes da costa dende Vigo ata a Guarda, un mínimo de dez quilómetros (10 km.) de recorrido respecto da ponte de Rande, o que na práctica querería dicir un mínimo de vinte quilómetros (20 km.) en cada viaxe de ida e volta. (¡Que enorme aforro de diñeiros de economías privadas e empresariais!).

B) Aforraríamos o gasto dunha enorme cantidade de combustíbel, o que redundaría nun beneficio de custes enerxéticos e mais pra o medio ambiente.

C)  É o lugar máis estreito da Ría logo de Rande, polo que o custo de implantación da nova ponte sería razoablemente asumíbel.

D) É un dos lugares onde as expropiacións precisas pra face-la obra serían menores, cos beneficios económicos e sociais que iso significaría.

Se a estrada anunciada polo Sr. Conselleiro, que se quere facer soamente pra resolver os problemas dos habitantes da cidade de Pontevedra e mailos da súa contorna, se fai ó mesmo tempo, ou despois, ca unha autovía Vigo-Pontevedra a través do Morrazo, botaríamos foguetes. Senón... ¿Ímo-lo consentir os vigueses e mailos habitantes do Morrazo? Democracia Progresista Galega, non. Traballemos logo todos xuntos contra este novo intento de asoballamento.

<u>Consonte co antedito propoñemos</u>:

1.- Que o Sr. Conselleiro de Ordenación do Territorio nos remita coa máxima urxencia posíbel:

1.1. Os estudos dos de dispón pra dicir que unha nova ponte co Morrazo non é posíbel nin técnica, nin urbanística, nin economicamente.

2.2. Os estudos dos que dispón pra dicir que a autovía anunciada por il mesmo é máis beneficiosa pra Vigo cá que nós propoñemos.

2.- Que os servicios Técnicos do Concello nos dean a coñece-la súa opinión verbo de:

2.1. A viabilidade técnica e urbanística cara a construcción dunha nova ponte entre Vigo e o Morrazo, ó tempo que nos indican os custos e tempos aproximados pra poder realizar esa alternativa.

2.2. As súas estimacións valoradas de custos e prazos de execución, pra a construcción do resto dunha autovía que nos una con Pontevedra a través do Morrazo.

3.- Que no caso de que os informes demostren a viabilidade técnica, urbanística e económica da nova ponte, e por iso dunha posíbel alternativa á A-9 no tramo Vigo-Pontevedra, nos dirixamos á Xunta de Galiza e mais ó Goberno de España demandando a súa construcción."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Esta moción presentouse o 3 de agosto e polos efectos das vacacións, ven dous meses despois a Pleno. Deste tema se falou na prensa, houbo declaracións en todos os sentidos e de todo tipo con respecto a este tema.

Como todos saben, é o tema dunha nova ponte que se propuxo, nós fixémolo en plena campaña, en relación con todas estas declaracións que saíron por parte do señor conselleiro de Política Territorial, declaracións da propia alcaldesa, do señor Figueroa, onde dicían explicitamente non á ponte, que esa ponte non era posible, que había que facer a autovía dende Pontevedra, o cal estamos totalmente de acordo en que se faga e ogallá canto antes.
Déixenme dicirlles que todos os ámbitos sociais de Vigo e da súa comarca precisan desta ponte. A ponte que nós propoñemos vai dende a Guía ata a punta do Arroaz, tería una altura aproximada de corenta e tantos metros, non tería que ser máis, é totalmente viable e necesaria. Na actualidade temos case cincuenta mil coches diarios pasando a ponte de Rande polo que creo que en cinco, seis ou sete anos estará totalmente saturada a entrada de Vigo.
Aínda que somos un partido pequeño, está claro que as nosas ideas son grandes, son máis grandes que as doutros partidos e eliximos a ponte aí porque así nun futuro terá continuidade, cando a outra ponte que presentan outros non ten continuidade ningunha. Cun túnel que chegue ata Aguete nun futuro dende Aguete se poderá deseñar unha ponte dende Aguete ata Raxó e asi uniriamos toda a zona da Barbanza, pero xa non estaremos nós aquí, serán outros estamentos quen a soliciten.
Non sei se saberán todos vostedes que nas Rías hai tres mil cincocentas bateas que están producindo ó ano aproximadamente douscentos dez millóns de quilos que saen todos cara á meseta porque so é o 5 ou 10% dese transporte o que vai dar ó porto, o resto vai todo cara á meseta e sacariamos un gran rendemento a iso.
Temos todo o conxelado en Marín, en Bueu, en Cangas, en Moaña, temos toda a industria por aí, cada vez hai máis e dariamoslle unha comunicación moito máis cercana con Vigo. Hai que pensar que coa autovía nova do Morrazo esta ponte enlazaría automaticamente con Cangas, Moaña, Domaio e a continuación teríamos Marín e Bueu aí ó lado.
O tema trátase de que é realmente preocupante que o PP, neste caso a Alcaldesa, digan que non dende o primeiro día. Preocúpanos realmente que se diga que non e non acabamos do entender. O que nós propoñemos que se vote aquí se están de acordo é que, xa que tanto falaron publicamente, o señor conselleiro de Ordenación do Territorio nos remita coa máxima urxencia os estudios dos que dispón para dicir que a nova ponte de Morrazo non é posible nin técnica, nin urbanística nin economicamente. Que os servizos técnicos do Concello dean a coñecer a súa opinión a favor da viabilidade

técnica e urbanística cara a construcción dunha ponte entre Vigo e o Morrazo e ó tempo nos indiquen o custo aproximado para realizar a alternativa, as súas estimacións valoradas de custos e prazos de execución da construcción do resto da autovía que nos una a Pontevedra a través do Morrazo e que no caso de que os informes do Concello demostren a viabilidade técnica, urbanística e económica da nova ponte e, por iso, se hai unha nova alternativa á A9 do tramo Vigo-Pontevedra, nos dirixamos á Xunta de Galicia e máis ó Goberno de España para a súa construcción. Iso é o que imos propoñer na votación.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Pedimos a palabra para explicar a nosa posición respecto desta moción porque entendemos nun principio que, aínda que o debate que presenta efectivamente é moi interesante porque é moi importante empezar a valorar as diferentes alternativas que se van necesitar entre Vigo e toda a área metropolitana e fundamentalmente a nosa comunicación coa zona do Morrazo, entendemos que non é o momento, polo menos dende o noso punto de vista, de entrar a valorar a posibilidade ou non dunha nova ponte. Polo menos entrar a valorar dende estudos feitos por este Concello isto porque entendemos que o estudo dunha infraestructura das características dunha ponte sobre a Ría significa un esforzo non soamente técnico, senón tamén económico e que ese estudo debe ser feito por outras administracións, concretamente aquelas administracións que teñen ou deben ter a responsabilidade de dotar á nosa cidade e a toda á nosa área metropolitana das infraestructuras necesarias para esa mellor comunicación.
Nese sentido, dado que efectivamente existe nestes momentos un problema moi importante por un lado de saturación da autopista e un problema importante como é a xa historicamente reclamada supresión da peaxe de Rande polos veciños do Morrazo, entendemos que pode haber outras posibilidades ademáis da eliminación da peaxe como pode ser vías alternativas á mesma, aínda que de momento nós entendemos que a cuestión fundamental é a supresión da peaxe de Rande para resolver os problemas que a este respecto teñen os veciños do Morrazo e mesmo os veciños de Vigo que teñen que acudir ó Morrazo.
Nese sentido, dado que acabamos de dicir que entendemos que corresponde a outras administracións polo nivel desta infraestructura no seu custo de construcción, pero tamén no seu custo de avaliación, estudo económico, etc;, entendemos que deben ser esas outras administracións quen fagan estes estudos. Sabemos que nestes momentos non os hai polo tanto a consellería de Ordenación do Territorio malamente pode presentar a este Concello eses

estudos porque non os ten, é unha valoración política o que fixo ata agora o conselleiro.
Pero hai outra cuestión e é que no Congreso e por iniciativa do BNG e concretamente pola concelleira que está a falar, aprobouse que o Ministerio de Fomento faga nun prazo de seis meses un estudo a respecto das alternativas que se lle poden dar á peaxe de Rande entre as cales está a posible viabilidade da construcción dunha nova ponte sobre a Ria e a alternativa da autovía Vigo-Pontevedra coa saída correspondente á altura de puxeiros coa nosa cidade. Entendemos que se está en marcha a posibilidade dese estudo, non sería prudente para este Concello un gasto económico e técnico que debería ser afrontado por outras administracións.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Señor Alonso, parécenos que a proposta que fan nesta moción é intelixente e razoable na medida en que a conclusión que podemos sacar lendo o punto número tres está condicionada ou está superditada ó que sempre pedimos nós cando vostedes fan algunhas propostas que ás veces temos votado en contra, precisamente porque non se sustentan nun proceso previo de coñecemento profundo da realidade e das implicacións, dos custos, das cuestións negativas e positivas que poderían aportar.
Neste caso vostedes fan o que nós pensamos que se debe facer: solicitar estudos para saber se é posible técnica, económica e urbanisticamente unha nova ponte co Morrazo, estudos para dicir se a autovía anunciada será máis beneficiosa para Vigo que a que vostedes propoñen, saber se é viable técnica e urbanisticamente esa ponte, custos e tempos. Saber tamén os prazos e custos de execución para a autovía, no suposto de que, como vostedes din no punto número 3, os informes demostren a viabilidade técnica, urbanística e económica da nova ponte e por iso dunha nova alternativa á A9 no tramo de Vigo-Pontevedra, dirixírmonos á Xunta de Galiza e máis ó Goberno de España demandando a súa construcción.
Nada que obxectar, votaremos a favor, o que non quere dicir, porque non é ese o motivo do debate neste momento, que esteamos aprobando unha moción que diga que hai que facer unha ponte que comunique Vigo co Morrazo polo traxecto que vostedes expresamente propoñen na súa exposición de motivos. Quede claro pois que non nos negamos en absoluto a que se estude, a que se saiba se isto pode ser unha alternativa ou non, porque o que ninguén pode negar é que hai un problema grande de tráfico, de comunicación nesta zona da nosa provincia e que afecta dunha maneira moi clara a Vigo e a toda a súa área de influencia, polo tanto anuncio o voto a favor do noso grupo.

SR. FIGUEROA VILA: A postura do noso grupo eu creo que está perfectamente clara, reflectida a través de manifestacións da propia alcaldesa e membros do Goberno.
Aquí o que hai é un debate de fondo que seguramente se volve repetir; repítese a supresión da peaxe. En diversas manifestacións aparecidas nos últimos días nalgunha entrevista, en concreto da Alcaldesa de Vigo co Secretario de Estado, díxose clara e rotundamente que non había ningunha posibilidade da supresión da peaxe a curto prazo. Esa é unha manifestación que se lle fixo á Alcaldesa de Vigo nunha reunión no Ministerio de Fomento en Madrid.
Pero non só é iso, se vostedes collen os medios de comunicación desta fin de semana nas edicións de Pontevedra, o señor Alcalde de Pontevedra reuniuse coido que o pasado xoves ou venres có Secretario de Estado en Madrid e a resposta foi a mesma, rotundamente non hai posibilidade por unha cuestión meramente económica da supresión da peaxe. Coido que vostedes, señora Fernández, poderán sabelo, é un compañeiro do seu partido, pódenllo preguntar persoalmente; nós refirimonos ó que se ven de publicar nos medios de comunicación na fin de semana.
Polo tanto cando se presenta esta cuestión tan clara e tan rotunda a nós se nos poñen os pelos de punta de pensar que imos facer un proxecto dunha segunda ponte tamén con peaxe. ¿Qué alternativa lle damos ós veciños de toda esa bisbarra se o que agora se propoñe é unha segunda ponte tamén con peaxe? Loxicamente que paguen nas dúas pontes.
A nós nos parece que a postura a curto e a medio prazo máis razoable é unha autovía sen peaxe Pontevedra-Vigo coa saída en Puxeiros. Creo que esa é unha alternativa que é razoable, que viablemente, tanto técnica como economicamente, é posible e polo tanto esa é a que defendemos dende o Goberno da cidade de Vigo e dende o PP.
Dito isto, tamén habería que ver que todos estes posicionamentos e posturas non conleven ese gasto para os cidadáns no seu peto, pero tamén aquí neste debate nos esquecemos que unha das cuestións pola que se presenta unha alternativa é a saturación do ponte de Rande. Nós queremos pensar que o AVE vai tentar aliar tamén moitos tráficos que se veñen producindo durante estes últimos anos, coido que isa é unha cuestión que a ninguén se lle pode esquecer, o que temos que tentar é que o AVE chegue nas mellores condicións á cidade de Vigo e canto antes mellor. Se se producen as dúas alternativas,

o AVE máis a autovía Pontevedra-Vigo, evidentemente eses tráficos se van diminuír pola ponte de Rande.
De todas maneiras a nós hai unha parte da moción que nos parece que engade unha postura máis, que se fagan todos os estudos pertinentes sobre as pontes que se poidan facer sobre a ría parécenos ben. Todos os estudos que se poidan poñer enriba da mesa non teñen porqué impedir que cada grupo teña unha postura distinta e no que si que estamos de acordo coa moción é que se pidan todos os estudos posibles, pero tamén deixando perfectamente clara a nosa postura que é que agora mesmo defendemos a alternativa gratuita da autovía Pontevedra-Vigo.
Creo que deixando clara esa postura, se DPG acepta o posicionamento do noso grupo estaríamos a favor e se non o acepta ímonos abster porque temos unha postura clara e definida.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Agradecerlle á señora Porteiro as verbas que tivo. Realmente o que pedimos é que se fagan uns estudos, loxicamente vai ser un tema de moitos anos longos pero que está aí e todos os que estamos aquí sabemos o que se vai facer.
Pontevedra, unha cidade con sesenta mil almas, ten cinco pontes; Ourense tres cartos do mesmo, cinco ou seis pontes. ¿Qué pasa con Vigo que aquí andamos medio millón de almas todos os días e non temos dereito a ter máis que unha ponte? En Vigo estamos discriminados por todos os lados, o río Miño tiña unha ponte hai X anos e agora xa ten tres ou catro. ¿Aquí non se poden facer pontes?
En ningún momento se me pasou pola cabeza que fora de peaxe, señor Figueroa. Vostede estame falando do tema da peaxe pero me está agachando a realidade pura e dura: cincuenta mil coches pasan pola ponte con peaxe pero ainda que vostede saque a peaxe eses cincuenta mil coches van seguir pasando, señor Figueroa. E van pasar sesenta mil porque desgraciadamente aumenta a poboación e a xente ven máis aquí, con ou sen peaxe, ise non é o problema, o problema é con ou sen coches. Se xa na actualidade está pasando como pasou este verán que cincuenta mil coches pasaron por Rande cunha peaxe, se vostede lle saca a peaxe ó mellor son oitenta mil e despois facemos unha caravana para entrar en Vigo que é mellor ir en barco. Por favor, sexamos serios, a peaxe non ten nada que ver coa cantidade de coches que pasan pola estrada.
Claro que estamos de acordo coa autovía que o PP propón de Pontevedra-Puxeiros, debería facerse mañá se fose posible, pero iso non soluciona o

problema ó Morrazo ou ó Salnés como pretendemos facer nós porque podemos unir Vigo con Sanxenxo en vinte quilómetros, nin soluciona outros problemas. O que pasa é que nesta cidade somos moi pouco ambiciosos e pasa que outros presentan as ideas e como non as presentamos nós non nos gustan. A peaxe non ten nada que ver porque iso é unha maneira de se camuflar no medio de deserto, iso non ten nada que ver cos coches que pasan.
Vostede paga vinte duros ou un euro en Rande e pasan cincuenta mil coches; se vostede non paga un euro ó mellor pásanlle sesenta mil e despois teremos unha caravana que chegue dende Pontevedra a Vigo. O problema son os coches que pasan, non que se pague a peaxe. A min preocúpanme os coches que entren na cidade, non me preocupa pagar medio euro. Vostedes levan o debate ó camiño que vostedes queren, a peaxe para aquí ou para alí. Señor gobernante, a vostede non lle ten que preocupar a peaxe, tenlle que preocupar que na súa cidade na que ten responsabilidades están entrando diariamente corenta ou cincuenta mil coches pola cara norte e éntranlle outros tantos pola cara Sur e ten que meter vostede unhas arterias para desconxestionar todo aquilo. Iso ten que estar aliviado, ten que ser gratis, fágaa quen a teña que facer, loxicamente a Xunta ou o Estado.
Señora Fernández, repito que nós pedimos que se fagan os estudos, claro que non pedimos que se faga a ponte, o que non quere dicir que na próxima moción non pidamos que se vote a favor dunha ponte porque igual xa preparo unha. Pedimos que se fagan os estudos. ¿Por qué Pontevedra ten cinco pontes, son máis bonitos cos de Vigo? ¿Por qué Ourense ten cinco ou seis pontes e Vigo só ten unha? ¿Pero é que é tan descabellado que a Ria de Vigo, a mellor Ría do mundo, só teña unha ponte? ¿Ou é que nos van saltar os ecoloxistas?
Hai unha cosa que está moi clara. O medioambiente, o progreso e a tecnoloxía son tres palabras que temos que ter en mente; se queremos progresar estamos chocando de fronte co medioambiente e entón temos que usar a tecnoloxía para procurar que o medioambiente non dane moito o progreso pero nós temos que ir para adiante porque coas mentes de moita xente estariamos na idade de pedra e en vez de andar en coches andariamos en carros de bois e hai que ir para adiante, non para atrás.

SR. FIGUEROA VILA: Nós temos un formulamento e unha proposta concreta. Que se fagan todos os estudos que se queiran, nós non imos ser os que impidan que se poñan enriba da mesa todas as propostas para despois analizalas e estudalas. O único é que nós falamos de peaxe, señor Alonso, porque hai

unha cuestión clara, os que están defendendo a proposta dos empresarios sempre falan de peaxe, non falan de gratuidade. Evidentemente baixo ningún concepto, nin con estudos nin sen eles imos falar dunha segunda alternativa que teña peaxe cando a primeira tamén a ten, polo tanto creo que a postura está bastante clara.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Eu en ningún momento falei de empresarios. O que pon aquí claramente é que o señor Conselleiro do Territorio nos remita coa máxima urxencia posible os estudos dos que dispón para dicir que unha nova ponte no Morrazo non é posible, nin técnica, nin urbanistica, nin economicamente, palabras do PP.

SR. FIGUEROA VILA: Cando se fan esas manifestacións se está falando da proposta que fan os empresarios que está enriba da mesa, que se remitiu ós grupos, ós medios de comunicación e nós falamos desa proposta en concreto porque vostedes ó final non nos fan ninguna proposta en concreto tampouco, dinnos que se faga unha segunda ponte.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, sobre construcción dunha nova ponte na ría de Vigo e nova autovía con Pontevedra, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

27.- (257).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE SAÚDE EN BOUZAS.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“A zona de Bouzas e Alcabre é merecente de ter un Centro de Saúde que atenda en debidas condicións á súa poboación.

Ademais dos datos de poboación, e da permanente vocación de Vila que ten Bouzas, cousa sempre respctábel, ocorre que alí temos un segmento de xentes

da Terceira Idade de certa importancia. E tamén unha proximidade de asteleiros e outras industrias relacionadas co mar que faría mo conveniente a existencia dun centro médico nas proximidades.

Por outra banda alí está baleiro, e sen previsión ningunha de ser ocupado, o edificio concibido no seu día para seren destinado a Instituto ou a centro de FP.

Previas as reformas oportunas podería ser ese o lugar idóneo para instalar ese Centro de Saúde que demandan os veciños de Bouzas.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Que se poña en funcionamento un Centro de Saúde en Bouzas.

2.- Que, de estimarse conveniente, se remodele para eses efectos o edificio previsto no seu día para Instituto ou centro de Formación Prefional."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 20 de setembro de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: En Bouzas estamos vivindo agora mesmo quince mil persoas, o 65% da población de Bouzas é xente maior, que necesita coidados e que ten que ir diariamente ó médico e os centros ós que van agora son López Mora, Coia, etc.

Bouzas necesita urxentemente un centro de saúde. Eu proporía nun principio que se faga no instituto que hai alí e que non se está empregando pero tampouco quero impoñer que sexa precisamente no instituto. Se hai por parte do Goberno municipal un sitio en Bouzas que sexa mellor ou máis adecuado tampouco teriamos inconveniente ningún pero que se faga e que se comprometan aquí a facelo canto antes.

Se non é así, entón no instituto que está en Bouzas e que leva tres anos feito. Hai unha cousa clara, eu non sei se o saben vostedes pero todas as concesións portuarias se nun ano non se empregan, por lei caducan, é dicir, que ese instituto non cumpre o que ten que cumprir, entón, cambiando o acordo coa administración correspondente poderíase empregar tranquilamente como un centro de saúde.

Mesmo atreveríame a dicir que Bouzas necesitaría un centro de urxencia. Hai que dicir que en Bouzas está traballando todo o sector naval, temos toda industria pesada en Bouzas onde están traballando diariamente uns cantos milleiros de persoas, os accidentes por desgracia son bastante frecuentes alí e se tiveramos un centro de saúde ó mismo tempo que unha sala de

urxencias habería casos moi puntuais que poderían ser beneficiosos para a xente.
Repítolle que non teño inconveniente ningún en que se o sitio que se propon aquí, no que pretendemos que se faga, se non é axeitado e o Goberno municipal ou calquera grupo da outra idea que sexa mellor, pero o que queremos nesta moción é o compromiso firme de que se faga un centro de saúde en Bouzas. Pode ser aí ou pode ser noutro lado que eu non saiba.

SR. TOBA GIRÓN: Por suposto estamos totalmente de acordo en que se poña en funcionamento o centro de saúde en Bouzas pero no instituto non porque hai reservado xa no plan especial de protección e reforma interior de Bouzas que se aprobou na Corporación pasada un lugar para centro de saúde no interior do casco de Bouzas que parecía o sitio máis axeitado, entre outras cousas porque o lugar discutiuse coas autoridades da Consellería de Sanidade encargadas da planificación de centros de saude e acordouse con esas autoridades.
Polo tanto o que hai que facer é activar o plan especial de Bouzas, encargarse de que se desenvolva o plan especial de Bouzas porque o lugar xa está alí e ademáis teriamos un lugar coa conformidade da Xunta de Galicia porque as autoridades correspondentes da Xunta de Galicia si revisaron ese plan especial. Eu mesmo tiven reunións precisamente con delegacións da Conselleria de Sanidade para solventar cal era o lugar dentro do casco de Bouzas onde debía residir ese centro de saúde.
Polo tanto nós estamos de acordo co primeiro punto da moción porque xa o votamos no plan especial de Bouzas e participou todo o Pleno da Corporación porque ó aprobar aquel plan especial xa quedaba refrendado o lugar do centro de saúde de Bouzas e non nos parece adecuado empregar un centro de ensino, que ten unha estructura completamente distinta e responde ás necesidades de educación secundaria da nosa cidade. Mal fariamos se non tiveramos en conta que tamén hai que atender as necesidades educativas da nosa poboación.
Nós estariamos dispostos a votar o primeiro punto, non así o segundo que podería ser substituido, se o señor Alonso acepta, por instar ó Goberno municipal a axilizar ó máximo o desenvolvemento do plan especial de Bouzas para conseguir esa dotación xa consorciada coa Conselleria de Sanidade.

SR CALVIÑO RODRÍGUEZ: Exclusivamente para apoiar esta proposta. En efecto no PEPRI de Bouzas que está aprobado definitivamente, está previsto ese

emprazamento de centro de saúde no punto de encontro da Alameda de Suárez Llanos e a alameda nova de Eduardo Cabello, cun emprazamento creo que ademáis moi axeitado para os veciños de Bouzas.
Estes días estiven falando precisamente con algúns deles e entenden perfectamente e apoian a necesidade deste centro de saúde pero non comparten, porque saben entre outras cosas o irrealizable que é, modificar un centro de ensino que ademáis depende dunha determinada Consellería, para pasar a outra Consellería neste caso a de Sanidade que, por certo, ten falado moito respecto á imperiosa necesidade de que se lle ofrezan terreos e creo que temos unha gran oportunidade nesta ocasión.
Polo tanto apoiar ese chamamento ó Goberno municipal para que poña en marcha a xestión urbanística do polígono 5 onde estaría emprazado este centro de saúde, que mobilice á iniciativa privada e poña todo o esforzo público para que isto poida ser unha realidade no menor tempo posible.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós tamén estamos de acordo co primeiro punto e xa se falou aquí da consideración da situación do centro de saúde e polo tanto tamén nos sumamos a esa proposta.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Unha cousa está clara, nós queremos que se faga o centro igual que todo o mundo e que me diga que está aprobado no plan especial si, pero ¿cantos anos tardaremos en desenvolver en Bouzas o centro social? A min non me vale dicir que está aprobado. Nós queremos o centro de saúde se é posible nun ano e non en cinco, non se poden facer as cousas e deixalas alá porque de aquí a alá desgraciadamente o 5% dos vellos han de morrer e teriamos que seguir indo cos vellos a López Mora ou a outros centros.
A min que o Goberno municipal se comprometa e diga que hai varios terreos e que se faga, pero se estamos a esperar a que se desenvolva non sei que plan, nós non estaremos aquí e a mitade dos vellos criando malvas.
Tampouco é asi, hai que lle buscar un sitio, que se comprometa o Goberno municipal e comprometamonos todos. Tamén lle podo lembrar que hai un terreo entre Astilleros Lagos e o propio instituto duns cantos centos metros cadrados bastante amplo que está alí de aparcadoiro e para criar silvas porque non fai nada.
Di que é difícil cambiar no Ministerio dunha a outra concesión. Nas concesións portuarias que se fan, e aí está a señora Graña e pódelle dicir que sabe bastante máis ca min disto, se nun ano o ben concesional non se

emprega caduca. O instituto leva aí tres anos, mándase alí unha pequena dotación pero non se está empregando realmente para o que se fixo, non é difícil cambialo para outro lado. O problema non é cambiar dunha conselleria de Sanidade para unha de ensinanza.
Non vou poñer por imperativo que sexa alí, para min penso que sería o sitio idóneo porque hai unha zona moi boa de aparcadoiro, pódese adaptar perfectamente, temos os Astilleiros ó lado para calquera emerxencia e mesmo se pode atracar cun barco alí. Cando traemos feridos do mar é difícil evacualos no helicóptero porque non os podemos mover. Teriamos alí unha zona para atracar e levalos directamente a urxencias.
Entón se a min me dan un terreo para onte ou para antonte acéptollo. Agora, se me van dicir que vai no plan de Bouzas, que sabe Deus cando se desenvolverá e estamos falando a cinco ou seis anos vista, eu con todos os meus respectos votaranme o primeiro punto e quedará o segundo punto como queda, pero se o Goberno se compromete a dar uns terreos para facelo, xa a moción vai como está.

SR. TOBA GIRÓN: Para apuntar primeiro que nalgún momento o Concello terá que se dirixir á Autoridade Portuaria para que desafecte de usos portuarios precisamente os terreos nos que está o instituto actualmente e mesmo o pavillón de deportes porque efectivamente están en terreos de uso portuario nos que non deberían de estar porque o acordo do plan especial do Porto do ano 98 establecía que eses terreos ían ser terreos de dotación publica e había que iniciar o proceso de desafección. É verdade que a Autoridade Portuaria non o ten feito como outras moitas cousas pero en todo caso correspóndelle á Presidencia deste Pleno e á Alcaldesa dirixirse á Autoridade Portuaria para que se cumpra taxactivamente dita desafección e o resultado non sexa que teñamos un edificio de uso público baixo o réxime de concesión administrativa porque iso si que é un dislate e da igual que sexa un instituto que un centro de saúde. Realmente estas cousas só pasan aquí con esta Autoridade Portuaria, noutros sitios non pasan.
En todo caso, sen entrar agora en materia, nós somos partidarios de planear, de definir onde debe ir cada instalación nun momento determinado e aí o planeamento é o plan especial de Bouzas que quedou aprobado definitivamente no mandato pasado e que o que hai que facer é axilizar a súa xestión coa perspetiva de obtención dos espazos públicos. Iso correspóndelle ó actual Goberno municipal e polo tanto debería ser así. Mal fariamos se consorciaramos coa administración autonómica determinadas

actuacións en zonas determinadas que están faladas coa administración autonómica e cambiaramos de pé.
A miña experiencia é que, por algunha razón, a Xunta de Galiza nunca é en exceso razoable coas necesidades do Concello de Vigo pero non quero entrar nese debate agora. Se alguén se sinte aludido non o quixen aludir.
O que si teño moi claro é que se se produce un cambio polo medio, entón as cousas se retrasan xa cara á eternidade. Nós seguimos mantendo esa redacción que acabo de improvisar agora e que seguramente o señor Alonso tomou nota dela porque nos parece absolutamente necesario que se cumpra o planeamento aprobado e se faga alí onde haxa que o facer, poñendo por outra banda o traballo da Xerencia municipal de Urbanismo á consecución deses logros, neste caso do centro de saúde de Bouzas.
Se vostedes manteñen o segundo punto como está, nós non llo imos votar. O primeiro por suposto porque o votamos no plan especial de Bouzas.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En todo caso apoiar esta intervención e non entrar en debate do tema da concesión. O que se está propoñendo para o polígono 5 é unha cesión gratuita, unha cuestión por parte do Goberno municipal de executar un expediente administrativo que de feito é facer algo que xa está planificado. Creo que se podería axilizar enormemente e, isa xa é responsabilidade do Goberno, conquerir esa parcela para o centro de saúde. Dende logo non máis do que custaría convencer ás consellerias do necesario cambio dun uso educativo a un uso sanitario co que ademáis implicaria de obra, de modificación do actual centro que evidentemente está concebido para un centro de estudo e non para un centro de saúde. Creo que se o concelleiro do DPG non acepta esta modificación que propoñemos, coido que o resto dos tres grupos, teriamos que votalo.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Para concretar. Eu sinceiramente, se o Goberno me garantira facelo poderíao cambiar, pero eu non vou cambiar o formato e alá cada un coa súa conciencia, xa os meus veciños de Bouzas saberán o que hai. Eu non podo permitir que se tarden cinco, seis ou sete anos en facelo porque tal e como está o tema, despois que se denuncias, que se isto e o outro e non se vai facer en anos. Eu non vou cambiar a moción, alá vostedes coa vosa conciencia. Teño claro que se se me garanta que se vai facer nun intervalo de pouco tempo estamos de acordo, senón non

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós seguimos mantendo a nosa opinión.

A PRESIDENCIA: Eu creo que sería unha incoherencia agora por parte do Goberno e de todos os que votamos ese plan de Bouzas que cambiemos a planificación que se tiña prevista.
Ó que sí se compromete o Goberno é a intentar axilizar para que se desenvolvan o antes posible todos eses espazos e loxicamente, señor Alonso, non lle vou dicir que é para mañá pero nun tempo razoable haberá que acadar o desenvolvemento de toda esa zona.
Polo tanto imos seguir mantendo a postura, coido que non podería ser doutra maneira porque se hai unha planificación feita sería unha incoherencia total darlle a volta a ese posicionamento.

SR. TOBA GIRÓN: ¿Aceptase a votación por puntos?

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Non.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia e o voto a favor dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,
ACÓRDASE:
Rexeitar a moción formulada ó Pleno da Corporación polo concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, sobre a posta en funcionamento dun centro de saúde en Bouzas.

28.- (258).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG INSTANDO A REMISIÓN POLO MINISTERIO DE FOMENTO DO PROXECTO DO SEGUNDO CINTO DE CIRCUNVALACIÓN.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de setembro de 2004, o voceiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Un non sabe cando van rematar as aldraxes que Vigo non para de recibir, ora da Xunta de Galiza, ora do Goberno de España.

Ven agora ó caso polo feito de que ainda hoxe non teñamos o proxecto de obra do chamado segundo cinto de circunvalación. E cando os veciños máis directamente afectados veñen ó Concello en demanda de información estamos indefensos. Iso por non falar de que os nosos técnicos podería e deberían axudar a optimizar os tratamentos das obras. ¿Non coñeceremos nós a nosa orografía e os problemas coa veciñanza mellor ca os técnicos de Fomento?

¿Qué quere agochar Fomento ó non dárnolo proxecto? Eles saberán, pero con ese proceder colócanse nunha actitiude sospeitosa (¿queren facer amaños co trazado ás costas do Concello e dos vigueses?) ou, cando menos sitúanse nunha actitude preopotente e por iso mesmo intolerábel.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle ó Ministerio de Fomento que coa máxima urxencia nos remitan o proxecto íntegro do Segundo Cinto de Circunvalación”.

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

(No momento da votación estaban ausentes os señores López-Chaves Castro e Toba Girón)

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Paréceme que falamos xa abondo no Pleno pasado deste tema e non hai moitas voltas que lle dar. É absolutamente intolerable que a estas alturas non se nos dea un proxecto do cinto de circunvalación e niso hai unha culpa evidente do Ministerio de Fomento anterior que levou todo o peso desta obra e menos do actual por falta de tempo. En todo caso pedirlle ó actual que sexa quen de emendar a plana do que fixo mal o anterior e dende logo absoluta responsabilidade do PP que dende aquí e dende o Goberno de España anterior non foron quen de poñer na mesa do Concello de Vigo un proxecto como o do segundo cinto. Paréceme un trato despectivo que Concello non merece. Ou vostedes non saben xestionar ou o PP non o sabe aceptar ou as duas cousas.

SR. FIGUEROA VILA: Señor Soto, paréceme moi ben que vostede teña esa reflexión e que a faga e nós compartímola pero non por un problema de xestión deste Concello nin dos anteriores gobernantes porque aí hai cartas do señor Pérez Mariño, da propia Alcaldesa, cartas remitidas polo concelleiro de Urbanismo, un escrito consensuado con todos os veciños onde se meteu por rexistro esa solicitude, mesmo coa Demarcación de Estradas de

Galiza, etc. Pódolle dar a vostede aproximadamente uns oito ou nove documentos onde se pedíu claramente que se nos enviase ese proxecto.
E non só iso, vostede sabe que este Concello ten dous técnicos única e exclusivamente para o seguimento do plan xeral que tamén llo solitan todos os días ós responsables de Demarcación de Estradas.
A única información que temos é directamente pola colaboración do director de obra da constructora que ten a adxudicación e polo tanto volvo repetirlle que seguiremos insistindo pero ese proxecto, pola razón que vostedes saben e que está aí, non é un problema nin de partidos nin de persoas. Coido que hai unhas liñas que ten marcadas o Ministerio de Fomento en todos os proxectos e non o envian; isa é a situación real que ás veces é de impotencia pero é unha realidade que está aí enriba da mesa.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Simplemente solicitar que nas frecuentes reunións que representantes deste Goberno municipal teñen co Ministerio de Fomento, neste clima de boas relacións que eu entendo que hai entre a cidade de Vigo e o Ministerio, se solicite verbalmente, non só por carta. Se hai capacidade para dialogar, para falar de grandes innfraestructuras para a cidade, cómo non para solicitar isto.
En todo caso a resposta que da o Ministerio, polo menos a nivel persoal que a min se me deu, é que é un proxecto tan sumamente vivo na medida en que está sendo tan permanentemente modificado, na medida en que precisamente hai unha atención moi alta ás demandas dos veciños, que nunca se da rematado definitivamente.
O cal non obsta para que nós votemos a favor da iniciativa, neste caso de DPG, para axudar ó Goberno e para reforzar a súa posición solitando ó Ministerio de Fomento algo que en toda lóxica Vigo debería ter.

SR. FIGUEROA VILA: Señora Porteiro, só dicirlle que cando a Alcaldesa tivo unha reunión en Madrid coa cúpula do Ministerio de Fomento onde estaban o secretario xeral de Infraestructuras, o director xeral de Estradas e despois continuou co Secretario de Estado, trasladouselle esta petición verbalmente e a resposta de momento non a tivemos.
É certo que a relación é fluída no sentido dos contactos que estamos tendo pero polos motivos que sexan, que seguramente vostede os acaba de explicar ou outros que a nós se nos escapan, ese proxecto non o ten o Concello de Vigo.

SR. SOTO FERREIRO: Se me permite, xa que a moción é nosa e están falando os outros grupos municipais, gustariame facer unha breve pero clara intervención.
Señor Figueroa, para lle agradecer os seus esforzos e ademáis teño que dicir que vostede me enviou unha documentación para demostrarme o que está a dicir, cousa que eu agradézollo.
Señora Porteiro, eu xa sei que é un proxecto de Vigo, que ten razón de ser, pero que non nos tomen por menores de idade en este Concello. Sabemos que a ese proxecto aínda se lle van facer modificacións, pero haberá algún proxecto inicial. Eu non pido que me manden o que van facer pasado mañá porque son modificados de proxecto. Os modificados de proxecto haberá que os facer sobre a marcha.
Este Concello ten dado probas neste tema de estar responsablemente detrás desa obra e espero que de todas no futuro, a ver se imos madurando en moitas cousas. Iso é unha cousa e outra é que non se nos deixe opinar sobre o que se pretende facer nun momento determinado. Iso non ten sentido nos tempos nos que andamos.
Eu estou convencido de que isto, xestionado debidamente co Ministerio de Fomento, pode dar unha xestión positiva. Quero ter a esperanza de que a petición deste Pleno sexa atendida axeitadamente porque as múltiples xestións do señor Figueroa están aí e son de agradecer. En todo caso déixeme dicirlle que non foron eficaces ou polo menos todo o eficaces que precisariamos para que o tema se resolva axeitadamente. A ver se desta vez vai a vencida.

SR. FIGUEROA VILA: Só dicirlle que á marxe de que este proxecto non o teñamos no Concello, tamén teño que lle expresar que hai un seguimento por parte dos técnicos municipais coa axuda de todas as asociacións de veciños e coa Federación de Veciños, cousa que quero deixar aquí claro, onde se ten unha xuntanza case que mensual. É certo que se está facendo o seguimento e que o director de obra máis os responsables do propio Concello, todas aquelas modificacións ou aqueles inconvenientes que se están producindo no segundo cinto se están plasmando en documentos. Eu quero agradecer isto ós veciños porque ó final a participación deles está sendo decisiva á hora de trasladar todas esas peticións e cuestións que consideran que non se axustan ó que inicialmente se consideraba que podía estar previsto porque hai unha idea moi leve da situación, estanse plasmando e nós estámolas remitindo puntualmente ó Ministerio.

Este Concello, á marxe de non ter ese proxecto, está recollendo puntualmente todas as peticións que fan os veciños, as asociacións coa Federación de Veciños e a Comisión de Afectados e estánselle trasladando ó Ministerio para que algún día non nos poidan dicir que non o solicitamos. Outra cousa é a resposta que nos da o Ministerio porque tamén eu quero trasladarlle que nesa reunión cos altos cargos do Ministerio de Fomento se formularon algunhas modificacións do propio trazado e alternativas que presentaron os veciños e dixéronnos rotundamente que non había posibilidade nestes momentos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción presentada polo voceiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre pedirlle ó Ministerio de Fomento que coa máxima urxencia nos remita o proxecto íntegro do Segundo Cinto de Circunvalación, co texto que figura transcrito neste acordo.

29.- (259).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE O INCREMENTO DA TAXA DO LIXO.

*A presente moción formulada polo voceiro do grupo municipal de DPG tratouse a seguir do punto 25 da orde do día, última das ordenanzas sometida a modificación.*

30.- (260).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS PRECISAS PARA CUSTEAR A PARTICIPACIÓN EUROPEA DO CLUB DE BALONCESTO AMFIV.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de setembro de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"O clube Amfiv de Vigo ven desenvolvendo un importantísimo labor dentro da potenciación da práctica deportiva dos disminuidos físicos na nosa cidade,

práctica que se ve reflectida nas escolas deportivas municipais onde cada ano son máis os nenos e nenas que vendo o exemplo destes deportistas se suman a unha actividade fundamental para a súa integración.

Este clube, despois de moitos esforzos milita hoxe na División de Honra de baloncesto en cadeira de rodas, realizando un papel moi existoso que o levou na última tempada a clasificarse para as competicións europeas. Nestes momentos a participación deste club (Vigués Distinguido) nesta competición está pendente de atopar un patrocinador que afronte os custes que supón os desplazamentos e aloxamento para disputar os encontros. Suliñar que nesta tempada vai ser o único club vigués e da provincia que participe en Europa

Se por algo deben destacar as administracións é pola discriminación positiva a todos e todas as persoas que pola falla de integración real da sociedade teñen que realizar un esforzo moi superior a calqueira persoa válida para realizar calquera actividade. Pero neste caso concreto nin siquera habería que apelar a esta discriminación positiva, xa que existen na nosa cidade antecedentes con outros clubes da cidade aos que se lles axudou á hora da súa participación en competicións europeas:

No ano 1999 sendo concelleiro de Deportes o señor Figueroa o goberno daquel entón comprometeuse co Celta Banco Simeón a sufragar os gastos de desplazamentos en Europa, feito que se veu efectivizado sendo concelleiro o mesmo que suscribe esta moción. No ano 2003 a Diputación de Pontevedra sufragou os gastos das obras do estadio de Balaídos para que o Real Club Celta poidera disputar a Liga de Campeóns.

Por todo o exposto anteriormente, parécenos de xustiza que a Corporación Municipal aprobe o seguinte acordo:

1. A Corporación municipal insta ao Goberno Municipal e á Deputación de Pontevedra a que urxentemente fagan as xestións precisas para atopar un patrocinador para custear a participación europea do clube Amfiv.

2. De non se atopar, o Goberno Municipal e A Deputación custearán os gastos ocasionados pola participacion do Club Amfiv en Europa. O Club Amfiv a cambio levará a imaxe de Vigo e Pontevedra en todos os seus desplazamentos."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Creo que somos a grande maioria os que queremos ó deporte e os que nos preocupamos por un sector tan importante a coidar como é o sector dos que padecen algún tipo de minusvalía física e parécenos moi importante esta moción.
O club AMFIV de baloncesto en cadeira de rodas leva feito un labor moi importante nesta cidade, tan importante que ademáis é Vigués Distinguido.

Nestes momentos é o único club da nosa cidade que vai poder participar en competicións europeas este ano porque así meritoriamente o conseguiron coa súa clasificación para tal efecto na división de honra na que militan.
Hai antecedentes de cómo gobernos municipais axudaron a outros clubes a participar en competicións europeas. Sendo o conselleiro de deportes o señor Figueroa, lembren que aquel goberno comprometeuse co Celta Banco Simeón a custear os desprazamentos para a súa participación en Europa. Hai moi pouquiño, no ano 2003, tamén a Deputación de Pontevedra subvencionou unhas obras no estadio municipal de Balaidos para que o Celta puidera disputar a liga de campións.
Este caso parecenos de maior xustiza polo tremendo esforzo, polo dobre ou triple esforzo que estes deportistas teñen que desenvolver e é polo que pedimos nesta moción que a Corporación municipal inste ó Goberno municipal e á Deputación de Pontevedra a que urxentemente fagan as xestións precisas para atopar un patrocinador que poida custear a participación europea do club ANFIV e que, de non se atopar, sexa o propio Goberno municipal e a Deputación quen custeen os gastos ocasionados por esta participación.
Antes de rematar o que si quixera dicir é que esta non é unha moción de oportunismo político, como nalgún lado do Goberno municipal se dixo nun medio público e personalmente foron unhas manifestacións que me molestaron bastante.
O BNG e esta persoa que lles fala ven dende hai moitos anos traballando para que os sectores dos minusválidos teñan a consideración que necesitan.
Lembrar que foi cun Goberno do BNG e tendo a responsabilidade da Concellería de Deportes cando por primeira vez este club foi tratado segundo os baremos de calquera outro club de élite porque así o merecían.
Quero lembrar que a moción se presenta o 14 de septembro e o día anterior, o 13 de septembro ás once e media da noite, este concelleiro puido escoitar coma o mesmo presidente do club nunha emisora local, para máis datos na SER, dicía claramente que ou hoxe atopaba un patrocinador ou dificilmente poderían sair. Digo isto porque non me gustou a acusación de que esta moción tiña carácter de oportunismo político. A única intención desta moción é que un club desta cidade que está facendo un labor moi importante de cara ós nenos e ás nenas e porque así o conseguiron con merecementos propios, poidan participar en Europa e representar a Vigo nunha competición europea.

SR. FIGUEROA VILA: Imos protestar por parte do Goberno. Vostede coñece perfectamente o mundo do deporte como seguramente o podo coñecer eu por circunstancias da vida, porque estivemos moi relacionados e estivemos moi vinculados a el.

Só dicirlle primeiro que as xestión que se están facendo e que se fixeron no seu día para lle buscar unha esponsarización a este club están rematadas hai bastante tempo cunha saída bastante satisfactoria. A señora Alcaldesa fixo algunha negociación con algunha empresa e loxicamente a oportunidade de lle dar publicidade ou non corresponde ó Goberno ou a persoa que o xestiona se o considera conveniente, porque ó mellor non é así. Isa é a maneira de facer política, nalgunhas actuacións se lle da publicidade a todo o que se fai e noutras cuestións non.

Eu pódolle dicir rotundamente que nese mesmo momento no que vostede fixera a moción, a subvención estaba acadada e a esponsarización tamén. Pero non só isto, voulle dar un dato máis: hai sete clubes da cidade que sen lles dar publicidade de ningún tipo xa acadaron esponsarización de empresas da cidade por xestións feitas pola Alcaldesa. Voulle dicir máis, hai un club de élite dos máis importantes da cidade que neste momento se está dicindo publicamente que non ten esponsor ó que a Alcaldesa acadoulle a esponsarización e que a ten totalmente rematada.

Non se lle deu publicidade porque as xestións que se están facendo non son só para que cinco ou seis clubes se vexan beneficiados, senón que aqueles que teñen problemas poidan acadar esponsarizacións.

A conclusión é que todo aquilo ó que non se lle da publicidade non existe; pois isa non é a nosa teoria. Hai cousas que se fan, xestións que non teñen publicidade pero si existen. Polo tanto eu voulle facer unha afirmación rotunda e vostede fale cos presidentes dos clubes porque eu sei que ten boa relación con eles como a teño eu tamén. Hai sete clubes neste momento na cidade de Vigo que teñen acadada a esponsarización, uns totalmente como un club que nestes momentos se está dicindo que non a ten pero se vostede é listo, que creo que o é e coñece o mundo do deporte, que tamén o coñece, darase de conta de que ese club non ten esponsarización pero está facendo fichas de xogadoras de bastante nivel. Con isto quero dicir que detrás ten un apoio do seu presidente que é un bo xestor e non se meteria nesta lea se non tivese esa esponsarización.

Polo tanto dicirlle que o ANFIV vai ter a esponsarización que lle vai corresponder, non só para isto senón para moitas máis cuestións e que hai clubes da cidade de Vigo (fago eu hoxe a defensa porque a compañeira Lucía

Molares non está no Pleno) que tamén teñen acadada a esponsarización por xestións que fixo o Goberno, en concreto a súa Alcaldesa.
Hai moitas maneiras de buscar a esponsarización, vostede buscou unha vía que é a Fundación, alegrámonos, compartimos e imos seguir potenciando pero non se esqueza de que hai moitas maneiras que tamen son importantes de buscala indirecta ou directamente a través dos propios clubes.
O que nos ten que primar a todos é que o obxetivo final sexa que os clubes de Vigo poidan ter unha situación económica razoable para que poidan competir dentro das posibilidades que lles poidan permitir os seus orzamentos. Iso é o que está a facer o noso Goberno.
De todas maneiras tamén lle adianto que se vostede quere ter as empresas e as cantidades, bríndome a darllas persoalmente cando vostede queira.
Nós consideramos que neste momento non é prudente darlle publicidade a isto pero vostede, como se di, mo puxo ben para facer esta exposición política e que todo o mundo saiba como estamos traballando.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Señor Figueroa, estame berrando e eu digo, para que vexa a diferencia, que eu non só non lle vou berrar senón que o vou felicitar e que conste en acta a miña felicitación porque as súas xestións e as da Alcaldesa conseguiron o patrocinador para o club ANFIV e sei ca outros seis clubs máis. Felicitalo porque iso é continuar na labor de financiamento fóra do Concello que como vostede ben dixo o BNG comezou na anterior lexislatura.
Eu o único que estaba dicindo é que se me acusa de oportunismo político e eu non podo saber se vostedes están a facer esas xestións se realmente non o din. A miña responsabilidade ó presentar a moción como representante político desta cidade, escoitadas as palabras do propio presidente do club, era conseguir un acordo para que o club ANFIV tivera financiamento.
Está conseguido, alegrámonos todos e todas e por suposto enténdame vostede que se eu soupera que iso estaba conseguido non presentaría a moción.

(No momento da votación está ausente a señora Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando ó Goberno Municipal e á Deputación de

Pontevedra a que urxentemente fagan as xestións precisas para atopar un patrocinador para custear a participación europea do clube Amfiv, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

31.- (261).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A AXILIZACIÓN DAS OBRAS DO COLEXIO DOUTOR FLEMING.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 10 de setembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, señora Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Logo de anos de espera, múltiples conversas de distintos gobernos municipais, e varios convenios, a Consellería de Educación está a excutar as obras de construcción do que será o novo Colexio Doutor Fleming.

A importancia deste colexio, na estructura do ensino público na nosa cidade, é fundamental por situación, un dos poucos no centro mesmo de Vigo, por matrícula actual e potencial e por formar parte dun conxunto complementado co Instituto da Hispanidade e a escola infantil Villalaura.

As obras terían que se ter iniciado no mes de outubro do ano 2003 pero adiouse ata o mes de maio do ano 2004. En todo caso había o compromiso do conselleiro e da empresa adxudicataria de rematar co edificio no presente mes de setembro. Da sinxela observación do avance das obras, resulta evidente que resulta moi difícil o cumprimento de tal compromiso, e polo tanto, con seguridade os nenos e nenas que teñen a súa praza escolar en dito colexio terán que iniciar as súas actividades escolares este curso no mesmo centro que o ano pasado, o Colexio de O Rocío. Non é un bon resultado, pera a comunidade escolar, seguramente, contentaríase con que se reiniciaran as actividades no novo Doutor Felming no mes de xaneiro do ano 2005, aproveitando o período vacacional do Nadal para realizar o proceso de traslado. En todo caso, é absolutamente preciso acurtar os prazos, evitando os moitos problemas que provoca á comunidade escolar dos dous colexios a actual situación.

Por outra banda, e isto alármanos máis, corre o rumor de que Consellería de Educación non ten pensado repoñer os servizos de cociñas e comedor que o colexio tiña denantes das obras.

Durante o pasado mandato, o BNG impulsóu dende a Concellería de Educación, co apoio, coidamos, de toda a Corporación, a extensión dun servizo, o de comedor, profusamente demandado pola comunidade escolar de Vigo, e que fora obxecto de abandono pola Consellería de Educación. O esforzo municipal posto en marcha continúa, pero non podemos permitir que continuamente a Xunta de Galiza faga abandono das súas competencias deixando parcelas de servizos tan importantes coma este no máis absoluto dos abandonos. Máis ainda vai sendo hora de demandar da Xunta non só a reposición dos servizos de cociña e comedor no Colexio Doutor Fleming, senón tamén de iniciar

conversas coa Consellería de Educación para que colabore no financiamento dos comedores escolares postos en marcha no mandato pasado.

Polo antedito, propoñemos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcadesa-Presidenta e ó Goberno Municipal a dirixirse ó conselleiro de Educación para demandar:

1. A máxima axilización das obras de construcción do Colexio Doutor Fleming, para asegurar o reinicio das actividades educativas no novo edificio no prazo máis curto, co límite no mes de xaneiro do ano 2005.

2. A realización completa do proxecto, dotando ó novo centro dos servizos de cociña e comedor, repoñendo a totalidade dos servizos de que dispuña denantes das obras a comunidade escolar.

3. Iniciar un proceso negociador entre a Consellería de Educación e o Concello, dirixido a asegurar a participación da Xunta de Galiza no financiamento dos comedores escolares."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Como xa todos vostedes saberán estaba previsto comezar as obras de derrubo e nova construcción do colexio Doutor Fleming en outubro de 2003 e estas obras retrasáronse e comezaron en realidade en maio de 2004. De todos os xeitos e a pesar deste retraso, había un compromiso tanto por parte do conselleiro de Educación como da empresa adxudicataria de que estiveran rematadas as obras para poder iniciar o curso escolar todo o alumnado en septembro deste ano. Á vista das obras se pode comprobar que isto non vai ser así e que sofren un retraso considerable polo que nos parece urxente que polo menos se poida garatir que o alumnado poda facer o traslado durante as vacacións de Nadal para empezar o curso en xaneiro como normalmente debería ter sido en septembro.
Por outro lado existe tamén o ruxeruxe entre a comunidade educativa de que un servizo tan importante como é o comedor escolar coas dotacións que antes tiña este centro, que contaba con cociña, non se van repoñer. Parécenos tamén indispensable que por parte do Concello se faga un seguimento e se presione para garantir que un servizo como o do comedor escolar se poida seguir disfrutando e ademáis con cociña, non por medio de catering.
Durante o mandato do BNG, como todos saben, impulsáronse a existencia de comedores escolares en centros que non contaban nin sequera con instalacións de cociña, porque precisamente a Consellería de Educación fixo

deixación das súas competencias neste sentido e tivo que ser o Goberno municipal quen viñera paliar esa situación porque lle damos importancia a existencia dun servizo que redunde en beneficio dos intereses da familia, que os dous membros da parella poidan estar no mercado laboral con certa comodidade e ademáis redunda tamén en beneficio de que non perda o ensino público ó seu alumnado en beneficio do ensino privado que si oferta todos estes servizos.

Por todo isto o que propoñemos o Pleno da Corporación son os seguintes acordos:

Que se dirixa ó conselleiro de Educación para demandar a máxima axilización das obras de construcción do colexio Doutor Fleming para asegurar o reinicio das actividades educativas no novo edificio no prazo máis curto, poñendo como limite o mes de xaneiro de 2005.

A realización completa do proxecto dotando ó novo centro de servizos de cociña e comedor, repoñendo a totalidade dos servizos dos que dispuña antes das obras esta comunidade escolar.

Iniciar un proceso negociador entre a Conselleria de Educación e o Concello dirixido a asegurar a participación da Xunta de Galiza no financiamento dos comedores escolares existentes en Vigo e que están a cargo do Concello.

SR. SOTO FERREIRO: En xeral moi de acordo ca moción excepto cun pequeno matiz que a min me parece que dende o Concello non debemos entrar nel que é o tema de se ten cociña ou non. Podemos dende o Concello mirar que se garanta a mellor alimentación posible dos nosos rapaces pero iso se pode facer cociñando alí ou non.

En todo o demáis estou totalmente de acordo e paréceme procedentísimo pero non entraria nese detalle tan de debate dos propios centros e do conxunto da ensinanza. ¿Quen nos garanta que polo feito de que teña unha cociña particularizada van ter unha alimentación mellor que se é unha xeralizada pero cun control?

Tampouco é que me pronuncie a favor diso pero o que dende logo quero pedirlle e que non se manifeste exclusivamente a favor dun dos sistemas posibles de servizo.

Se o catering non é bo, que ise pode ser outro tipo de discusión, aí si que tiñamos que intervir. Debemos asumir todos a responsabilidade de controlar nese sentido e é máis fácil controlar a un servizo que a varios. Outra cousa é non soamente se o catering é bo en canto á cualidade e á composición das comidas. Por certo, esa taxa de obesidade dos nenos en

Galiza é altamente preocupante e polo tanto a dietética é unha das cousas importantes que temos que coidar como moitas outras. Eu non o levaria ó pormenor de se teñen que ter cociña todos e cada un dos centros escolares de Vigo. Tamén podemos ter o control de se as comidas se serven quentes ou non, outra cousa polo tanto é que haxa quentapratos, é dicir, eses obradoiros de cociña onde se poden facer mantementos e axeitamentos. Se vostede fala diso encantado, se fala de cociñar en sí, de que se teña que facer cociña en cada centro, eu pediríalle que iso o retire.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto para apoiar a moción nos seus tres puntos, de todos os xeitos hai que aproveitar precisamente para que teñamos a mellor información sobre o que se denuncia nesta moción.
Eu tiven a honra de facilitar todos os esforzos para que se asinara o convenio para a construcción do colexio Doutor Fleming; tamén de estar presente cando viu o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que non nos visita moito por desgracia e que de vez en cando cando ven por aquí nos da unha pequena alegría que logo ó mellor non vemos concretar moi rápidamente como é Formación Profesional ou a escola de imaxe e son ou a escola superior de arte dramática, anuncios que por certo deu o día da primeira pedra.
O que é quizás de lamentar é o retraso no inicio das obras; a primeira pedra púxose moito antes de rematar o 2003, creo que é o momento para que tiñamos información por parte do Goberno do porqué dese retraso no inicio das obras que é o que en definitiva vai impedir que comezara este curso escolar e non digamos que non poidan facer o traslado durante as vacacións do Nadal. Creo que hai que facer o máximo esforzo neste tema.
Do mesmo xeito creo que é conveniente que neste Pleno se disipe o que na moción está presentado como un ruxe-ruxe. Creo que é tamén importante que quede despexado o absoluto ou imprescindible que ten que ser que o colexio Doutor Fleming, un dos colexios estandartes da cidade, teña ese servizo historicamente dende hai moito tempo, servizo que por certo correspondía á responsabilidade da Conselleria de Educación, quizáis por iso o tema da cociña-comedor porque por desgracia nos centros públicos de Vigo hai poucos que dispoñen da absoluta tutela da Conselleria de Educación e foi o esforzo do Concello e do Goberno anterior o que conseguíu que se estendera o servizo de comedor a un gran número de colexios de Vigo.
Quizáis a reivindicación que ven aquí é porque xa este centro tiña cociña e comedor e por iso é tan importante manter nun centro, que repito, é o

centro da maior matrícula de Vigo e non vai correr ningún perigo de que perda escolares. Quiza por iso compriría que tiveramos esa información para tranquilizar ós nenos, pais e nais da comunidade escolar porque creo que sería importante que dende este Pleno estivera xa o tema clarificado.
Por suposto apoiar tamén o punto número tres. Creo que sería importante que dende o Concello e a Consellería de Educación se faga o máximo esforzo para que a Xunta de Galiza contribua ó financiamento dos comedores escolares que é unha cousa que está totalmente ó marxe.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre o tema da moción coa que nós estamos de acordo, teño que dicir que se fixeron varias declaracións sobre o tema da execución das obras.
A obra de construcción de Doutor Fleming ata o replanteo foi de principios de febreiro, a primeira pedra púxose cando xa estaba demolido o edificio o 26 de marzo, mesmo o 8 de maio xa estaban no primeiro andar.
O retraso que explican os técnicos é debido a que no terreo apareceron certos buratos, non é un terreo uniforme e iso retrasou. Ademáis hai outra cousa que explica tamén a empresa constructora que é que o revestimento de ladrillo vista ten o problema de atopar obreiros que o fagan, quizais por iso, sobre todo polos buratos que lle supuxeron un estudo complementario do soto do edificio, foi o que retrasou as obras.
É certo que está prevista a posta en marcha do novo centro para xaneiro e así o di a Consellería de Educación.
En canto ós servizos que tiña o centro de comedor e de cociña, é certo que o servizo xestionábao o propio centro e que tiña unha cociña, pero a instalación da cociña tiña máis de vinte anos e a nova obra ten subministro de gas cidade e non se sabe se a antiga cociña podería adaptarse a el pero de todas maneiras, falando coa Delegación, confirmaron que se a cociña non serve van poñer outra nova que se adapte ó centro. Trinta mil euros, cinco millóns de pesetas é a cantidade que supón esta nova cociña.
O rumor que xa coñece o director do centro é que a cociña, segundo as declaracións da Consellería de Educación, vaina poñer a propia Consellería e eu creo que, excepto algunhas dúbidas, estamos de acordo co contido da moción.

(No momento da votación estaban ausentes os señores Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteun membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, señora Martíns Vilanova, para que dende o Concello se inste a axilización das obras de construcción do novo colexio Doutor Fleming dotándoo ademais dos servizos de cociña e comedor, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

32.- (262).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A NON CONVOCAR O CONCURSO PARA A XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN DE EXPENDEDORES DE TIQUES PARA A REGULACIÓN DO APARCAMENTO NA VÍA PÚBLICA (ORA).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

"O próximo 31 de decembro remata o prazo concesional da Explotación de Expendedores de Tiques para a Regulación de Aparcamento na Vía Pública, máis coñecido como ORA.

Se o obxectivo da ORA era regular o uso do aparcamento en superficie en distintas zonas da cidade, para asegurar a rotación, o Grupo Municipal do BNG expresa o que pensan unha maioría de vigueses e viguesaas: a ORA non ten cumpridos os seus obxectivos, e só ten servido para que unha empresa arrecadase cartos da cidadanía sen prestar ningún servizo, pois nunca houbo rotación. Evidentemente a empresa estaba só interesada en que o conductor abonase a taxa por aparcar, importándolle pouco a rotación. Máis ainda, a rotación foi o "reclamo" para asegurar o negocio de cobrar o aparcamento en "zona pública".

Por outra banda, a incapacidade legal, ratificada en sucesivas sentenzas, dos vixiantes para denunciar estacionamentos non conformes coa Ordenanza e a propia redacción no mesmo senso das leis, impiden asegurar ningunha vía de xestión realista.

Cómpre polo tanto, dende a perspectiva do BNG, tomar a determinación de non volver a convocar un concurso para un servizo inxistente.

Por outra banda, o artigo 14 do Prego de Condicións vixente establece: "Revisión e rescate.- As máquinas expendendoras, elementos auxiliares e todo o material pasarán a propiedade municipal en perfectas e axeitadas condicións de uso, e libres de calquera tipo de cargas, gravames ou arrendamento ao vencimento da concesión."

Xa que logo, contra final do ano presente, os elementos deben revertir a esta Administración, sendo preciso, en primeira instancia, asegurar que todo revirte ao concello nas condicións establecidas no art. 14 antes citado.

Polo demais a reversión anteriormente citada, e a actual Ordenanza fiscal, convenientemente modificada, permitirían, se fose preciso, o establecimento de zonas ORA baixo control municipal.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:
1.- Non convocar, en ningún caso, o concurso para a xestión da explotación de expendores de tiques para a regulación de aparcamento na vía pública, coñecida popularmente por ORA.

2.- Instar ao Goberno Municipal, para que adopte as medidas de todo tipo precisaspara asegurar a reversión ao Concello dos bens descritos no artigo 14 do Prego de condicións vixente, nas condicións alí expresadas.

3.- Acordar, de xeito anticipado, para o debate das Ordenanzas Fiscais do ano 2005, modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora das Taxas por aproveitamento especial da vía pública con etacionamentos de vehículos de tración mecánica en determinadas rúas municipais suprimindo o artigo 6 referido á xestión da taxa por concesionaria.

4.- Encargar ao Departamento de Tráfico e Seguridade, a redacción dun Plan restrictivo, de definición de rúas con aparcamento controlado por medios propios, combinado cun Plan de aparcamentos sotárregos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: O obxecto da moción está perfectamente explicitado. Baixo o punto de vista do noso grupo a coñecida popularmente como ORA, unha concesión realizada no ano 1989 que nunca contou co noso apoio porque dende o principio expresamos serias dúbidas de que o servizo en si mesmo existira e a experiencia destes anos danos a razón.
O mal chamado "servizo", que pido en acta que vaia entre aspas, da ORA non cumpre ningunha misión apreciable para os cidadáns de Vigo se non é un puro sistema de recadamento de cartos por vía indirecta porque se fai directamente por medio dunha concesionaria, está na propia ordenanza e non aporta absolutamente nada á xestión do tráfico da nosa cidade.
Foi un negocio no que a rotación sirvíu como sistema puramente de reclamo. Casi rematado o contrato, porque remata este 31 de decembro, o noso grupo municipal propón a este Pleno que non se covoque máis o concurso da famosa ORA porque a propia experiencia da e quita razóns.

En segundo lugar que en aplicacións do artigo catorce do prego de condicións que é moi claro, que todo o material adscrito á concesionaria pase en perfecto estado ó Concello de Vigo; sen cargas, sen gravames e en perfecto estado. Dío o artigo catorce do prego de condicións administrativas e polo tanto o Concello de Vigo, tratándose dun asunto de reversión, que poña en marcha os mecanismos técnicos para que ese traspaso se produza adecuadamente.
Por último, encargar ó departamento de Tráfico e Seguridade a redacción dun plan restrictivo de definición de rúas con aparcadoiro controlado por medios propios, por medios municipais, combinado cun plan de aparcadoiros subterráneos, asunto do que xa temos discutido nalgunha comisión derivado precisamente daquel acordo que xa vemos vencido; recentemente na propia Xunta de Goberno local tratouse precisamente a renuncia expresa do Consorcio da Zona Franca á construcción daqueles tres parques pero en todo caso, como xa eu mesmo expresei naquela comisión que se reunira, é precisa a elaboración dese plan de aparcadoiros subterráneos que sustente a necesidade evidente de suprimir automóbiles de superficie aportando as prazas de aparcadoiro necesarias para conseguir un retratamento distinto, sobre todo do noso centro.

SR. SOTO FERREIRO: Que o Bloque hai unha chea de anos estivese en contra desta opción pode ser entendible; que pasen unha chea de anos e sigan na mesma postura é simplemente non vivir nos tempos en que vivimos.
¿Cantas cidades do mundo, cantas cidades de Europa teñen ou deixan de ter un servizo como o de agora? Eu non digo que todos os que digamos que si imos ter razón, ó mellor todas as cidades europeas están trabucadas e ten razón o BNG e imos implantar un sistema novo aquí ou non sei se en Galiza, supoño que agora o pedirán para toda Galiza. O que non sería entendible é que dixaran non en Vigo e noutras cidades de Galiza si.
Vostedes terían que falar con rigor e vou dicir moi claro que o sistema da ORA funciona mal pero o fai por dúas razóns. Primeiro por unha falla de vontade da empresa que evidentemente non está cumprindo o prego de condicións; segundo por unha mala xestión do Concello que non obriga á empresa a cumprir o prego de condicións e terceiro por algunhas decisión que me parecen francamente incomprensibles. Por exemplo, cando vostedes falan de que esta empresa ten un afán meramente recadatorio, da empresa máis ou menos podo entedelo, pero o sistema concesional non.

A min resultame absolutamente incomprensible. Teño aquí unha certificación dunha acta do 28 de decembro de 2001 na que se acorda quitarlle á concesionaria o tema dos gastos e o tema dos cepos dos vehiculos pásano a un novo servizo; por facer ese servizo que a concesionaria estaría obrigada a manter sen lle custar un peso ó Concello, vostedes pagan sete millóns setecentas cincuenta e seis mil cento oitenta e unha pesetas.
Isto por unha banda. Logo entramos en cumprimento ou non das cousas, imos dicilo: non se cumpre o horario que está establecido no prego de condicións, adiántolles unha opinión e compróbena cando queiran. Non se tratan os materiais coa pulcritude que deberan; dende a Corporación pasada na rúa Brasil esquina México foi golpeado por un coche e estivo dobrado e sen funcionar un dos postes da ORA e nin no Goberno anterior nin neste foron quen de obrigar á concesionaria a que o puxeran no seu sitio; é máis, leva cinco anos sen colocar un sinal na esquina de Venezuela con Blein. Longos e fragantes incumprimentos da empresa concesionaria e dunha lenidade na xestión muncipal lamentable.
Non hai ningún servizo privado que non se desmande se non hai un control público porque teñen tendencia a acadar todos os cartos que poidan e ir pasando con respecto ó cumprimento de servizos. Aí é onde temos que estar nós e eu non me resigno a que un servizo funcione mal porque senón largamos a todos os servizos e todas as concesións que hai en Vigo e a continuación rexeitamos a súa concesión.
A ORA si ten que funcionar, funciona ben en moitos lugares de Europa e non ten porqué funcionar mal en Vigo. Non soamente hai que lle facer cumprir o prego de condicións a unha nova concesionaria, que ogallá sexa nova, salvargando como facemos sempre os dereitos dos traballadores, é dicir, que a empresa que acade unha nova concesión asuma o cadro de persoal que ten coas condicións que ten.
Dito iso temos que nos poñer a redactar un prego de condicións que ten que mellorar o que se fixo hai unha chea de anos porque é manifestamente mellorable, entre outras cousas con respecto ás técnicas coñecidas hoxendía e con respecto á experiencia de hoxe, variando as posibilidades de aparcadoiro en hora e media en vez de dúas horas, poñendo aparcadoiros de media hora, poñendo tarxetas para residentes que teñan unha bonificación para que lles custe moito menos e dándolle difusión porque teoricamente hai cousas que existen pero se o Concello non as explica, se non as di ós cidadáns, non saben que existen e non as empregan como esta que lle acabo de dicir.

Dito doutro do xeito, eu estaría pintando os aparcadoiros dun en un con numeracións porque os traballadores ás veces non se ven realmente quen de dicir se un coche cambiou un sitio para adiante ou para atrás.
Temos que cambiar moitas cousas, estou de acordo con vostede. Temos que sacar un novo prego de condicións moi diferente do que hai, pero suprimir un servizo que pretende unha rotación nos aparcadoiros de superficie, a min paréceme que cometerían un gravísimo erro e polo tanto nós, se manteñen ese tipo de proposta, non poderiamos votar a favor desa moción.

*Neste intre unha persoa presente no salón de Plenos interrompe a sesión manifestándolle a Presidencia que a recibirá ó rematar a sesión do Pleno.*

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Se me permiten, porque creo que o tema é moi importante, empezarei cun pequeno toque de "doutrina" respecto ó que supón a ORA.
Eu creo que a aceptación do discurso de moderación do tráfico en xeral que obviamente significa a reducción do número e da velocidade dos vehículos en rúas urbanas é algo absolutamente xeralizado en toda Europa, en todas as ideoloxías e en todos os grupos políticos que temos responsabilidades municipais.
Creo que restrinxir o uso ou polo menos restar atractivo ó vehículo privado, a ese armatoste dunha tonelada e media e dez metros cadrados, que na maior parte das ocasións fai percorridos curtos e ademáis cun só pasaxeiro, é absolutamente xeralizado en todas as forzas políticas e cada vez máis en todos os cidadáns.
É necesario potenciar o uso público dos transportes, peonalizar, son necesarias moitas medidas nas que dende logo nunha concellería de Tráfico ou de Mobilidade como se chama agora, hai que potenciar decididamente.
É por iso que as actuacións en cidades grandes e medianas pero tamén en pequenas e mesmo en vilas medianas, teñen o servizo aquí coñecido como ORA precisamente para disuadir o uso do vehículo privado sobre todo no centro das urbes. Isto é o que supón o estacionamento limitado coñecido aquí como ORA, é unha das medidas pero hai moitas outras ainda que a ORA é unha das imprescindibles a tomar en calquera cidade que se precie, senón acaba sendo unha aldea. Creo que ademáis é unha estratexia suave de restricción do aparcadoiro que ten grandes virtudes como permitir a actividade comercial nos centros, mellorar a calidade de vida dos residentes, tema que hai que salientar porque os residentes por unha modica taxa teñen posibilidades

sempre e cando obviamente se leve a cabo todo o que se comprende no prego de condicións da concesión destes servizos.
Eu dende logo tiña perfectamente claro despois da campaña que iniciei en contra da dobre fila e outras infraccións importantísimas, como o estacionamento no carril bus, paradas de bus, etc, que todas estas medias van na misma dirección.
O que ía facer a continuación ía ser precisamente traballar por conquerir que a rotación das prazas de estacionamento limitado se convertira realmente en efectiva e facíao dun xeito absolutamente interesado para mellorar a mobilidade na cidade porque eu entendía que moitos dos aparcamentos en dobre fila, moitas das infraccións se realizaban precisamente por eses vehículos que chegan á hora de entrada no traballo ou no estudo, poñen o seu coche e está alí todo o día, polo menos as oito horas. Iso é algo que temos que modificar rotundamente, toda a filosofía do estacionamento limitado é que precisamente sexa por un tempo limitado e que sexa efectiva esa rotación que é absolutamente imprescindible.
Creo que retirar agora unha iniciativa deste tipo e mesmo poñela en discusión é enormemente negativo porque temos que profundizar na modificación dos hábitos do comportamento cidadán cara a que mellore a mobilidade e esta é unha das medidas absolutamente imprescindibles porque medidas deste tipo perden eficacia se falla a convicción na súa aplicación, se non se pon un esforzo para que isto funcione como Deus manda, absolutamente pérdese toda a efectividade da medida. As gráficas indícano claramente; dende o seu inicio no que o funcionamento da ORA casi conquería toda a rotación que podía permitirse, entrou en barrena a partir de criticas rotundas a un servizo que ó mellor naquel intre non se comprendia totalmente, pero que realmente van as cousas por aí, ata están empezando a cobrar por entrar nos centros urbans da cidade e non é só o caso de Londres.
Se se mira despois como o servizo entra en barrena, curiosamente os anos en que funciona peor son os gobernados por maioria absoluta polo PP e extráñame que, a pesar de que en efecto a filosofía do BNG foi máis ben contraria a este tipo de servizo, é precisamente coa a asunción do BNG na responsabilidade de Seguridade e Tráfico que volveu recuperarse o funcionamento, a mobilidade e a rotación neste servizo, empezou a recuperar equilibrio económico e está hoxe nunha situación que supón unha aportación orzamentaria ó Concello que creo que debe adicarse precisamente a mellorar ó tráfico que é un dos problemas fundamentais que se sinte na cidade.

Extráñame polo tanto a proposta do BNG que sería ir para atrás nesta filosofía que eu estou defendendo. Que agora esteamos totalmente de acordo con moitas das criticas do funcionamento da empresa concesionaria, que se poida conquerir un moito mellor servizo, eu era plenamente consciente, ata o punto que a continuación da dobre fila tíñao como obxetivo crucial.
No novo prego de condicións creo que deben de ir avances que dende logo vaian na dirección de asegurar esa rotación, mesmo con incentivos a empresas se é necesario e por suposto que mellore a recadación para que este servizo sexa equilibrado; que haxa vehiculos con lector de matrículas, que haxa sistemas de control e transmisión de datos a través do PDA que facilitan as denuncias, que realmente en contacto co Concello e coa sala da Policía teñamos absoluta seguridade de que se poden tomar todos os medios para que non exista o cara lavada que pon o seu coche durante todo o día restando a posibilidade dese servizo para a maioría dos cidadáns que é para o que está pensado.
Os que tivemos recentemente responsabilidade nesta área sabemos que, por exemplo, conforme o artigo 14 do prego de condicións, que nos volvan absolutamente libres de cargas as máquinas expendedorasm, etc., non vale nada porque esas máquinas expendedoras son un modelo absolutamente obsoleto, antigo, que cando necesitan ser reparadas ten que ir o servizo do Concello a conquerir as pezas doutros Concellos que podian ter almacenadas estas máquinas expendedoras antigas porque a partir de agora entre outras cousas o emprazamento desas máquinas vai ser moito máis axeitado porque se están impoñendo con enerxía solar, co cal non tes que depender tanto dos cables, conexións, etc. O actual servizo está tan antigo e hai tantas posibilidades de futuro que non hai que dubidar hoxe de algo que contribue a que haxa menos vehículos no centro da cidade.
Non temos números de canta xente colle o bus público para ir ó seu traballo, á súa escola, precisamente porque ten a dificultade de que non ten aparcadoiro, estarían todos os sitios ocupados dende as primeiras horas da mañá ou da tarde. Sería unha auténtica locura que obviamente iría en contra das melloras de mobilidade que todos podemos defender. Suporía ademáis tirar a toalla da necesaria moderación de tráfico que todos defendemos e dende logo na restricción dos usos irresponsables dos vehículos privados como estamos comentando; sería darlle facilidade a que eses usuarios de vehículos ocuparan máis espazo nunhas vías públicas que todos estamos reclamando que cumpran as súas funcións de relacións sociais. Nunha cidade que vive ademáis dunha fábrica de vehículos non quero ser

absolutamente contrario, pero os coches privados son para o que son e o transporte público, as pernas e o paseo son tamén para o que deben de ser, para disfrutar mellor que seguro que vai ser moi apropiado para os cidadáns.
Polo tanto creo que da moción presentada polo BNG hai que aproveitar que se avance nese plan de aparcadoiros subterráneos, cousa na que está traballando o Goberno municipal polo que sabemos dos medios de comunicación e que é absolutamente imprescindible porque ademáis eu sería totalmente partidario cara o futuro e creo que o prego de condicións o debe tamén prever, que na medida que vaimos tendo aparcadoiros subterráneos na cidade e en todas as áreas fundamentais, vaiamos restrinxindo cada vez máis os aparcadoiros de superficie. Eu sería absolutamente partidario diso, sería partidario de que hoxe zonifiquemos a cidade e onde é o mesmo centro, máis caro e menos tempo e conforme nos vaiamos apartando, máis tempo e máis barato. Un cambio absoluto que forma parte da filosofía que eu penso que realmente é moderna.
Por iso eu penso que o BNG irá modificando pouco a pouco, como xa modificou na práctica no Goberno anterior, a súa proposta respecto a isto que é unha medida máis, quizá a máis impopular ou a medida que supón por uns centimos. Eu a verdade que cando atopo unha praza de ORA alégrome porque os aparcadoiros subterráneos realmente, e é outra cousa sobre a que temos que actuar decididamente, son demasiados caros. Hai que actuar tamén nesa dirección.
Polo tanto lamentamos ter que rexeitar a proposta que fai o BNG, estamos fartos de falar da gran cantidade de traballos, de tarefas que ten a Policía Municipal e que por desgracia non pode cumprir, creo que hai elementos de xestión que hai que mellorar, estamos fartos de falar de que non temos números suficientes da Policía Municipal como para colmo poñer á Policía a cumprir os servizos que están a facer os traballadores actuais da ORA e que, aínda que sexa cunha fórmula diferente á que propón o BNG, sería absolutamente unha marcha atrás e estou convencido que ninguén nesta Corporación está nesa dirección.

SR. COELLO BUFILL: Teño que agradecer as palabras de Xulio Calviño e tamén do señor Soto sobre os criterios xerais que tratamos de defender para a continuidade do estacionamento limitado coñecido como ORA.
Dende o Goberno cremos que a ORA debe existir, que é unha recoñecida e contrastada boa práctica na xestión da mobilidade, pero debe de ser

insertada, neso estou de acordo co señor Calviño e co señor Soto, nun plan modelo máis amplo de mobilidade sostible. Actuar coordinadamente, como coa mellora do espazo das nosas beirarruas e, señor Toba, estamos facendo todos un esforzo en Vigo 2005 ampliando as beirarrúas e gañando espazos para os peóns, co cal a filosfía é a mesma: evitar por todos os medios ó noso alcance o aparcadoiro ilegal. Difícil e complicado pero ímolo conseguir.
Como xustificación a esta doutrina o aparcadoiro debe ser una ferramenta de traballo para a racionalización e control do vehículo privado e lograr ese difícil equilibrio entre promover a accesibilidade e controlar a conxestión. Pero non ten porqué ser unha solución illada, debe estar integrado nun modelo de mobilidade que contemple os outros medios de transporte; se vostedes madrugaron estes días verían que a Gran Vía, no tramo ascendente dende Praza América ata Praza de España, está pintada con franxas laranxa para favorecer o transporte público que vostede máis eu queremos.
Todos os grupos aquí presentes queremos o mellor transporte público da cidade e teremos que traballar conxuntamente, por iso temos implementado en pouco tempo dous carrís. Un que rescatamos en García Barbón que estaba esquecido, un carril difíl que agora puxemos en funcionamento e o tramo ascendente dende praza de América ata a praza de España e imos seguir por aí, que non caiba a menor dúbida porque estamos gañando viaxeiros, don Xoaquín da Costa tiña clara esa perfección e nós apostamos por un transporte público e colectivo dos mellores de Galiza e creo que se está conseguindo.
A estratexia xeral de mobilidade na cidade ten que ser un conxunto, as políticas tarifarias de todos os sistemas de aparcadoiro evidentemente temos que as contemplar no seu conxunto e por iniciativa da señora alcaldesa incitar en próximas datas a todos os aparcadoiros baixo superficie da cidade. Haberá que contemplar o equilibrio económico e financeiro das empresas e tamén as concesións.
Por último dentro destas motivacións hai que ter en conta ó sector terciario, os despachos de avogados, médicos, a moita xente que traballa no centro de Vigo e noutras áreas periféricas de Vigo e as estratexias comerciais do centro urbán. Soamente con fórmulas integrais poderemos abordar a mobilidade e o transporte cun custo individual e colectivo razoable e tamén sostible a longo prazo. Debe terse sempre presente que a demanda de aparcadoiro no centro das cidades non é homoxenea xa que a

duración do estacionamento e o motivo da viaxe configuran diferentes tipos de usuarios que requiren respostas diferentes.
Por exemplo aqueles usuarios que empregan curtisimamente os tempos de estacionamento, aproximadamente trinta minutos para facer unha xestión curta. Se van todos ós aparcadoiros subterráneos loxicamente entre que saen e entran se vai o tempo. Pero se conxugamos os aparcadoiros subterráneos máis os que poidamos facer en superficie, estamos adecuando a demanda.
Estou de acordo en que a xestión do aparcadoiro en superficie debe incidir fundamentalmente na rotación e tamén en que os fins da concesionaria non se estaban cumprindo. Conseguir que unha praza a usen nunha hora nove vehículos, non como se está facendo na actualidade que hai que impedir por todos os medios que un só coche a empregue nove horas. Voulle dicir máis, as boas prácticas neste sentido demostran a súa eficacia en actuar sobre o 25 ou 35% aproximadamente de conductores que eu chamaría de conductas ilegais irreductibles pero que os imos a erradicar.
Téñase en conta que en cidades deste tipo, como media a distribución por tempos, actividade e tipo é a seguinte: Xestión e compras, dúas horas aproximadamente; eses conductores irreductibles e ilegais empregan un 25%. En xestións e compras, sector terciario e comercio legalmente empregan un 40%. No traballo, en dúas horas, estudos de campo feitos, os irreductibles e ilegais empregan un 10%. Os que poidamos dicir que empregan conductas cívicas e non vandálicas un 25%.
Entre as vantaxas manifestas da regulación do aparcadoiro en superficie figuran as seguintes: Mellorar as condicións do tráfico como xa se expuso; diminue ou anula a ilegalidade; permite optimizar a vixilancia e polo tanto o cumprimento e elimina o estacionamento de longa duración e imos seguir por esa conducta; favorece a utilización dos transportes colectivos e o modo a pé nos desprazamentos ó centro, especialmente os motivados polo traballo; permite maximizar a utilización da oferta de estacionamentos axustando a demanda e establecendo prioridades en función da duración e o uso; impulsar as actividades terciarias especializando unha parte da oferta ás características da súa demanda de curta duración. Aquí se dixo en varias cidades, pero eu lle digo nun apunte a maiores que xa no ano 19, a comezos do século pasado, Berlín apuntaba a necesidade dunha regulación dos aparcadoiros a certas horas do día e París introdúxoa no ano 57 e non o abandonou ata as nosas datas que eu saiba. Pero lle quero dicir que é certo totalmente que os obxectivos da rotación son manifestamente mellorables.

Niso temos que traballar os grupos, hai que axustala á realidade e avanzar no camiño da súa eficiencia. Dixo tamén o señor Calviño que dende o ano 96 aproximadamente notamos unha curva ascendente, sostible e moderada na ocupación e na rotación das prazas de estacionamento limitado. Iso hai que o mellorar, hoxe en día hai melloras e recursos técnicos e tecnolóxicos que temos que poñer a disposición da nosa Policía Local.
Para rematar, señor Toba, hai que mellorar o contrato da concesión e abandonalo agora paréceme que non é cuestionable.
Por último, e coincido co señor Calviño, podese admitir un centro urbán que todos queremos sen aparcadoiros na calzada. Creo que iso o temos que ter como un obxetivo prioritario ó que nos debemos dirixir.

SR. TOBA GIRÓN: Gracias polas intervencións antes de nada pero eu non vou facer doutrina nin vou facer teoría de xestión de tráfico, pero vou pedir coherencia e un pouquiño de coñecemento de cómo funciona un contrato que eu coñezo perfectamente.
Para empezar acorden as distintas douctrinas que parecen compartillar. ¿Trátase de restrinxir o acceso ós centros como dicía o señor Calviño ou trátase de conseguir a rotación nos centros? Unha cousa e outra non casan porque se efectivamente o que queremos é a rotación é que queremos que se use moito o centro urbán, que haxa máis oferta de aparcadoiro, mesmo se vostedes queren barato en relación co que custa un aparcadoiro subterráneo e queremos que haxa máis oferta de aparcadoiro por vía de incrementar a rotación porque do que se trata é de restrinxir, trátase de impedir o aparcamento en superficie no centro ou en zonas determinadas do centro da cidade.
Polo tanto aqueles que elaboren doutrina que se poñan de acordo nesa doutrina porque o que nós temos claro é que nin unha nin outra. Non hai rotación e eu remítome ós datos da propia experiencia. Unha cousa é discutir indices de ocupación e cobro, que os coñezo perfectamente por ser Concelleiro de Facenda durante catro anos anteriores e por ter tido que atender unha reclamación económico-administrativa da concesionaria que nos custaba cincocentos millóns de pesetas e eu teño moi discutido se se facilita a rotación ou non porque a rotación non se facilita, pero ademáis mesmo se a facilitaramos, facilitariamos o acceso ó centro co cal a teoría do señor Calviño cae por simple demostración de reducción ó absurdo, nin máis nin menos.

¿Trátase tamén de disuadir o acceso ó centro? Eu tamén coñezo moitos datos dos anos pasados e son perfectamente consciente de que non se disuade o acceso ó centro, regúlase, o tráfico non se resolve, xestiónase. Pero teño moi claro que nin sequera así se blinda o acceso ó centro no noso Concello. Digo máis, vostede ten un informe dun técnico de tráfico; dígalle a ese técnico de tráfico que lle informe dos problemas de risco que ten derivados do tráfico cautivo de persoas que están buscando praza no réxime da ORA. Eu xa tiven un informe solicitado por min sobre ese tema e créame que si que se crean problemas de risco por tráfico cautivo buscando unha praza que non aparece nunca ou que aparece en contadas ocasións porque a rotación non funciona e como mecanismo de disuasión nin unha cousa nin a outra.
Pero é que ademáis a cousa vai a máis porque as dúas teorías se contradín en absurdo final. ¿Trátase de evitar o acceso ó centro? Pois si, de acordo, entón lle cobramos ós residentes. Un residente en calquera rúa de ORA por aparcar en espazo público, cousa que facemos tamén os que non vivimos en zona ORA ten que pagar. ¿Cómo imos disuadir ós residentes de que non aparquen? Isto permite ademáis un coletazo sobre a segunda teoría: ¿Cómo imos disuadir ós residentes da rotación? ¿Cómo imos reducir o acceso e facilitar a rotación se estamos falando de residentes? ¿Qué sentido ten a tarxeta de residente senón pura e sinxelamente "sablear"? Ningún, nin se regula a rotación nin se regula o acceso ó centro, todas as doutrinas que emanan das súas intervencións se reducen ó absurdo e o absurdo é o que coñecemos os cidadáns de Vigo.
Pero aínda lle vou dar unha volta máis ó seu absurdo para que o vexan con valentía, porque como dicía un refrán "as cousas son sempre igual ata que deixan do ser" e hai un momento en que hai que ter cabeza fría para tomar unha decisión. Nin disuadir nin rotar porque ademáis hai unha cousa que se chama abonos, eu collo un bono co prezo dun ano que non vou citar porque hai prezos por trimestre e por ano; a mín ese prezo por trimestre ou por ano non me disuade, pola contra teño un bono que teoricamente me facilita a chegada ó centro e ó final exculpa a falla de rotación do meu automóbil.
En conclusión non serve para nada, a contradicción en termo é tan grande que é imposible de conxeniar porque o bono de residente a quen lle interesa é á empresa porque o residente simplemente exerce o dereito de aparcadoiro en rúa pública que eu exerzo libremente sen pagar taxa e ó residente nin o vou disuadir de que aparque alí, nin o vou disuadir de que rote porque reside alí, esa praza está ocupada. Collan vostedes todos os residentes sen

praza de garaxe nas zonas ORA e verán que practicamente están todas ocupadas.
Pero ademáis quen adquire un bono, ¿e se despois non atopa sitio? ¿se chegado o momento eu, que teño un bono para aparcar en zona ORA, achegome a unha zona ORA, eu paguei o bono e os meus cartos xa están ingresados pola empresa concesionaria, non teño praza? ¿En qué cabeza cabe o conxunto? As pezas non encaixan de ningunha das maneiras.
Sen teoría nin doutrina, que non era o caso da miña intervención aínda que como coñecedor do contrato sei moi ben como funciona e sei moi ben efectivamente que para a empresa os bonos e os residentes son, con perdón, un choio.
Independentemente diso, como funciona a ORA e o que é a ORA en Vigo o saben todos os cidadáns e dende o ano 89. As famosas curvas das que falaba o señor Calviño, que son curvas de ocupación e pago, derivan basicamente do cumprimento dunha norma que ademáis só a pode facer cumprir a Policía Local e iste é o último vericueto do absurdo porque se ó final non se cumpre, acontece o que pasou no ano 99, polas razóns que sexan, necesidades do servizo, etc., traen consigo problemas de desequilibrio económico financeiro da concesión. O resultado é que no ano 99 a mesma empresa concesionaria que se pasou os anos anteriores cobrando, presentounos unha reclamación económico-administrativa que gañou no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por un custo sobre un ano de cento setenta millóns de pesetas das daquela e por un custo global, ó decir do mesmo técnico de tráfico e doutros servizos, que rondaba os cincocentos millóns de pesetas.
O resultado ó final é ise ¿para conseguir qué? ¿Cal é o servizo que ó final ten o cidadán de Vigo que paga? Ningún, nin vai ser máis eficiente o acceso ó centro nin se vai producir a rotación porque ó final do que se trataría é de que todos tiveramos uns bonos e iso para a empresa sería fantástico porque ingresaría os cartos dende o primeiro día sen asegurarnos praza na famosa ORA pero os cartos están ingresados, cousa que non acontece se un aluga unha praza nun aparcadoiro subterráneo que estea reservada, pagas un alquiler trimestral ou anual pero tes unha praza reservada e neste caso non. Eu case me atrevería a empregar unha palabra para enunciar o que realmente ocorre pero non a vou a empregar. Cando un paga por algo que despois non se lle pode ofrecer ou non se lle asegura que poida obter póñanlle vostedes o nome. Esta é a realidade.
Outros problemas son os derivados evidentemente da herdanza que temos. Dicía o señor Calviño que todos os aparatos adscritos á concesión teñen un

valor residual indudablemente pequeno. Sei diso tamén e teño calculado o valor residual pero me dan igual os valores residuais, quéroos, son patrimonio municipal, son do pobo de Vigo, pagáronse e quéroos nas condicións que aparecen no artigo 14 do prego de condicións, a labor do Goberno é poñer en marcha os mecanismos adecuados.

O tema da ORA non se sostén, poden sostelo vostedes cos votos pero non se sostén en termos precisamente de regulación de tráfico. Hai un segundo problema ó que evidentemente chegado o caso o BNG non deixaría de lle plantar cara.

O que estamos propoñendo na nosa moción é nin máis nin menos que a municipalización do servizo con toda claridade porque só os funcionarios públicos poden actuar de forma coactiva sobre os cidadáns, principio de autoridade, vaian vostedes revisar a multitude de sentencias que hai a ese respecto. Queremos a municipalización e municipalización significa que o Concello de Vigo establece qué zonas e cánto tempo deben ser empregadas en rotación pero non se paga taxa por iso porque en moitas cidades de España tampouco se paga e hai zonas especialmente vixiadas con rotacións mesmo de quince minutos. Iso si que é rotación e estamos falando de zonas que efectivamente o necesitan.

¿Cómo non imos estar de acordo en regular o tempo que alí se estea? Regulémolo cos nosos medios, sen taxas, cos medios propiamente municipais e non caiamos en contratos coma este que acabo de analizar sucintamente pero que como ven é a contradicción de calquera doutrina ou teoría.

SR. SOTO FERREIRO: Señor Toba, vostede di algunhas cousas que son perfecta e absolutamente correctas e que non se poden facer doutro xeito, por exemplo cando cita o artigo 14 e que quere a reversión de todos os bens. Iso di o prego de condicións e o que hai que facer é cumplilo; outra cousa é que como dicía Xulio Calviño ó mellor vai coller todos eses aparatos e a ver onde os metemos porque nos vai custar cartos desfacenos en plan chatarra que iso é o que vai pasar con eles. Dende logo tamén estou de acordo con vostede en que hai que cumprir a lei neste sentido coma noutros ata o final.

Falar de políticas de branco e negro nisto é difícil porque cando non hai brancos e negros senón que o que realmente hai son matices en moitos sentidos, a discusión é realmente pertinente para chegar a algún fin. ¿A que fin? Hai tempo non era así pero nos últimos tempos todos estamos de acordo en que hai que primar o transporte público, digo todos porque antes

tradicionalmente os partidos socialistas non eran deste tipo de opcións, agora sí felizmente e ademáis me encanta escoitar ó representante do PP defender esas teorias. Pero iso mesmo require varias cousas.

Cando vostede fala, se fala en abstracto eu dígolle que a mellor maneira non só de que haxa rotación, senón de que realmente non se concentre todo o tráfico en Vigo é prohibir toda a entrada de tráfico en Vigo e acabouse. Evidentemente esa exposición maximalista non a sostén ninguén no mundo.

A partir de aí é modular. ¿Ou é que non hai tráficos inducidos polo feito de construir aparcadoiros subterráneos? e conste que son partidario de construir máis. Si que hai tráficos inducidos pero evidentemente está xa sabido que os tráficos inducidos que se producen son menores que o beneficio que produce o feito de que teñamos aparcadoiros subterráneos.

Coa ORA é exactamente o mesmo, trátase das dúas cousas, de disuadir e de rotar ó mesmo tempo pero cunha modulación que temos que estudar. Eu apostaría no novo prego de condicións porque haxa unha reducción de aparcadoiros nalgunhas zonas da cidade, por alongamento de aparcadoiros en outra, que se fose posible nas zonas que van ser peonís haxa unha drástica reducción dese tema, porque se amplien as zonas noutras moitas zonas da cidade que antes non estaban conxestionadas e hoxe polo desenvolvemento económico e comercial da cidade si o están.

Hai que facer un prego de condicións moi diferente do que temos pero en definitiva que o centro das cidades ou as cidades mesmas funcionen mellor porque cada día hai máis coches. Eu era Alcalde de Vigo cando se puxo esta ordenanza en marcha e dicía que había máis metros cadrados de coche que de rúas céntricas da cidade, é asi e polo tanto non poden ir todos ó mesmo tempo polo tanto hai que o regular con aparcadoiros subterráneos, con prohibicións de aparcadoiros nalgúns lados, con resticcións de aparcadoiros noutros, mellorando radicalmente o transporte público que é uhna das principais medidas con carrís bus e máis cousas. Polo tanto cun paquete de medidas, entre elas ista. En todas as cidades do mundo non só non se rexeita esta medida senón ó revés, se amplía o seu uso e en todo caso o qué se fai é escoller qué tipo de aplicación se lle da, iso por unha banda.

Logo está o tema dos residentes; dito con moita tranquilidade tamén hai que modular o seu aparcadoiro, ¿onde imos facer por exemplo unha zona peonil se permitimos que os residentes aparquen onde lles pete? De ningunha maneira, hai que meter algún tipo de restriccións neste caso. Podemos discutir como é a restricción, iso si, e isa é a discusión na que espero que esteamos todos xuntos algún día.

A verdade é que vostede é unha persoa que defende con gallardía e unha potencia cousas que parecen incribles e mesmo que ás veces ata parecen razoables. Pero se vostede analiza o tema no que está en comparanza co resto do mundo, unha de dúas, ou vostede descubríu a pedra filosofal e vai ter que convencer a todo o mundo de que está equivocado ou realmente, señor Toba baixese vostede nese sentido un pouco da burra, sumémonos a facer un prego de condicións radicalmente diferente do que hai en moitas cousas e metámonos nesa xeira que todos pensamos que é como debe ser.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Hai enfermidades que se curan cunha pasada pola Concelleria de Tráfico e eu recomendarialle esa maldade ó señor Toba. Estou seguro de que se lle tocara esa responsabilidade entendería moitas das cousas que obviamente temos que entender todos, esteamos na responsabilidade ou non.

A verdade é que se levamos ó último extremo o seu discurso, eu supoño que se fora Concelleiro de Tráfico, se en decembro remata a concesión, en xaneiro ou febreiro tería que poñer unhas fronteiras nas portas do centro da cidade e impedir pasar os vehículos e rematouse.

A verdade é que creo que fai unha mesturanza; polo que se refire a restrinxir ó acceso ou que haxa ou non rotación eu son partidario de ir avanzando en zonas peonís na cidade, temos que conquerir que en efecto haxa máis rúas da cidade en que os coches non poidan entrar, ten que ser estudado, ten que haber aparcadoiros. Vostedes avanzaron moito neste tema en moito tempo, pero tamén é unha realidade obvia que hai unha vida comercial, cultural, unha vida no centro das cidades que é absolutamente cambiar da noite a maña. Por iso dicía que era unha fórmula suave, unha restricción suave ter un control do estacionamento e por suposto asegurar a rotación.

Dende logo estou convencido que hai medidas impopulares, eu vivin unha loita contra a dobre fila que creo que supuxo unha mellora na mobilidade da cidade que foi recoñecida mesmo polos que tiveron que pagar algunha das moitas multas que se puxeron naquela data pero esa mellora recoñeceuse. Eu pódolle afirmar que con decisión asegúrase tamén que o servizo da ORA cumpra o servizo para o que realmente está proxectada e que se asegure esa rotación. Cada vez vai haber máis medios técnicos e nese prego de condicións teñen que estar eses medios técnicos; a partir daí á absoluta rotación se pode acceder, non ó cen por cen pero sí convencer cun labor de educación cidadá porque senón non avanzamos.

Tereille que dicir que tamén a súa teoría xurídica respecto ás posibilidades ou non dos vixiantes dos aparcadoiros da ORA están un pouco atrasados. Xa hai abondante xurisprudencia que di que é todo o contrario do que vostede di, mesmo xa non se presentan nin denuncias por esas multas porque está absolutamente resolto o tema e xa non ten que ser a Policía Local quen as pon.

Na moción non se entendía moi ben porque había unha contradicción entre suprimir o servizo da ORA taxantemente e logo unha municipalización para que a Policía Local se fixera cargo deste servizo; entrariamos nun tema tan complexo de discusión que creo que non ten moito sentido nestes intres cando estamos a falar das tremendas dificultades mesmo de manter un avance importantísimo que foi recoñecido polo Goberno actual municipal. Cando non temos esas posibilidades imaxinémonos meternos nun traballo maior.

Por último rematar que eu neste Pleno sentín unha certa demagoxía por parte de propostas respecto a pagar taxas ou non. Para mín as rúas da cidade e os aparcadorios son un ben público e é absolutamente normal que poñamos as medidas para que ese ben público se utilice da mellor maneira. Ese é o sentido de que haxa zonas de estacionamento restrinxido, ese é o sentido que ten que existan esas zonas.

Que aquí non saibamos aínda se se subiron ou non as taxas do lixo, por parte do BNG houbo unha abstención, parece que é moi popular non cobrar, de verdade, deixémonos desa historia, os servizos, os bens públicos teñen que supoñer un esforzo sobre todo se vai redundar nunha mellora da calidade de vida como eu penso que é a medida que se está a tratar.

E por último rematar pedindo que aínda que obviamente poderíamos discutir moito máis de doutrina e sería moi interesante, non hai técnicos, polo menos en Europa, non sei se en EE.UU, que defendan unha cousa contraria e pido un pouco de responsabilidade por parte de todos porque isto é unha cousa moi importante e non se pode xogar con cousas tan fundamentais como este servizo.

SR. COELLO BUFILL: Acollo a invitación do señor Calviño e invito ó señor Toba a pasar conmigo uns días no soto para coñecer o tráfico.

O Tribunal Contencioso-administrativo, a sección terceira, valor da denuncia do controlador do aparcadoiro vixiado, está a doutrina superada nese sentido.

En canto ós aparcadoiros ó mellor habería que os ter nos accesos á cidade; eu non coñezo se no plan xeral se poderían establecer en tales accesos na

Avenida de Madrid, na avenida de Baiona, de Pontevedra, determinados aparcadoiros disuasorios que favoreceran que ó tráfico mellorara no caso de disuadir ós conductores de vehículos privados.
Por último, se municipalizamos a xestión da empresa concesionaria ¿qué facemos cos traballadores? Eu supoño que hai certa dúbida para min porque se se municipaliza a denuncia soamente a pode facer a Policía Local e non entendo que se pode facer cos traballadores.

*No momento da votación está ausente a Sra. Alcaldesa-presidenta e exerce a Presidencia o primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con seis votos a favor dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro e Toba Girón, e dezaoito en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia,
ACÓRDASE:
Rexeitar a moción formulada polo concelleiro, Sr. Toba Girón, sobre a non convocatoria do concurso para a xestión da explotación de expendedores de tiques para a regulación do aparcamento na vía pública (ORA), co texto que se transcribe nos antecedentes.

33.- (263).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE REALIZAR XESTIÓNS COA ZONA FRANCA PARA QUE AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA ETEA PASEN A DEPENDER DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Nos últimos días estamos asistindo a unha serie de manifestacións con respecto ao futuro dos terreos da antiga ETEA. Todas coinciden en que se faga o que se faga alí, os actuais emprazamentos deportivos pasarán a mans do Concello.

Na actualidae a cidade de Vigo precisa de máis instalacións deportivas: máis piscinas, máis polideportivos, ximnaxios, etc. Así mesmo na propia zona de Teis adestran agora mesmo tres clubes de fútbol nun só campo como é o da Guía. Ante esta situación pódese asegurar que as instalacións deportivas da ETEA (piscina, campo de fútbol, polideportivo, ximnasio, pistas multiusos...) daría unha importante oferta, non só aos veciños e veciñas de Teis, senón tamén ao resto da cidade.

Dende o BNG vemos con preocupación o crecente deterioro que están sofrindo estas instalacións pola falla de uso. Isto pode ocasionar que no momento en que se vaian utilizar haxa que facer un forte investimento para a súa recuperación ou que algunhas delas estean xa inservbeis. Non parece de recibo que se existe a intención, manifestada pola propia Zona Franca, de ceder ao Concello o seu uso, se dilate máis tempo a súa utilización por todos e todas.

Por todo o exposto presentamos ao Pleno da Corporación municipal o seguinte acordo:

Que o Goberno municipal inicie de xeito inmediato as xestións coa Zona Franca de Vigo para que as actuais instalacións deportivos dos terreos da antiga ETEA pasen depender do Concello de Vigo a través do IMD e da Concellería de Deportes e poidan ser usadas pola cidadanía viguesa”.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós últimos días escoitamos e limos distintas manifestacións en torno ó futuro dos terreos da antiga ETEA.
Polo que limos na prensa e polo que escoitamos semella que todas estas manifestacións coinciden en que se faga o que se faga alí, dependendo deste concurso de ideas e das propias que teña Zona Franca, os actuais lugares deportivos pasarían a mans do Concello, de feito escoitamos reafirmarse nesta postura ó propio Delegado de Zona Franca. Son estas unhas instalacións e uns emprazamentos deportivos que non son moi pequenos senón todo o contrario e dende o BNG pensamos que son necesarios para a cidade xa que por citaren algunha cousa podemos dicir que alí hai unha piscina, un campo de fútbol, un polideportivo, un ximnasio, pistas multiusos abertas e a cidade de Vigo precisa destas instalacións e todos os veciños e veciñas, non só os de Teis, senón que tamén todos os de Vigo, verían con bos ollos que se aumentaran estas instalacións cando ademais, polo que se ven manifestando, sería sen custos para o Concello porque serían cedidas pola Zona Franca.
Preocúpanos que mentres se está estudando o concurso de ideas, mentres se pon en marcha o que alí se quere facer pase loxicamente un tempo e que

cando realmente se nos cedan estas instalacións estean totalmente deterioradas co que ou o Concello tería que facer uns fortes investimentos, ou mesmo trememos que algunhas estean xa inservibles.
Por todo o dito é polo que formulamos esta moción á Corporación municipal. Realmente o que se expón e se quere acadar é que, xa que hai esta vontade por parte de Zona Franca de ceder ó Concello de Vigo os actuais emprazamentos deportivos, o Goberno municipal inicie de xeito inmediato estas xestións para que o máis axiña posible o Concello e os cidadáns poidan xa utilizar estas instalacións e deste xeito garantamos que non se deterioren máis e que poderán seren usadas nun perfecto estado.

SR. SOTO FERREIRO: O Delegado do Estado na Zona Franca ven de facer unhas declaracións públicas onte mesmo con respecto ó tema da ETEA que eu practicamente subscribiría ó 100% en canto ó seu carácter xenérico coma uso público e indiscriminado a favor dos vigueses desas zonas en xeral, fala de actuacións urbanísticas brandas e non agresivas, é dicir, eu asumo absolutamente estas declaracións nas súas delimitacións xerais. Dende logo tamén asumo o contido da súa moción sobre que pasen á xestión municipal todas as instalacións deportivas que hai aí, cousa que tamén di o Delegado do Estado como vostede xa citou.
Sinxelamente fállame por saber unha cousa e daríame certo medo que nos precipitasemos máis do debido por unha razón, gustaríame que a presa que vostede pide para esas instalacións se pedira para o conxunto da ETEA, é dicir, eu que non teño ningunha idea diferente (quede claro) para o uso das instalacións deportivas municipais que é o que vostede pide e eu coincido ó 100%, non quero desprezar o feito de que nun concurso de ideas poida aparecer unha idea mellor, eu non a teño, se a tivera diríao.
Polo tanto, dentro de que é urxente que as instalacións pasen o máis axiña posible ó Concello para uso dos veciños de Teis e de Vigo en xeral, eu pediría que houbera esa prudencia de escoitar o peche dese debate. Pero iso si, teriamos que instar para que o debate se peche dunha vez, poñerlle prazos á negociación para que realmente non esteamos aquí esperando para ver se aparece unha idea boa de non sei quen. Póñaselle data de peche ó debate e eu dende logo, ou moito cambia algunha proposición que non se me alcanza, ou vou estar absolutamente de acordo co que vostede propón.

SR. RUÍZ CENICEROS: Nós en principio tamén temos coñecemento polos medios de comunicación, porque non nos consta que haxa comunicación oficial ó

respecto, de que por parte do Consorcio da Zona Franca hai unha predisposición a que todas as instalacións deportivas se cedan ó Concello e que a partir dese momento o Concello dispoña delas.
Non nos consta agora mesmo que no Plan Xeral se avanzara en canto á ordenación dese ámbito; entón limitándonos exclusivamente a ese suposto ofrecemento e sen prexuízo da ordenación urbanística que supoño que se debaterá no conxunto do Plan Xeral unha vez que o Consorcio da Zona Franca presente un proxecto concreto, nós apoiamos a moción do Bloque Nacionalista Galega e apoiaremos ó Goberno nas negociacións con Zona Franca para que esa cesión sexa anticipada xa que en principio hai unha predisposición de ambas institucións de que esas instalacións deportivas sexan finalmente de titulariedade municipal.

SR. FIGUEROA VILA: Dende que chegou o Sr. López Peña como Delegado da Zona Franca establecéronse as negociacións correspondentes coa Sra. Alcaldesa e só hai unha matización a todo o que estamos aquí expresando.
Vostedes manifestan que se faga dun xeito provisional a cesión desas instalación sen menoscabo de que nun momento determinado nesa reordenación puidese haber algunha mellora que facilitase máis instalacións deportivas.
Nós só lle pedimos que ese mantemento durante ese tempo provisional, como eles se van beneficiar dunha situación da que nós tamén temos que tomar decisión na Corporación, o fagan con custos a cargo dos seus orzamentos que sería ideal e niso estamos.
De todos os xeitos o martes hai comité executivo e nós aquí imos adquirir o compromiso dun xeito formal de lle manifestar pública e persoalmente a todos os membros do comité a proposta que se quere dende o Concello para as instalacións dun xeito provisional porque ademais se están deteriorando e é un prexuízo non só para os cidadáns que ó final non as poderán usar, senón para as propias instalacións que ó mellor dentro duns anos están nunha mala situación e coido que iso sería prexudicial para todos.
Por tanto esa é a proposta que lles iamos facer, que se inclúa a matización de que dun xeito provisional, mentres non se toma o acordo de ordenación de toda esa zona nos cedan as instalacións co custo de mantemento para eles se é posible.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por suposto que nos vale, no espírito estaba iso, sabemos que ten que seren unha primeira cesión provisional, pero tamén sabemos que no momento en que o Concello pase a xestionar directamente esas

instalacións deportivas todo o que se faga alí será moito máis fácil se se ten contemplado que esas instalacións van seguer sendo deportivas e van seguer sendo do Concello.
Isto si que é unha cuestión de oportunidade política para que nós garantamos que esas instalacións van seguer sendo deportivas e utilizadas polo Concello e polo tanto canto antes se inicie esta cesión moito mellor.
En canto ó tema do mantemento, se Zona Franca o acepta, fabuloso, en todo o que sexa non cargar ó Concello os do Bloque somos os primeiros defensores.

*Durante o curso do debate o concelleiro, Sr. Figueroa Vila, propón que se engada á moción "que dun xeito provisional, mentres non se toma o acordo de ordenación de toda esa zona, nos cedan as intalacións co custe de mantemento ó cargo deles".*

(No momento da votación están ausentes os señores Iglesias Carrera e Toba Girón)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, coa proposta engadida durante o transcurso do debate polo concelleiro, Sr. Figueroa Vila, para que o Goberno municipal inicie de xeito inmediato as xestións coa Zona Franca de Vigo a fin de que as actuais instalacións deportivas dos terreos da antiga ETEA, dun xeito provisional, mentres non se toma o acordo de ordenación de toda a zona, sexan cedidas ó Concello e pasen depender del a través do IMD e da Concellería de Deportes co custo do mantemento a cargo da Zona Franca.

34.- (264).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO O CUMPRIMENTO ÍNTEGRO DO CONTIDO DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.**-** Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, señor Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“A aprobación definitiva da “ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO”, no Pleno do Concello do 24 de febreiro de 2003, culminou un traballo de colaboración rigoroso e positivo para os intereses de Vigo, ó facilitar a súa aplicación poder, ben por medio de concurso ou licencia directa, a utilización dos distintos espazos públicos ou privados.

Lamentablemente a retirada por parte dos servizos do Concello de paneis, realizada nos anos 2001-2, principalmente de anuncios de obras de institucións públicas, non se acompañou dos privados sen licencia á espera da aprobación da Ordenanza e a súa aplicación de xeito escalonado.

Coidamos que pasou de abondo o tempo necesario para a súa aplicación, pois vimos observando que máis que diminuir os paneis e sinalizacións tanto en terreos privados como, o que é peor, nos públicos, están “florecendo”, de xeito indiscriminado, e o inventario que no ano 2001 controlou 1780 elementos publicitarios, agás a reducción dos 128 de obras tanto os valos publicitarios (925) como indicadores e sinalización (727) moito nos tememos aumentaron e, o que é peor, non se legalizaron coa correspondente licencia.

Por todo o exposto propoñemos o seguinte acordo:

Que se cumpra de xeito inmediato e intregramente o contido da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo.”

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: O motivo desta moción é que cando un ten responsabilidade de goberno, fai o que debe e tenta que as cousas que están mal se poidan arranxar e atópase co problema de que ó estar fóra de tempo e obsoleta unha ordenanza o primeiro que ten que facer é desenvolvela, o que é moi laborioso e precisa moita participación. Fixen retirar dende o Concello todo aquilo que de xeito sinxelo se podía como foron todos os valados publicitarios de obras, e remóntome a aqueles momentos nos que lles expliquei que algúns viñan de Emavisa, outros do Ministerio de Obras Públicas.

Agora vexo con preocupación que a non aplicación desta ordenanza está facendo que a xente que cun lexítimo dereito de empresa se está instalando nalgunhas zonas privadas, tamén o está a facer por extensión nalgunhas zonas públicas.

Coido que esta ordenanza que nós fixemos foi suficientemente debatida, consensuada e participativa como para que o respecto a toda esa xente que participou nela se demostre facendo a aplicación da mesma.

Fágolles a petición expresa de que se inicie de xeito inmediato a aplicación da Ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior do termo municipal de Vigo.
Polo prego de condicións do lixo que antes mencionaban poderán ter claro que a empresa responsable do lixo ten ese compromiso, é dicir, todo o que o Concello decida que está mal non ten maís que o aplicar, a empresa ten que retirar os valados se así o di o Concello. Digo iso porque foi o sistema que apliquei cando tiven que o facer e ademais metelo nun prego de condicións para evitaren custos para o Concello.
Do único que se trata aquí é de xestionar e todo o que ten que facer o Concello dende a Xerencia de Urbanismo é ordenar que se empece a facer uso, xa dende esa primeira relación que se fixo no inventario do ano 2001, e todo o que non está con licencia, xa que as empresas publicitarias tiveron tempo de abondo para a solicitar, ou o retiran ou se lles retira.
Esta é a miña petición e o acordo é que se cumpra de xeito inmediato e integramente o contido da Ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos votar a favor desta moción porque ademais e se vostedes lembran foi unha iniciativa política do Grupo Popular cando estaba na oposición que se modificara esta ordenanza que logo entre todos consensuamos e apoiamos.
Pero tamén lle digo a maiores que un dos problemas que estamos a ter na Xerencia de Urbanismo é un problema de persoal que vostedes coñecen perfectamente.
Eu en 15 días voulle traer unha proposta pero terá que se facer este traballo mediante unha asistencia técnica porque non hai posibilidades materiais nin humanas de poder levar adiante eses traballos co persoal que temos; adiántolles iso para que o saiban. Coido que esa asistencia técnica pode ser con custo cero para o Concello no sentido de que vai haber uns ingresos que loxicamente agora non se están facendo e coidamos que ó incoaren expedientes sancionadores evidentemente haberá unha capacidade de ingresos moito maior que cubrirá eses traballos. Coido que imos seguer a mesma fórmula de inspeccións que se utilizou co tema dos tributos porque dende aquí non se podían facer, fórmula que vostedes puxeron en práctica no seu Goberno e que xa está funcionando ben e hai que aplicar o mesmo sistema.

SR. RUIZ CENICEROS: Puntualizar que apoiamos a moción porque o que esixe é que se cumpra a normativa e como é normal supoño que todos votaremos ese cumprimento da legalidade.
En canto ó que se refire o Sr. Concelleiro de Urbanismo sobre a falla de medios para aplicala, dicir que cando a nós nos correspondeu a responsabilidade da Alcaldía e do Urbanismo puxemos en práctica esta Ordenanza, en concreto abríuselle un expediente a unha entidade financeira por colgar publicidade no alumeado público, incoóuselle expediente, ordenóuselle retirar esa publicidade e no seu momento denegóuselle a licencia porque a Ordenanza prohibe ese tipo de publicidade. É dicir, a Xerencia de Urbanismo agora mesmo ten medios suficientes para actuar, por orde e con limitacións, pero dende logo non como para facer total deixación das súas funcións. Gracias.

(No momento da votación está ausente o señor Domínguez Olveira)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando a que se cumpra de xeito inmediato e intregramente o contido da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

35.- (265).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE REALICEN AS XESTIÓNS NECESARIAS PARA ASEGURAR A AXILIZACIÓN DO PROXECTO PLISAN.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de setembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, formula a seguinte moción:

“No ano 1999, producto dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galiza, a Autoridade Portuaria de Vigo e o Consorcio da Zona Franca, co apoio do Concello, póñense en marcha as actuacións para a creación dunha grande área loxística, nos concellos veciños de Salvaterra e As Neves.

Dita actuación, que contou dende o inicio co apoio de todos os grupos políticos, sindicatos, entidades empresariais e sociais, é absolutamente precisa para dotar ó Porto de Vigo dunha auténtica plataforma ou porto seco, que viabilice a súa capacidade de competencia de futuro, e para asegurar o futuro desenvolvemento non só de Vigo, senón do conxunto da Área Metropolitana, e mesmo do sur de Galiza.

Nembargantes, transcorrido o tempo, vemos con preocupación que as distintas administracións implicadas na xestión desta importantísima infraestructura, actúan con excesiva lentitude, neglixencia, incapacidade e, en suma, manifestando unha falla de compromiso con Vigo e a súa área realmente preocupante.

As novas que temos, en canto á xestión que está a realizar Xestur, no ámbito da obtención dos terreos necesarios para a actuación, non medindo as propiedades ou non recoñecendo aquelas ós seus propietarios, parecen destinadas non a resolver positivamente a situación, senón a acadar a súa paralización. Por outra banda, a contestación dada pola actual ministra de Fomento o pasado 15 de setembro á pregunta feita por min mesma, recoñecendo a absoluta falla de previsión no seu departamento das infraestructuras de comunicación precisas, manifestando un completo desprezo pola actuación, e total descoñecemento da importancia que a PLISAN ten para todo o sur de Galiza, que aumenta a nosa preocupación polo futuro do porto seco. Mentres tanto, outros investimentos, máis discutibles, noutras zonas de Galiza reciben apoios e parabéns. Mentres tanto, a lista de compromisos con outras Comunidades non deixa de engordar.

Moito tememos que o desinterese por Vigo e a súa área conduza á imposibilidade de poñer a actuación prevista en realidade, ficando todo nun espectáculo de “lanzamento de dardos” entre a Administración Central e a Administración Autonómica. O noso grupo, avoga pola coordinación do conxunto das administracións e poderes públicos, para que un proxecto fundamental para o sur de Galiza saia adiante. E Vigo xógase moito neste proxecto.

Polo antedito, o Grupo municipal do BNG, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación de Vigo insta á señora Alcadesa-Presidenta a, sen demora, realizar as xestións necesarias diante da Xunta de Galiza, organismos públicos da cidade e Ministerio de Fomento para asegurar a axilización do proxecto da PLISAN e a execución das infraestructuras de conexión precisas.”

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: A nosa moción efectivamente está relacionada co proxecto PLISAN, máis coñecido polo que é o porto seco de Salvaterra-As Neves e non me vou estender moito en explicar a importancia que para Vigo e a súa área de influencia ten este proxecto porque cando no ano 1999 se fixo o convenio de colaboración entre a Xunta de Galiza-Zona

Franca e Autoridade Portuaria, as forzas políticas e sociais de toda esta zona aprobamos este proxecto porque eramos coñecedores desa necesidade que non só vai en beneficio do desenvolvemento económico de Vigo, da súa área metropolitana, senón que entendemos que vai en beneficio do desenvolvemento económico do noso país: Galiza.
Repito que explicar a importancia de que este proxecto se leve adiante coido que neste momento é inncesario, pero o que si coido que é necesario é o compromiso desta Corporación, e concretamente instamos á Alcaldía, de actuar, facer as xestións necesarias coas administracións implicadas para que este proxecto se axilice e se leve adiante o máis axiña posible.
Facemos esta proposta porque ainda sendo coñecedores de que un proxecto destas características que se asina nese convenio do ano 99 non se pode facer coa rapidez que poidera seren desexable, é dicir, hai que asumir non só o que é a infraestructura do proxecto, senón logo os compromisos financeiros que fagan posible desenvolvelo, pero tamén é certo que dende o ano 99 ata agora pasaron xa 5 anos e seméllanos excesivo e sobre todo grave para o futuro do proxecto que a estas alturas ainda estea nas condicións en que se atopa.
Pero sobre todo nos semella preocupante que unha vez que se empeza a mover, que hai movemento para axilizar ou para empezar a construcción do porto seco, haxa unha serie de cuestións que a nós nos semella que indican algo que sospeitabamos, é que efectivamente os compromisos a respecto de que o proxecto se leve adiante non son só escasos, senón o suficentemente fortes como para que iso se leve así. Dicímolo a respecto de todas as aministracións implicadas.
Por parte da Xunta de Galiza que participa neste convenio e neste proxecto a través de Xestur e ainda que, como ben dixeron, iso representa un 10%, si hai unha parte da xestión que é fundamental e que nestes momentos se estaría levando a cabo que sería a cuestión das expropiacións. Neste sentido vemos que efectivamente hai un grande problema porque por parte da Xunta de Galiza hai unha actitude que nós entendemos moi negativa, ademais de prexudicial para os veciños e veciñas de Salvaterra e As Neves que son propietarios dos terreos a expropiar, cando a Xunta de Galiza non ten unha posición clara e si negativa a respecto de medir as propiedades e de non recoñecer aquelas que os propietarios semellan destinados a non resolver positivamente.
Queremos dicir, e esta é a queixa dos propietarios dos terreos, que a Xunta de Galiza non está a cuantificar e calificar as expropiacións do mesmo

xeito ós particulares que ás empresas e non dicimos que efectivamente os terreos teñan o mesmo prezo, pero si dende logo que non pode haber as diferencias que a Xunta de Galiza está a facer nestes momentos.

Nós entedemos esta postura da Xunta cos propietarios que teñen que ser expropiados como unha actitude de dar longas ás expropiacións, crear un conflicto que non axilice as mesmas e polo tanto que non axilice a construcción do porto seco.

Entendemos polo tanto que a Xunta de Galiza na cuestión do porto seco non está a actuar debidamente e que está a facer unha deixación de tal xeito que a este proxecto se lle dean longas e non poida axilizar o mesmo.

Por outra banda sorpréndenos, e de feito fixemos esta pregunta ó Goberno do Estado porque sospeitabamos esa posibilidade, que por parte do Ministerio de Fomento non haxa previstas ningunhas medidas a respecto das comunicacións, tanto viarias como de ferrocarril, entre o porto seco, o porto de Vigo ou os portos de Vilagarcía, Marín e Leixoes porque, como dicía antes, este porto ten que ter un servizo para toda a área do Eixo Atlántico para que sexa economicamente viable e ademais cumpra co seu obxectivo de fomentar o desenvolvemento económico.

Polo tanto, en vista de que o Goberno central, mesmo cun talante moi pouco acorde cos intereses de Galiza e de Vigo concretamente, di que non teñen nada porque iso se corresponde á Xunta de Galiza, cando iso non é así, en materia ferroviaria ata agora non existe a experiencia de que a Xunta de Galiza fixera nin un metro de vía de ferrocarril, e tendo en conta que ademais as dúas entidades que asinan o convenio, Zona Franca concretamente depende do Ministerio de Facenda do Goberno central e a Autoridade Portuaria depende do Ministerio de Fomento, entendemos que efectivamente ten que haber do Goberno central unha implicación financeira naquelas infraestructuras que se necesitan para esa comunicación entre o porto seco e os outros portos para que poida ser útil o mesmo ás necesidades dos portos e do trasvase das mercadorías que se teñen que transportar duns a outros portos. Non é o mesmo que se trasladen 2000 toneladas de mercadorías do porto de Vigo ó de Salvaterra en camións que nun tren, é complementamente distinto porque se podería facer nun tren e da outra maneira se necesitarían –fagamos números- ¿cántos camións?

Polo tanto, entendendo que calquera das administracións implicadas neste proxecto a través do convenio asinado no ano 99, Zona Franca-Autoridade Portuaria e polo tanto Goberno central e Xunta de Galiza, non están a dar os pasos coa axilidade que o proxecto necesita, é polo que presentamos a

moción para que dende o Goberno municipal, concretamente dende a Alcaldía, se fagan as xestións dirixidas a ambas administracións competentes nesta cuestión para que todas elas adquiran un compromiso con Vigo que en definitiva debe ser o compromiso que esixamos esta Corporación en nome de todos os vigueses e viguesas.

SR. SOTO FERREIRO: Con brevidade pero con contundencia. A actuación da Xunta de Galiza neste tema é dunha parsimonia que asusta e sería pouco comprensible en moitos sentidos, o primeiro deles é que todos os Grupos municipais, incluido o Partido Popular que está gobernando na Xunta de Galiza ó mesmo tempo, non estivese de acordo, pero todo o mundo dixemos practicamente semellantes ou senón as mesmas cousas sobre este asunto. Pois ben, nunha desas demostracións clarísimas de marxinación a Vigo a Xunta de Galiza non dá nin medio paso positivo, como moi ben expuxo a Sra. Fernández, para resolver os problemas que lle cumpren.
Sobre o Ministerio de Fomento xa non sei que dicir, non sei se calificar coma “calamidade pública” á Ministra de Fomento ou non sei qué dicir dese Ministerio, cousa tamén lamentablemente tradicional con este Concello, non é nova e tamén o teño que dicir; esta señora semella especial, por certo, con Vigo e con Galiza ou polo menos ata o de agora, ogallá cambie pero dende logo que a súa actitude ata agora foi calamitosa neste tema e, como dicía a Sra. Fernández, ¿dende cando acá a Xunta de Galiza ten que facer o ferrocarril?
E dende o Concello de Vigo tamén a todos os Grupos daquí porque o Concello ten que saber (e se non fagan estudos) que o Concello de Vigo precisa, o Porto máis concretamente, facilitar os medios urbanísticos para que o Porto de Vigo teña da orde de non menos de 150.000 m2 precisos para que poidan funcionar os tráficos ferroviarios entre o Porto de Vigo e o porto seco, senón non haberá porto seco, será outra cousa se tampouco ten unha relación directa co ferrocarril. Fagan estudos, pero xa existen.
Como di moi ben o Sr. Alonso, neste partido ainda pequeno en implantación pero grande en ideas, temos eses números e eu invítoos a que os teñan e polo tanto, cando aquí hai controversias urbanísticas sobre qué facer ou non con Porto de Vigo, están traballando tamén contra o porto seco de Salvaterra, seguramente inconscientemente pero empecen a estudar ese problema.
Polo tanto todas as administracións temos algo que dicir por non actuar convenientemente e a tempo e o Concello tamén. Acabo de pronunciarme

contundentemente contra a Xunta de Galiza, contra o Goberno de España, pero sexamos quen de mirar cara adentro e facer algo de autocrítica e na medida que nos cómpre deamos exemplo, estudar a nosa parte, poñámonos de acordo co Porto e con Renfe e dígamoslles as zonas que ten que haber, coa cantidade de metros cadrados, para os eixos de vías necesarios, para aparcadoiros de colectores, etc., e a ver que números hai.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: É difícil resistirse á tentación de seguer a estratexia do calamar, botar tinta enriba dos outros para que non se vexan as nosas propias deficiencias. Non imos facer iso dende este Grupo político porque efectivamente entendemos que é necesaria unha maior implicación, un maior compromiso das administracións públicas, en concreto da administración autonómica e da do Estado con Vigo.

En todo caso non compartimos o discurso choromiqueiro no que nos últimos meses estamos instalados porque realmente o Ministerio de Fomento estase convertindo no auténtico protagonista de todos os Plenos de Vigo dende hai aproximadamente 3 meses. Non sei que pasou hai tres meses pero algo pasaría para que iso fose así, o que non quere dicir que a cidade de Vigo teña cuestións históricas pendentes de resolver e que a plataforma loxística de Salvaterra, sen seren histórica no sentido de moitos anos, si que precisa dun maior pulo.

Estamos de acordo coa formulación que fai o BNG na súa proposta porque está feita con serenidade e con sensatez, o que defendeu a Sra. Fernández é algo perfectamente asumible, que se sente a Sra. Alcaldesa-Presidenta coa Xunta de Galiza, co Ministerio de Fomento, con aqueles organismos públicos que teñan algo que ver con esta plataforma e que se fale e se chegue a un acordo de cómo hai que facer as infraestructuras de conexión.

Hai unha diferencia de criterio entre o Goberno central e o da Xunta sobre a quen lle corresponde esa competencia, pois fagamos dende o Concello de Vigo o traballo de mediación necesario.

Si semella neste caso, tomando a palabra dunhas declaracións feitas pola Sra. Presidenta da Corporación en sentido contrario, que realmente é unha cuestión menor nun proxecto desa envergadura dos cartos dos que estamos a falar e non semella que sexa ese o maior problema, máis ben será algo de sentarse, de falar, de coordinar e de consensuar.

Sinceiramente, se me permiten un comentario dende logo político pero tamén persoal, coido que hai que reducir o nivel de tensión co que se está tentando presentar a relación de Vigo co Ministerio de Fomento. Hai anos

que Vigo non tiña unha relación tan positiva nin tan fluida co Ministerio de Fomento como ten actualmente. Aproveitemos esta situación para acadar máis cousas para a cidade porque con declaracións francamente belixerantes coma as que lemos un día nos xornais e ó día seguinte matizadas, recentemente o Conselleiro de Ordenación Territorial facía unhas declaracións explosivas antes dunha reunión que ía ter co Subsecretario de Infraestructuras e á volta dicía que todo era cordialidade e boas palabras. ¿Qué necesidade temos de crispar?

Realmente parécenos positiva a iniciativa do BNG porque vai na liña de buscar acordos, puntos de encontro e de resolver problemas que están presentados dende hai tempo e que temos que resolver.

Insisto en que sempre que veñan cuestións relativas ás demandas de Vigo que sexan xustificas e positivas ante quen sexa, o noso Grupo vainas apoiar e vai contribuir na medida das súas forzas a que isto así sexa.

Pero de verdade me atrevería a facer un rogo ó resto da Corporación no sentido de que axudemos a que as cousas vaian ben e sexan cada vez mellor porque dá a impresión que no confrontamento alguén desenvólvese mellor e nós coidamos que Vigo precisa de diálogo, de consenso e de boas relacións entre as administracións.

SR. IGLESIAS CARRERA: Primeiro alégrome moito que todo o mundo estea moi interesado no PLISAN, o chamado porto seco, porque teño que lembrar que foi unha idea que saíu do Goberno galego para atopar unha superfie que puidera ser, non só para crear un parque empresarial, senón para crear empresas de montaxe.

Vostedes saben perfectamente a dificultade que ten (coincido coa Sra. Porteiro) acadar 4 millóns de metros cadrados. Dende Xestur eu vivín as dificultades que hai alí coas empresas de áridos porque dicían que tiñan ouro, houbo preitos e agora hai algúns propietarios que non atopan as súas escrituras. Coido que o Goberno galego xamais deixou de ter interese porque foi o primeiro en lanzar esta idea.

Preocúpame moito máis a conexión ferroviaria dende o porto de Vigo á PLISAN que a conexión dende a A-52; preocúpame moito máis que estea en perfectas condicións o de RENFE, que saia dende o porto de Vigo en condicións para sacar camións das autoestradas. Gracias.

(No momento da votación están ausentes o señor Arias Moreira e a señora Martíns Vilanova)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre realizar as xestións necesarias para asegurar a axilización do proxecto da PLISAN co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

36.- (266).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DUNHA BOTICA ANEXA NA PARROQUIA DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de 20 de setembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, señora Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Dende hai máis de 10 anos a Asociación de Veciños de San Andrés de Comesaña ven demandando a instalación dunha oficina de farmacia na súa parroquia, servizo que se considera básico e necesario, e malia que esta parroquia cumpre os requisitos que se contemplan na Lei 5/1999, de 21 de maio en canto ó numero de habitantes, non ter outra oficina de farmacia ou que a máis próxima estea a máis de 400 metros, así como contar co apoio do Colexio de Farmacéuticos, a solicitude presentada fronte á Consellería de Sanidade da Xunta de Galiza foilles denegada ó abeiro do Decreto 278/2002, de 12 de setembro, do mapa farmacéutico e delimitación territorial para a autorización de novas oficinas de farmacia conforme a módulos de poboación.

Ante a insistencia veciñal, a Consellería de Sanidade ofértalles a posibilidade de autorizar unha botica anexa.

O procedemento para a autorización da instalación poderá iniciarse a instancia do Concello ó que pertenza o núcleo de poboación onde se pretende realizar a instalación.

Por todo iso, propoñemos a esta Corporación adopte o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Sanidade a instalación dunha BOTICA ANEXA na Parroquia de San Andrés de Comesaña”.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Para chegaren ó fondo da moción gustaríame facer un pouquiño de historia que dalgún xeito poderán corroborar os veciños de Comesaña aquí presentes.
Esta historia comeza hai 10 anos cando a asociación veciñal Outeiro, vendo a necesidade dunha oficina de farmacia na súa parroquia decide instalala e hai que dicir que é a única parroquia de Vigo que non ten oficina de farmacia.
A asociación comeza os trámites para a solicitar e para iso acude á Consellería de Sanidade, tamén tenta obter o beneplácito da Federación Veciñal e conta co acordo do Colexio de Farmacéuticos e cun farmacéutico que a pretendía instalar.
Transcorren os anos e esta demanda continua aí. No ano 2000 ou 2001 denégaselles esta oficina de famarcia aducindo a Lei de maio de 99 que, malia de que cumprían todas as características sobre número de habitantes (son máis de 2.500), en número de metros de distancia respecto á farmacia máis próxima na periferia e que se solicita polo Colexio de Farmacéuticos, sen saber moi ben porqué se lles denega a farmacia.
Con posterioridade e ante nova reclamación, aducindo un Decreto do ano 2002, do 12 de setembro, díselles que non se lles pode conceder porque non dista da seguinte farmacia, que neste caso está en Coia, o número de metros suficiente.
Ante a insistencia veciñal a Consellería de Sanidade recentemente ofértalles a posibilidade de autorizar unha botica anexa que non é exactamente unha farmacia pero si cumpriría os obxectivos do que é unha farmacia.
Lembrar que o procedemento de autorización para a instalación podería iniciarse a instancia da propia Consellería de Sanidade, do propio Concello ou do Colexio de Farmacéuticos ou dun farmacéutico interesado. Estas son as vías para tentar montar unha oficina de farmacia no termo municipal ou parroquial onde se pretenda instalar ou onde sexa necesaria.
Cando a Sra. Presidenta era candidata do Partido Popular, segundo contan os veciños de Comesaña, foi dalgún xeito un compromiso de seu avogar porque esta farmacia se instalase na súa parroquia, polo que tamén nos sorprende, Sra. Alcaldesa, que con data 28 de xuño de 2004 a Asociación de Veciños de Comesaña diríxese a vostede para que dende este Concello se solicite, xa que non a instalación dunha farmacia, si dunha botica anexa e sorpréndenos dalgún xeito a súa resposta que con data exactamente 3 de agosto di que non é competencia da Alcaldía. Evidentemente que non é competencia da Alcaldía

pero dalgún xeito si é competencia do Concello, a solicitude si se pode facer dende este Concello.
Nós precisamente traemos isto a Pleno para que dalgún xeito esta Corporación adopte este acordo, acorde pedir á Consellería de Sanidade que se instale unha botica anexa na parroquia de San Andrés de Comesaña. Moitas gracias.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós estamos de acordo coa solicitude. Non sei quen remitiría o escrito pero é certo que o 28 de xullo se recibíu unha solicitude da Asociación de Veciños Outeiro e o primeiro que fixemos foi pedir a normativa relativa ó tema que é unha Orde da Consellería do 20 de novembro de 2001 que se recibíu a finais do mes de agosto e que establece uns requisitos necesarios e o primeiro é un acordo do Pleno municipal ademais do achegamento doutra documentación.
Nós estamos de acordo, é certo que a Sra. Alcaldesa mediou diante da Consellería e do Colexio de Farmacéuticos e nós estamos requirindo a documentación necesaria para presentar a solicitude dunha botica anexa permanente, porque é certo que hai boticas de tres tipos e nós queremos pedir unha botica anexa permanente e iso é o que estamos tramitando.

(No momento da votación están ausentes os señores Alonso Vázquez, Arias Moreira, Ruiz Ceniceros e a señora Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteún membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, en canto a solicitar da Consellería de Sanidade a instalación dunha botica anexa na Parroquia de San Andrés de Comesaña, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

37.- (267).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE TRASLADO DA ALCALDÍA Ó EDIFICIO CAMBÓN E CUMPRIMENTO DE ACORDO DE DATA 23.02.04 SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓN.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral de 14 de setembro de 2004, a concelleira do Grupo municipal socialista, señora Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"Con data 23 de abril de 2004 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a cesión por tempo indefinido do denominado "*Edificio Cambón*" ao Concello de Vigo. Dita cesión está vinculada ao uso municipal, sen concretar que servicio do Concello pode empregar as instalacións.

Dende a súa toma de posesión, o actual Goberno municipal ven anunciando a súa intención de trasladar as dependencias da Alcaldía ao edifico Cambón, incluindo no proxecto de orzamento do exercicio 2004 a partida presupuestaria para a demolición e reforma do edificio necesaria ao efecto, proposta orzamentaria que foi rexeitada expresamente pola maioría da Corporación municipal no debate e votación do Orzamento.

O grupo municipal socialista ten reiteradamente manifestado o seu apoio ao traslado de servicios municipais ao Edificio Cambón, unha vez que a Xunta de Galicia cedeu o seu uso por tempo indefinido e como actuación propiciatoria da revitalización do Casco Vello de Vigo. Sen embargo, o grupo socialista é contrario a que o departamento trasladado sexa a Alcaldía de Vigo, por considerar contraproducente que a máxima autoridade municipal se deslígue totalmente do resto das concellerías, servizos e aparato administrativo do Concello; así como polo gasto superfluo e nada prioritario que tería calquera investimento vencellado á mellora e comodidade das dependencas da Alcaldía, en comparación con outras necesidades da cidade e reclamacións veciñais.

No entanto, con data 19 de xullo de 2004 a Xunta de Goberno Local aprobou a adxudicación da redacción do proxecto de demolición e anteproxecto de reforma do edificio Cambón, para adaptalo como dependencias de Alcaldía. No mesmo senso, a Alcaldesa anunciou nos medios comunicación a súa intención de solicitar ao conselleiro de Economía e Facenda que axuda para o financiamento da obra.

Dados os inconvenientes e a innecesariedade que supón o traslado das dependencias da Alcaldía ao Edificio Cambón; o superfluo do gasto que ocasiona e as prioridades financieiras que padece a cidade e o Concello de Vigo no que atén a reivindicación de axudas económicas da Xunta de Galicia, o Grupo Municipal Socialista propón a adopción do seguinte acordo:

1.- Rexeitar o traslado das dependencias da Alcaldía do Concello de Vigo ao Edificio Cambón

2.- Que se cumpra o acordo plenario de 23 de febreiro de 2004 que aproba a "constitución dunha comisión delegada, composta por representantes de todos os grupos municipais, que estudie e resolva acerca dos servizos administrativos municipais que, no seu caso, poidan ser descentralizados e trasladados ao Edificio Cambón, primando a súa resolución ao normal funcionamento dos servicios do Concello."

3.- Instar ao Goberno Municipal a que acepte os presentes acordos, aplazando calquera resolución ou gasto no Edificio Cambón ao que resulte do

estudo e proposta de traslado de servizos municipais ou organismos autónomos descentralizables.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Esta moción ten unha dobre vertente, por unha banda cuestiónase o traslado da Alcaldía ó edificio Cambón, e por outra banda estase cuestionando o grao de cumprimento dos acordos plenarios por parte do Goberno municipal.

En canto ó primeiro aspecto no que estamos cuestionando o traslado da Alcaldía ó edificio Cambón quereriamos expoñer varias razóns. Unha primeira sería que estimamos que a Alcaldía é algo máis que unha mera dependencia administrativa, é o núcleo da institución municipal e cremos que a súa segregación racharía un nexo lóxico e desexable que debe existir entre a Alcaldía e o resto da organización municipal.

Por outra banda tamén coidamos que os efectos da descentralización deben seren considerados tanto nun nivel externo coma interno e que non se produce absolutamente ningún beneficio, senón que pola contra prexuízos para os cidadáns que poideran seren os únicos beneficiados dunha medida destas características.

En último lugar coidamos que o financiamento dun investimento como sería o traslado da Alcaldía ó edificio Cambón, se este financiamento alleo ou propio, con recursos da Xunta ou cos do propio Concello condúcenos exclusivamente a un gasto indebido e innecesario que non achega valor ningún á mellora que se debe producir nos servizos municipais de cara ó cidadán.

Por outra banda tamén, como xa anticipabamos, estamos a xestionar o grao de cumprimento dos acordos plenarios porque este Pleno adoptou unha decisión que foi a creación dunha comisión de estudo sobre o mellor destino que debera ter o edificio Cambón e non só non se creou esa Comisión, senón que se foron adoptando acordos por parte do Goberno totalmente en sentido contrario a esa decisión, á valoración e estudo de cal debera ser o seu destino e en concreto a aprobación fóra da orde do día en Xunta de Goberno sobre o proxecto de derrubo do edificio Cambón.

Coidamos que todo iso é bastante lamentable porque no realmente importante que é o desexo de rehabilitación do Casco Vello estamos todos de acordo ata o extremo de que no seu momento por este Grupo propuxéronse melloras en

canto ás condicións de cesión do edificio, melloras que se aceptaron polo Goberno e negociadas nese mesmo sentido coa Xunta.
Por todo o exposto solicitaríamoslles que abandonaran a súa idea en solitario de traslado da Alcaldía ó edificio Cambón e que decidíramos entre todos o mellor destino, o destino conveniente para o mesmo cara ó beneficio do servizo municipal para os cidadáns.

SR. SOTO FERREIRO: Para lles dar un tirón de orellas simbólico, señores do Goberno, é dicir, non poden por unha banda estar presumindo de cumprir acordos plenarios porque algúns cumpren pero outros non, teñen que cumprir os que lles gustan e os que non.
Este semella que non lles gusta, esta intención que manifestamos os outros Grupos políticos, pero teñen que ser quen de consensuar a solución deste problema e eu non coñezo outro xeito que o de se sentar a negociar e a resolver no sentido que sexa e se hai algo que renegociar coa Xunta ou con quen sexa facémolo, somos todos maiores de idade e temos case todos gañas de resolver problemas e non dos dar.
Polo tanto convóquenos canto antes porque a Sra. Graña ten toda a razón do mundo.

SR. FIGUEROA VILA: Depende do punto de vista dende o que se mire uns poden ter un posicionamento e outros outro.
Cando dende a Alcaldía se tomou a decisión, e coido que é unha vontade política deste Goberno facer un xesto co Casco Vello levando alí a Alcaldía, foi unha proposta ben recibida por toda a cidadanía e vostedes falan diso, de buscar o consenso, o diálogo social.
Nós temos unha enquisa onde hai unha porcentaxe elevadísima de cidadáns que están de acordo con esa proposta e algún día remitirémoslla. A porcentaxe é elevada, por riba do 80% os que miraron como un xesto da Corporación e da Alcaldía que lle dar ese destino ó edificio Cambón era beneficioso para todos sobre todo porque había uns temas co Casco Vello que sempre quedaban no ar e xamais se levaban a piques.
Pero dito isto que seguramente non implica as decisións e o traballo que logo se fixo, dende a Alcaldía e dende o Goberno negociouse coa Xunta de Galiza a posibilidade de rescatar ese edificio que antes foi a Delegación de Pesca e, como primeira negociación, houbo un acordo mediante o que a cesión era por uns anos, o financiamento tiña que ser propio do Concello e

onde única e exclusivamente se podía levar a Alcaldía coma uso ou destino dese edificio.
Vostedes, a través dos medios de comunicación e mesmo neste Pleno, dixéronnos que a cesión non podía ser puntual, duns anos determinados, que o financiamento tiña que seren externo, que o Concello non podía buscar ese financiamento propio e que o uso tiña que seren para outras cuestións relacionadas con xestións de goberno.
Pois miren, as tres condicións que vostedes nos puxeron se cumpriron debido ás negociación da Sra. Alcaldesa e cambiouse ese convenio: A cesión é definitiva, o uso pode ser para Alcaldía ou órganos de goberno (logo explicarei esta cuestión porque é importante) e o financiamento nestes momentos está acadada a través da Consellería de Economía. Polo tanto a operación que se fixo foi “dar na diana”, acadar o 100% do que vostedes nos pediron. Non se convocou esa comisión porque vostedes falaban unica e exclusivamente do destino e do uso.
Agora, logo de que a semana pasada a Sra. Alcaldesa asinase ese convenio e está totalmente ratificado, si que estamos en condicións de lle dar o uso que coide axeitado esta Corporación.
Repito que é importante que se saiba que o uso agora non só é para a Alcaldía, senón para órganos de goberno. Con iso xa lle digo absolutamente todo. O importante é que con esta negociación o Concello ten ó seu dispor un edificio para facer o que coide máis oportuno. A partir daí sentarémonos, falaremos e estamos totalmente convencidos de que chegaremos a un acordo porque como comprenderán vostedes nós non imos facer un conflicto ou trasladarlle á cidadanía un debate ou conflicto da Corporación por levar ou non alí a Alcaldía.
Seguemos pensando o mesmo que no principio, que sería bo ter unha sede da Alcaldía no Casco Vello sen menoscabo de que por suposto a Alcaldía sega funcionando neste Concello, pero sería un xesto importante ter alí un uso de Alcaldía ou órganos de goberno porque iso revitalizaría e daría mostra de que todos temos vontade de que o Casco Vello se vexa beneficiado con esta situación.
Coido que iso é o máis importante, pero a un lle queda a impresión de que vostedes nos poñen obstáculos no camiño e nós ós poucos, coma corredores de fondo, ímolos saltando e cando saltamos un ven outro, cando saltamos outro xa ven outro. Coido que tamén hai unha cuestión e é que a potestade de que a Alcaldía se traslade é unha decisión que compete á propia Alcaldía.

De todos os xeitos quero dicir que non é intención deste Goberno que a Alcaldía se desmantele de onde está, baixo ningún concepto, pero si é a intención de que poidamos ter no Casco Vello unha sede emblemática onde recibir ós cidadáns. Cando un escoita discursos de que é un edificio caduco e ancestral eu poñería, se se quere, moitos exemplos de edificios únicos, caducos e ancestrais onde só teñen a Alcaldía en Concellos próximos; por exemplo A Coruña. Na Coruña o edificio institucional é só para a Alcaldía e órganos de goberno, os demais edificios administrativos están dispersos por toda a cidade e podo poñer máis exemplos.

Nós coidamos que ás veces hai situacións políticas que raian en cousas que non veñen a conto, vostedes puxeron todas as trabas e nós fúmolas superando e dígolles que me sinto moi orgulloso das xestións da Sra. Alcaldesa porque todos aqueles obstáculos que nos puxeron están salvados e agora mesmo o importante é que o Concello ten un edificio con cesión gratuita, indefinida para seren Alcaldía ou para órganos de goberno que vostedes saben ben o que isto significa e, terceiro, que o financiamento é alleo, non propio.

Polo tanto, requisitos cumpridos e iso é dar na diana, como dicía antes a Sra. Porteiro cando falaba do Ministerio de Fomento. Aproveito tamén porque non tiven ocasión para lle dicir que o Ministerio de Fomento sempre está no centro da diana, pasa que depende de onde un estea situado, como ó mellor antes a Sra. Porteiro estaba apuntando á diana loxicamente non o sentía, agora que está enfronte tentando salvar os tiros que poidan chegaren á diana entón nestes momentos síntese noutra postura totalmente distinta. Iso é o que pasa, o Ministerio de Fomento nesta cidade sempre estivo no centro da diana. Eu quérolle lembrar a época do Sr. Soto, pasando pola do Sr. González Príncipe, o Sr. Pérez, o Sr. Castrillo, o Sr. Pérez Mariño e a actual Sra. Alcaldesa, díganme vostedes cándo non tivemos conflictos co Ministerio de Fomento. Sempre os tivemos; pasa que nunhas situación remamos a favor do vento e cando temos que remar en contra hai máis dificultades.

Isto é o mesmo que lles está pasando a vostedes co edificio Cambón pero lles repito que non se preocupen que non vai ser motivo de debate ou enfrontamento nesta Corporación levar ou non unha sede da Alcaldía ó edificio Cambón, teriamos que ser nós pouco intelixentes como para que politicamente xerasemos un conflicto insalvable dunha situación que coidamos que é importante pero non das máis decisivas que ten esta cidade enriba da mesa.

SR. SOTO FERREIRO: Eu felicítoos publicamente polo que acaba de dicir pero en primeiro lugar temos que nos enteirar polo Pleno da Corporación, é dicir, vostedes non convocan a comisión na que tiñan que tratar estes temas, teñen un convenio asinado que non nos remiten e eu acabo de coñecelo aquí. Había un acordo plenario que vostedes non cumpriron e dende o primeiro momento, primeiro privadamente, non en voz alta, e a Sra. Alcaldesa é consciente, díxenlle que non estaba de acordo con esa decisión de trasladar a Alcaldía, polo tanto non é unha operación de parafernalia pública. Vostede acaba de modular agora esa definición e entón eu aí non teño ningún problema, se o que vostedes queren é que a Alcaldía de Vigo estea operando aquí normalmente e que algún día faga alí algunha recepción, non teño o máis mínimo problema en votarlle a favor, é dicir, non é que a Alcaldía diga aquí si ou non, pero entendo a posición que defendía a Sra. Graña, que defendo eu e coido que defendemos todos de que realmente a operatividade da xestión municipal e da Alcaldía nese sentido debe estar aquí e o feito de que haxa Concellos que teñan os servizos espallados é un mal para eses concellos. Non coñezo ningunha empresa privada que teña os servizos espallados, se non teñen máis remedio pode ser pero dende logo que voluntariamente esa situación non a elixe ninguén.
Vostede acaba de modular moitísimo ese tema. Eu no seu día felicitei publicamente á Sra. Alcaldesa por obter o edificio, fíxenno publicamente nos cen días de Goberno e volvo reitaralo, non teño ningún problema, ogallá poida felicitar mil veces á Sra. Alcaldesa porque entón serían mil cousas boas para o Concello de Vigo e para os vigueses.
Estamos falando de qué facer e supoño que definir que se debe ou non facer coa Alcaldía de Vigo deben entender que non debe ser cousa dun alcalde porque, con todos os respectos, os alcaldes pasamos e o Concello queda; ese debe ser un tema a consensuar entre todos e é o que estamos pedindo: reunírmonos para consensuar ese tema, son vostedes os que ó mellor ó non facer a reunión están impedindo o consenso.

SRA. GRAÑA BARCIA: Coa intención de coller esta pequena diana entre todos lémbrolle que non foron nin trabas, nin obstáculos, ata tal extremo que as condicións que se esixiron dende este Grupo municipal de cara a esa cesión foron precisamente as que vostedes negociaron e dende logo unhas condicións que coido que a todos nos beneficiaron xa que non é o mesmo unha cesión inicial por 10 anos que unha cesión indefinida que é o que neste momento se ten.

Repítolle que coido que no realmente importante que é a rehabilitación do Casco Vello estamos todos de acordo co que o único que temos que decidir é ese investimento, sexa da administración municipal, sexa da autonómica, cál debe ser o mellor destino que en principio valoramos que non debe ser a Alcaldía.

SR. FIGUEROA VILA: A vantaxe que temos neste momento é que podemos tomar calquera decisión, cousa que no seu día non e por iso non se convocou esa comisión xa que fala unicamente e exclusivamente de uso e destino.
Considérenos cunha razoable capacidade de xestión para nos dar conta do que pasa. Se nós convocamos esa comisión e dela sae un non rotundo ó traslado da Alcaldía, inmediatamente dende Santiago nos dan un non rotundo ás negociacións que nós poderiamos establecer. Coido que tamén teñen que ter vostedes esa habilidade para entender que hai negociacións que teñen unha oportunidade e hai momentos en política para tomar decisións nun ou noutro sentido.
Ó final nós cumprimos o noso obxectivo de ter un edificio ó noso dispor con custo cero e financiamento doutra administración. Agora podemos tomar a decisión do uso que coidemos máis oportuna porque se di claramente: “Alcaldía u órganos de goberno”.
Non tería por qué dar esta explicación porque é obvia e clara e coido que os que estamos aquí xa empezamos a ter algunha experiencia e xa sabemos movérmonos, sabemos cando alguén fai unha formulación política para obstaculizar, para salvar, ou, como dicía o Sr. Soto antes, cando se fan uns discursos suaves e logo por detrás te están a dar a coitelada, ou pola contra, cando se fan uns discursos duros e logo sabemos que por detrás as negociacións son máis suaves, etc. Non nos menosprecen porque sexamos poucos porque coido que xa empezamos a ter certa experiencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros da Corporación, dos vintesete que a constitúen de feito e de dereito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal socialista, Sra. Graña Barcia, sobre traslado da Alcaldía ó edificio Cambón e cumprimento de acordo plenario, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

38.- (268).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE SITUACIÓN DO PAZO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal socialista, señor Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"O Museo Municipal "Quiñones de León" sofre dende hai anos unha situación de deixadez e abandono insostible. Dende a súa inauguración no ano 1937 é para os vigueses unha das súas institucións máis sobranceiras e referencia cultural da cidade, tanto pola relevancia das súas coleccións de arte e arqueoloxía, como pola importancia patrimonial do edificio pacego que o alberga e dos xardíns que o circundan.

Non obstante o Museo sofre dende hai anos un proceso contínuo de perda de importancia cultural e mesmo de degradación cultural e institucional, que o están a convertir nunha mermada exposición permanente de fondos moi lonxe do sentido que común e legalmente se entende hoxe como Museo.

A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 67 recolle como funcións dos museos as seguintes:

- Conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das coleccións
- A investigación
- A organización periódica de exposicións
- A elaboración de catálogos e monografías dos seus fondos
- O desenvolvemento de actividades didácticas respecto dos seus contidos.

O artigo 72 desa lei recolle a obriga dos museos de contar cos medios humanos e técnicos suficientes para poderen desenvolver as súas funcións de acordo coa estructuración en áreas.

É obvio que tales funcións obrigadas legalmente e aínda máis se temos en conta que está declarado como Ben de Interese Cultural, estanse a incumprir ou a cumprir de xeito moi deficiente.

A situación da institución museística vense degradando entre outras cousas por:

1.- A falta dun proxecto museolóxico e museográfico e dun programa que sitúe o museo no lugar que pola súa tradición e importancia dos seus fondos e colección lle corresponden.

2.- O mal aproveitamento dos espacios dispoñibles. A utilización como meros almacéns (se exceptuamos a súa ocasional e recente utilización para a exposición temporal sobre a Reconquista) das novas salas de exposicións e laboratorio de arqueoloxía resultantes da rehabilitación das vellas cocheiras do Pazo no que semellaba daquela unha nova fase de crecemento e modernización do museo.

A isto engádese a desmontaxe hai uns anos da sala de arqueoloxía adicada ó Castro de Vigo e que nunca máis volveu montarse nin exhibirse as súas pezas ó público. A práctica “fosilización” da única sala existente de Arqueoloxía, privando ó público e investigadores do coñecemento do coantioso e importante material que especialmente nos últimos 15 anos ten sido rescatado no municipio en múltiples excavacións arqueolóxicas e que non ten sido nunca exposto nas salas do Museo acumulándose inadecuadamente nos almacéns cun incumprimento de prazos de depósito que acumulan anos.

3.- A falta de garantía de conservación dos fondos almacenados e expostos por ausencia dunha práctica de accións de conservación e restauración e a inexistencia absoluta de persoal expecializado na plantilla do museo.

4.- A inexistencia do mínimo persoal técnico indispensable para garantir o funcionamento da actividade museística e un orzamento anual absolutamente insuficiente para o cumprimento das mínimas obrigas esixibles á institución.

O deterioro e inadecuación evidente do mobiliario do pazo.

Durante o outono de 2003 procedeuse á creación dun Comité Técnico formado por técnicos municipais de Cultura e Patrimonio Histórico co apoio externo de outros especialistas e directores de museos da cidade dirixido, por unha banda a establecer un diagnóstico técnico e por outra a definir as accións imprescindibles a curto, medio e longo prazo para endereitar o seu rumbo. Isto permitiu iniciar un proceso de reflexión que consideramos imprescindible sobre a situación e futuro do Quiñones de León.

Un museo non é nin pode ser un mero almacén de pezas que esporadicamente convoca pequenas actividades de difusión. Un museo ten que ser un lugar de conservación, restauración, investigación e difusión do patrimonio cultural propio. O Museo de Castrelos dista moito de ser tal institución e compre establecer canto antes as medidas que eviten a súa degradación institucional e garantan a correcta conservación, incremento e exhibición dos seus fondos, patrimonio de tódolos vigueses.

Polo exposto, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A realización dun diagnóstico operativo xeral sobre a situación actual e dun Plano estratéxico para o Museo Municipal “Quiñones de León” que recolla de xeito temporalizado os obxectivos, accións e medios necesarios para a normalización e mellora desta institución cultural. Para esta finalidade constituirase de xeito inmediato un Comité Técnico, formado canto menos por técnicos municipais das áreas de Cultura e de Patrimonio Histórico e polos directores do propio Museo de Castrelos e máis do Marco e o Museo do Mar, dotado dos recursos materiais e do apoio técnico suficientes para a redacción deses documentos. “

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: Esta pretende ser unha moción totalmente constructiva para abordar o que este Grupo coida que é un dos grandes

problemas non só da política museística, senón por extensión do conxunto da política cultural da cidade.
Todo o mundo sabe, os corporativos os que mellor, que nos últimos anos houbo unha reforma bastante profunda na política museística, na política cultural da cidade; apareceu unha rede de infraestructuras que é controvertida como xa falamos aquí moitas veces, que ten moitos claroescuros, que algún dos seus elementos fundamentais foi un éxito absoluto e coido que o exemplo máis claro que se pode poñer disto é o MARCO que a estas alturas comeza seren xa un motivo de felicitación e de orgullo para todos os vigueses, un grande éxito de público e crítica como adoita dicirse, pero por outra banda temos o caso do VERBUM onde case habería que utilizar palabras contrarias, é dicir, é un proxecto que non sabemos onde vai, que está sen definición e que ten problemas de todo tipo coma se evidenciou hai uns meses nun Pleno.
Por outra banda está o Museo do Mar que non depende estrictamente do Concello pero que sendo un proxecto interesantísimo ten tamén algúns problemas de definición malia os beneméritos esforzos da Zona Franca porque é algo estraño que o Museo do Mar de Galiza non teña detrás, coma si tivo inicialmente e abandonou, un esforzo investidor por parte da Xunta de Galiza.
En toda esta aparición dunha nova rede museística haberá que ver cómo está o Museo de Castrelos e qué papel xoga.
Coido que o Museo de Castrelos é a xoia museística da cidade porque realmente reúne continente e contido, reune coleccións importantes das que carecen o resto das infraestructuras culturais e coido que está nunha situación que eu me atrevo a caracterizar de grave, non pola vida diaria porque ten a súa actividade; esta moción non vai da xestión e das actividades do día a día, senón por algo moito máis fondo e por tanto moito máis relevante que é que este Museo dende hai tempo carece dun proxecto estratéxico, dunha liña. Este Museo por non ter nin siquera ten un proxecto museográfico. Neste Museo fixéronse reformas importantes, reformas no propio edificio que coido que calquera que coñeza a situación do edificio do Museo ten que chegaren á conclusión de que os novos espazos que apareceron, que son importantes, non están sendo para nada ben utilizados.
As coleccións teñen unha presentación francamente desequilibrada porque ¿qué coleccións relevantes ten o Museo de Castrelos? Eu diría que ten 4 grandes compoñentes que son dos grandes elementos de valor que ten a cidade, e son: primeiro o propio Pazo que ten un grande valor en si mesmo;

segundo a colección de arte (de pintura fundamentalmente) galega do século XX fundamentalmente, colección que si hai que dicir que foi un esforzo importante que se fixo nos últimos anos e que aporta un elemento de grande valor para a cidade; a colección de Policarpo Sanz que se integra no Museo e por último a colección arqueolóxica.

Coido que as catro coleccións teñen problemas. Non quero entrar en moitos detalles pero dende logo o Pazo e o seu mobiliario ten problemas evidentes, é un tema moi controvertido e atopámonos con polémicas nos medios de comunicación sobre a cuestión da colección de arte do século XX. Tamén é polémica unha cuestión que pode semellar un pouco máis de gustos pero que coido que remite este comentario que fago ó fondo da nosa proposta neste momento, é dicir, a colección de Policarpo Sanz foi exposta cun criterio subxectivo que é aceptable e pode gustar, pero en todo caso falla o criterio obxectivo. Exponse por escolas, con criterios cronolóxicos..., entón falla tamén criterio obxectivo tamén para isto.

Pero fundamentalmente coido que a parte das coleccións do Concello que experimentaron unha maior degradación na súa exposición ó público é a colección arqueolóxica, coido que aquí si hai un defecto bastante profundo.

Na cidade ás veces escóitanse propostas benintencionadas, perfectamente lexítimas xa que en Vigo está emerxendo un conxunto de restos de moita importancia, fundamentalmente do mundo romano e tiñamos que aspirar a un museo arqueolóxico na cidade nestes momentos. Pero Vigo xa ten un museo arqueolóxico que é o Museo de Castrelos, outra cousa é que se estean expoñendo eses fondos de forma axeitada.

Coido que tamén se carece dunha política de exposicións temporais. Enténdaseme que tampouco critico que se faga unha ou outra exposición, digo que fai falla un criterio xeral sobre qué tipo de exposicións son as propias para un equipamento cultural como o de Castrelos.

Coido que todo isto conduce dun xeito claro e directo á necesidade de que se enfronte unha reforma en profundidade, que se enfronte a definición dun modelo museístico concreto para Castrelos porque coido que isto non é de 8 meses ou dun ano, senón que ven de bastante atrás, que se enfronte dunha vez a definición dun modelo museístico e para isto eu querería sinxelamente achegar unha pequenísima experiencia que tiven de hai poucos meses coma Concelleiro de Cultura.

Dun xeito modesto convoquei a persoas que eu coidaba que tiñan bastante que achegar nisto, dende directores de museos da cidade, os propios técnicos municipais de Patrimonio Histórico e de Cultura, xunto con algúns expertos

recoñecidos nestas materias na cidade. Debo dicir que nas, coido que tres xuntanzas que houbo in situ, apareceron como 6, 7, 8 ideas que semellaba bastante fácil de introducir e de lle dar unha reviravolta á orientación do Museo sen a penas esforzo orzamentario.

Aquí caben dúas posibilidades, sen ningunha dúbida a primeira debe comportar unha reforma en profundidade, un esforzo orzamentario. Debo dicir para calquera discusión orzamentaria que este Grupo esta a favor de lle dar prioridade na política cultural da cidade ó Museo de Castrelos.

Pero hai unha segunda posibilidade, eu coido que se pode abordar sen incremento, o que quere dicir mesmo para introducir investimentos que poden ser necesarios nalgunha materia, que coido que é perfectamente factible e sen necesidade de ningún esforzo orzamentario, coido que hai 4 ou 5 ideas moi fáciles de desenvolver para utilizar espazos que xa existen no Museo, para distribuir dun xeito equilibrado as coleccións, para axustar ben as relacións entre as coleccións e o Pazo que coidamos que é algo que moi facilmente se pode encarar e que pode dar resultados a moi curto prazo.

Por iso é polo que facemos a proposta que leo: “A realización dun diagnóstico operativo xeral sobre a situación actual dun plano estratéxico para o Museo municipal Quiñones de León que recolla de xeito temporalizado os obxectivos, accións e medios necesarios para a normalización e mellora desta institución cultural. Para esta finalidade constituirase de xeito inmediato un comité técnico formado cando menos por técnicos municipais das áreas de Cultura e de Patrimonio Histórico e polos directores das propias tres estructuras museísticas da cidade: Museo de Castrelos, MARCO e Museo do Mar, dotado dos recursos materiais e de técnicos suficiente para a redacción destes documentos”.

Esta é a nosa mocion, moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Arias, vostede comezou dicindo que ía facer unha moción constructiva. Eu engádolle outro calificativo: necesaria. Ademais qué alegría o escoitar, en toda a extensión da palabra, porque este Concelleiro ten a experiencia de que no Goberno Socialista pasado e co BNG fíxolle emendas orzamentarias, por exemplo, acabo de lembrar unha delas: emendas ós orzamentos pedindo contías concretas para seren destinadas ó Museo de Castrelos con absolutamente nulo resultado. Unha das emendas que facía mesmo nos orzamentos anteriores que me aceptou o Goberno municipal pero que vostedes non tiveron a ben votar ía nesa dirección e contiña unha cantidade concreta que mesmo non era tan grande, falo de memoria pero non

sei se eran 60 millóns de pesetas ou algo polo estilo. Vostedes non tiveron a ben votar os orzamentos anteriores polas razóns que foran e aí quedaron, foi unha das moitas cousas que quedaron atrás. Pero na miña opinión ten tanta razón no que di que dende logo conte coa miña absoluta colaboración na medida que saiba e poida.

Pero déixeme unha pequena reflexión sobre a súa proposición: non sei se habería que incluir no debate o tema Casa das Palabras porque é outro museo da cidade, pero llo deixo coma unha interrogación e coido que logo do debate que se faga hai que establecer outro tipo de diálogo.

Por certo, si habería que incluir o criterio de qué facer co museo de instrumentos folclóricos que está na Escola de Artes, que é outro museo esquecidísimo na cidade e que ten un valor evidente para os que poden amar ese tipo de instrumentos ou de aspectos culturais.

Tamén dicir que cando se remate coa visión da ordenación dos museos públicos, se me permiten a expresión, habería que establecer diálogos coa Fundación Laxeiro, por exemplo, e con Caixanova para realmente tentar dar unha mostra xenérica, harmonizada e ordenada dos distintos aspectos museísticos da cidade.

As dianas ten que as haber pero ás veces están nun sitio e ás veces noutros e neste caso está na Xunta de Galiza. O Concello de Vigo comeza o Museo do Mar, obra complicada e moi elevada de custos para un Concello, pero foi unha aposta para obrigar a facelo coma así ocorreu, senón realmente non se faría xamais. O Concello nun momento determinado non é quen de tirar para adiante e pídelle á Xunta de Galiza que asuma esa responsabilidade e, algúns lembrarán esas circunstancias, a Xunta de Galiza mira para o tendido e ó final faino Zona Franca. Pois moi ben, moitas gracias á Zona Franca pero tiña que o facer a Xunta de Galiza e foi un abandono á cidade de Vigo que a Xunta de Galiza non o fixera. Pero segue nese abandono porque, que eu coñeza, non ten a máis mínima vontade de intervir en temas culturais coma este. Traen concertos folclóricos que están estupendos, a min gústanme moito tamén, fai política cultural competindo nese sentido cos Concellos porque ó mellor o que tiñan que facer, igual que Zona Franca deixar as flores ó Concello como xa dixen nunha ocasión e deixar o tema dos concertos porque coido que a Xunta de Galiza pode colaborar neles e ó mellor non dedicarse ós concertos, en troques si promocionar eventos culturais de moita máis fondura como poden ser os que vostedes cita na súa moción.

Polo tanto estou alborozado de escoitar o cambio de criterio do Grupo Socialista.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nós por suposto imos apoiar esta moción do Sr. Arias e ainda máis, por parte do BNG somos partidarios de que houbera unha planificación integral dos usos dos museos da cidade porque coidamos que serviría para optimizar non só os recursos destes museos, senón tamén para optimizar a súa oferta.
De todos os xeitos coidamos que a intencionalidade desta iniciativa está claramene a prol de mellorar o funcionamento do Museo Quiñones de León e polo tanto o noso voto vai ser a prol.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Vexo que os termos da moción cambiaron, falouse de todas as infraestructuras culturais da cidade á parte do Museo de Castrelos, obviamos o Museo Liste, sempre se esquece a xente do Museo Liste da Fundación Liste porque percorremos todos os museos menos este.
Cando falaou o Sr. Arias de moción constructiva, o que dixo si, pero non o que escribíu porque dende logo coido que os termos escritos desta moción son bastante inxustos co propio Museo porque mesmo emprega a verba "degradación" ou sexa que está humillado, rebaixado, envilecido o Museo de Castrelos en tres ocasións. Ademais os termos para min son un pouco sorprendentes porque di que o Museo dende hai anos sofre esa degradación. Di ó principio da moción: "Este Museo sofre dende hai anos unha situación de deixadez e abandono insostible...", a seguer volve dicir: "Sofre dende hai anos un proceso continuo de perda de importancia cultural e mesmo de degradación cultural e institucional". Claro que "dende hai anos" habería que se preguntar qué goberno, qué partido, qué concelleiro é o responsable deste Museo. Está recoñecendo o Sr. Arias que a xestión do Museo de Castrelos dos últimos anos foi nefasta e que degradou ó Museo institucional e culturalmente.
Ademais teño que dicir neste sentido que na reunión do Padroado do 22 de novembro de 2003, o vocal veciñal designado a proposta do PSOE cando se falou disto, porque efectivamente existe unha grande preocupación no Padroado e nesta Concellería polo Museo de Castrelos, don Antonio Quesada di que alaba publicamente o traballo do Partido Popular e especialmente da anterior Concelleira, Sra. Iglesias, que era vocal do Padroado, así coma tamén do Sr. Soto, ademais pedíu que se fixera constar expresamente na acta desa reunión do Padroado e mesmo di que o momento máis glorioso para o Museo de Castrelos foi con don Manuel Pérez coma Alcalde, iso dío o vocal veciñal desigando polo PSOE.

Eu coido que como se fala dende hai anos, e efectivamente dende hai anos non existe (e ímolo ver) atención orzamentaria para este Concello, a min tocaríame por estes últimos meses unha parte moi pequena ainda que só fose en relación á proporción de tempo da responsabilidade.
Por tanto se se fala de hai anos, agora se presenta esta moción pero eu coido que se podería ter presentado dende hai tempo. Coido que me toca a min defender esta moción dende o Goberno pola mesma razón que Poncio Pilatos sae no Credo, por unha casualidade.
Entón xa quero entrar no tema destes 8 ou 9 últimos meses que son os datos que eu teño sobre a xestión do Museo de Castrelos para demostrar que esta moción está totalmente falla de razón. Un dato: o número de visitantes de febreiro a xuño do ano 2003 incrementouse nun 30,18%; no ano 2002 foron 16.216, no 2003 foron 18.000 e este ano 23.000. Estmos no mes de agosto en 23.610 visitantes e no ano 2003 en todo o ano foron 26.000.
En canto ás actividades que se realizaron hai que dicir que houbo unha exposición de “Castrelos inédito” que se expuxeron cadros na Casa das Artes e mesmo se sacaron de distintos lugares onde estaban depositados: Museo, MARCO, Alcaldía, Universidade, cadros non vistos polo público. A exposición tivo case 5.000 visitantes.
Tamén se organizou por primeira vez unha exposición na Sala de Exposicións que se inaugurara no ano 2000 e ata o ano 2004 non se organiza a primeira exposición na nova Sala de Exposicións que foi a exposición da Reconquista que tivo case 9.000 visitantes, entre eles 73 colexios e 1.800 alumnos.
Tamén se organizaron dende o Museo rotas guiadas ós escenarios da Reconquista, o día dos Museos (tampouco quero entrar en detalle en todo isto), a festa popular de regueifas que tamén foi outra novidade, o programa de aproximación das coleccións ó publico, tamén outra novidade; o día da Reconquista que ademais teño que agradecer que o Sr. Arias felicitou a organización dese día da Reconquista. Tamén se realizaron estudos e traballos técnicos e de organización dos fondos documentais, porque o principal problema que teñen agora os fondos arqueolóxicos é documentalos, é dicir, temos os fondos pero non sabemos con qué documentos están vinculados porque cando se fixeron as reformas e sairon os fondos do Museo de Castrelos, cando volveron foi como volven nun traslado, é dicir, fondos por un lado e documentos polo outro. Posteriormente fíxose unha auditoría para organizar os fondos do Museo pero por anos e non por obras e agora están organizando os fondos documentais para os adaptar a cada unha das

obras e para iso se contrataron dous técnicos: un documentalista e un arqueólogo.
En materia de conservación restauráronse varios cadros, publicouse, que dende hai anos non se facía, un catálogo da exposición de “Castrelos inédito”, fixéronse mesmo informes do estado de conservación dos estiles históricos, das chamadas bandeiras da Reconquista se non son bandeiras da Reconquista, son bandeiras alarma do antigo Alcalde do Fragoso, a bandeira da Vila de Bouzas. Tamén no que respecta á deixadez que vostede di e que é certa, teño que dicir que había un cadro de Urbano Lugrís depositado na Casa das Artes dende hai anos; o cadro é un mural, San Telmo, estaba metido nunha caixa dobrado e agora queremos restauralo, polo menos rescatámolo da Casa das Artes onde levaba anos abandonado e se ía estropeando e agora levámolo ó Museo.
Poderíalle dar o número de expedientes que se incrementaron este ano, as prácticas de alumnos e información sobre un tema, e quero agradecer a sensibilidade do Goberno municipal sobre el, que era un problema grave do edificio do Pazo que non tiña saneamento dende o ano 1964 que foi donado ó Concello de Vigo, cousa lóxica porque daquela non existía saneamento nin aí nin en toda esa zona e este ano acadouse e quérolle agradecer a sensibilidade do Sr. Iglesias por incluir dentro do convenio con Seragua o tema de que se poña en marcha o saneamento do Pazo. Hai que saber que as augas fecais do Pazo vertían ó xardín histórico o que coido non é moi correcto. Esa preocupación que tiveron os técnicos que dende un principio me informaron do tema, coido que a asumimos.
Dicía Sto. Tomás Moro que a natureza das persoas é a estimación das súas propias obras e coido que nestes últimos meses realizamos cousas importantes no Museo e que estamos en camiño de seguer xa que continuamos coa exposición de “Castrelos inédito”, imos organizar unha exposición do centenario de Bouzas, continuamos coa organización dos fondos documentais, etc., e mesmo en materia de arqueoloxía imos ver o tema dos orzamentos que coido que é o principal problema do Museo porque sen cartos é difícil facer cousas, pero agora queremos asinar un convenio coa Facultade de Historia da Universidade de Vigo que teñen a materia de arqueoloxía coa finalidade de realizar prácticas preprofesionais e proxectos de investigación no Concello.
Na reunión do Padroado do 16 de xullo mesmo se alabou o labor destes últimos meses por parte dos representantes veciñais que estaban nese Padroado.

Tamén fala na moción do mal aproveitamento dos espacios; pois lle quero dicir que o aproveitamento se fixo de acordo cunha asistencia técnica de xaneiro de 2002 que se chamaba “Organización dos depósitos de arte e historia do Museo municipal” e executouse tal e coma me di o propio Director do Museo. Sen embargo hai que ter en conta que o Museo ten algunhas dificultades a efectos de depósito porque nin ten ar acondicionado nalgunha das salas destinadas a esta finalidade.
Pero coido que o problema fundamental é o do orzamento e por iso sorpréndeme que nalgún momento da moción se fale dun orzamento anual insuficiente cando na nosa proposta viña incrementar ó dobre o orzamento de Castrelos.
Ó longo dos últimos anos o orzamento aproximado foi de 160.000 €, o ano pasado a proposta de orzamentos que presentaba o Partido Popular foi de 320.000 €, deses 160.000 € que ten o Museo de Castrelos, 118.000 € van a seguridade, quedan por tanto dispoñibles 41.000, é dicir, sobre 7 millóns de pesetas dos que hai que sacar mantemento, reparación, limpeza, material eléctrico..., o que signfica que a penas quedan libres cartos. Por iso me sorprende que pida que teña cartos cando vostedes no orzamento do ano pasado dixeron que non cando se incrementaba o orzamento no dobre, máis que o dobre porque unha vez cubertos eses gastos de seguridade e outros de mantemento incrementábase en 4 ou 5 veces o orzamento do Museo e ademais ia unha partida para investimentos destinada para a sala de arqueoloxía. Coido que dicir agora que non ten orzamento, perdóeme a broma pero é como falar daquel home a quen están afogando e dinlle que respire e non lle están deixando.
Tamén quero defender o traballo en equipo do Director e das persoas funcionarias do Museo Quiñones de León que malia a exigua dotación orzamentaria acadaron que o Museo de Castrelos sexa visitado e querido.
Xa ve vostede, eu non quero comparar cifras pero con este orzamento e o que ten dispoñible comparado con outros museos eu coido que a rendabilidade social e as visitas son elevadísimas.
Por iso é malo falar mal do Museo de Castrelos, dicía Baltasar Gracián que “o malo é moi crible e custa moito borralo”. Non podemos falar do Museo cando recibe ese número de visitas e é tan querido polos vigueses.
Tamén di que hai que elaborar un proxecto museográfico; pois na última reunión do Padroado do mes de xullo informei que o director estaba elaborando con outros dous técnicos expertos en arqueoloxía e artes decorativas un proxecto de usos do Museo; ademais alí tamén se comentou o

destino e así o aceptou o Padroado de que a sala de exposicións se vinculase a temas de historia da cidade. Vemos que proximamente se vai realizar unha exposición sobre o centenario da anexión da antiga Vila de Bouzas ó Concello de Vigo.

Por último, en canto á conclusión que formula da comisión técnica hai uns días na Xerencia de Urbanismo o Sr. Ruiz Ceniceros dicía que lle semellaba que o deporte deste Concello eran as comisións. Quero lembrar que existe un Padroado do Museo de Castrelos dende o ano 1937, nel existen representantes dos partidos políticos e agora mesmo recibiron unha carta solicitándolles o nomeamento de novos padróns para este Museo e se se quer incluír a algunha destas persoas pódese a través deste Padroado. Coido que ademais o Padroado cumpre e así o recoñece o Pleno porque se aprobou o Regulamento o 28 de febrero de 1981 e sobre as funcións do Padroado o Regulamento di que o Museo será rexido por un Padroado de funcionamento autónomo e que ademais lle corresponde ó Padroado organizar, analizar e secundar os labores que estime axeitados.

É dicir, creamos unha comisión para que fale de funcións que lle corresponden ó Padroado, duplicamos as comisións; temos un Padroado no que poden designar os partidos a través dos representantes veciñais ás persoas que estimen convenientes e en troques creamos unha comisión paralela a esa Padroado, ¿por qué entón esta comisión? ¿por qué me sorprende que non estea o director do Museo Liste? Coido que con isto queremos limitar as funcións do Padroado.

Fálase na moción dun xeito moi desafortunado dun proceso de degradación institucional e a institución que rexe o Museo é un Padroado e se agora creamos unha comisión técnica que desenvolva as funcións que lle corresponden ó Padroado coido que entón si o imos minusvalorar creando esta comisión, coido que esta si é unha proposta de mellora institucional.

Polo tanto nada máis quero dicir que eu estimo que, á parte dos erros, eu quero defender o labor do Museo, o que me corresponde e o dos funcionarios que están ó fronte do mesmo. Coido que se debería reconsiderar o tema da creación desa comisión técnica porque temos un Padroado ó que lle corresponde a dirección técnica do Museo. É certo que vostede creou unha comisión cando estaba ó fronte da Concellería de Cultura pero tamén é certo que na reunión que houbo en novembro presentou moitas queixas dentro do Padroado e preguntouse que era esa comisión e vostede dixo que era a comisión persoal do propio Concelleiro. Ó Padroado non lle pareceu moi conforme que existise unha comisión que dirixise os obxectivos de Castrelos

e por iso se formulou a pregunta e vostede dixo que non era unha comisión de Castrelos, que non era paralela ó Padroado, senón que era una comisión persoal do Concelleiro.
Eu coido que hai que revitalizar o Museo pero a través dos órganos que xa existen coma é o Padroado onde existen representantes, está o Cronista oficial da cidade, os representantes dos distintos servizos técnicos do Concello e eu non coido que se arranxe creando unha comisión que estableza unha determinación dos usos porque ademais hai que ter en conta que cos 3 millóns que quedan libres, se esa comisión a poñemos en marcha coido que vai consumir todos os cartos do Museo, non imos poder facer nada máis porque o principal problema do Museo é o da falla de orzamentos.
Por todo iso lle quero dicir que esta moción é escasa, se coma vostede afirma Castrelos no está como debía (coido que non está como debía pero non coma vostede di que está), a moción é insuficiente, fagamos máis, non cremos só unha comisión, aprobemos os orzamentos porque vostedes teñen votos e capacidade para, a través dunha emenda ós orzamentos, esixir tanto persoal como orzamentos e eu agradeceríallo. Por iso agradézolle ó Sr. Soto que cando foi aquí a discusión dos orzamentos presentou unha emenda pedindo o incremento da dotación de Castrelos que de todos os xeitos xa a incrementabamos no dobre.
Coido por iso que se a moción ten coma motivo un problema grave da situación de Castrelos, que se presenta unha emenda ou que apoien aqueles incrementos orzamentarias mesmo de persoal no próximo Pleno e non digan que non porque se non nos imos atopar o ano que ven con esta mesma situación.

SR. SOTO FERREIRO: A min seméllame que hai cousas perfectamente conciliables e unha delas son os estudos técnicos que se poidan facer e iso non quita que logo o Padroado poida estudar o que unha comisión técnica prepare e realice os debates que teña que realizar.
Pero en todo caso me quedo preocupado cunha cousa, Sr. López-Chaves, semella que o fixeron todo perfecto e supoño que non será esa a percepción que ten vostede nin o seu Grupo da súa xestión porque todos facemos as cousas ás veces ben, ás veces regular e ás veces non tan ben. Digo todos e naturalmente inclúome, mesmo no traballo que en calquera sentido me cómpre facer no Concello incluindo o que estou facendo agora mesmo.
O que me deixa preocupado é se hai un cambio de actitude do Goberno do Partido Popular con respecto á Corporación pasada e así como acabo de dicir aleluia, qué cambio no Partido Socialista, non sei en vostedes porque eu

lembro ó Sr. Toba que ó mellor lle molestaba pero a min non, canta máis xente coincida mellor, lembro que o Partido Popular e nós coincidiamos na Corporación pasada en defender clarisimamente ó Museo de Castrelos en contra mesmo de cómo se creou o MARCO, de cómo se creou a Casa das Palabras que se lle deron dotación orzamentarias que nin polo forro ten o Museo de Castrelos, independentemente de que este é infinitamente moito máis importante na miña modesta opinión, ó mellor erro, para a cultura galega que o MARCO e o Museo das Palabras xuntos.
Vostedes daquela tiñan unha actitude e defenderon equilibrios orzamentarios que o Goberno de entón non tivo a ben escoitar. Vostedes agora semellan estaren moi conformes con trescentos non sei cantos mil euros para o Museo de Castrelos. ¿Lembra vostede de memoria qué orzamento lle transfire o Concello ó Museo MARCO anualmente? ¿Erro se falo de cento setenta e cinco millóns de pesetas aproximadamente? ¿Son máis? Moi ben, é que estou falando de memoria e estáballes pedindo os datos a vostedes mesmos; o que sexa pero é hiperbolicamente máis que para o Museo de Castrelos. ¿Cómo discuten que se intente mellorar Castrelos? Por favor, ou cambiaron de actitudes en entón explíquenas ou realmente non as entendo.

SR. ARIAS MOREIRA: Gracias a todos polas súas intervencións. Sr. López-Chaves, coido que a súa réplica é totalmente inaxeitada porque semella que non entendeu o sentido desta moción.
Esta moción non vai no sentido de discutir o que vostede fixo ou deixou de facer, cousa na que non vou entrar porque moitas cousas que dixo vostede que fixo a min non me gustan nada, seméllanme erradas, pero isto non vai diso.
Logo da súa resposta eu vexo moito máis claro, porque vostede non aludíu para nada ó fondo e a forma do que aquí se propón, que é a necesidade de dotar dun modelo museístico concreto a un Museo que non sabe onde está neste momento. Vostede non falou unha palabra diso, só dixo o que fixo e o que deixou de facer.
Falando de cousas concretas, coido que logo da súa resposta queda bastante máis claro para min e para todos esta situación de degradación institucional porque se vostede diante dunha modesta proposta de constituír unha comisión composta polos mellores técnicos da cidade, polas persoas que máis saben disto remíteme ó Padroado que xa existe, téñolle que dicir que, por favor, nun dos últimos Plenos eu reclameille aquí que convocara ó Padroado. O Padroado convocouse a finais de xullo, debo dicir que non

puiden estar por motivos profesionais, nese momento atopábame na cidade de Washington e ben que o sentín pero vostede convocou para finais de xullo.
Acaba de anunciar aquí que enviaron un papel ós Grupos pedíndolles que propuxeran representantes veciñais. Eu teño que dicir que o acabo de coñecer neste momento pero é que iso se tivo que facer hai moito tempo, hai moito tempo que se tiña que renovar. ¿Mandáronno en maio do ano pasado? Perfectamente pero estamos en setembro e eu ainda non mirei ese papel, por certo.
De verdade que esta moción non vai contra vostede nin contra a súa política en Castrelos, non é unha moción conxuntural, é unha moción estructural que tenta enfrontar un problema estructural.
Tampouco eu me fago moitas ilusións, eu dixen aquí nun Pleno anterior aquilo de que cando un non sabe qué facer cun problema efectivamente crea unha comisión e eu mesmo estou propoñendo agora unha comisión. Non me fago moitas ilusións porque sei que cando dixen iso se estaba precisamente aprobando neste Pleno a creación da comisión do Verbum da que, por certo, non sei se alguén aquí volveu ouvir falar, eu xamais volvín ouvir falar de semellante cousa.
Falando de degradación institucional, se aprobamos mocións e gárdanse na carpeta e non teñen ningún efecto ¿iso non é degradación institucional?
Non vou entrar en maiores detalles. De verdade coido que debe coller vostede o verdadeiro sentido desta moción que coido foi perfectamente entendido polos outros dous Grupos que falaron, non pretende ser unha moción que vaia contra ninguén pero si vai contra unha situación que non ven de agora, que non inventou vostede, pero que é unha situación de degradación do primeiro equipamento, da primeira institución cultural da cidade. Repito que esa situación non a inventou vostede pero vostede neste momento é o responsable e non se escude, vostede neste momento leva xa un montón de meses e xa deberamos ter visto unha iniciativa para dotar a este Museo dun modelo concreto que podería gustar ou non.
Eu o que vexo son intervencións dicindo o que se fixo, fixeron moitas cousas, só fallaría que non fixeran nada, non lles vou discutir esas cousas que fixo. A vostede neste momento critícoo por pasiva, non por activa porque falla o máis importante para saír deste atrollado no que está neste punto a política cultural da cidade. Nada máis e moitas gracias.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu si que non entendo ó Sr. Soto porque efectivamente eu si que pido un incremento de orzamento, ogallá poidera

pedir máis, por iso pido que os demais Grupos poñan máis; estou de acordo en incrementar a dotación do orzamento de Castrelos porque é a dotación cultural máis importante, a máis querida polos vigueses, á que máis atención queren prestar e por iso eu cando dixen que non entendía o que dicía é porque estou totalmente comprometido nesa idea e por iso se incrementou o orzamento que había 4 ou 5 anos que non se incrementaba unha soa partida a dotación de Castrelos e este ano incrementábase no dobre.
O que se di aquí ó final non é o contido da moción, moitas veces fálase das mocións pero é que o contido da moción fala dun Museo de Castrelos degradado e eu non estou de acordo con isto, nin agora nin nos últimos anos. Efectivamente abandonouse pero vimos o número de visitantes que ten, a actividade que se fai; das cinco funcións que esixe a Lei de patrimonio cultural, cúmprense catro e ¿cántos museos de Vigo cumpren as cinco? ¿cántos cumpren as catro? Pero se temos un Padroado que é unha institución á que lle corresponde segundo o Regulamento que aprobou o Pleno esas funcións ¿imos facer unha comisión paralela a ese Padroado? Ademais xa dixen que vostedes poden designar no Padroado a quen queiran para formar parte do mesmo, ademais o tema do proxecto museístico se tratou na última reunión do Padroado de Castrelos e tiñan vostedes coñecemento. Coido que a declaración institucional é que a institución que lle corresponde e a súa competencia a súa función se substitua por outra.
Por iso eu coido que é o Padroado quen debe cumprir esa función.

(No momento da votación están ausentes o señor Barros Puente e a señora Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, e nove abstención dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Polo Lima e a Presidencia,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Arias Moreira, no sentido de instar á realización dun diagnóstico operativo xeral sobre a situación actual e dun plano estratéxico para o

Museo Municipal “Quiñones de León” segundo o texto que se transcribe nos antecedentes do presente acordo.

39.- (269).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE INSTAR A PORTOS DE GALICIA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO NOVO PORTO DEPORTIVO DE CANIDO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Ruíz Ceniceros, formula a seguinte moción:

“Por resolución de 5 de agosto de 2004 o ente público Portos de Galicia anunciou a convocatoria de concurso aberto e tramitación ordinaria para o outorgamento de concesión de ocupación de dominio público no porto de Canido, para construcción e explotación de instalacións para a navegación recreativa.

No expediente só se delimita a superficie concesional máxima e a zona de ocupación (17.960 $m^2$), correspondendo ós futuros licitadores a redacción do proxecto e deseño do futuro porto deportivo de Canido.

No mesmo senso o prego de bases aprobado polo ente público autonómico non require expresamente dos licitadores o sometemento do proxecto a unha avaliación de impacto, incidencia ou efecto ambiental, regulada na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia. Só esixe a presentación dun “*análise dos posibles efectos ambientais e de adecuación ambiental e urbanística das obras, a súa integración no entorno urbano, calidades estéticas, etc..*” e, no seu caso, a “*elaboración e presentación dos estudios necesarios ou requiridos para a tramitación ambiental da oferta seleccionada...*”, cuxos gastos correrán a cargo do adxudicatario.

O Grupo Municipal Socialista estima insuficiente o tratamento medioambiental que Portos de Galicia dá a esta obra, porque existen estudos técnicos que advirten que as instalacións para a Náutica Recreativa en Canido poden afectar á Praia de Fuchiños e á Praia de Canido, previndo respecto da segunda que a liña de equilibrio que se adopta a medio prazo (anos) supón o trasvase progresivo de area dende o Leste cara ó Oeste, requirindo despois de rematadas as obras a aportación periódica de area na parte oeste da praia, como único medio de impedir o retroceso excesivo da parte leste.

Por iso, sen prexulgar a idoneidade e conveniencia dun novo porto deportivo en Canido, nin a legalidade dos oregos que rexen o concurso, o Grupo Municipal Socialista considera insuficiente o seu tratamento mediooambiental.

Polo que proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar ao ente público Portos de Galiza para que esixa a avaliación de impacto ambiental do proxecto obxecto de concurso e outorgamento dunha concesión de ocupación de dominio público de porto de Canido para a construcción e explotación de instalacións para a navegación recreativa.

2.- Que o estudo de avaliación de impacto ambiental sexa realizado por organismo ou entidade pública cualificada e independente.”

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. RUÍZ CENICEROS: Vou adiantar o sentido da moción que neste caso non é que sexa constructiva, é meramente preventiva e nese sentido esperamos que a recolla o resto da Corporación.

Como saben o 5 de agosto de 2004 a entidade Portos de Galiza sacou a concurso unha nova concesión para a construcción dun porto deportivo en Canido, o prego de condicións tal e como está presentado en principio o único que fai é determinar a superficie máxima de ocupación en lámina de agua que serían máis ou menos uns 17.500 m2 pero non establece máis requisitos nin tampouco consta proxecto por tanto é o futuro concesionario quen terá que presentar o proxecto de construcción dese porto.

Os requisitos medioambientais que en principio se esixen no prego de condicións non quedan excesivamente claros, fálase de análise medioambiental, de que os licitadores presenten co proxecto un estudo medioambiental, pero non determina exactamente que procedimento mediambiental deberá seguer ese proxecto.

O que nós propoñemos a este Pleno é instar á entidade Portos de Galiza que lles esixa a eses proxectos o maior rigor medioambiental establecido na lexislación vixente que é unha declaración de impacto medioambiental, é dicir, que non se produzan na construcción dese porto deportivo casos como o da ampliación do Porto de Vigo, o coñecido recheo, que se discuta se se debe ou non seguer un determinado procedimento mediambiental e que esa discusión chegue mesmo ós Tribunais, senón que xa de principio a entidade Portos de Galiza esixa segundo a lexislación vixente o procedemento que conta con máis rigor que é a valoración de impacto medioambiental.

Tamén propoñemos na moción que esa declaración se faga segundo un estudo realizado por unha entidade imparcial, a poderen ser a Universidade, Instituto Oceanográfico, é dicir unha entidade que nun principio xa pola súa propia característica de organismo público conte coa condición ou coa

presunción de imparcialidade e non cun mero traballo presentado a instancia de parte polo posible concesionario.
Ainda que non consta na moción, si neste caso instamos verbalmente ó Goberno e en concreto á Concellería de urbanismo que esa construcción do porto así como dos futuros se coordine urbanísticamente coas determinacións que agora mesmo contén o planeamento actual e que nun futuro conteña o Plan Xeral para evitaren que acaezan casos como o que actualmente sofre o porto deportivo da Lagoa que é unha concesión outorgada pola Autoridade Portuaria pero que se realizou no seu día totalmente descoordinada coa planificación urbanística de tal xeito que agora mesmo se está a construir un porto que non conta nin con accesos suficientes, nin con aparcadoiros suficientes, nin tampouco agora mesmo se sabe exactamente qué construccións se poderán realizar na superficie de recheo.
Eses son os termos da moción. O Grupo municipal socialista agora mesmo non se pretende pronunciar nin a favor nin en contra dese porto porque dependerá do que resulte desa declaración de impacto ambiental. Se é favorable e determina que non causa ningún dano ó ecosistema marítimo, nin tampouco afecta para nada ás praias que agora mesmo se cuestiona que poidan estaren afectadas, o Grupo municipal socialista non tería inconveniente na contrucción dese porto.
Se o estudo de impacto ambiental determina que, por exemplo, as praias quedarían afectadas e que faría falla un recheo periódico de areal, nese caso o Grupo municipal socialista formularía a revisión dese proxecto igual que acaeceu anteriormente. Como algúns membros desta Corporación xa coñecen o proxecto que agora mesmo se pode licitar é en realidade a mellora ou a revisión dun proxecto anterior que recibíu informes desfavorables da Universidade, do Instituto Oceanográfico e tamén de Costas.
Só propoñemos que sexa o Pleno quen tome esa iniciativa e que inste a Portos de Galiza a que realice neste caso os requisitos medioambientais máximos esixidos.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Vostede falou aquí dunha serie de cousas e falou moito para non dicir nada.
Mire vostede, aquí para ecoloxista eu. Vostede fala de impacto ambiental e doutras moitas historias pero primeiramente o que vostede pide xa pedimos nós que se faga hai moito tempo pero non está no trámite de Portos de Galiza e coidado porque non sei se o saberá pero esa auga non pertence a Portos de Galiza, senón á Autoridade Portuaria e hai un cachiño que

pertence a Costas e outro a Portos; aí temos un tripartito. Xa levamos varios anos negociando ese tema e Portos é quen vai decidir e estou de acordo en que foi quen pedíu que se fixera exposición pública do acordo ó que chegamos.

Claro que o primeiro proxecto que presentaron hai anos era unha aberración, fomos os mariñeiros os primeiros que protestamos, estábannos a falar de 70.000-80.000 m2, claro que era unha aberración coma se facía e non estabamos de acordo. Nós chegamos a un consenso de 16.000 aproximadamente, non de 17.000 como di vostede aquí.

Pero, Sr. Ruiz Ceniceros, lle vou dicir unha cousa: existe o porto deportivo de Canido, alí temos 200 barcos deportivos amarrados collendo unha lámina de auga de 27.500 m2. Vostedes miran a ecoloxía por enriba coma os avións e os paxaros pero por abaixo non a miran.

Cada barco vai amarrado a unha pedra ou a un morto que se chama, que pesa a máis pequena media tonelada e a máis grande 3500 kg. Nós temos dende a punta do peirao de Canido ata Toralla unha mina coma as de Vietnam, aí non crece o marisco nin crece nada porque o impacto ambiental, eu que son mariñeiro e ecoloxista, míroo polo fondo e non por enriba, a min ponme un edificio diante e taparame o sol, pero se mo mete por abaixo tápame a vida. Se se chegou a un acordo para facer o porto é para eliminar todo iso. Este verán en Canido había máis de 200 barcos amarrados, o porto deportivo só vai levar 140 prazas, vaise reducir e bastante.

Ademais lle teño que regalar un compás porque vostede me pon aquí que ten medo que a area das praias vaia de leste ó oeste. Pois a Fuchiños xa nin lle afecta pero a praia de Canido está situada nordeste-sudeste, non sei se saberá o que é iso pero llo explico. Xamais na vida pode levar a area de leste ó oeste, iso nunca, eu non entendo de urbanismo pero mamei o mar dende pequeno e sei o que digo. Pasa que vostedes fan isto pola política do non, de estar aí, de dar a nota e eu dígolle que non estou de acordo con todo isto e ademais o primeiro ecoloxista son eu, pero nestas conversas levamos anos que non días.

Eu teño aquí o borrador do impacto ambiental que é un tocho bastante gordo e se se vai facer haino que esixir no punto que se deba. Neste momento o porto de Canido está no punto 3, na convocatoria de concurso público, e no punto 6 cando ven a oferta da adxudicación do concurso é cando se lle pide a declaración de impacto ambiental e logo se vai pedir a tramitación ante a Consellería de Medioambiente e a obtención do estudo de impacto ambiental. Pois claro que imos pedir o estudo de impacto ambiental, por suposto e de

feito témolo, eu teño na Confraría o impacto ambiental, pero iso igual o fai o Liceo de Canido, como o Náutico de Vigo, como o pode facer unha empresa privada. Ese porto pódeo facer calquera pero quen o faga claro que ten que levar o estudo do impacto ambiental, fallaría máis, pero non é o momento. Vostede agora o que está pedindo é unha licencia de fin de obra cando ainda non puxemos os cimentos na casa, pídame vostede a licencia e logo o final de obra.
Eu son o primeiro e o máis interesado en que haxa un estudo de impacto ambiental pero no seu tempo e non agora, porque vostede isto non o fai porque lle interese o impacto ambiental, Sr. Ruiz Ceniceros, faino por amolar, porque quere meter o dedo, quere estar aí a tocar. Pois moi ben, pero non é agora o momento para o facer.

SR. TOBA GIRÓN: Moi breve pero para manifestar que imos votar a favor desa moción porque calquera cousa que se faga no noso litoral require de toda a prudencia necesaria e da intervención de organismos que non estean baixo sospeita.
Eu coñecín o proxecto dos 70-80.000 m2, tamén presentei alegacións a ese proxecto no seu momento xa que era unha barbaridade e queremos ver no BNG con moita calma o proxecto que resulte dese concurso porque que se discuta (niso coincidimos co Sr. Ruiz Ceniceros) calquera actuación no litoral require o máximo de prevención sobre todo cando unha actuación mesmo xustifica unha piscina que non sabemos moi ben que ten que ver realmente cos asuntos do mar, pero en todo caso xa se fala na propia documentación que estivo no seu momento por aí como se as actuacións en terra, necesarias para acadar os atraques que indubidablemente son necesarios, precisaran de piscinas.
Imos estar moi atentos e por suposto que imos apoiar a proposta do Sr. Ruiz Ceniceros.

SR. FIGUEROA VILA: Nós imos apoiar a proposta só que no punto 2 non sabemos se ten que ser unha entidade pública ou unha contratación dunha empresa coma se fai normalmente, a nós danos exactamente igual, é o único ó que lle poriamos unha puntualización.

SR. RUIZ CENICEROS: Sr. Alonso, como falou todo en primeira persoa (imos presentar, estamos preocupados) máxinome que vostede non terá relación directa co proxecto porque se non tería causa de abstención para intervir

neste Pleno. Por iso todo o que escoitei en primeira persoa, que vostede relacionou en canto á súa intervención nese proxecto, non será porque vostede estea directamente afectado ou interveña directamente nesa construcción ou concesión, maxíno que o seu interese non pasará máis aló do de concelleiro.
En segundo lugar, efectivamente o trámite que agora mesmo se está levando a piques é o de concesión de obra pública mediante presentación do proxecto, logo farase a declaración de impacto ambiental, esperamos, vostede está seguro, está tan enteirado e informado que o sabe por anticipado; nós alegrámonos porque iso non aparece no prego de condicións, xa nos informou por adiantado.
En todo caso esa declaración de impacto ambiental ten que ser consonte co proxecto que se presente e este ten que achegar á súa vez o proxecto medioambiental e nós propoñemos que realizado por unha entidade independente.
En principio se o prego de condicións non o especifica os licitadores (que non sabemos os que van ser, nin siquera sabemos exactamente o proxecto que vai ser) poden encargarllo a unha entidade privada conforme a pagamento. Pagarán uns honorarios e uns determinados enxeñeiros ou técnicos competentes realizarán ese estudo de impacto ambiental.
Nós propoñemos que Portos de Galiza esixa que non se lle encargue a unha entidade privada, senón a unha entidade pública para que en principio, como calquera tipo de proba forense ou pericial, se é realizada por unha entidade pública desinteresadamente, no sentido de que non precisa deses honorarios para subsistiren, presupoñemos que a súa imparcialidade está moitísimo máis garantida.
Repetimos que en principio é unha moción absolutamente preventiva. Cando vostede fala de que non temos un coñecemento técnico especialmente profesional do asunto, recoñecémolo totalmente; pero cando nós na moción incluimos unha referencia a movementos de areas na praia de Canido non é que nós fixeramos ese estudo nin por ar, nin por mar, nin por terra, nin por subsolo; sacámolo precisamente do anteproxecto de instalacións para náutica recreativa no porto de Canido-Vigo realizado por un dos promotores, polo Club Marítimo de Canido que no seu esquemático comentario mediambiental di: “Se non se achega area de xeito artificial, a liña de equilibrio que se adopte a medio prazo supón o trasvase progresivo de area dende o leste cara ó oeste, igualando volumes a un e outro lado do punto de xiro”. Esa é a reproducción literal dese anteproxecto que vostede segundo

semella coñece moi ben, realizado polo Club Náutico de Canido e que nós reproducimos con toda a boa vontade na moción.
Polo demais, dado que é unha moción preventiva e así se recolleu polo resto dos Grupos, esperamos que vostedes a asuman do mesmo xeito.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Se me dirixo a vostede en primeira persoa é porque estamos enfronte e xa directamente cando vostede empezou a moción non mirou para ningún sitio máis que para aquí, sabía cara onde tiraba as pedras e por iso é normal que eu mire para aí.
Agora e no bo sentido da palabra, non o tome a mal porque non teño nada persoal, se me está a dicir que se son afectado coma primeira persoa teño que dicir que si porque levo anos representando a unha Confraría de pescadores, este tema está no ámbito territorial da nosa auga e levo anos neses temas. Se iso me impide que eu poida expoñer isto aquí, non o sabía e entón retiro todo o que dixen porque eu non sei de leis, diso sabe vostede que é avogado e foi Concelleiro de Urbanismo, eu non, agora ben se seren vicepadrón primeiro e secretario de órganos de goberno da Confraría me impide falaren neste tema aquí non pasa nada.
Eu repítolle que claro que nós queremos o estudo de impacto ambiental e fálolle en primeira persoa sinxelamente porque estou representando ós mariñeiros e levamos anos pelexando porque tampouco estabamos de acordo co primeiro porto que formulaban eles e chegamos a un consenso sobre que ese era o mellor que había porque queremos eliminar todos os mortos que hai por alí para que crie ameixa, sinxelamente porque nós vemos o impacto ambiental por abaixo e non por enriba, impórtanos moito máis o de embaixo que o de enriba. Agora ben, repito de novo que eu non sei de leis entón que me diga o Sr. Secretario se coma vicepadrón maior primeiro da Confraría e secretario dos órganos de goberno non podo intervir por seren persoa interesada, eu ós 14 anos fun para o mar e de leis non entendo moito, non o sei, pero semella que podo continuar, gracias.
Sobre o que dicía vostede antes da Lagoa teño que lle dicir que non ten nada que ver Canido coa Lagoa, esta ten unha autorización da Autoridade Portuaria para facer o porto, están a facelo e seméllame moi normal e lóxico xa que fai boa falla, pero eu aí non vou entrar, eu non sei ata que punto é legal que baixe alguén a Yatesport a baixar un barco e non poida baixar un camión con pedra, eu non sei ata que punto é legal que poida baixar un si e o outro non. Non o sei e non me importa nin tampouco teño intereses creados na ETEA, segue sendo ámbito territorial da Confraría e

preocúpame porque está a favor dese porto deportivo e que se deixe baixar a unha empresa cun camión de ferralla e non a un camión que ten unha orde ou un permiso legal dunha Autoridade Portuaria para facer un porto, non o sei, non son xurista e non teño nin idea.
Mencionaba tamén vostede ó Porto de Vigo, pois nada ten que ver o Porto de Vigo, a vostede faralle moita gracia mirar os trasatlánticos en Bouzas ou alá en Guixar, no ano 40 cando se fixo o peirao de trasatlánticos era estupendo pero hoxendía queda obsoleto. Cando se fixo o aeroporto era unha cousa pero hoxe xa crecimos. O progreso vai rifado co medioambiente porque senón nos imos todos fóra e aquí non progresamos, se queremos as cousas ben temos que progresar e a náutica deportiva é unha cousa que está progresando e mesmo en contra dos propios mariñeiros pero hai que seren conscientes de que é así.
En canto ó que dicía o Sr. Toba de apoiar esta moción, claro que quero que se faga pero unha cousa é que a apoie e outra que diga o que penso porque vostede faina polo que a fai. Pero saiba que estamos totalmente a favor e dígolle de novo que na Confraría teño estudos que a título persoal llos podo ensinar cando queira e sen problema ningún, porque se iso é malo os primeiros prexudicados somos os mariñeiros. Agora ben, coido que non coherente pedir unha cousa cando ainda non é o momento, haina que pedir no seu momento, non agora e mais polos motivos que vostede presenta.

(No momento da votación estaba ausente a señora Porteiro García)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal socialista, Sr. Ruiz Ceniceros, a fin de instar a Portos de Galiza para que esixa a avaliación de impacto ambiental no proxecto da concesión de ocupación de dominio público do porto de Canido, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

40.- (270).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA A POSTA EN MARCHA DA ESCOLA DE ARTE DRAMÁTICA EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral de data 16 de setembro de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Señor Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

“En marzo deste ano o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás, anunciaba a posta en marcha da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na cidade de Vigo. Esta nova viña confirmar un anuncio anterior do Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo no que o Sr. Pérez Varela manifestaba o seu interese porque a citada Escola se situase no sur de Galicia e máis concretamente na cidade de Vigo.

Deste xeito, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria daba resposta definitiva ao que xa constituía un clamor nos sectores vinculados á producción teatral e audiovisual, pero tamén supoñía un alivio e unha esperanza para os pais e nais que ano a ano ven como os seus fillos deben acudir a Madrid, Barcelona ou Murcia para cursar estudos superiores de arte dramática.

Aquel anuncio do Sr. Conselleiro de Educación e OU, Celso Currás, tamén sinalaba a data de posta en marcha: o curso 2005-2006 e dende aquela non se teñen dado pasos para a posta en marcha da Escola, nin dende a Consellería nin dende o Concello.

Entendemos que todos os grupos que integran a Corporación Municipal están a favor da creación da Escola e de que se sitúe na cidade de Vigo, polo que sería necesario un acordo para lograr que en setembro de 2005 a Escola abrise as súas portas en Vigo. Entendemos que a nosa función consiste en buscar un espazo para que a Escola comece a funcionar de forma provisional e, ao mesmo tempo, un espazo para construír o edificio definitivo da mesma.

Á hora de buscar ese emprazamento debemos partir de dúas premisas.

Unha: que tanto o espazo provisional como o espazo definitivo cubran as necesidades do centro e non se converta nunha fonte permanente de conflictos e cumpra todas as expectativas de desenvolvemento, de xeito que o equipo docente poida elaborar un proxecto educativo de centro ambicioso e de calidade. Cómpre lembrar que a Escola se pode e se debe converter nun polo de dinamización sociocultural da cidade de Vigo e que debe contar cos espazos suficientes para aspirar a ser un referente das ensinanzas teatrais.

Dúas: non debe implicar custos excesivos nin para o Concello nin para a propia Consellería, polo que se debe partir dos recursos existentes e do seu aproveitamento.

Hai nestes momentos espazos na cidade que permitirían que a Escola comece a súa andaina no curso 2004-2005 con moi poucos investimentos. Trátase de espazos sobre os que hai que chegar a acordos e consensos entre todos os grupos e coa propia Consellería de Educación e OU, pero que xa están aí, á nosa disposición.

Por eso cremos preciso que dende o Concello se dean os pasos necesarios para que a Consellería de Educación e OU cumpra os seus compromisos e sen dilación inicie os tramites para a posta en marcha da Escola, garantindo

que para o curso 2005-2006 Vigo vai ver como a ESAD de Galicia abre as súas postas na cidade.

Polo exposto propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impulse máis decididamente o proceso para a posta en marcha da Escola de Arte Dramática en Vigo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 20 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Este é un proxecto especialmente querido polo Grupo socialista e coido que tamén polos outros Grupos do Concello e tendo en conta que naceu no Consello da Cultura Galega presidido por Carlos Casares é tamén un xeito de honrar a súa memoria.
Ainda que brevemente si quería dicir o especial interese que temos en que vaia adiante a Escola Superior de Arte Dramática de Galiza porque dende marzo que o Conselleiro, don Celso Currás, que semella non era un grande entusiasta da idea, anunciou que se ia poñer en marcha en Vigo a Escola Superior de Arte Dramática de Galiza, os diversos Grupos municipais ou alomenos o noso non tivo ningunha nova ó respecto e preocupámonos porque o proxecto trata de que se poña en marcha no curso 2005-2006 e iso require empezar a traballar xa. Nese sentido presentamos unha moción moi sinxela na que se lle solicita á Consellería de Educación que se impulse máis decididamente o proxecto. Como supoño que recibiremos algunha nova, esta será benvida.
Eu moi brevemente, sen que o poña coma punto a votación porque fixen ese esforzo co resto dos Grupos municipais, si querería dicir que entendemos que hai unha moi boa oportunidade de elixir un sitio axeitado, pero non me vou estender neste tema. O único é dicir que cando estiven de Concelleiro de Educación o orzamento que nos resultaba para a Escola Superior de Arte Dramática, que ten que ter uns mínimos imprescindibles de acordo coa lexislación, saíanos por parte dos estudos técnicos un investimento de 10 millóns de euros. Coa a proposta que falei de palabra e que non está na moción de que dedicáramos o IESS de Bouzas para esta función, sería unicamente necesario facer un teatro e algunhas aulas apegadas que corresponderían cun orzamento aproximado de 1.7000.000 €.
Poño esas cifras enriba da mesa porque coido que o Conselleiro, don Celso Currás, que obviamente ten uns orzamentos limitados estaría encantado de

atopar unha solución deste tipo que posibilitaría o funcionamento provisorio durante os dous primeiros anos da Escola xa a partir do curso 2005-2006 e mesmo a instalación definitiva facendo ese edificio que fundamentalmente tería un teatro cara á entrada da parcela que hai no IESS de Bouzas fronte ó mercado de Bouzas.

Como non foi posible convencer ó resto dos Grupos en prazo para visitar o IESS para os convencer –espero-, igual que eu estou entusiasmado con ese posible lugar, encantaríame poder convencer ó resto dos Grupos municipais e á Alcaldesa deste tema que sei que é un tema que tamén leva moi directamente, para non crear problemas debido a que evidentemente non se pode entrar a pelexar sobre se tal lugar é para unha cousa ou outra, sobre todo porque a Consellería pretende dedicalo, segundo semella, cara ó próximo curso a imaxe e son, fixen xestións tamén con directores de IESS de Vigo, en concreto cos dous IESS de Coia, e sería moi posible, moi factible poñer imaxe e son nas parcelas e instalacións deses institutos.

Por non entrar máis polo miudo a única proposta concreta que se me ocorre é ampliar o acordo que se propón que é solicitar á Consellería de Educación que impulse máis decididamente o proceso para a posta en marcha, eu engadiríalle só un segundo punto –se mo permiten- in voce neste Pleno que sería: encargar un estudo a técnicos expertos sobre a localización máis axeitada para a dita escola.

Preocúpame especialmente que a poderamos poñer en marcha o curso 2005 e coido que un bo xeito de empezar ben sería que a poñamos nun sitio axeitado.

Esa é a proposta que inclúo na moción sen facer referencia ó IESS de Bouzas que entendo que ese é un tema hoxe conflictivo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Calviño, estamos totalmente de acordo coa súa moción e coa súa emenda.

Sobre que vostede xa non presenta discusión, agradézolle vivamente ese espírito de consenso que lle fai non presentar un tema que podería seren conflictivo porque entenda ben que cando falaba o meu compañeiro, Sr. Alonso, sobre que queremos un centro de saúde en Bouzas coidamos que é moi prioritario con respecto a outras cousas coma unha escola de arte dramática, de imaxe, son ou que queira. É dicir, son temas importantes, interesantes e convenientes, pero convirá comigo que moitísimo menos necesarios para a poboación que un centro de saúde e o centro de saúde debe estar canto antes. Xa veremos canto tarda en se desenvolver o PERI, ogallá

que se faga mañá. Por iso mantivémonos e non por non ter consenso porque coido que está claro que a nosa vontade está sempre niso, senón porque realmente temos a desconfianza de que pintar un centro de saúde no PERI é pintalo para moitos anos vista.

Lamentablemente é o mellor e se é mañá estaremos reloucados, tal é como lles dicía o Sr. Alonso, se hai un compromiso concreto que a Alcaldía lle poida ofrecer á Corporación entón nós admitiremos outras solucións.

Pero mesmo solventado ese problema, preocúpame coma a vostede o tema da localización no sentido de que debe estar no sitio máis accesible posible. Xa sei que é dificilísimo e seguramente utópico formular que sexa exactamente no centro de Vigo porque a ver de qué edificio e de qué xeito poderiamos dispor, pero se non é posible exactamente no centro, si que ten que ser nunha zona que estea o máis comunicada posible para o conxunto da poboación viguesa, é dicir, alí onde o transporte público maís converxe e hai zonas moi claras niso. Vostede sabe de cando foi Concelleiro de Tráfico que fóra do centro a zona máis comunicada co centro de Vigo é Coia. Quero dicir con isto que hai parámetros no sentido de comunicabilidade que penso que hai que meter polo medio.

Vostede con moita intelixencia meteu polo medio ese estudo, fantástico, esperemos a ver o que di e dende logo estaremos apoiando con vostede a proposición.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nós por suposto que estamos de acordo co texto que di que se impulse máis decididamente o proceso para a posta en marcha da Escola de Arte Dramática.

Pero non podemos estar calados ante os argumentos que se deron con relación a situala no Instituto de Bouzas por unha razón fundamental e é que coidamos que para que se faga efectiva unha promesa da Consellería de Educación, Vigo non ten por qué renunciar a ningunha outra promesa tamén da Consellería de Educación neste caso. É dicir, nós coidamos que esta infraestructura do insituto de FP de Bouzas ten que server para esa finalidade: para Instituto de Formación Profesional de Bouzas, que xa bastantes agresións está recibindo o ensino público no tocante a ciclos formativos.

Tamén había unha promesa para que o ciclo de imaxe e son se situase no Instituto de Bouzas e nós coidamos que se ten que cumprir. Xa o refraneiro popular recolle isto cando di algo así coma que non é bo “desvestir un

santo para vestir a outro" e nós coidamos que Vigo non ten que renunciar a nada.
O ciclo formativo de imaxe e son só se oferta en toda a provincia nun centro, é un centro privado e hai que dispor de 80.000 pesetas ó mes para poder levar adiante estes estudos. A min iso si que me semella política progresista, que se dea unha oferta educativa para todo o mundo en igualdade de condicións.
Pero non é o único ciclo necesario. Cando dicía que recibe agresións o ensino público con referencia ós ciclos formativos quero dicir que o ano pasado sacaron unha normativa pola que os ciclos formativos que se daban na pública non podían exceder dos 22 alumnos senón habería que desdobrar, etc., cando á privada non se lle esixen eses requisitos. Entón o que se fixo con iso foi que diminuira a oferta na pública mentres vai engordando na privada.
Por poñer un exemplo: do ciclo superior de administración de sistemas informáticos hai trece en Vigo, deses trece once ofértanse na privada. Máis claro auga.
Estas son as razóns polas que non podemos apoiar a localización da Escola de Arte Dramática no Instituto de Bouzas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós estamos de acordo en apoiar a moción. É bo que agora se fale da posta en marcha da Escola de Arte Dramática, iso significa que Vigo é a sede desta Escola Superior e que se estude cal é a situación porque non hai que esquecer que os alumnos deste centro non só van ser vigueses, senón galegos e mesmo alumnos de fóra de Galiza que estuden aquí. Pero é bo que esteamos falando agora de onde a situar porque significa que xa temos a Escola de Arte Dramática nesta cidade e é certo que a hai que apoiar e esixir que se poña en marcha no prazo máis curto posible. Polo tanto nós estamos tamén de acordo coa moción.

*Durante o transcurso do debate o concelleiro, Sr. Calviño Rodríguez, propón "in voce" engadirlle á moción un segundo punto: "Encargar un estudo a técnicos expertos sobre a situación máis axeitada para a Escola de Arte Dramática".*

(No momento da votación estaban ausentes o señor Alonso Vázquez e a señora Porteiro García )

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constituén de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Aprobar o texto da moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal do PsdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, co fin de solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impulse máis decididamente o proceso para a posta en marcha da Escola de Arte Dramática en Vigo e así mesmo encargar un estudo a técnicos expertos sobre lugar máis axeitado para a súa localización.

URXENTE:

A.- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2005.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de setembro de 2004, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte moción:

"En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no art. 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, sobre xornadas especiais de trabalo, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno do Concello de Vigo que as dúas festas locais que corresponde fixar á Corporación Municipal para o ano 2005, sexan os días 28 de marzo, Reconquista da Cidade, e 16 de agosto, festividade de San Roque".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 20 de setembro de 2004, dictamina na forma que figura na parte dispositiva deste acordo.

(No momento daS votaciónS están ausentes o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:
Que as dúas festas locais que corresponde fixar á Corporación municipal para o ano 2005 serán os días 28 de marzo, Reconquista da Cidade, e 16 de agosto, festividade de San Roque.

41.- (271).-ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE CONSTRUCCIÓN DE CENTRO SOCIAL EN ALCABRE.

INTERVENCIÓN DO SR.FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Teño o texto deste rogo pero para seren o máis breve posible só farei unha pregunta moi sinxela e é que dentro da parroquia de Alcabre dende moitos anos atrás hai a posibilidade de que o centro social que tanto demandan alí se faga. A pregunta é se se realizaron xestións coa Deputación para acadar o financiamento por parte deste organismo provincial e, de seren así, ¿hai sinalada data para a sinatura dalgún convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello para este obxecto?

A PRESIDENCIA: Si, péchanse as axendas do Presidente da Deputación e maila miña o día 7.

* ROGO DO SR. SOTO FERREIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG, SOBRE MEDIDAS PARA IMPEDIRA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO COMERCIAL DA LAXE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 27 de setembro de 2004, o voceiro do Grupo municipal de DPG, formula o seguinte rogo:

“Que, caso de que non prospere o diálogo establecido coa Zona Franca para que non se constrúa o centro comercial da Laxe, o Goberno municipal tome medidas que impidan a súa construcción.”

As recentes declaracións do Sr. Delegado do Estado na Zona Franca sobre a construcción do centro comercial da Laxe dicindo que "é irrenunciable" por unha banda, e a declaración de que a súa relación co Goberno municipal do PP "é perfecta e non melloraría co PSOE", lévanos desconfiar do que se pretende facer nesa zona.

Coidamos que a Laxe só debe ter un destino: xardíns públicos á beira do mar. A nós non nos valerá ningunha outra solución e estamos dispostos a defender ese criterio que coidamos moi maioritario nos vigueses, con todos os instrumentos que o estado de dereito pon ó noso dispor.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: O rogo que acabo de presentar e que distribuín ós Grupos políticos antes de empezar o Pleno di concretamente: "Caso de que non prospere o diálogo establecido coa Zona Franca para que non se constrúa o centro comercial da Laxe, o Goberno municipal tome medidas que impidan a súa construcción".

Aí fago unha breve explicación do por qué da presentación deste rogo que di: "As recentes declaracións do Sr. Delegado do Estado na Zona Franca sobre a construcción do centro comercial da Laxe dicindo que é irrenunciable, por unha banda, e a declaración de que as súas relacións co Goberno municipal do PP son perfectas e non mellorarían co PSOE pola outra, lévanos desconfiar do que se pretende facer nesa zona e máis lendo nos medios de comunicación de hoxe as declaracións da Sra. Alcaldesa, porque, se están ben reflectidas as súas declaracións, di que o centro comercial da Laxe non se debería facer pero que é moi difícil... Non, se esta Corporación non o quere facer non se fai e dígolle máis, ainda que o queira a maioría da Corporación non sei se se fará pero dende logo vai abaixo, iso por se hai que facer advertencias.

O único destino razoable para A Laxe é, na nosa opinión, o de xardíns públicos e ningún outro, non terrazas ilustradas con máis ou menos macetas para o dicir claro tamén e por se acaso cortando viaxes polo camiño. Espero que vostedes non estean a cambiar o acordo de Xunta de Voceiros ou polo menos se non falaron cos voceiros debidamente, agás que haxa temas que un descoñece.

En todo caso un recibe con desconfianza estas actuacións. Pídolle que manteñan o compromiso e aí lle digo que ogallá sexa mediante o diálogo co Sr. Delegado na Zona Franca, persoa a quen por outra banda eu respecto moitísimo coma persoa e coma técnico pero que ás veces tamén se obstina demasiado.

Non renuncien porque algúns non o imos facer e se ven que a través do diálogo non é posible chegaren a un acordo, entón o Concello debe tomar

medidas e deben seren tomadas na Xerencia de Urbanismo. Non sei se me explico e senón explicareime máis adiante. Se vostedes non propoñen medidas proporémosllas nós.

A PRESIDENCIA: Só dicir que nestes momentos se lle pide un informe ó Sr. Secretario sobre este tema e que non houbo ningún cambio sobre a decisión da Xunta de Voceiros que se convocará nuns días cando nos remitan o novo proxecto que é no que quedamos. Non houbo por parte do Grupo Popular ningún cambio.

* ROGO DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ORGANIZACIÓN DE RECIBIMENTO Ó PARALÍMPICO VIGUÉS CHANO RODRÍGUEZ.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dentro duns días vai chegar á nosa cidade Chano Rodríguez, o paraolímpico que tantos éxitos está acadando para o deporte vigués e que tanto contribuíu ademais cos nosos nenos da cidade que teñen algún tipo de minusvalía.
O rogo que me permito indicar ó Goberno municipal é que con tempo suficiente, e ainda estamos niso, se lle prepare un bo recibimento que mesmo poida estar acompañado cun acto na Praza do Rei onde se poda invitar ós escolares.
É unha suxestión, unha idea pero calquera outra cousa será benvida.

SRA. ALCALDESA: Estamos traballando niso e pasarémoslles a todos os Grupos a proposta. A hora na que chega ó aeroporto non é moi boa para os nenos, ás 9 da noite, pero estamos traballando niso e pasaremos a proposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez       José Riesgo Boluda.